



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 31

**Sesión plenaria**  
3 de decembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



# ORDE DO DÍA

---

## Punto 1. Comparecencias

### 1.1 9953 (12/CPP-000020)

Da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

### 1.2 14900 (12/CPP-000027)

Da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

## Punto 2. Mocións

### 2.1 14878 (12/MOC-000035)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 13806, publicada no BOPG núm. 112f2, do 5 de novembro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 19 de novembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

### 2.2 14883 (12/MOC-000036)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Taibo Corsanego, Iria

Sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 12942, publicada no BOPG núm. 102f2, do 17 de outubro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 19 de novembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

### 2.3 14886 (12/MOC-000037)

#### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Longueira Castro, Silvia

Sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3691, publicada no BOPG núm. 28f1, do 22 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 19 de novembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024



### Punto 3. Proposicións non de lei

#### 3.1 3504 (12/PNP-000389)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

#### 3.2 13110 (12/PNP-001073)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha en materia de vivenda de protección pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f1, do 17.10.2024

#### 3.3 13871 (12/PNP-001159)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Candia López, María Elena e nove deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central, así como a proposta de resolución que se presenta ante o Pleno do Parlamento, respecto da situación da factoría de alumina e aluminio da Mariña e do seu persoal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f1, do 05.11.2024

#### 3.4 14589 (12/PNP-001233)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de materializar a transferencia competencial e o traspaso efectivo de funcións e medios en materia de servizos meteorolóxicos e estudos oceanográficos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

#### 3.5 14608 (12/PNP-001234)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e un deputados/as máis**

Sobre a demanda de apoio por parte do Goberno galego á Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia, rexistrada novamente nesta lexislatura polo Grupo Parlamentario do BNG

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

#### 3.6 14657 (12/PNP-001239)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén e catro deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta respecto da capacidade da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica de Galicia para o cumprimento dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024



## Punto 4. Interpelacións

### 4.1 3470 (12/INT-000236)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

### 4.2 13351 (12/INT-000586)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

### 4.3 14234 (12/INT-000624)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

## Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

### 5.1 14958 (12/POPX-000025)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o grao de respecto ao labor das institucións de Galicia por parte do presidente do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

### 5.2 14959 (12/POPX-000026)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

## Punto 6. Preguntas ao Goberno

### 6.1 14148 (12/POP-002103)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre as novidades introducidas na revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024



**6.2 13746 (12/POP-002038)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o orzamento que prevé destinar o Goberno galego á prevención e sensibilización en Galicia ante os delitos homófobos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 30.10.2024

**6.3 14946 (12/PUP-000060)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a oportunidade que ten a Xunta de Galicia de adquisición do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, para convertelo nun centro socioasistencial de carácter público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

**6.4 14945 (12/PUP-000058)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a titulación de acceso ás prazas de educador ou educadora social da escala de técnicos facultativos do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

**6.5 14462 (12/POP-002128)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

**6.6 14465 (12/POP-002129)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da cobertura das prazas vacantes de pediatras no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

**6.7 14509 (12/POP-002133)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

**6.8 14923 (12/PUP-000057)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre a posible transferencia en Galicia dos usuarios de Muface á sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024



**6.9 14547 (12/POP-002139)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**

Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia ante o expediente de regulación de emprego presentado pola empresa Circet

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Silvia Longueira Castro (S) (Páx. 11.)*

**Comparecencia da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 11.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 20.), Sra. Castro Rey (S) (Páx. 22.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 26.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 29.).*

*Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 32.)*

*A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 35.) Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M) (Páx. 36.), a señora Castro Rey (S) (Páx. 37.), o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 39.), o señor Trenor López (P) (Páx. 41.) e a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 42.)*

**Comparecencia da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar do resultado do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do ano 2024. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 46.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 54.), Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 57.), Sra. Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 60.) e Sr. Rodríguez Conde (P) (Páx. 63.).*

*Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 66.)*

*A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 70.) Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M) (Páx. 70.), a señora Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 72.), a señora Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 74.), o señor Rodríguez Conde (P) (Páx. 75.) e a señora conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez) (Páx. 77.).*

### **Alteración da orde do día**

*A señora presidenta (Candia López) anuncia unha alteración da orde do día consistente en formular a seguir a pregunta rexistrada co documento 14946, que figura na orde do día no punto 6.3. (Páx. 79.)*



**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a oportunidade que ten a Xunta de Galicia de adquisición do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, para convertelo nun centro socioasistencial de carácter público.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 83.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro.*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Montserrat Valcárcel Armesto, sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións.** (Punto segundo da orde do día.)

*A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 90.) e *Sr. Viso Diéguez (P)* (Páx. 90.).

*A señora Valcárcel Armesto (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 93.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Taibo Corsanego, sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 94.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Pax. 97.), *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 97.) e *Sr. Ferro Iglesias (P)* (Páx. 100.).

*Nova intervención da señora Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 102.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 104.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 108.) e *Sr. Ferro Iglesias (P)* (Páx. 110.).





Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)*. (Páx. 113.)

*O señor Abalde Alonso (S) intervén para se posicionar respecto das emendas.* (Páx. 113.)

### ***Votación das mocións***

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Montserrat Valcárcel Armesto, sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións: *rexeitado por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

*O señor Ferro Iglesias (P) solicita a palabra para pedir a votación por puntos na seguinte moción.* (Páx. 115.) *A señora Taibo Corsanego (BNG) non acepta a devandita petición.* (Páx. 115.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Taibo Corsanego, sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)

*O señor Ferro Iglesias (P) solicita a palabra para pedir que se vote por separado o punto número 2 da seguinte moción.* (Páx. 116.) *O señor Abalde Alonso (S) non acepta a petición.* (Páx. 116.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre o Día Internacional das Persoas con Discapacidade, que é aprobada por asentimento.* (Páx. 117.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 117.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 121.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 126.)



**Interpelación de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 128.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 131.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 135.)

### ***Alteración da orde do día***

*A señor presidente anuncia unha alteración da orde do día que consiste en formular a seguir a pregunta que figura co número 1 na orde do día.* (Páx. 137.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as novidades introducidas na revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Carreira (P)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 138.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Carreira (P)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 140.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 142.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 143.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 146.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 148.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 148.)

*A señora Castro Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 151.)

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos do serán.*



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a inasistencia a esta sesión plenaria a deputada dona Silvia Longueira. E, sen máis, entramos na orde do día.

Hai unha serie de alteracións da orde do día, que supoño que xa todas as señorías coñecen.

Comezamos co punto primeiro, comparecencias.

**Comparecencia da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** Moi bo día.

Grazas, presidente.

Comparezo hoxe, señorías, a petición propia, para dar conta das principais liñas estratéxicas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático nesta lexislatura; unha lexislatura na que a loita contra o cambio climático é un dos eixes claves das nosas políticas.

E comezo xa polo propio nome do departamento, que é Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, cunha nova dirección xeral, que é a Dirección de Enerxías Renovables e Cambio Climático. Por iso, hoxe voume centrar nesta materia, o cambio climático, e ademais fágoo despois da COP, en Bakú, recentemente rematada, e cunha serie de conclusións, e para analizar cal é a situación na cal está Galicia, cales son as liñas estratéxicas e, polo tanto, cal é o noso posicionamento a nivel nacional, a nivel europeo e tamén a nivel mundial.

Por suposto, é importante que sexamos cada vez máis conscientes todos —todos os que temos responsabilidade de goberno e todos os que aquí representamos a cidadanía— de cal é a situación e de como afectan as nosas accións, tanto no noso territorio como tamén na nosa calidade de vida.

O cambio climático ten que ser unha cuestión prioritaria en todas as políticas; vai ser unha cuestión prioritaria en todas as políticas da Xunta de Galicia. Estamos aliñados todos os departamentos da Xunta de Galicia neste eido. O décimo terceiro obxectivo marcado pola



Axenda 2030 refírese directamente á cuestión climática, a adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos, os seus efectos sobre as persoas, o seu efecto sobre a biodiversidade e os seus efectos sobre a fauna e tamén sobre a flora. Os gobernantes, por iso, temos que xestionar; temos que xestionar, deseñar estratexias, executalas, dotalas de orzamento, promover leis, tecer alianzas...; nunha palabra, os gobernantes temos que actuar. Precisamos de menos discursos baleiros, de menos tópicos e de máis facer, de máis traballar. Por iso, en Medio ambiente e Cambio climático, contamos cunha planificación nesta materia que xirará sobre dous eixos principais nesta lexislatura: o primeiro, acadar a neutralidade climática no ano 2040, dez anos antes do marcado por Europa, e, por suposto, previr e combater os riscos derivados do cambio climático. Temos por diante un reto importante, unha grande aposta na que estamos traballando para seguir protexendo o noso medio ambiente; e para loitar contra o cambio climático é fundamental tamén impulsar as enerxías renovables.

A principal ferramenta coa que conta e coa que imos contar contra o cambio climático é a Lei do clima, que agardamos entre no Parlamento no terceiro trimestre do vindeiro ano, do ano 2025. O gran reto que fixa esta normativa é acadar esa neutralidade climática no ano 2040. Irá en liña coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía, que foi aprobada no ano 2019 grazas a un traballo intenso —e aquí teño que poñer en valor o traballo das tres universidades galegas— e cos obxectivos do segundo Plan rexional integrado de enerxía e clima.

Deste xeito, os principais retos da lei serán seis: o primeiro, actuar na redución drástica das emisións de gases de efecto invernadoiro a través da progresiva descarbonización da economía —é dicir, evitar ao máximo os gases contaminantes—; incidir na educación e concienciación social e medioambiental; desenvolver e manter as redes de observación e modelos climáticos adaptados; incrementar a competitividade sostible do tecido produtivo galego; aumentar a absorción do CO<sub>2</sub> mediante unha xestión sustentable do territorio e, por suposto, mellorar a calidade de vida da cidadanía galega baixo a perspectiva de saúde e clima.

A normativa, como dicía, vai en consonancia con esa Estratexia de cambio climático e enerxía. Somos o suficientemente maduros para avanzar e, polo tanto, legislar a través desa lei; unha lei que ten a súa base posta a partir de outubro do ano 2019. Galicia foi pioneira; foi pioneira en establecer por escrito o seu compromiso de acadar a neutralidade climática, o que nos situou á vangarda na loita contra o quecemento global e a transición enerxética. Fíxoo España, pero tamén o recoñeceu Europa. A implantación desta Estratexia estase a levar a cabo coa execución dos plans rexionais integrados, que fixan horizontes temporais curtos. Porque falar do ano 2040 ou do ano 2050 é como dicirlle á xente quen vai estar alá e como se vai facer; non, acurtámolo, e, a partir de aí, facemos exames, e deses exames damos respostas.

Polo tanto, rematou o primeiro, o primeiro Plan rexional integrado de enerxía e clima para o período 2019–2023, que incluíu bos resultados. Desenvolvéronse un total de 139 medidas, o 80 por cento das que tiñamos preestablecidas, e investíronse un total de 1.140 millóns de euros, o 91 por cento do asignado para todo o plan.



Nestes intreos estamos a perfilar o segundo Plan rexional integrado de enerxía e clima cun horizonte 2030. Vaise aprobar neste mesmo mes. Anúnciolles, señorías, que contará con preto de 1.860 millóns de euros para executar nun total de 93 medidas encamiñadas a mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, a adaptarse ás consecuencias do cambio climático, a investigar as posibles causas e tamén os efectos e a incidir na formación, concienciación e divulgación social. Son catro eixos de actuación, do total de 10 obxectivos xerais e de 34 liñas de actuación que se van desenvolver a través de 93 medidas das que avanzarei hoxe nesta Cámara as catro que considero máis importantes, unha por cada ámbito de actuación contra o cambio climático.

A primeira é a mitigación. O Goberno galego fomentará un cambio cara ao uso de transportes máis eficientes, impulsando os medios colectivos nas áreas metropolitanas e o transporte a demanda nas zonas rurais. Para a adaptación reforzaremos a mellora dos sistemas de saneamento para evitar a contaminación de masas de auga por inundacións, desbordamentos e outros efectos asociados a fenómenos meteorolóxicos extremos.

Para a investigación impulsaremos a compra pública innovadora para desenvolver novas solucións fronte ao cambio climático, como o mercado voluntario de créditos de carbono, ao que me referirei máis adiante.

E, por último, a sensibilización social. Poremos en marcha o programa Mocidade polo clima en materia de cambio climático, porque compartirán todos comigo que os nosos xoves e as idades temperás son fundamentais á hora de concienciar e, polo tanto, á hora de proxectar o noso futuro. (*Aplausos.*) Con esta iniciativa queremos formar e promover a acción climática entre a mocidade. Empezaremos polos máis cativos, os de 3 anos, ata os de 35 anos, porque os nenos, os adolescentes e os mozos son pezas claves para consolidar Galicia como unha rexión baixa en emisións e unha rexión resiliente. A Lei do clima consolidará un instrumento específico —do que falei antes— e que forma parte do segundo plan, do segundo Plan de enerxía e clima, o mercado voluntario de créditos de carbono, que se regulará a través dun decreto e que vai en consonancia cos principais acordos asinados e adoptados na COP-29 de Bakú.

Os 197 países participantes no Cumio do Clima acordaron, tras intensas negociacións, un acordo sobre o comercio de emisións de carbono e a creación dun mercado mundial regulado para cumprir co artigo 6 do Acordo de París, que insta a cooperar para reducir estas emisións. En Galicia levamos tempo traballando nunha actuación similar. Temos en trámite o proxecto de decreto para regular un mercado voluntario de créditos de carbono, que se elevará a aprobación no primeiro trimestre do ano 2025.

Apostamos por un mercado voluntario de créditos de carbono porque axuda as empresas a compensar as súas emisións, a contribuír, polo tanto, na loita contra o quecemento global e, principalmente, a avanzar contra o obxectivo da neutralidade climática. Empresas, organizacións e mesmo a cidadanía poderán acudir a este mercado para compensar as toneladas de dióxido de carbono que emiten a través da realización de proxectos, por exemplo, a través da reforestación de terreos agrícolas, e mesmo en zonas costeiras, porque tamén se poden facer proxectos vinculados á acuicultura.



Pero este mercado precisa, ademais do regulamento, de ferramentas tecnolóxicas e técnicas para o seu desenvolvemento, á parte da iniciativa que en Galicia denominamos proxecto SICLE-CO<sub>2</sub>, no cal imos investir durante tres anos un total de 6,8 millóns de euros. Un 60 por cento desta contía, é dicir, un total de 4,1 millóns de euros, pode anunciarlles hoxe, señorías, que se vai sufragar a través de fondos europeos, a través dunha axuda que se nos acaba de conceder e que solicitamos por medio do proxecto de compra pública innovadora. Foi un dos poucos proxectos seleccionados para formar parte de algo fundamental como é esta compra innovadora. *(Aplausos.)*

O proxecto SICLE-CO<sub>2</sub> permitirá desenvolver unha plataforma na que se van xestionar os créditos de carbono e as metodoloxías de cálculo para xerar estes créditos para cada proxecto. Por exemplo, a reforestación está demostrado que combate o quecemento global porque cada árbore que se planta pode de media chegar a absorber o CO<sub>2</sub> que emite un coche nun ano cun percorrido de 10.000 quilómetros. De feito, os terreos forestais en Galicia absorberon 9,7 millóns de CO<sub>2</sub> no ano 2022, case a cuarta parte do carbono almacenado por este tipo de solo no Estado. O proxecto SICLE, ademais, inclúe tamén a execución de sistemas de verificación e certificación, porque, unha vez que unha empresa teña realizado o seu proxecto, se verificará que se executou conforme o establecido e certificará a compensación das súas emisións.

Queremos para Galicia que o tecido empresarial sexa responsable co medio ambiente e que as nosas empresas se comprometan a xerar proxectos que mitiguen os gases de efecto invernadoiro, axudando á súa vez a cumprir cos obxectivos que neste eido fixan as directrices europeas.

Como establecerá a futura Lei do clima, a Xunta busca incrementar a competitividade sostible do tecido produtivo galego. A Lei do clima, ademais, vai contemplar —deste mercado— a implantación dun novo modelo de gobernanza para consolidar a acción climática dun xeito transversal e permanente nas políticas autonómicas. Crearase un novo órgano consultivo, o Foro de Acción Climática, que será consultivo, de carácter participativo, conformado por organizacións e persoas expertas en materia de cambio climático. Consolidaranse, ademais, cinco órganos para levar a cabo accións derivadas da acción climática co obxecto de buscar sinerxías para acadar a neutralidade climática. A Comisión Interdepartamental para coordinar a Estratexia galega de cambio climático e enerxía estará formada por un grupo técnico de traballo de carácter estable interadministrativo. A Rede local polo clima, cunha canle de participación a nivel local, inclúe os concellos do Pacto de alcaldías, e son en total 285 entidades que xa están adheridas a este pacto; é dicir, o 80 por cento da poboación. Aquí a lei introducirá, precisamente, a obriga dos concellos de máis de 20.000 habitantes a ter en conta a perspectiva climática nos instrumentos de planificación urbana.

O terceiro dos órganos que se vai afianzar é a Alianza Galega polo Clima como rede de colaboración público-privada, da que xa forman parte un total de 172 entidades públicas e privadas.

A cuarta é a Oficina de Cambio Climático de Galicia; un servizo que é competencia desta consellería e que fará un seguimento das accións do segundo Plan de enerxía e clima impulsado



a través da Estratexia galega de cambio climático e enerxía. Unha das súas principais funcións será proporcionar apoio técnico aos concellos para a redacción, execución e revisión dos seus plans de acción polo clima dentro da Rede local polo clima, que vai estar operativa no primeiro trimestre do ano 2025. A oficina desenvolverá tamén un labor de sensibilización e apoiará a participación de empresas, administracións e organizacións en proxectos voluntarios de mitigación.

E o quinto dos órganos que se vai reforzar a través da lei será a Rede galega de investigación e observación ambiental, que se vai converter na unidade técnica especializada de apoio á Oficina do Clima e que será a encargada, como ata o de agora, da investigación da predición e da observación meteorolóxica da calidade do aire e do Laboratorio de Medio Ambiente.

Meteogalicia vai formar parte desta rede; un servizo que, como ben saben, señorías, está considerado unha das axencias máis importantes e punteiras do seu campo. En Galicia, por suposto, está a nosa, e en España tan só tres comunidades temos servizo propio: o País Vasco, Cataluña e nós. É un servizo meteorolóxico que está a empregar a intelixencia artificial, que está constituído por máis de 160 estacións, case o triplo das que ten a AEMET en Galicia, ademais de contar con radar meteorolóxico propio en Cuntis. Meteogalicia tamén dispón dunha rede de detección de raios, de acceso a imaxes Meteosat e dun equipo de radiosondaxe; toda unha complexa infraestrutura que lle permite ofrecer información da situación real cada 10 minutos, o cal se traduce en 120 millóns de datos ao ano, ademais de contar con todas as certificacións; a última é a calidade ISO 9001.

O Servizo Meteorolóxico colabora, ademais, con distintas entidades, coas distintas consellerías, e faino polo ben de todos os galegos e galegas, sempre cunha base, que é a dos datos, cunha base que é a científica: con Sanidade no sistema de alerta temperá por episodios de calor; con Medio Ambiente para a prevención de incendios forestais a través do índice de riscos diarios do incendio, que o pasado verán, ademais, pasou a incluír unha predición de tres días en vez dun só, como se facía con anterioridade. Así mesmo, Meteogalicia colabora con Augas de Galicia a través do sistema Merlín, que tamén se desenvolveu coa universidade e que nos dá a posibilidade de anticiparnos ata en 72 horas para ter previsión sobre futuras inundacións.

Polo tanto, as predicións e avisos de Meteogalicia e o resto das ferramentas das que dispón permítenos anticiparnos a eses fenómenos meteorolóxicos adversos que afectan a saúde e a seguridade das persoas, a saúde e a seguridade dos galegos e das galegas, como son as vagas de calor, as inundacións e tamén os incendios.

O Goberno galego quere avanzar nas alertas temperás de fenómenos derivados do cambio climático, afondar no coñecemento deles e sensibilizar e capacitar a cidadanía e as administracións locais para responder axeitadamente ante estas situacións. O noso Servizo de Meteoroloxía está moi ben preparado, está moi ben equipado. Sentímonos moi orgullosos del. Dispón das últimas tecnoloxías e nel traballa, sobre todo, un gran equipo humano os 365 días do ano e as 24 horas de cada día. (*Aplausos.*) Deste xeito, resulta que o máis lóxico é que Galicia teña as competencias plenas en meteoroloxía. Imos seguir reclamando ao Estado o traspaso das facultades. Agardamos ter unha mellor colaboración que a que tivemos



coa Lei de ordenación e xestión integrada do litoral. Pero tamén lles digo que, se empezan a dar voltas, se empezan a dicir que é inconstitucional, se queren demoralalo no tempo, este goberno non o vai permitir. Polo tanto, xa lles anuncio que, de non traspasar nós esas competencias, o que faremos é legislar e teremos lei propia de meteoroloxía, seguindo os mesmos pasos que fixemos coa costa. *(Aplausos.)*

Seguindo coa miña intervención nesta planificación estratéxica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, que lles estou a expoñer, non me vou esquecer, como imaxinarán, do pulo que lles queremos dar ás enerxías renovables. Esta é unha ferramenta prioritaria para deixar de emitir gases contaminantes, para deixar de emitir gases de efecto invernadoiro. E, neste sentido, pois temos que falar dun dos grandes recursos nosos, como é o vento, como é o aire. E, polo tanto, refírome á eólica. A propia Unión Europea dispón que a única medida real para loitar contra a perda da biodiversidade é avanzar cara á descarbonización a través das enerxías renovables. É por iso que Europa cualificou as renovables de enerxía de interese público superior fronte a calquera outro interese. Dito doutro modo, Europa sinala que para evitar danos ao medio ambiente e á biodiversidade hai que implantar renovables. O mandato de Europa é claro: procurar urxentemente a redución drástica e rápida das emisións. Só se pode acadar a rápida implantación a través das enerxías renovables. Dígolles literalmente o que di Europa —iso si, traducido ao galego—: «O sector da enerxía é o responsable actual de máis do 75 por cento das emisións totais de gases de efecto invernadoiro na Unión Europea. E para a transición ecolóxica cara á economía baseada nas enerxías renovables contribuirá a alcanzar os obxectivos, que teñen por obxecto protexer, restaurar e mellorar o estado do medio ambiente, entre outras causas, detendo e invertendo a perda da biodiversidade».

Parece que é contrario ao que está a acontecer agora mesmo en Galicia con esa parálise total e absoluta da eólica. Pero, bueno, continuaremos; continuaremos porque é o mandato de Europa, e nós estamos perfectamente convencidos de que así ha de ser.

Esquecen certas entidades que a principal arma para loitar contra o cambio climático, para frear a perda de biodiversidade —tanto da fauna como da flora— e as afeccións que se están a producir no medio natural, é, precisamente, a implantación da enerxía limpa e verde; entre outras, a implantación dos parques eólicos en Galicia. Hai uns días, con todo, recibiamos unha boa nova de que nun auto o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa Sección 3ª, desestimou unha solicitude de suspensión por entender que debía prevalecer o interese público dunha liña eléctrica de evacuación de catro parques eólicos fronte a outro tipo de cuestións de carácter medioambiental. Agardamos, polo tanto, que a doutrina aplicada neste auto se vaia replicando nos sucesivos, porque é un mandato lexislativo, é un mandato de Europa, non é un mandato que saíse e emanase só de Galicia. Para poder darlles un dato da situación que estamos a vivir é bo que saiban cal é a nosa situación, pero tamén é bo que repensemos que é o que se está a facer neste momento en Galicia, e o que é cuantificable e o que é medible, ao final, tamén é explicable. Polo tanto, coa paralización de todos os eólicos o que estamos provocando é que Galicia siga emitindo 2,5 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>, que debería xa deixar de emitir se tivéssemos implantados os eólicos que neste momento están paralizados. Iso quere dicir, 2,5 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>, que é a cuarta parte da redución que temos que conseguir para lograr a neutralidade climática no ano 2040.





O desenvolvemento das enerxías renovables, por iso, debe ser unha prioridade urxente, como tamén o ten que ser a implantación de máis ferramentas para previr danos derivados do cambio climático. A implantación de enerxías limpas, como digo, a execución de planificación acertadas, a planificación de normativas e a aprobación delas, así como a mellora dos servizos de predición son, como acabo de expoñer, claves para mitigar e evitar os efectos das vagas de calor e das inundacións.

Pero tamén nesta materia que nos ocupa no día de hoxe non é menos importante adoptar esas medidas para previr e combater os riscos derivados do cambio climático. É o caso das inundacións. Galicia ten —e debe ser— un territorio cada vez máis preparado neste campo, e por iso é fundamental seguir traballando, como o fixemos ata o de agora. E para estar mellor preparados, imos mobilizar no ano 2025 un total de 35 millóns de euros na planificación e posta en marcha de actuacións fronte aos riscos de inundación en Galicia. É un orzamento que forma parte da Estratexia de Augas de Galicia para seguir implantando medidas preventivas, para evitar inundacións nas nosas vilas, para protexer as persoas e tamén as diferentes actividades e para facer labores de restauración e conservación fluvial.

No apartado preventivo, Augas de Galicia ten desenvolvido o sistema Merlín. Substitúe o sistema anterior, o Artemis, que segue aínda utilizando a Confederación Hidrográfica; un sistema de alerta temperá de riscos de inundacións para Galicia Costa, que logrou en colaboración coa universidade. Foron catro anos intensos de traballo coa Universidade da Coruña, dous en plena execución xa, e tiñamos 43 estacións nos nosos ríos; este ano pasamos a un total de 95 estacións. Isto é planificación, isto é orzamento, pero isto é, sobre todo, coñecemento. Creamos tamén e estamos desenvolvendo corredores fluviais verdes, un orzamento de 1 millón de euros para facer proxectos que, respectando a vexetación da ribeira, permiten que contemos con ríos máis saudables e con ríos máis coidados. Facilitaremos as conexións peonís, aproveitando as ribeiras dos nosos ríos, mantendo e reforzando a vexetación e permitindo poñer en valor zonas de lecer.

No eido da protección, o traballo de Augas de Galicia centrarase, cun orzamento de 31 millóns de euros, nas áreas de risco potencial e significativo de inundacións, con obras en execución xa actualmente ou comprometidas que buscan protexer, ante eventos externos e extremos, e proporcionar máis espazo aos nosos ríos, ou ben renaturalizando as súas contornas ou ben favorecendo eses procesos naturais sen riscos para as persoas.

Por último, para a restauración fluvial, o organismo hidráulico autonómico investirá este ano 2,7 millóns de euros destinados a realizar traballos de conservación e mantemento fóra do ámbito urbano e primando aquelas áreas de risco potencial de inundación significativa. En 2025 promoveremos a creación de sete zonas de inundación controlada como unha medida para reducir estes riscos. Será en Vigo, en Vilagarcía de Arousa, en Bueu, en Pontevedra, en Baiona, en Cuntis e tamén en Ponteceso. Xa comezamos as conversas con varios deles, xa levamos tempo traballando con eles, e alégranos que algúns dos concellos que, nun principio non querían saber absolutamente nada, despois do sucedido en Valencia, xa estean traballando man a man coa Xunta de Galicia.

O que desexamos é que todos os concellos mostren a súa disposición e que estean en sintonía co que din os nosos técnicos para que, ao final, entre todos sexamos quen de amortiguar



eses problemas que nos poden vir dados en calquera momento debido ás inundacións, pero tamén ás vagas de calor.

O obxectivo principal, como lles digo, é reducir o risco de inundación nestas zonas. A creación de áreas de inundación controladas é, ademais, unha fórmula que xa se está aplicando noutras zonas e na cal leva traballando anos a Xunta de Galicia. E neste labor de prevención, protección e restauración das nosas masas de auga para loitar contra o cambio climático é prioritario para o Goberno galego atender unha das recomendacións que sempre fan os técnicos: ter coidados os nosos ríos. Conservalos e mantelos é clave para incrementar a súa resistencia ante os efectos causados por posibles inundacións e para reforzar a calidade ambiental das nosas augas.

Remataremos o ano 2024 cun total de 500 quilómetros de limpeza dos nosos ríos. Neste momento están executados máis de 400 quilómetros, e a intención é darlle continuidade a este plan o vindeiro ano coa actuación prevista de arredor doutros 550 quilómetros de limpeza nos nosos ríos galegos. En dous anos, señorías, son máis de 1.000 quilómetros, son máis de 5,4 millóns de euros investidos. É a mesma distancia en quilómetros que existe desde Santiago ata Barcelona. *(Aplausos.)*

Todas estas accións previstas en Augas de Galicia para manter limpos os nosos ríos e previr as inundacións van acompañadas tamén de medidas lexislativas. No Proxecto de lei de medidas do ano 2025, introducíronse tres modificacións que afectan a normativa de pesca continental do ano 2021 e a normativa de augas, para poder actuar con axilidade cando así sexa preciso. Permitimos aos particulares que con só unha declaración responsable poidan facer podas e cortas, así como a retirada de árbores e outras especies, sobre todo as invasoras. Hai que garantir que nos nosos terreos privados situados en zonas de servidume non existan elementos que degraden eses espazos. Se non actúan os propietarios, actuará directamente Augas de Galicia, e autorízase a Augas de Galicia a realizar nestas zonas as actuacións que sexan necesarias para garantir a protección das canles e, polo tanto, a protección das persoas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular e podendo facer as obras precisas en servidume sen autorización doutros órganos. É dicir, primamos a seguridade das persoas por enriba de calquera informe sectorial.

En todas estas medidas que acabo de enumerar e que están previstas por Augas de Galicia para facer fronte con anticipación aos riscos derivados do cambio climático hai detrás unha planificación, hai detrás un orzamento. Son esforzos para, ao final, ter un obxectivo, as persoas, e para esas persoas hai algo fundamental que é a seguridade, pero tamén a súa saúde; polo tanto, aí temos que seguir avanzando.

Realidade climática. Son actuacións que pretenden que Galicia siga a ser un lugar amable, un lugar sostible, un lugar seguro, un lugar saudable onde vivir. Un dos proxectos de lexislatura será, por iso, a creación de pulmóns verdes nas nosas cidades, en liña coa Estratexia galega de infraestrutura verde que aprobamos no mes de outubro; unha planificación única en España para renaturalizar unha rede conformada por máis dun millón de hectáreas, composta por zonas naturais e elementos medioambientais. É unha iniciativa que abrangue todo o territorio, pero que fai especial fincapé nas cidades, que son as que emiten entre un 40 e



un 70 por cento dos gases de efecto invernadoiro. Queremos, en colaboración cos concellos, restaurar efectos degradados e conectar as diferentes áreas a través deses corredoiros verdes para que as nosas urbes e o noso rural sexan lugares aínda mellores para vivir. (*Aplausos.*)

Nesta liña e para consolidar o posicionamento de Galicia como refuxio climático, acabamos de asinar coa Universidade de Vigo un convenio de colaboración para desenvolver unha metodoloxía innovadora encamiñada ao deseño dos refuxios climáticos nos concellos que protexan a poboación ante efectos extremos, ao tempo que con esta metodoloxía tamén faremos o mapeo correspondente desas illas quentes, comezando pola cidade de Ourense e pola provincia de Ourense. Esta actuación é unha máis das accións que está desenvolvendo a Xunta de Galicia para converter a nosa comunidade nun auténtico refuxio climático a través de infraestruturas verdes e da preservación da nosa biodiversidade e riqueza natural.

É necesario facer fronte ao problema do cambio climático, tanto dende o ámbito local como dende o ámbito global, tendo en conta as características e as circunstancias de cada realidade, o territorio de cada municipio ou de cada barrio ou aldea. En definitiva, queremos consolidar a posición de Galicia como auténtico refuxio climático, porque temos o privilexio de contar cunha comunidade con condicións ambientais benignas para protexerse dun contexto desfavorable, como pode ser o exceso de calor. Por iso, rexistramos xa a marca «refuxio climático» para identificar Galicia como un territorio comprometido co medio ambiente. E o noso compromiso, señorías, é ocuparnos; ocuparnos e preocuparnos para que Galicia lidere a loita contra o cambio climático, e xa o está a facer.

Estas iniciativas que acabo de expoñer forman parte dunha estratexia máis ampla de lexislatura para seguir velando por unha Galicia verde e resiliente, e forman parte dos orzamentos da Consellería para o ano 2025 nun contexto económico no cal é a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a que lidera —cun 1,2 por cento— o crecemento de todas as consellerías. É un pacto con Galicia e un pacto para Galicia, pero tamén permitirá o desenvolvemento efectivo doutros instrumentos, como pode ser a Lei do litoral, a mellora na excelencia das nosas augas, seguir preservando a nosa paisaxe, o noso inmenso patrimonio natural e a nosa rica biodiversidade, apostar polo benestar animal e avanzar cara a unha verdadeira economía circular.

E todo isto —recorden, señorías— non está reñido con garantir un desenvolvemento económico sostible na nosa terra. É importante executar medidas nestes eidos con sentido e con responsabilidade. Señorías, isto é o que está a facer o Goberno da Xunta de Galicia, porque as decisións que tomemos agora serán claves para determinar o noso futuro e tamén o das vindeiras xeracións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.



**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora conselleira, ten ante si un reto bastante grande, porque compatibilizar de xeito eficaz a protección do medio ambiente, a loita contra o quecemento global, as actividades industriais e o desenvolvemento económico é bastante doado; case se podería falar de que é a cuadratura do círculo, como se di algunhas veces.

Tomei aquí algunhas notas a medida que ía falando; entón, vouñas ir comentando. Falou da loita contra a emisión de gases, que provoca un efecto invernadoiro. Iso faise bastante difícil de levar a cabo se se promocionan empresas ou instalacións como Altri, onde está claro que vai haber unha emisión forte desa clase de gases. Esperemos que os informes de impacto ambiental teñan en conta iso e se tomen as medidas oportunas. O mesmo falamos da emisión de calor. As actividades humanas practicamente fan que sempre se emita calor: cando estamos no inverno, acendemos a calefacción para non ter frío, pero cando estamos no verán acendemos o aire acondicionado para refrescarnos, pero tamén emite calor. Entón, claro, loitar contra iso é bastante complicado.

Falou do efecto termorregulador das masas forestais e do ciclo da auga. Efectivamente, iso ás veces tamén se fai bastante incompatible coa promoción do eucalipto en Galicia, porque vostede sabe que o eucalipto absorbe moitísima auga e xera desecación do nivel freático, e iso tamén promove a desertización, como se sabe. É unha especie foránea e a súa implantación masiva ten esa clase de efectos no cambio climático, e tamén é difícil de compatibilizar a promoción de eucalipto por motivos económicos e industriais coa loita contra a desertización e contra o incremento das temperaturas.

Desde logo, agradézolle que nomease Ourense na súa intervención, falando e recoñecendo que é unha das cidades de Galicia á que máis lle afectan —quizais a cidade de Galicia á que máis lle afectan— as temperaturas extremas —e tamén a provincia—. Esperamos que teña en conta as demandas que sempre facemos ao respecto e que axude a provincia de Ourense e o Concello da capital á creación deses pulmóns verdes dos que se falou.

Mire, unha das actividades económicas que máis xera calor é a actividade turística. Hai unha campaña global de propaganda que nos fai pensar que todos nós, ao cabo da nosa vida, temos que ter estado en todos os lugares do mundo, teña sentido viaxar a eles ou non. Entón, ao mellor, sobre esa formación social, sobre esa concienciación social da que fala, pois tamén habería que tomar medidas, e non estou falando de turismofobia, estou falando dun turismo responsable, porque moitas veces viaxamos por viaxar, e xa sabe que os avións emiten os gases correspondentes. Esa é unha actividade que, ao mellor, tamén habería que ter en conta para efectos de concienciación, porque ás veces facer turismo por facelo, viaxar sen sentido, etcétera, só como actividade escapista, ao mellor tamén é unha cousa na que hai que traballar, e, desde logo, non soamente a nivel local, porque ese é un problema global. Tamén falou cara ao final da necesidade de compatibilizar a acción local coa estratexia global, o famoso «pensa global, actúa local».

Gustoume tamén que falase das especies invasoras, e na provincia de Ourense temos un problema grande concretamente coas mimosas, un problema ecolóxico importante, que, ade-



mais, afecta moitísimo, moitísimo, as orillas dos ríos. Falouse da renaturalización dos ríos, etcétera. Mire, na provincia de Ourense, especialmente nas zonas do Ribeiro, a especie mimosa invasora está afectando por completo eses biótopos das orillas dos ríos. Aquí, loxicamente, hai que falar cos expertos e cos científicos, porque, claro, todo isto do que estamos falando, ten que pasar por contrastar as cousas cos científicos e cos responsables do desenvolvemento económico.

Falou das inundacións. Galicia é unha zona que ancestralmente sempre foi sometida a inundacións. De feito, falan os antropólogos, os que saben disto, que as famosas lendas míticas sobre a invasión das serpentes —está en todos os lados— o que son realmente son invasións de riadas. Parece ser que hai unha lingua antiga, prelatina, en Galicia, na que a palabra que designa as serpentes era a mesma palabra que designaba as riadas. Entón, cando se traduciu por invasión de serpentes ese fenómeno mítico que aparece moitas veces na historia, eran realmente invasións de riadas. A coca de Redondela é unha lembranza mítica de riadas tamén. Entón, a loita contra as riadas, que son, dalgunha maneira, endémicas de Galicia, é unha cuestión importante. Claro, sabe que hai, por exemplo, unha normativa europea que di que imos ter que quitar as aceas dos muíños e todo iso, e eu penso que xa se ten levantado algún tipo de alerta ao respecto. Se eliminamos as aceas e as presas que fixeron os nosos antergos para conter a auga e aproveitar a súa enerxía no muíño de grao, iso pode tamén traer unhas consecuencias e temos que telas en conta.

Logo falou moito da eólica. Efectivamente, a eólica é unha enerxía que é bastante máis limpa que as centrais térmicas, etcétera, pero tamén ten as súas contrapartidas negativas. Os aeroxeradores colocados de xeito masivo nos montes alteran o réxime do aire. Para quitar a enerxía do aire hai que frealo, e, ao frear o aire, non introduce dentro da parte continental as masas de nubes e as masas de humidade, que alteran o réxime de chuvias e ao mesmo tempo tamén promoven o fenómeno da desertización e a desecación. Ou sexa, que eólica, si, pero, ao mellor, non do xeito en que se está facilitando.

Falou tamén das liñas de evacuación, que tamén teñen as súas influencias. Vostede sabe que as liñas de evacuación eléctrica son de alta amperaxe, de alta voltaxe, de corrente alterna, e que xeran campos electromagnéticos que tamén alteran moitas veces determinadas especies que son sensibles aos campos magnéticos, especialmente para efectos de orientación, etcétera. Ou sexa, que tampouco se pode, digamos, facilitar de calquera maneira. Todas estas cousas sábenas moi ben os científicos, sábenas moi ben os ecoloxistas e, claro, loxicamente, hai que telas en conta. Xa lle digo, non é nada fácil de resolver a cuestión. Loxicamente, fai falta información sobre todo iso.

Falou das diferentes estacións meteorolóxicas que se van situar para coñecer co máximo grao de detalle todos os parámetros meteorolóxicos que fan falta, como humidade relativa, velocidade do aire, temperatura, etcétera, que son datos que van poñer sobre a mesa, unha vez que estean rexistrados en suficiente número, os efectos da actividade económica e da actividade humana no cambio do clima.

Falou de Cuntis. Imaxino que se refire —non sei— a esa estación meteorolóxica de certa calidade que hai no monte da Xesteira. Paréceme moi ben que se fagan esa clase de cousas. E



tamén falou das dificultades para entrar en parcelas privadas. O outro día recriminábanme a min nunha comisión que non colocamos certas xaulas para os xabarís, e naquel momento non tiña quenda de réplica, pero, efectivamente, vostede sabe que non é tan fácil entrar en parcelas privadas, aínda que sexa para colocar xaulas de xabarís ou mesmo para eliminar niños de velutina. Entón, loxicamente, vai ter que haber unha especie de cambios lexislativos para que a Administración pública poida entrar ás veces nas parcelas privadas, non soamente para o que falou vostede do contorno dos ríos, senón, ademais, incluso por outros motivos, como especies invasoras, animais mortos, que moitas veces incluso están en parcelas privadas. Algunhas veces temos tido algún problema para retiralos, porque a invasión dunha parcela privada, aínda que sexa para retirar un animal morto, ten o seu procedemento burocrático, etcétera.

E, xa lla digo, a compatibilización da biodiversidade, se vostedes están promocionando os eucaliptos por activa ou por pasiva, por acción ou por omisión, tamén vai bastante en contra da biodiversidade. Non digo nada novo con isto, porque é un fenómeno totalmente coñecido.

Quero dicir que o tema dá para falar moito. Vostede ten moito máis tempo ca nós. Nestas cuestións temos que ser sensibles ao que digan os ecoloxistas e ao que digan os científicos, porque o ser humano ten que vivir e ten que ter recursos económicos, e temos que ser sensibles tamén ás demandas de tipo económico e ás demandas de tipo empresarial. Xa lle digo, non o ten nada fácil, e é unha cuadratura do círculo que non se resolve pola transcendencia do número Pi.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día, conselleira.

Puxen aquí un guión para seguir un pouco a orde na que vostede fixo a súa intervención.

Miren, nós xa llelo dixemos en moitas ocasións, entendemos que a súa xestión poderíamos titulala ou denominala «a xestión da celulosa», e non falo da xestión da celulosa para referirme a Ence ou a Altri ou ao seu apoio, que tamén, senón que o digo porque toda a súa política queda no papel; refírome a plans, estratexias, obxectivos, con diferentes nomes... Todos si, moi mediáticos e moi ambiciosos tamén algúns, pero é que, ao final, todos quedaron no papel durante toda esta década, e moitos deles supoñen un gasto extra para a cidadanía, porque, tendo en conta o coñecemento técnico que teñen os técnicos da súa consellería, sabemos que moitos destes, ademais, foron externalizados; que foi externalizada a súa creación.



Centrou vostede a súa intervención, a súa comparecencia de hoxe, na loita contra o cambio climático. E, dentro da loita contra o cambio climático, pois temos un plus destes plans aos que me refería anteriormente: temos a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050; a Alianza Galega polo Clima; o Pacto de alcaldes polo clima e a enerxía; a Rede local polo clima, e agora súmase, nesta nova lexislatura, Galicia como refuxio climático, a próxima lei do clima, que vostede tamén anunciou, o Observatorio para a Saúde do Clima, o proxecto SICLE-CO<sub>2</sub>, etcétera. Hai que recoñecer que vostedes son orixinais, porque vostede e o seu departamento de comunicación seguen atopando aínda nomes que poder poñerlles a estes plans.

Falaba vostede tamén na súa intervención da creación de foros: Foro do Litoral, Foro do Cambio Climático... Nós o que lle dicimos é que entendemos que é bo crear foros de expertos, atraer a universidade e os expertos ao sector para que aporten os seus coñecementos para a loita contra o cambio climático, pero pedímoslle tamén que, por favor, respecten esa Lei de igualdade aprobada polo seu goberno no ano 2023, porque o 61 por cento somos universitarias en Galicia e parece que non somos expertas en nada, porque cando vostedes nomean un foro de expertos non hai case nunca mulleres.

Tamén lle pido que pase desta teoría escrita destes plans, alianzas e pactos a accións reais, porque é o que fai falla. Fan falla accións reais que axuden a cumprir estes obxectivos do Pacto verde europeo, que vostede minimizou. Nunha comparecencia que tivo en materia de residuos falaba e criticaba a Pedro Sánchez dicindo que era o máis ecoloxista e o primeiro que quería cumprir o Pacto verde europeo, desde unha visión negativa, como se iso fose malo. Pois miren, nós, en Galicia, imos bastante mal de tempo para acadar esa neutralidade climática —da que vostede falaba— en 2040.

Por iso, ten que deixarse de propaganda e comezar a facer medidas políticas reais, non para contentar a Pedro Sánchez, que tamén, senón para cumprir os compromisos internacionais, ese Acordo de París, e poder limitar ese quecemento global a 1,5 graos. Para ese obxectivo creo que é necesario que academos unha transformación estrutural no que se refire aos sistemas enerxéticos industriais, de transporte, e que impulsemos políticas que fomenten a descarbonización e o uso de enerxías renovables. Nós compartimos iso tamén, pero en Galicia levamos unha década de parón nese sentido porque vostedes boicotearon a política de desenvolvemento que estaba a levar o Bipartito, ese desenvolvemento da enerxía eólica, e iso fai que esteamos de parón durante toda esta década e sigamos a ser altamente dependentes das enerxías fósiles.

Temos as mellores condicións, ademais, para liderar esa transición e posicionarnos como actores globais claves na innovación tecnolóxica, pero temos que desenvolvela. Vostedes conseguiron que teñamos agora mesmo, en relación coa transición enerxética, un futuro incerto. Non están a saber aproveitar os fondos da Unión Europea para favorecer esa transición enerxética, señora Vázquez. Antes de impoñer ese interese público superior na implantación das enerxías renovables das que vostede falaba —que di a directiva de renovables—, vostede citaba que tamén establece esta directiva que hai que planificar e zonificar baixo o criterio de sustentabilidade e ampliar, por exemplo, a Rede Natura; medida que vostedes teñen medida nun caixón toda esta década, así como tamén o Plan sectorial, que segue a ser do ano



1997. E vostedes teñen que planificar esa ampliación da rede de transporte, da distribución e almacenamento de enerxía, para que marque e permita que Galicia teña un papel destacado no mercado das enerxías renovables e poder diminuír, como dicía antes, a nosa dependencia fósil; ademais desas comunidades enerxéticas, porque a nosa comunidade, con tantos núcleos rurais, ten que xogar niso tamén un papel importante.

Prevese un novo plan sectorial eólico en Galicia, pero ten un horizonte de catro anos. E, mentres, señora conselleira, ¿que imos facer? ¿Van impoñer vostedes parques eólicos, con ese interese superior, á forza, sen criterios de sustentabilidade ambiental, incluso abrindo a porta nesta Lei de medidas a que se autoricen parques eólicos fóra do plan eólico vixente? Señora Vázquez, o caos eólico ten só un responsable, e é o Goberno do Partido Popular, (*Aplausos.*) que en dezaseis anos o único que conseguiu foi esa suspensión de case setenta proxectos de parque eólico; por certo, suspendidos por autos de medidas cautelares do Tribunal Superior de Xustiza, algún xa confirmado polo Tribunal Supremo.

E falaba vostede, ademais, da necesidade da transición enerxética para a loita contra o cambio climático, da importancia da auga. Un informe dunha entidade ecoloxista internacional falaba de que poñía bandeiras negras; poñíalle o ano pasado a Galicia a indesexable cifra de 16, e todas elas por motivos como presenza de divertidos, moitos deles vertidos de metais pesados; deficiencias nos sistemas de saneamento; problemas de depuración; seis por contaminación química, lumínica ou acústica; unha por danos do patrimonio histórico cultural; tres por acumulación de lixo; tres por dragados portuarios sen xustificación e catro por afeccións á biodiversidade. Son situacións que requiren de medidas urxentes e que son consecuencia da falla de políticas efectivas durante toda esta década.

Necesitamos que este goberno invista en medidas reais —e non só no papel—, en sanear as nosas rías. Non podemos seguir de espectadores ante a situación na que se atopan as nosas rías. É evidente e drástico o descenso na produción de marisco nos principais estuarios. Miren, aquí sempre dicimos: «dato, mata relato». Voulle eu dar datos: a produción marisqueira reduciuse en 2023 en dous terzos nalgunhas especies con respecto aos anteriores vinte anos. En 2001 tiñamos en Galicia 6.551 permisos de explotación marisqueira e no ano 2022 temos a metade —no ano 2022 temos a metade; antes dixen 2021 e era 2001—, 3.614. A contaminación, os vertidos, o mal funcionamento das estacións depuradoras, a baixa calidade da auga dos nosos ríos, que desembocan nas rías... Todo iso foi o que provocou que o ano pasado existisen perdas de 25,7 millóns de euros, dos cales máis de 14 millóns foron na ría de Arousa. É necesario, polo tanto, investir en depuración e investir en saneamento.

E respecto do saneamento, nós, dende o Grupo Socialista, levamos á Comisión en moitas ocasións o saneamento de determinados territorios e que a Xunta colabore cos concellos, porque é un gasto que moitos deles, sobre todo nos de menor tamaño, non poden asumir. E a contestación do Partido Popular sempre é: que o saneamento, segundo a Lei de réxime de entidades locais e de bases de réxime local, é dos concellos. Pero, miren, fáltalles sempre engadir esta coletilla: salvo que se trate de concellos do Partido Popular. E voulles poñer un exemplo. Vostede anunciou, cara ao ano 2025, un gran investimento en saneamento dos concellos. Voulle dicir, na Coruña: Lousame, gobernado polo PP; Malpica, gobernado polo PP; Tordoia, gobernado polo PP; Rois, gobernado polo PP; Ordes, gobernado polo PP; Laxe,





gobernado polo PP; Oroso, gobernado polo PP; Cabana de Bergantiños, gobernado polo PP. En Pontevedra: Cerdedo-Cotobade, gobernado polo Partido Popular; Salvaterra de Miño, gobernado polo Partido Popular; Crecente, gobernado polo Partido Popular; Valga, gobernado polo Partido Popular; Baiona, gobernado polo Partido Popular; Tomiño, — ¡ah! — gobernado polo BNG — ¡menos do mal, como sempre se di, que a excepción confirma a regra—. Lugo, provincia de Lugo: Pantón, gobernado polo Partido Popular; Triacastela, gobernado polo Partido Popular; Outeiro de Rei, gobernado polo Partido Popular. E na provincia de Ourense: Cenlle, gobernado polo Partido Popular. O 99 por cento do investimento en saneamento que teñen previsto para 2025 vai ir para concellos do Partido Popular. ¡Que casualidade!, ¿non?, ¡que casualidade! (Aplausos.)

E falaba vostede de inundacións. Xa é hora de que invistan en prevención e tamén en axudas para paliar os efectos das inundacións, porque ata o de agora a cidadanía non viu nin un euro en axudas para inundacións, e lémbrolle as inundacións de hai dous nadaís en Pontevedra, que tivo que ser a Deputación, gobernada por Carmela Silva, a que aprobase un plan de axudas para os concellos de 2,7 millóns de euros, que estaban condicionados tamén a que a Xunta pagase a súa parte e aínda están esperando. E iso que Feijóo, na época do Bipartito, dicía e criticaba que Touriño non dera as axudas en máis de dez días. ¡Como lle gusta a Feijóo iso de non predicar co exemplo!

E vostede falaba da implantación dalgúns plans nalgúns concellos. Nós tamén aprobamos —e, mire, aí si que coincidimos— o cambio de criterio dalgúns concellos, e refírome ao Concello de Pontevedra, xa que existía un proxecto de creación dunha balsa de auga en Valdecorvos e o Bloque Nacionalista Galego o tiña metido nun caixón porque era un proxecto socialista. Eu agradezo que agora o señor Mosquera cambie de opinión, recupere o proxecto de Iván Puentes e, por fin, desenvolva esa balsa de auga, que evitará as inundacións en toda a zona da ribeira do río en Pontevedra.

En relación ás infraestruturas verdes, que falaba vostede moito, tamén ía crear un comité de expertos para marcar as directrices, espero que tamén haxa mulleres neste comité de expertos. E aquí si que temos que pedirlle unha maior coordinación cos concellos, que contan con recursos moi limitados para isto, sobre todo os máis pequenos, e que necesitan investimento.

En relación coa educación ambiental, dígolle que nós cremos que é necesaria para a mocidade. Os nenos e nenas son a xeración do futuro e temos que educalos, pero temos que poñer o foco nunha educación integral; temos que integrala dentro das competencias curriculares, porque esa é a única forma de ter un impacto tanxible nelas. Miren, hai un exemplo onde podemos mirarnos, que é o Goberno vasco, que ten un proxecto educativo que é referente a nivel europeo, e temos colexios que actuaron *motu proprio* e que seguiron eles esta liña, por exemplo, o Colexio Lar, do Porriño. Polo menos, temos aí onde mirarnos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CASTRO REY:** Si, xa remato.



Botamos de menos na súa intervención a referencia á xestión de recursos, que é un elemento esencial tamén na loita contra o cambio climático. Esperemos que vostede faga alusión a iso na segunda quenda e así responderemos nós na nosa réplica.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora conselleira, quería comezar esta intervención recordando que hoxe é o Día Mundial da Discapacidade e, polo tanto, queremos desde o BNG —supoño que representamos o sentido de todo o Parlamento— enviar desde aquí unha mensaxe de apoio para todas as persoas con discapacidade e tamén para as entidades que defenden os seus dereitos, que aínda moitos están pendentes de conseguir.

E tamén queremos, desde logo, denunciar, no caso do Goberno galego, a parálise e atraso na aprobación do decreto que regula o desenvolvemento da Lei de discapacidade do ano 2014, que tiña que estar aprobado no ano 2016, que foi sometido á información pública en 2022 e que leva oito anos de atraso. (*Aplausos.*) E iso contra os dereitos das persoas con discapacidade. Polo tanto, aproben dunha vez, por favor, este decreto.

A verdade é que, señora conselleira, vostede dá algúns titulares que son realmente para enmarcar. Por exemplo, hoxe dixo: «menos discursos baleiros». «Aplícate o conto», di o refrán, porque vostede leva pronunciando discursos baleiros desde que é conselleira de Medio Ambiente, e esta frase que dixo hoxe case supera a que dixo na rolda de prensa recentemente do Consello da Xunta, cando dixo aquilo de que: o eucalipto é unha árbore máis. E, para ser vostede conselleira de Medio Ambiente, coas consecuencias que ten a plantación masiva de eucaliptos en Galiza, entre outras cousas, os incendios e a perda da biodiversidade, ¡manda truco, señora Vázquez!

Mire, temos que lamentar que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é unha consellería irrelevante, e temos que lamentalo porque é unha consellería irrelevante desde o punto de vista político e tamén desde o punto de vista orzamentario, e dous ámbitos que debían ser absolutamente centrais e transcendentais, como o medio ambiente e o cambio climático, son ornamentais, son decorativos, e teñen esa proliferación de discursos e slogans baleiros que caracterizan as súas intervencións.

En realidade, esta consellería actúa como brazo executor das políticas de depredación do territorio que lle ordenan desde a Presidencia da Xunta, desde a Consellería de Industria e desde os *lobbys*, desde os *lobbys* pasteiro, enerxético, forestal e mineiro, que son os que dirixen a política ambiental da Xunta de Galiza, señora conselleira. E podemos poñer exemplos para todos os gustos de multinacionais que dirixen a política ambiental: Ence, Altri, Navigator, Naturgy, Iberdrola..., e poderíamos estar aquí recitando nomes toda a mañá.

¿Como fan estes *lobbys* a presión e como cambian, como dirixen e como ordenan a política ambiental da Xunta de Galiza? En primeiro lugar, con cambios normativos para achandarlles



o terreo, e ademais non esconden nada, falan claro. Mire o que dixo recentemente a Cámara Mineira: «*La minería gallega pida allanar el camino para estos recursos*». (O señor Bará Torres mostra un documento.) Pide «allanar el camino», Lei de acompañamento, lei de beneficios; camiño achandando para que as mineiras poidan desenvolver cada vez con menos capacidade de defensa dos propietarios da terra e dos colectivos sociais os seus dereitos, entre outras cousas tamén porque vostedes queren perpetrar outro ataque á participación pública eliminando as entidades de defensa da natureza e tamén as comunidades de montes do Consello da Minaría de Galicia. Fíxense vostedes como defenden o territorio. Vostedes defenden os intereses das grandes empresas mineiras, que espolian os recursos do país e tamén das grandes empresas eólicas e enerxéticas.

E despois, señora conselleira, levan quince anos paralizando o desenvolvemento eólico de Galiza por decisións políticas e por cambios regulatorios que crearon inseguridade xurídica e levaron a unha avalancha de sentenzas xudiciais en contra, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e tamén do Tribunal Supremo —tamén do Supremo—. Aínda recentemente houbo varias sentenzas do Supremo que avalaron decisións previas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, e hai sentenzas do Supremo que anulan parques eólicos aprobados por vostedes, como, por exemplo, o da serra do Oribio, en plena Rede Natura. Así é como tratan vostedes a Rede Natura, señora conselleira. (*Aplausos.*) ¡É que é...! E despois, cun discurso absolutamente simplista, porque vostede nos di: hai que apostar polas renovables e pola eólica para combater o cambio climático. Pero, ¿quen ten que apostar? ¡Se Galiza, segundo os seus propios datos, da axenda enerxética de Galiza, xa cumpre os obxectivos europeos de renovables para o ano 2030! ¿Quen ten que acelerar? Cando xa cumprimos os obxectivos para o 2030, vostedes din que hai que acelerar a implantación de enerxías renovables, supoño que será para que, se agora exportamos un terzo da enerxía eléctrica que producimos, a maior parte renovable, produzamos máis para abastecer a Madrid, que non produce un só quilowatt de enerxía eólica. Díganlle á Comunidade de Madrid que produza enerxía renovable, que produza eólica, (*Aplausos.*) que sacrifique as súas montañas, que están protexidas pola Rede Natura.

E despois vén vostede aquí dicir, con bágoas de crocodilo, que lle preocupa moito a perda da biodiversidade. ¡Pero se vostedes paralizaron a ampliación da Rede Natura despois de vir aquí o conselleiro do Medio Rural ao Parlamento a anunciar que ían aprobar unha ampliación de 150.000 hectáreas no ano 2011! Informaron publicamente sobre esa proposta e despois paralizárona, metérona nun caixón. ¿E sabe por que? Porque saíron en tromba a patronal enerxética, a patronal mineira e a patronal forestal a dicir que non, que esas 150.000 hectáreas que se ían protexer coa Rede Natura non se podían facer. E así é como vostedes obedecen os mandatos destes *lobbys*.

É por iso, precisamente, polo que unha desas ampliacións da Rede Natura, na Ulloa, (O señor Bará Torres mostra unha fotografía.), a ampliación da serra do Careón, agora vai acoller —queren vostedes que acolla— nada máis e nada menos que unha megacelulosa de Altri, xusto unha zona que se debía protexer polos seus valores ambientais. Así é como tratan vostedes a biodiversidade, señora conselleira.

Mire, respecto da Estratexia de infraestrutura verde, falou vostede aquí de que aprobaron a primeira Estratexia de infraestrutura verde... ¿Onde está? ¿Onde está, señora conselleira?



¿Por que non a publicaron? Pedímolo polo artigo 9. Vostedes levárono ao Consello da Xunta, pero aínda non está publicada. Pedímola polo artigo 9 e non nola deron. ¿Que están ocultando? Porque queremos saber se os instrumentos que prevé esa Estratexia de infraestrutura verde, por exemplo, os corredores de protección ambiental, van defender o territorio fronte todas estas agresións que estamos citando aquí.

Despois, xa no colmo da vulneración de todo tipo de tramitación e de dereitos, vostedes crearon unha consellería *bis*. Teñen instalada na sede de Meteogalicia, nunha planta enteira de Meteogalicia, unha consellería *bis* cun contrato que non sabemos como fixeron con Tragsa, para facer non só os informes sectoriais para aprobar pola vía exprés estes proxectos de predadores, senón tamén para facer tramitación administrativa de proxectos que deben facer funcionariado público. E advertímoslle de que xa houbo sentenzas que anulaban esas tramitacións e que condenaron a Xunta —no caso de informes de Patrimonio Ambiental— por utilizar este tipo de métodos.

Polo tanto, quero, conselleira, que me explique como fixeron a creación desta consellaría paralela —xa que falou vostede tanto de Meteogalicia, nunha planta de Meteogalicia—, con medios públicos, para facer traballo externalizado.

E xa non vou falar, porque non me dá moito tempo, das presións ás que están sometendo vostedes a persoal e a cargos directivos da Xunta para que os proxectos entren polo aro. Se antes a mina de Touro non tivo o informe favorable, agora queren que o teña. Pódolle facer moitos *spoilers* sobre iso; pódolle facer un *spoiler*, por exemplo, sobre que vai pasar co proxecto de Altri, que vai ter dentro de mes e pouco máis de vinte e catro informes favorables. Porque, ademais, non hai que ser moi ocorrente, porque xa nolo anunciou a conselleira de Industria, que é realmente a que dirixe a política ambiental. No mes de marzo deste ano díxonos que o proxecto de Altri era, desde o punto de vista medioambiental e da sustentabilidade, un proxecto redondo. E tamén é un negocio redondo para as empresas amigas do Partido Popular, como se está vendo. (*Aplausos.*) É dicir, ela anunciou algo que van facer vostedes agora, dentro de pouco tempo. E por isto e por outras cousas dimitiulles a vostedes o director xeral de Calidade Ambiental e puxeron no seu sitio unha directora xeral que ten un claro conflito de intereses, porque ten unha relación de parentesco directo co director de Ence para Galiza. Por certo, Ence que é unha das empresas ás que vostedes se abrazan nese Pacto galego polo clima. Fíxese, señora conselleira, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) —¿onde está?, que non a vexo, vou poñer as gafas—.

Señora conselleira, se me presta un pouco de atención...: (*Murmurios.*) (*Risos.*) «A Xunta incorpora ENCE a un pacto polo clima que aposta pola integridade do mar e a protección da biodiversidade». ¡Manda truco!, ¡manda truco que o modelo de integridade do mar, é dicir, ocupando terreos do dominio público marítimo-terrestre na costa, sexa Ence! (*Murmurios.*) É o modelo de aposta pola integridade.

Sobre a Estratexia do cambio climático e enerxía, espero que a traian ao Parlamento para debatela —xa que é un documento tan importante— antes de que a aproben no Consello da Xunta. A experiencia que temos do plan operativo é que foi papel mollado. Vostedes fixeron un informe aí cunhas cantas cifras, sen ningún tipo de documentación que o avale,



pero, ademais, o que ocultan nesa maquillaxe verde, nese ecopostureo que caracteriza a súa política, é que cando falan, por exemplo, presumen do descenso das emisións de efecto invernadoiro, pero non nos contan que ese descenso abrupto se produciu no ano 2019 polo peche das térmicas; é dicir, un terzo das emisións, 10 millóns de quilotoneladas de CO<sub>2</sub>, caeron nese momento polo peche das térmicas das Pontes e de Meirama, pero non nos din vostedes que aumentaron as emisións no sector do transporte —agora din que van facer non sei co transporte—, que aumentaron as emisións no sector residencial e que aumentaron as emisións no sector da agricultura, porque non fixeron nada para baixar as emisións neste ámbito.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Polo tanto, señora conselleira, é unha consellería irrelevante, unha consellería menor. Pasou de ser vostede vicepresidenta do Goberno galego a dirixir unha consellería que é a segunda con menos orzamento da Xunta de Galiza. Por este camiño, imos mal.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moi bos días.

Grazas, presidente.

Vilagarcía, Padrón, Soutomaior, Sada, Vigo, Santiago, Burela, Pontevedra, Oleiros, Miño, Ribeira, Pontedeume, Foz, Ares, Cee, Cambados, Betanzos, Carballo. E iso só nos minutos que houbo entre a intervención da señora Castro e a miña. Facendo memoria, esas son actuacións de Augas de Galicia en municipios onde goberna o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. *(Aplausos.)* ¿E sabe que lle digo? Que eu me alegro, e síntome orgulloso de que sexa así, como non podía ser doutra forma. Cada ano Augas de Galicia está a investir máis de cen millóns de euros apoiando os concellos galegos para facer investimentos en saneamento e abastecemento. ¡Ogallá as deputacións onde vostedes gobernan fixesen o mesmo esforzo!, polo menos no que corresponde aos concellos da súa provincia, pero non fan nada diso, ¡non fan nada diso! Porque vostedes, primeiro, ignoran as competencias que teñen, ignoran a lei e son, ademais, tremendamente irresponsables. Son moito de facer declaracións, moito —como dicía vostede— de facer de xestión de celulosa, pero moi pouco despois de facer xestión con orzamentos e coas actuacións.

En relación coas bandeiras negras, que vostede dicía, señoría, ¿por que non di cantas bandeiras negras desas que vostede denuncia son de concellos do Partido Socialista? ¿Por que non o di? ¿Por que non é honrada con toda esta Cámara e fai unha listaxe dos concellos do Partido Socialista que son denunciados por esta asociación precisamente por ter un saneamento incorrecto, deficiente, que fai que haxa vertidos ás nosas rías? ¿Por que non o di?



Sería vostede moito máis crible se tivese o valor de denunciar os seus alcaldes que teñen unhas redes ineficientes de saneamento. Pero pedirlle a vostede iso é pedirlle demasiado.

Señorías, recentemente a conselleira compareceu na Comisión 3ª para informarnos sobre o orzamento para 2025 da súa consellería. Xa entón coñeciamos a boa nova de que o orzamento da Consellería era o que máis medraba para 2025 de toda a Xunta de Galicia, un 10 por cento máis que no 2024; case 500 millóns de euros para coidar o noso medio ambiente, para loitar contra o cambio climático e para protexer a nosa biodiversidade. Menos dun mes despois volve comparecer a conselleira de xeito voluntario para, nun exercicio de transparencia, seguir informando sobre as prioridades do seu departamento. E hoxe deixou claro que, fronte a ese ecoloxismo de pancarta, vacío de contido e enfrontado os sectores produtivos da nosa comunidade, hai outro ecoloxismo realista que coñece a nosa terra e a nosa xente, que non busca prexudicar a ninguén e que busca a complicidade da cidadanía. Fronte aos do non polo non, fronte aos ecoloxistas de salón e fronte a ese infantilismo do que fan vostedes gala en Galicia fomos quen unha vez máis de amosar ao resto do país e ao resto do mundo que sabemos facer as cousas e que sabemos facelo ben.

Temos ambición. Queremos acadar a neutralidade climática no 2040, dez anos antes do que nos marca Europa. Sabemos que son necesarios recursos, e por iso, como dicía antes, o orzamento da Consellería é o que máis medra de toda a Xunta de Galicia, un 10 por cento para o próximo ano. E tamén sabemos que o facemos mellor.

Por iso, señorías, é unha boa nova que a Xunta de Galicia queira solicitar o traspaso das competencias meteorolóxicas. Temos un servizo meteorolóxico propio que ten o triplo de estacións que ten o servizo estatal, que acerta máis —e iso é importante tamén— que o servizo estatal e que xa está a colaborar con Sanidade polos episodios de calor, con Medio Rural, polo risco de incendios, e con Augas de Galicia, pola predición das inundacións.

Pero, conselleira, se vostede espera que esta transferencia se produza con normalidade, como vostede dicía na súa intervención, con lealdade institucional e con responsabilidade de Estado, vai vostede esperar en van. Como traballa o Partido Socialista é verdade que o sabe vostede mellor ca ninguén. Dicía que vostede sabe mellor ca ninguén como funciona a deslealdade do Goberno central con Galicia, porque, despois de aprobar a Lei do litoral, unha lei feita, ben feita e respectuosa co noso Estatuto e avalada, por suposto, como foi, como soubemos despois, polo Constitucional, houbo un recurso completamente partidista, e ademais pódolle dicir que era fraudulento, porque os que presentaron ese recurso sabían que ía ser rechazado inmensamente polo Tribunal Constitucional. Pero foi un recurso que foi aplaudido e respaldado tanto polo Bloque Nacionalista Galego como polo Partido Socialista de Galicia. Eu non sei que beneficio pensaban que ían acadar conseguindo ese obstáculo, ese bloqueo por parte do Goberno central. E agora estamos a sufrir o trilerismo tramposo en relación ao traspaso dos medios. A proposta feita polo Goberno central é un insulto a todos os galegos, porque se apropia de competencias que son de Galicia e porque non especifica nin os medios materiais nin os medios persoais que nos teñen que transferir. E, por se fose pouco insulto, estes días coñeciamos que todos os problemas que hai para Galicia son todo facilidades para o País Vasco. Parece que todos eses problemas que nos pon o Goberno central a Galicia para que poidamos exercer as nosas competencias son todo facilidades para o País Vasco.



Non nos sorprende que o Partido Socialista galego aplauda este tipo de deslealdades e de trato desigual con Galicia respecto doutras comunidades, pero si nos sorprende que o Bloque Nacionalista Galego subscriba as teses do Partido Socialista de Galicia para prexudicar a Galicia. Francamente, creo que non nolo esperabamos nin nós nin o esperaban sequera as súas bases. Pero ¡alá vostedes!, se queren seguir facendo eses congresos á búlgara onde os aplaudan e onde os feliciten, moi ben; (*Murmurios.*) pero creo que os galegos non están tan contentos. Porque é moi difícil de entender que un partido nacionalista aplauda o trato lesivo que lle fai o Goberno central á nosa comunidade. (*Aplausos.*)

E en relación, señorías, á enerxía renovable, non hai forma de acadar os obxectivos —como ben dicía a conselleira— de redución de gases de efecto invernadoiro se non incrementamos o uso das enerxías renovables. E aquí non vale ese infantilismo de «renovables, si, pero así non», porque iso non é máis que outra forma do non polo non. Os mesmos que dicían o da navallada, os que se opoñen ao turismo, os que se opoñen á gandaría, os do non ao eucalipto, os do non a Altri, os do non á nosa industria, tamén se opoñen á enerxía renovable. Pero non se opoñen por cuestións de valores, de principios, de que iso sexa bo para o noso territorio, non; é o non polo non. Todo aquilo que poida supoñer actividade económica, todo aquilo que poida supoñer un investimento, todo aquilo que poida crear emprego, sempre, sempre terá o non polo non do Bloque Nacionalista Galego.

E mire, señor Bará, vostede non se farta de dicir e repite sempre aquí —eu creo que vostede xa o ten interiorizado— o dos parques eólicos na Rede Natura. Mire, cos datos que eu teño —e dígame vostede se non son correctos—, os únicos 6 parques eólicos en Rede Natura que suman un total de 177 megavatios de potencia foron aprobados polo Bipartito. (*Aplausos.*) E teño aquí unha listaxe: Monte Maior norte, de 21 megavatios; Buio, de 40,3 megavatios, Couto de San Sebastián, de 18; Farelo, de 48, o do Mondoñedo, de 48; e Rioboo, de 20,8. Se isto non é certo, dígame vostede que non é verdade, que non se aprobaron co Bipartito. Porque, ao final, estamos nun debate absurdo onde vostede vén aquí e di que hai un parque que foi rexeitado cando gobernaba o Partido Popular, pero que tiñamos a intención de instalar, e que non se instalou, pero eu teño aquí 6 onde o Bipartito, onde o Bloque Nacionalista, si que estaba satisfeito de que se instalasen alí ese tipo de parques.

Señorías, como vemos, o discurso do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista é un discurso de pancarta, é un discurso que non se adapta á realidade, que non beneficia para nada os galegos; é un discurso partidista, é un discurso, ademais, que non ten futuro, é un discurso que lle dá as costas incluso á propia ciencia e, en definitiva, é un discurso que non defende os intereses dos galegos e das galegas.

Conselleira, siga vostede, por suposto, defendendo estes intereses, non espere que haxa a máis mínima complicidade nin por parte do Bloque Nacionalista nin do Partido Socialista; non a vai haber agora, non a houbo nunca, nin creo que a vaia haber no futuro.

E, por suposto, señora conselleira, se espera que o Goberno central actúe con algún tipo de lealdade institucional e con algún tipo de responsabilidade, sinceramente, creo que imos seguir esperando, porque aínda non deron a máis mínima mostra de que eran capaces de facelo.



**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Despois de facer a miña exposición, vou procurar dar contestación a cada unha das cousas que se dixeron aquí. E comezarei polo señor Ojea.

Señor Ojea, déixese de pantomimas e non se contaxie duns discursos que levan tendo os señores do BNG e os do PSOE e que non mudan; dá igual o que aconteza e dá igual o que ocorra no mundo que eles teñen unha senda. Non siga vostede esa senda porque non vai ben.

Altri, igual que outras empresas, teñen que pasar unha declaración de impacto ambiental, unha declaración na cal hai unha morea de informes sectoriais, e detrás destes informes hai persoas, hai científicos e hai coñecemento. E, desde logo, o que nunca hai é presión.

É fortísimo o que acaba de dicir o señor Bará, ¡fortísimo o que acaba de dicir! Presión séntena cando ven que á semana ou ao mes de emitir un informe acaban continuamente no xulgado. A diferenza é que gaña xeralmente, ao cen por cento, a Xunta de Galicia, gañan os funcionarios. Pero si é certo que están presionados continuamente por certas organizacións ligadas a certos partidos políticos. *(Aplausos.)*

Polo tanto, o que lle podo dicir de Altri é o dos informes que xa están emitidos. E dos informes que están emitidos en relación ás emisións e por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, hai que dicir que as emisións cumpren estritamente os parámetros establecidos pola Unión Europea para este tipo de empresas ata o ano 2030. Non é que só cumpra co ditame da Unión Europea, é que tamén o fai coa OMS, Organización Mundial da Saúde, que é moito máis estrita.

¿Do resto dos informes? Parece que sabe o señor Bará; eu aínda non sei. Por iso digo que toda empresa, sexa Altri ou calquera outra, sairá adiante se cumpre estritamente; e, se non, non vai cumprir. E aquí quero facer unha reflexión e dá igual o que diga, porque xa sei que estes señores van continuar na mesma liña, pero eu diríxome a vostede, que acaba de aterrorizar. Onte mesmo saía no DOG que se arquivaban dous eólicos: un en Muras e outro en Oulol. Dous; un de cada tres arquivase, porque non cumpren e, polo tanto, non pasan a declaración de impacto ambiental. Iso pasa cos eólicos —un de cada tres— ou pasa con calquera outro tipo de empresas.

Por outro lado, falábame vostede e dicía que lle preocupan os eucaliptos. Ben, pois imaxino que a mensaxe será para toda Galicia, porque, se é só para Ourense, dígolle que, que eu saiba,





en Ourense eucaliptos non hai; pero si é certo que é lamentablemente das provincias que está un grao por encima en temperatura da media de Galicia, incluso dalgunhas zonas de España. E hai zonas que preocupan porque son auténticas illas de calor.

Pero non empecemos con eses complexos, porque, efectivamente, señor Bará, o eucalipto é unha árbore máis. Galicia opta pola biodiversidade e, cumprindo estritamente a lei e con onde se pode plantar, dígolle que se poden plantar eucaliptos, porque resulta que hai señores que están aquí que son acomplexados *en la vida pública, pero en la privada, ¡hombre!, vivimos del eucalipto*. Deixémonos de complexos, por favor. (*Aplausos.*)

En relación ás invasoras, teño que dicirlle, señor Ojea, que nos últimos catro anos investimos cinco millóns de euros. É certo que non son suficientes e é certo que debemos de ir a máis, pero tamén é certo que o orzamento é o que é.

Señora Castro, falábame vostede de medicións. O que é medible, efectivamente non é opinable, e eu teño que dicir que Galicia pode presumir, e pode presumir dende o ano 1990 ata a actualidade, onde houbo unha redución de emisións netas do 60 por cento.

¿Que nos di Europa? Europa dinos que ten que haber unha redución do 55 por cento no ano 2030. Polo tanto, adiantámonos en cinco anos e cumprimos con Europa: redución do 60 por cento. Posicionámonos como a primeira rexión a nivel nacional e das pioneiras a nivel de Europa. E non é só polas Pontes —que diso lle falarei despois—, a partir do ano 2019, onde a redución é do 19,5 por cento; pero dende o ano 1990 a redución é do 60 por cento. É para descabalgar todo aquilo e eses mantras que continuamente teñen. E ben pouco traballan, vexo eu ultimamente, porque os argumentarios son os mesmos.

Señora Castro, é certo que eu estou moi orgullosa dos traballos que se realizan coa univesidade, como non pode ser doutro xeito. É que todos partimos da Universidade galega; a gran maioría —supoño—, os que fomos ás universidades galegas. E vostede dime que cumpra. A ver, é que cando nós dicimos que queremos un científico ou un especialista, ao final, é home ou muller, en función do coñecemento, pero é certo que hai mulleres fantásticas e marabillosas coas que nos gustaría seguir traballando, como é o caso de Marta García, que agora está traballando noutro campo e, polo tanto, non pode colaborar. Pero créame que aí vai única e exclusivamente polo coñecemento.

Respecto de Pedro Sánchez, ¿que é o que fai Pedro Sánchez, señora Castro? Sobe impostos. Cando Europa lle di que o Reino de España non cumpre, pois eles din: ¡Ah!, non cumprimos en residuos, pero non se preocupen, señores de Europa, nós dixemos que iamos ser o *number one*, e resulta que estamos á cola porque as políticas que facemos dende o Goberno central son absolutamente nulas. E a partir de aí, ¿que pon? Un taxazo, que será o que recibirán a partir do mes de abril todos os cidadáns nos seus fogares grazas a Pedro Sánchez, que ademais lles di aos concellos como teñen que ordenar os seus orzamentos, e, por outro lado, por suposto, pon un imposto a cada tonelada de residuos que se xeran nos distintos concellos.

E, bueno, dime que se é para contentar a Pedro Sánchez. Pedro Sánchez está contento consigo mesmo; está encantado con Ábalos, con Aldama, con Koldo, con Begoña...; é dicir, ¿para



que quere que o contente eu, se xa ten unha parte importante que o está contentando?  
(Aplausos.)

Cando falan vostedes de planificación eólica, eu dígolle: eu aquí defendo a eólica, defendo a enerxía limpa, a enerxía verde, porque é a única maneira de descarbonizar Galicia, é a única maneira de descarbonizar España e de descarbonizar Europa. Non é que guste máis ou menos, é que non existe outra. Pero, independentemente de todo isto, Galicia ten a súa planificación. E, dentro desa planificación, a instalación de eólicos é no 22 por cento do territorio, salvo excepcións moi contadas que están perfectamente regradas, ¡o 22%! E, a pesar de todo iso, pasa unha declaración de impacto ambiental e vai sempre pola vía ordinaria. ¿Hai algo máis que poidamos facer en relación con todo isto? Pero, claro, hai alguén que di: preferimos que isto se paralice.

Entón, Galicia non ten que ser a primeira. E, efectivamente, conseguírono. Eramos os primeiros en instalación eólica e agora somos os cuartos en instalación eólica. E iso é grazas a aqueles que, de xeito paralelo, ideolóxico e non sei se tamén económico, deciden facer unha serie de denuncias. E hai unha sección que esqueceu que existe en Europa e, polo tanto, que nun momento determinado, ano 2022, Europa alerta os países membros e dilles que a instalación de eólicos é un ben superior, que está por enriba de todo. E, aínda así, estes señores deciden non telo en conta, excepto nunha última sentenza; que, falando de sentenzas, señora Castro, as dúas que hai do Supremo, danlle a razón á Xunta de Galicia.

E hai outro tema do cal vostede falou e dixo que lle preocupaba, ao que xa o señor Trenor lle deu luz, que imaxino que é: como se comporta a Xunta de Galicia. Mire, unha cousa son as eleccións e outra é que a Xunta de Galicia e as distintas consellerías traballan por e para Galicia, por e para todos os concellos, da ideoloxía que sexa. E cando se trata de depurar augas, por suposto, non miran se un é do PSOE, do BNG ou se é do PP. El dáballe unha relación e eu poderíalle dar ata datos. En Carballo levamos nestes últimos tempos 6,2 millóns de euros; en Santiago, 11 millóns de euros; en Foz, 12,1; en Ares, 3,9; en Burela, 5; en Cee, 7; en Cambados, outros 5. Porque a auga é de todos, a medición é de todos. Pero aplíquense o conto e pásenlle este recado á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que parece que non está facendo o mesmo.

E xa que falaba vostede dos ríos, eu teño unha interpelación sobre as masas de auga pola tarde, pero xa lle vou adiantando algo. Mire, saíu unha noticia hai escasos días que di: «Ríos sin contaminación en Galicia. En el caso de Galicia, se puede decir que los ríos pasan la prueba del algodón, según se concluye del último informe correspondiente al año 2023 sobre la calidad de las aguas elaborada por el Ministerio de Transición Ecológica, junto con Asturias, Cantabria, País Vasco y la provincia de Huelva». Iso dío o Ministerio de Transición Ecolóxica. Polo tanto, supoño que é veraz e que non estamos inventando nada. Presumamos do que temos, porque o 80 por cento das nosas augas está en bo estado. Non nos conformamos e queremos ir ao cen por cento, pero o 80 por cento está en bo estado.

E, despois, xa está o señor Bará. Dicíao anteriormente, seguen vostedes con moitos complexos, con moitos complexos, pero é certo que non avanzan en absoluto. ¿Árbores? Imprescindibles. ¿Biodiversidade? Por suposto. ¿Defensa? A ultranza por parte da Xunta de



Galicia. Necesítámoslos para que absorban CO<sub>2</sub>, necesítámoslos pola calidade do aire e tamén os necesitamos por economía.

*Lobby*, depredación, espolio... Señor Bará, vaia mudando un pouco, porque de verdade que desde que eu levo aquí e desde que vostede tamén sae aquí, esas tres palabras saen continuamente. Son discursos que están ben frouxos de contidos.

E despois fala de empresas amigas. Teñan coidado —dígolle—, teñan moito coidado, porque non vaia ser que a esas empresas amigas das cales vostedes falan —e que a algunha non a nomeou no día de hoxe— se lles estean pagando miles de euros sen contrato nalgún concello gobernado ou cogobernado por vostedes. É dicir, é que non nos adiantemos, porque igual levamos algún que outro desgusto.

Por suposto, encántalle dicir que se autorizan eólicos en Rede Natura. Non se autorizan eólicos en Rede Natura. Dígollo unha e mil veces, pero é que dá igual o que se diga, é unha auténtica perda de tempo.

Supremo. Dúas sentenzas, e as dúas danlle a razón a Galicia. E vostede di: ¿traerá vostede a Estratexia? ¿Traerá vostede aquí a lei? Por suposto, pero convídoos, igual que os convidei noutros eidos, como foi na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, a que participen, a que estean cos galegos e coas galegas, a que estean ben cos que representan porque, se non queren representar aos demais, polo menos representen vostedes aos seus votantes. Non o fixeron na Lei de ordenación do litoral, fágano agora na Lei do clima. Fágano nese segundo plan integral. Eu creo que sería bo.

E, señor Bará, di que é un goberno que está baleiro. Eu creo que se hai un baleiro é ese goberno alternativo que presentaron vostedes nada máis perder as eleccións, que vexo que non se reúnen ultimamente, talvez porque meteron un pouquiño a pata e, polo tanto, non lles apetece.

O importante hoxe é que a seca afectará tres de cada catro persoas no ano 2050. É certo que Galicia non está nese mapa, pero é certo que debemos de prepararnos e é certo que temos esa responsabilidade. E eu dígolles, señores do PSOE e señores do BNG, téndanlle a man en Galicia, en vez de levantar o puño. É moito mellor estender a man, que a man sexa aberta; porque así traballaremos mellor todos xuntos (*Aplausos.*) e lograremos aquel cometido imprescindible para todos os demais. (*Murmurios.*) Non, dar bofetadas non, tendan a man. É fantástico tender a man para saudar e tamén para poder participar.

E despois —créanme—, dende o punto de vista científico, cando falamos de cambio climático, cando falamos de emisións e cando falamos da calidade das augas, se non teñen información, pídana; eu vóullela facilitar. É totalmente transparente. Esa información á cidadanía ha de ser veraz, ha de ser clara e ha de ser proporcional.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.



Rolda de grupos.

Ten, en primeiro lugar, a palabra o voceiro do Grupo Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Díxome a señora conselleira que non me deixase levar polos cantos de serea do BNG. Mire, eu téñolle un defecto moi grande, e é que só teño un cerebro. Se tivese dous ou tres, ao mellor un adscribíao a unha ideoloxía, instalaba unha ideoloxía nese cerebro e xa non tiña que pensar pola miña conta; deixaría que tomase os mandos a ideoloxía. Pero, como só teño un, prefiro usalo para pensar pola miña conta. Entón, todo o que dixen é froito, de xeito máis ou menos afortunado, do meu pensamento, non é por seguir as teses do BNG.

Eu teño que recoñecer, para a información de vostedes, que eu si que teño un substrato ecoloxista proveniente xa de finais dos anos setenta. E póñolle agora un exemplo, unha anécdota persoal tamén para ilustrar un pouco que a creación de emprego tampouco pode xustificalo todo nestes ámbitos.

Cando eu debía ter 16 anos ou 17, había unha profesión que era a de taxidermista. Non sei se vostedes o lembran. A maioría dos televisores de España tiñan adornando por riba unha aguija disecada ou un zorro disecado. Era moi típico —non sei se se lembran— que moitas televisións estivesen adornadas con animais disecados, que hoxe están en perigo; ou sexa, protexidos. Entón, daquela, eu e outros compañeiros que estabamos xa no ámbito ecoloxista, estabamos en contra da taxidermia, tal e cal. E as persoas adultas daquela época dicíannos: pero, entón, se se prohíbe a disecación deses paxaros, desas aves, desas aguijas e deses falcónidos, esa xente vai perder o traballo —efectivamente, porque vivían diso—, pero, claro, hoxe xa vemos como máis lóxico que esa actividade non se poida permitir, polo menos no caso das especies protexidas.

Pois aquí pasa algo parecido. Efectivamente, necesitamos industrias, efectivamente, necesitamos postos de traballo, efectivamente, a xente ten que vivir de algo, pero ao mesmo tempo iso non poder ir en aras dun ataque ao medio ambiente, porque iso é pan de hoxe e fame de mañá, como se adoita dicir. Quero dicir que un bo estado do medio ambiente vai ser o que nos permita vivir; ao mellor non a nós, pero si ás seguintes xeracións.

Fala, por exemplo, da importancia da auga. Non sei onde vin, nalgún sitio, que as guerras do futuro van ser pola auga e non polo petróleo, ¿non? Pero, entón, claro, se fomentamos a plantación de especies que disequen o contorno, que promovan a desertización, pois imos ter un problema.

Vostede di que o eucalipto é unha árbore máis. A ver..., é unha árbore máis de xeito illado, digamos. Sabemos perfectamente que non é unha especie propia de Galicia, nin sequera de Europa, e a súa implementación masiva ten unhas consecuencias ecolóxicas fortísimas. Como dicía o clásico, o veneno está na dose. Efectivamente, na provincia de Ourense non é un problema, e oxalá non remate tamén séndoo. Podemos ter de vez en cando algún eucalipto por aí disperso, pero non supón na provincia de Ourense un problema, efectivamente.



E, loxicamente, tampouco queremos que iso... Acórdese vostede daquel libro, *O Principiño*, de Saint-Exupéry: os baobabs hai que cortalos cando están nacendo, porque, se non, despois, non hai forma de paralos. Ben, pois aquí é parecido. Esperemos que na provincia de Ourense non remate por medrar ese baobab metafórico da especie de eucalipto, que, efectivamente, está sendo un problema ecolóxico para Galicia; hai que buscar a maneira de controlalo.

Na provincia de Ourense si que temos un problema, sobre todo en certas zonas, coa invasión das mimosas, por insistir nese problema concreto. E, mire, non sei se haberá que buscar se hai algunha correlación ou se é unha mera coincidencia xustamente en comarcas onde se alcanzan esas grandes temperaturas das que vostede falou. Vostede sabe que, por exemplo, a comarca de Leiro durante o verán acadou as máximas de España. Si, nos telediarios falaban da provincia de Ourense, pero non concretaban, efectivamente, porque tampouco tiña demasiado sentido a nivel nacional; falaban da comarca do Ribeiro. E na comarca do Ribeiro é onde temos o maior problema das especies invasoras, das mimosas. Pois é xusto onde se están dando esas grandes temperaturas. Non teño capacidade de dicir se existe unha relación causa-efecto ou non, pero si hai unha coincidencia, etcétera.

Desde logo, eu estou de acordo con vostede en que, loxicamente, se unha empresa cumpre a normativa, hai que darlle a licenza. Iso está claro, porque o contrario sería prevaricar; iso está claro e xa o levo dito varias veces. O que tampouco pode ser é que ás veces se lexisle *ad hoc* para favorecer determinadas empresas. E, nese sentido, pois tamén haberá que estar un pouco atentos desde as cámaras nas que se fan as leis. É dicir, as leis teñen que ir buscando o interese público.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Si, grazas.

E falou da Lei do litoral, non sei se esa... A min paréceme moi ben, desde logo, que se transfiran esa clase de competencias e que se active esa comisión para tal... Non sei se tamén están pensando na eólica mariña á hora de querer esas competencias do litoral, que é totalmente lexítimo e totalmente válido. Coincido con vostede en que parece unha postura curiosa a do BNG, que votaran en contra diso. Pero tamén lle recordo que hai problemas ecolóxicos ao respecto da eólica mariña en relación cos problemas que pode causar na pesca.

Bueno, o que lle dicía, ten vostede un reto importante para tratar de cadrar todas estas cuestións aparentemente bastante contraditorias. Nada máis. Grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Señora presidenta.

Bueno, a ver... Vou comezar polo tema das rías, ¿non?, que cremos que é de vital importancia. Ao final, como vostedes non poden discutir —porque é un feito evidente e con datos— que é



necesaria unha rexeneración urxente das nosas rías, o control efectivo dos vertidos e un plan de rexeneración, vostedes o que fan é dicir: é culpa dos concellos. ¿É culpa dos concellos, que agora, señor Trenor, teñan que asumir tamén o saneamento das nosas rías? Non, é culpa dos concellos socialistas, ademais, que son os que contaminan as nosas rías. Ao mellor, se vostedes colaborasen un pouco no saneamento e non unicamente en concellos da cor política do Partido Popular, pois os concellos socialistas mellorarían o saneamento das súas rías. *(Aplausos.)*

É un dato tamén obxectivo que Augas de Galicia é un dos chiringuitos máis caciquís da Xunta de Galicia. E as obras hidráulicas que se fixeron durante todo este tempo demóstrano, ¿non? Por exemplo, na provincia de Pontevedra, vou nomear as dúas últimas que me veñen á cabeza:

Concello de Lalín. Polas verteduras das depuradoras do río Arnego tiveron que multar vostedes o Concello de Lalín. E, ¡home!, como era un concello do Partido Popular, por unha banda, tiveron que multar porque non cabía outra, pero ao pouco tempo asinaron un convenio a dedo para renovar toda a súa rede de colectores, pagando pluviais e construíndo un macrodepósito de tormentas de —creo— arredor de 9 millóns de euros.

Concello de Poio. Nin un euro en dez anos. Apunto a unha depuradora que querían impoñer en Raxó para prexudicar o alcalde porque existía un conflito veciñal. Tivo que intervir finalmente Acuaes e facer esa depuradora con consenso de dous alcaldes, un do BNG e outro do Partido Popular, e, ao final, pagouna o Estado. Leva dez anos prometéndoa a Xunta, pero agora mesmo pága e execútaa o Estado. Pero agora si, agora si xa entra Poio na lista de Augas de Galicia, porque xa goberna o Partido Popular e firman vostedes un convenio de 4 millóns de euros.

O saneamento das rías é unha tarefa pendente; é urxente pola necesidade que existe.

E, mire, dígolle a vostede, señor Trenor, que ten moi pouca vergoña —aténdame— que vostede diga que nós e o BNG lle damos as costas á ciencia, cando onte no Senado varios compañeiros do seu partido, un deles exministro, negaron a teoría da evolución de Darwin e falaron da teoría da creación divina. ¡Benvidos á Idade Media, señor Trenor! ¡Benvidos á Idade Media! *(Aplausos.)* ¡É que é para rir, de verdade!

En relación á transición enerxética, señora Vázquez, vostedes corren sen rumbo nin planificación, e iso o que está a facer é que teñan moitos proxectos suspendidos, pero non só proxectos eólicos, tamén proxectos mineiros. E iso crea unha gran inseguridade xurídica a todas as empresas que queren investir no noso territorio e que queren desenvolver nel enerxías renovables. É inaceptable que vostede lle bote a culpa... Como vostedes sempre botan balóns fóra, pois bótanlle a culpa, por exemplo, a un maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. ¡É moi forte que vostede se manifeste neste sentido nun foro da enerxía eólica, como fixo o pasado 9 de novembro! ¡É moi forte tamén que vostede, que leva anos á fronte da Consellería de Medio Ambiente, diga que o eucalipto fomenta a diversidade, cando é un monocultivo!; tamén é moi forte, señora conselleira.

E miren, Pedro Sánchez. ¿Como non vai estar orgulloso Pedro Sánchez do seu investimento en medio ambiente? ¿Como non vai estar orgulloso de que Teresa Ribera sexa a vicepresi-



denta segunda da Comisión Europea? Unha vicepresidencia para unha transición xusta, limpa e competitiva pola que apostaron todos os países europeos menos o Partido Popular de España, que fixo o ridículo máis espantoso en Europa hai dúas semanas, señora Vázquez. Fixo tal ridículo que, se eu fose o señor Feijóo, volvía para a casa coa cabeza gacha.

Pero, miren, vostedes prefiren mirar para outro lado. A política é mirar para outro lado: Feijóo non coñecía a Dorado; Matas era un exemplo; Fabra era un home honrado; Rato era un milagre económico, Aguirre non se enteraba; Bárcenas, inocente; Aznar tampouco coñecía a Correa, coárase na voda (*Aplausos.*) e Rajoy non era «M. Rajoy». Señorías do Partido Popular, algo de vergoña ten que quedarlles, ¿non?

Ten vostede, señora Vázquez —e xa conclúo—, unha grande responsabilidade co noso futuro, coa Galicia que lle imos deixar aos nosos fillos e fillas, e unha gran tarefa de adaptar o noso territorio a esa emerxencia climática que é inminente. Estamos a ver que os efectos son devastadores, e vímolos na dina de Valencia, e non fai falla irnos lonxe, senón que acontece no noso país.

Señora conselleira, non transmite vostede ningún tipo de esperanza, senón unha liña continuísta, e temos que avanzar porque os obxectivos europeos están aí e non chegamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Para a quenda do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora conselleira, teño que recoñecerlle que dixo vostede hoxe unha verdade nesta tribuna. Dixo que vostedes eran un partido de man tendida. Evidentemente, o que pasa é que teñen a man tendida só para un lado, para as grandes empresas que espolian o noso país. (*Aplausos.*) (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) Aquí vese como teñen vostedes a man tendida e fan eses abrazos tamén con Iberdrola e con Ence. Aquí vemos o señor Rueda asinando co conde de Colmenares —máximo mandatario de Ence— o Pacto ambiental. E está tamén nesta foto a súa antecesora, Beatriz Mato, que tamén lle tendeu a man a Greenalia, ¿non? Esa é a maneira que teñen vostedes de tender a man.

E paréceme moi grave, eu diría que até aberrante, que a conselleira de Medio Ambiente dun país poida dicir en sede parlamentaria e no Consello da Xunta, ou despois do Consello da Xunta, que o eucalipto é unha árbore máis. Isto é moi grave, señora conselleira. Vostede non pode dicir iso, porque está demostrado cientificamente que o eucalipto, sobre todo en plantacións monoespecíficas, como pasa neste país, ten graves efectos sobre os recursos hídricos, sobre o solo e tamén sobre a biodiversidade. Iso está máis que demostrado e acreditado, e ademais ten un gravísimo risco, neste momento, para os grandes incendios, os megaincendios, cos efectos devastadores, como estamos vendo en Portugal e como xa vimos aquí tamén recentemente. Polo tanto, un pouco de prudencia nesas... E ata o mesmo Plan forestal fala de que hai que reducir a superficie de eucalipto.



Miren, transferencia dos servizos meteorolóxicos. Díxoo vostede aquí: «...seguir reclamando ao Estado o traspaso dos servizos meteorolóxicos». Fai falta valor para subir aquí e ser capaz de dicir isto, cando vostedes estiveron boicoteando todos estes anos a transferencia dos servizos meteorolóxicos. (*Aplausos.*) Porque lle trouxemos aquí ata tres veces a proposición de lei —e ímola traer dentro de pouco— e vostedes votaron en contra, ¡votaron en contra! Votaron a tramitación desa proposición de lei. Polo tanto, ¿que veñen vostedes aquí dicindo sobre esta cuestión?

Non me respondeu vostede sobre as presións que fixeron dimitir o director xeral de Calidade Ambiental, señora conselleira. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tamén lle falo das presións que está sufrindo agora un subdirector xeral para que lle dea o visto bo aos informes favorables a Altri. E teño comprobación deste feito. (*A señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non me dixo vostede nada desa consellería paralela que crearon na sede de Meteogalicia —aí si que ampliaron Meteogalicia—, que están facendo trámites que lle corresponde facer á Administración por medio de Tragsa. E ollo coas consecuencias que pode ter isto na tramitación dos proxectos.

Non me dixo vostede nada de cando van aprobar de verdade a Estratexia de infraestrutura verde. Porque, de momento, non está publicada. E non está publicada —digo eu— intencionadamente, porque ten figuras de protección que poden entorpecer algúns proxectos que lles interesa moito aprobar antes a vostedes. Polo tanto, dígame cando se vai publicar no DOG e, polo tanto, se vai ter eficacia esta infraestrutura verde.

Como dato mata relato, señor Trenor, dígolle que non hai seis parques eólicos en Rede Natura aprobados polo Goberno do BNG, senón que hai 54 parques eólicos en Rede Natura —nada máis e nada menos que 1.254 megavatios—, e case todos aprobados polos gobernos do Partido Popular. E a primeira vez que se prohibiu a instalación de parques eólicos en Rede Natura foi grazas ao Goberno do BNG no Decreto do 2007 do sector eólico, que impediu a aprobación de parques eólicos en Rede Natura. Polo tanto, non veña aquí contar trolas. Os únicos que quixeron instalar un parque eólico en Rede Natura foron vostedes, cunha declaración ambiental caducada na serra do Oribio, que lle botou abaixo despois —señora conselleira, mire a foto— (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) o Tribunal Superior de Galiza e o Tribunal Supremo. E o monte do Oribio (Rede Natura) está así, destrozado. Esta é a depredación da que lle falamos, señora conselleira. ¿Quen vai pagar esta desfeita? ¿Quen a vai pagar, en Rede Natura? É a súa responsabilidade.

Miren, Lei do clima. Vostede anunciou a Lei do clima na Cimeira de Glasgow no ano 2021, hai tres anos, e agora veu aquí dicir que se aprobaría dentro dun ano. Isto é pouco serio, señora conselleira. En todo caso, o BNG presentou alegacións na información pública. Estaremos vixiantes para que se faga unha Lei do clima de verdade, que estea á altura das máis avanzadas de Europa e tamén do Estado, como, por exemplo, a vasca ou a navarra.

E, para rematar, o que lles dicimos é que as políticas de cambio climático e as políticas de medio ambiente teñen que ser políticas serias, que estean á altura do nivel da emerxencia





ambiental e da crise climática que está vivindo o mundo, como vimos hoxe nunha noticia que fala de que o xeo dos polos se pode derreter nos veráns dentro de dous anos. Isto alerta sobre unha posible catástrofe, obriga a tomar medidas serias e, de verdade, non medidas de copostureo, de maquillaxe verde, como fan vostedes; e medidas que teñen que ir ao corazón do sistema económico depredador, do sistema económico capitalista, desa proliferación e medre...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...dos combustibles fósiles, que están levando ao mundo ao bordo do abismo.

O BNG vai loitar contra iso en todos os lugares onde estea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moitas grazas.

X é fantástico, e teño que darlle as grazas á señora Castro de que me recordase como foi o debate de hoxe nas redes. Dician os usuarios de Twitter que realmente a teoría do darwinismo era moi difícil de explicar vendo como, dunha especie tan agradable e tan simpática como eran os monos, poderían xurdir persoas como Koldo ou como Ábalos e como outras persoas do mesmo nivel. Pero así é o Partido Socialista, que me dá a oportunidade de reproducir os debates de X.

Señoría, voullo explicar, que creo que ata vostede vai entendelo perfectamente. Mire, o Partido Socialista non é responsable do saneamento das rías, nin os concellos, pero o saneamento dos concellos que verten ás rías si que é competencia dos propios concellos, sexan do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista ou do Partido Popular. (*Aplausos.*) Non sei se o entenden.

E voulle tamén lembrar outra cousa: a comisaria Ribera non foi elixida polos seus méritos, porque vostede sabe como funciona o sistema de elección dos comisarios. Cada goberno elixe un comisario, e neste caso o Goberno central de Pedro Sánchez, dixitalmente, elixiu, mandou alí a Ribera. Podía mandala a vostede, e tería o mesmo mérito que tería a señora Ribera, pero mandou a señora Ribera. E voulle dicir unha cousa: que vostede estea orgullosa da señora Ribera con todo o que está a ocorrer, con todo o que se está a coñecer, non sei como non lle dá vergoña.

A señora Ribera, ¿que? ¿Que señora Ribera?, ¿a de non ás nucleares? Que agora parece que si que é pro nuclear. ¿A señora Ribera do lobo, que nos obrigou a ter aquí unha lexislación propia do sur de España?, ¿esa é a que vostede aplaude? Ou a señora Ribera que impuxo os impostos ao tratamento de residuos, primeiro, a Sogama e agora que vai prexudicar todos



os concellos con impostos. Perdoe, señora Castro, que sei que a vostede non lle gusta que lle chame impostos ás taxas. Pero voulle explicar: as taxas son impostos, aínda que vostede non o saiba. Dígollo xa para futuros debates.

Mire: a súa xestión negligente pagámola nós, págana todos os galegos e as galegas. E non imos ser nós cómplices nin imos felicitar todo iso. *(Aplausos.)*

Señor Ojea, doulle a razón: polo emprego non podemos xustificar todo. Claro que non, ten a razón. Pero por iso temos a lexislación medioambiental. Que un proxecto sexa bo ou non dio a lexislación, non o di a oposición, non o din as súas señorías nin o din tampouco os cuñados das súas señorías, dio a lexislación medioambiental.

Señor Bará, falando da Rede Natura e dos espazos naturais, en Galicia o 12 por cento da superficie galega está en Rede Natura, o que sitúa a comunidade na media das rexións atlánticas, que están entre o 10 e o 15 por cento. Hai nove países da Unión Europea, e entre eles países como Finlandia, Francia, Holanda, Bélxica ou Suecia, que teñen unha porcentaxe idéntica á que ten Galicia. Hai, se non me equivoco, moitas comunidades por debaixo da nosa, como Canarias, Cantabria, Navarra, Madrid, Illas Baleares, A Rioxa, País Vasco, Asturias e Murcia. Perdoe: a superficie neta que está incluída en Rede Natura. En Galicia temos case o 42 por cento do noso territorio con algunha figura de protección, e imos chegar ata o 50 por cento porque vaise crear unha oitava reserva da biosfera.

Pero ¿saben o que é o peor de todo isto? Que cada vez que a Xunta de Galicia aprobou un plan de xestión para precisamente protexer a biodiversidade, para protexer estes espazos medioambientais, sempre tivo a oposición do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia. O Parque Nacional Illas Atlánticas, o Invernadoiro, a serra da Enciña e da Lastra, o monte Aloia, as dunas de Corrubedo, O Xurés, as fragas do Eume, todos estes parques naturais cada vez que se aprobou un plan de xestión tiveron a oposición a todas as medidas conservacionistas, a oposición da oposición —nunca mellor dito—, incluso ata pagaron vostedes autobuses para opoñerse a estes plans de xestión.

Señores da oposición, aclárense un pouco, defendan os intereses de Galicia, non lle digan que si a todo o que vén de Madrid, aínda que sexa do señor Sánchez, teñan un pouco de espírito crítico e non crean todo o que nos din.

E, señorías, fiñense máis un pouco quizais do que facemos aquí, que o facemos con bastante máis criterio e con bastante máis sentidiño do que o están a facer vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da comparecencia, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.



Chamar «chiringuito» a Augas de Galicia excede todo o que puiden escoitar eu dende que estou aquí e dende que entrei en política. ¡Manda truco! (*Aplausos.*) Eses señores que teñen a responsabilidade de que en setenta e dúas horas alertan os concellos e a cidadanía por se hai unha enchente, por se hai unha inundación. Eses señores que traballan os trescentos sesenta e cinco días do ano, as vinte e catro horas, igual que Meteogalicia. Eses señores que velan pola nosa seguridade e nos alertan cando non podemos consumir exceso de auga. Eses señores que fan todas as analíticas e que, polo tanto, tamén nos avisan cando non debemos consumir certa auga. Eses señores que traballan con todos os cidadáns e con todos os concellos das distintas cores, como non podía ser doutra maneira. Eu agardo que antes de que remate o día retiren esa afirmación de que «Augas de Galicia é un chiringuito». (*Aplausos.*)

A segunda, señora Castro, é que lles estorba que en Lalín se faga un tanque de tormentas. E que había que facer o tanque de tormentas, que, efectivamente, foron 9 millóns de euros. Pero é o mesmo que estamos agardando polo cofinanciamento do 20 por cento en Vilagarcía para executar unha depuradora de 30 millóns de euros. Pero ¿isto que é? É dicir, ¿é que de repente tachamos Lalín porque o goberna o Partido Popular ou tachamos Vilagarcía porque non é do Partido Popular? Isto é unha broma de mal gusto. E sendo unha broma de mal gusto direille que hai obras que estiveron agardando ata trinta e seis meses polo informe de Costas para poder ser executadas. Iso é a realidade duns feitos e dun ministerio, o cal vostede alaba, e á cabeza do cal estivo a señora Teresa Ribera, que parece que fixo moitos méritos no resto de España, porque en Galicia méritos ningún, señora Castro.

Na Lei de ordenación do litoral petardeou todo o que puido e máis; non puido con nós porque fomos ao Constitucional. O lobo que llelo digan aos veciños de Lalín, que vou agora mesmo onde eles, que é o que está ocorrendo co lobo. Pero hoxe reúnese o Comité de Berna, que, efectivamente, lle dá a razón a Galicia. Pero continuarán dicindo que é moito mellor seguir protexendo o lobo que protexer un pouquiño as persoas. E hai que protexer o lobo, pero cando se ve que hai un perigo, e neste caso xa é un perigo humano, porque entra nas explotacións de día, aí deberemos de frealo. Esa é outra das grandes pinceladas de Teresa Ribera.

Por non falar dos *pellets*, porque vaise cumprir un ano onde o Goberno central tivo información do Goberno de Portugal de que houbo un afundimento, e polo tanto había unha carga. Tardaron un mes e quince días en notificárnolo a Galicia. Tiñan todas as competencias do mundo. ¿Que fixeron á parte de dicir que eran tóxicos e de non pagar absolutamente nada? Pois seguen na mesma situación, porque non temos noticias ao respecto. Iso si, nós imos ir a Bruxelas. Nós, ademais, puxémonos de acordo con todas as comunidades autónomas para dicir que o transporte por mar hai que reforzalo para certos produtos como poden ser os *pellets*. Outra das grandes pinceladas de Teresa Ribera. Por suposto, o BNG non dixo nada, sempre estivo de acordo. Nada. ¡Vivan estes señores do PSOE!

Iso si, teño que recoñecer aquí publicamente que a señora Teresa Ribera se vai personar con Galicia ante o TXUE en contra do que está avalando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, porque resulta que este tribunal o que di é que se fixo unha mala transposición da directiva europea hai once anos por parte do Goberno central. E por iso está paralizano os eólicos en Galicia si e no resto de España non. Póñanse dunha vez por todas do lado dos galegos, porque aí si que o fixo a señora Teresa Ribera.



Igual que mandaron un informe ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia onde se di que o que fixeron eles non foi unha zonificación real, era orientativa, e polo tanto non ha de terse en conta, porque resulta que nesa zonificación orientativa se están instalando eólicos de máis de 50 megavatios, cuxa xestión é do Goberno central.

Polo tanto, eu creo que, señora Castro, un pouco máis de prudencia, deixen de —non sei— envolvelos, deixen de protexelos, protexan un pouquiño máis os seus veciños e as súas veciñas.

Por suposto, á parte de todo isto, señor Bará, xa calquera cousa podemos escoitar por parte do BNG. O que pasa é que é tan repetitiva que é unha mágoa perder o tempo. Pero si lles teño que dicir que eu creo na ecoloxía como ciencia, desa ciencia si que creo; no que non creo é neses mal chamados «ecoloxistas», que detrás diso o único que hai é ideoloxía, non hai ecoloxía como ciencia. (*Aplausos.*)

Ocuparnos de manter Galicia na mesma senda e de acelerar a consecución do obxectivo de neutralidade climática no ano 2040, dez anos antes do fixado por Europa, será un dos nosos obxectivos para esta lexislatura. Europa fixa a neutralidade no ano 2050, e propón un obxectivo de redución de emisións netas no ano 2030 do 55 por cento. É un reto que Galicia xa cumpriu, posto que estas emisións netas de gases de efecto invernadoiro se reduciron un 60 por cento dende o ano 1990, o ano de referencia para todas as políticas climáticas en Europa. Mentres que no Estado, a nivel nacional, só diminuíron un 2,5 por cento no mesmo período, 1990–2022. Creo que é bo sentirnos orgullosos destes datos, pero isto non é só grazas ás políticas, é grazas a todos os galegos e as galegas.

Ademais, somos a segunda comunidade autónoma con máis redución de emisións brutas, un 33 por cento respecto do mesmo ano, destacando as emisións por sectores: o enerxético, un 73 por cento; no referido ao tratamento de residuos, un 33,82 por cento, e nas industrias non-enerxéticas, menos do 30 por cento.

Señor Bará, discútallo vostede ao Goberno central, que é quen fai a publicación e as medicións; non o fai Galicia, faino o Goberno central. E estamos en boa posición porque vostedes están empeñados, encantaríalles que estivésemos en mala posición, pero non é así, estamos ben, imos ben.

Así mesmo, dende a aprobación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía no ano 2019, as emisións netas de gases de efecto invernadoiro baixaron en Galicia un 19,5 por cento, tres veces máis que a media española e europea. Polo tanto, imos estar neste camiño, e nese camiño imos continuar. O Goberno galego estableceu o seu compromiso co futuro, fixando como obxectivo a longo prazo converternos na mellor das rexións neutra en emisións, porque os modelos climáticos actuais sinalan que o quecemento global cesará única e exclusivamente cando se acaben esas emisións.

Aprobaremos no ano 2025 a lei do clima. A partir do terceiro trimestre Galicia contará coa súa propia norma lexislativa. Entón, as políticas, as estratexias, os plans de acción e a lexislación que se impulsen dende a nosa comunidade deberán ponderar o alcance dos seus



efectos sobre o cambio climático. O clima pasará a ter unha consideración prioritaria en calquera política para os actuais e futuros gobernos.

Esta normativa irá acompañada, por suposto, en liña coa Estratexia galega de cambio climático e co segundo Plan de enerxía e clima para o ano 2030, que imos aprobar nas vindeiras semanas, de 1.625 millóns de euros de todo o Goberno galego para poñer en marcha noventa e tres medidas, englobados en catro eixos, dez obxectivos xerais e trinta e catro liñas de actuación, e co propósito de mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, adaptarse aos seus impactos, investigar as posibles causas-efecto e para a concienciación e divulgación social.

A lei do clima, ademais, consolidará o mercado voluntario de créditos de carbono, que se vai regular a través dun decreto que tamén será aprobado no primeiro trimestre do ano 2025. E tamén o vindeiro ano iniciaremos con 6,8 millóns de euros a execución do proxecto SICLE-CO<sub>2</sub>, que permitirá o desenvolvemento tecnolóxico e técnico necesario para poder poñer en marcha este mercado. Así mesmo, a lei do clima establecerá como un órgano permanente a futura oficina de cambio climático, que estará operativa no primeiro trimestre do ano, e unha das súas funcións será a de proporcionar apoio técnico aos concellos para a redacción, execución e revisión dos seus plans de acción polo clima, dentro da rede local polo clima.

E para acadar a neutralidade climática no ano 2040, a nosa prioridade urxente será a implantación de enerxías renovables. Consideramos que a aposta polas enerxías verdes é un asunto de interese público superior. No ano 2025, reforzaremos ademais o labor que vimos facendo para previr os riscos derivados dos fenómenos adversos consecuencia do cambio climático. Crearemos sete zonas de inundación controlada como unha medida para reducir os riscos asociados ás crecidas fluviais, empezando por Pontevedra e rematando en Ponteceso, e impulsaremos corredores fluviais verdes para previr Galicia de posibles inundacións.

Como ven, señorías, contamos cunha ampla estratexia de lexislatura para loitar contra o cambio climático e previr os riscos derivados dos fenómenos adversos para as persoas, para o coidado dos nosos veciños e veciñas. No ano 2019, este goberno comezaba unha senda que continúa agora. O Goberno galego declarou o seu compromiso de actuar na nosa comunidade a través dunha batería de medidas que lles damos a coñecer, pero que van dende o eido lexislativo, por suposto, ao orzamentario, en liña coas directrices que marca Europa a través do Pacto verde europeo e o Acordo de París.

Galicia quere ir por diante. A ferramenta máis eficiente para combater o cambio climático somos cada un de nós. O clima está cambiando e nós temos e deberíamos de actuar porque tamén formamos parte do planeta.

Señorías, é un asunto que require do compromiso de todos e todas, por iso téndolles a man para que participen e deste xeito Galicia siga mellorando os seus datos. Galicia aporta ao 0,04 por cento das emisións mundiais; Europa aporta o 0,6 por cento. En canto a emisións netas a nivel do global, Galicia aporta ao 0,02 por cento; no caso da Unión Europea, o 0,3 por cento. Aínda non estamos contentos, queremos que Galicia sexa neutra.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Comparecencia da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar do resultado do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do ano 2024**

**O señor PRESIDENTE:** Para iso ten a palabra a conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez):** Presidente do Parlamento, señoras e señores deputados, moi bos días a todos e a todas.

Comparezo hoxe nesta cámara, por petición propia, para dar conta dos resultados da campaña de loita contra os incendios de 2024. Pero vanme permitir que empece por dar as grazas. Como lembrarán, o pasado 29 de outubro tivo lugar en España unha dina que afectou en distinta medida zonas das comunidades autónomas de Aragón, Cataluña, Andalucía, Castela-A Mancha e Comunidade Valenciana. Sen dúbida, estas tres últimas foron as peor paradas, porque non só sufriron perdas materiais, senón que tamén tiveron —como saben— vítimas mortais. No caso de Valencia, esta dina foi catalogada como a peor da historia dende que se teñen datos. As consecuencias e perdas xa as coñecen sobradamente, así que non vou falar delas. O que si vou resaltar é o excelente traballo que fixeron todos os membros do operativo que o Goberno da Xunta de Galicia enviou a Valencia, formado por douscentos profesionais. Síntome moi orgullosa e teño que dicir que oitenta membros dese continxente pertencen ao operativo de loita contra incendios desta consellería. (*Aplausos.*) Un grupo formado por bombeiros forestais, condutores, axentes ambientais e un posto de mando avanzado con técnicos, entre outros. Non só foron os medios humanos, senón tamén materiais. Dende Medio Rural partiron 30 vehículos todoterreo, 6 motobombas, 1 bulldozer, 2 tractores, 1 remolque e 2 nodrizas. Ao longo de dez días realizaron labores de limpeza, desatasco das redes de saneamento e pluviais, retirada de escombros e outros obxectos para abrir as vías a vehículos de emerxencias, achiques de garaxes, ascensores e baixos.

Gratidade que fago tamén extensiva ao conxunto das persoas que acudiron dende Galicia ou doutras partes de España a Valencia neses días aciagos e tamén aos que aínda seguen alí prestando axuda. Vaia dende aquí o meu agradecemento e recoñecemento polo traballo desenvolvido e pola solidariedade demostrada. Todas as palabras quedan curtas para expresar a grandeza dos vosos actos. Así que de novo: grazas, grazas e mil grazas. (*Aplausos.*)

Quero tamén dedicar estes primeiros minutos da miña intervención a salientar o labor que realizan todos os profesionais implicados na loita contra os incendios forestais, para que os galegos e as galegas se sintan seguros fronte ao lume, moitas veces antepoñendo este cometido á súa seguridade e integridade física. Temos que sentirnos moi orgullosos do noso Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Homes e mulleres que en cada campaña se esforzan non para que arda un menor número de hectáreas, senón para que non arda ningunha. Sei que ese obxectivo é moi ambicioso, pero cada vez está un chis-



quiño máis cerca, xa que este ano 2024 é o ano con menos número de incendios dos últimos dez anos. Ademais, acadouse o obxectivo marcado en 2021, que non era outro que o de reducir a cantidade media de incendios da década.

Estes son os datos dun traballo ben feito, (*Aplausos.*) un traballo que merece non só o recoñecemento desta consellería e do partido que goberna, senón de todo o Parlamento, de xeito unánime. Penso que llelo debemos a todas e cada unha das persoas que traballan no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios. Estou a falar de bombeiros forestais comarcais e urbanos, axentes ambientais, persoal de terra e das bases aéreas, persoal do Centro de Coordinación Central de Defensa contra os Incendios Forestais, do Centro Integral de Loita contra o Lume e dos distritos comarcais espallados por todo o territorio, técnicos, director xeral, subdirectores, persoal da consellería, brigadistas, efectivos dos concellos, a Policía Autonómica, a Nacional, a Garda Civil, o Exército e tamén, por suposto, os cidadáns.

Este é un asunto que afecta toda a sociedade galega e no que todos temos que poñer o noso *grauíño* de area; ao Goberno da Xunta de Galicia e a esta consellería tócalles poñer todos os elementos preventivos e de loita para erradicar os lumes, e a vostedes facer unha política construtiva que axude a solucionar a problemática secular.

Como xa lles dixen hai uns meses cando comparecín para explicar as liñas xerais desta consellería e despois ao presentar os orzamentos do ano 2025, téndolles a man para traballarmos xuntos nunha cuestión tan prioritaria como é a loita contra os incendios forestais en Galicia. Os galegos e as galegas merecen unha clase política que traballe unida para buscar solucións reais e non unha que use os lumes como argumentos para conseguir votos. Por iso, señorías, veño a esta cámara coa intención de informalos de xeito claro e meridiano do balance da campaña de incendios forestais correspondente ao ano 2024.

Comezarei dicindo que, aínda que os resultados non son malos para este goberno, só serán bos cando as cifras que lles mostremos sexan cero, cero lumes ou cero hectáreas queimadas.

De xaneiro a outubro de 2024 rexistráronse un total de 105 incendios e 2.133 hectáreas ardidadas, os números máis baixos dos últimos dez anos. E cando falo de incendios, refírome a cando a superficie arborada queimada é superior á media hectárea ou, se é menos, que sume xunto á superficie rasa máis dunha hectárea. Todo o que non se axuste aos parámetros anteriores son conatos ou queimas. Neste período do que estamos a informar, houbo 595 conatos e 22 queimas. En canto ás hectáreas ardidadas falamos doutra cifra histórica: 2.592 en total, que se reparten do seguinte xeito: 2.133 hectáreas pertencen a incendios, 74,5 hectáreas a conatos e 385 hectáreas a queimas. Aínda vou ir máis ao detalle. Se facemos a distinción entre superficie rasa e arborada, as cifras totais son as seguintes: de superficie rasa, 1.426 hectáreas ardidadas e de superficie arborada 1.166 hectáreas. Polo tanto, se atendemos á composición forestal do queimado polo lume, foron menos que as de monte raso as hectáreas arboradas, no que fundamentalmente medran matogueiras e arbustos. Por provincias, os datos de incendios foron os seguintes: na Coruña, 16 incendios e 212 hectáreas ardidadas; en Lugo, 21 incendios e 321 hectáreas; en Ourense, 37 incendios e 898 hectáreas ardidadas, e en Pontevedra, 31 incendios e 700 hectáreas ardidadas.



Como dicía antes, uns números históricos que aspiramos a seguir mellorando. Poderían pensar que estes bos datos son froito de facer unha media estatística de dez meses, pero non é así. Se nos centramos na campaña de alto risco, que tradicionalmente abarca os meses máis secos e calorosos, é dicir, xullo, agosto e setembro, as cifras tamén acompañan. Volvemos acadar o número máis baixo de incendios da serie histórica: 71 en total en toda Galicia e 1.407 hectáreas ardidadas. E se engadimos os conatos e queimas, estamos en 521 lumes e en 1.785 hectáreas queimadas.

E se están a caer na tentación de utilizar a conxuntura meteorolóxica deste ano como argumento para rebater estes bos resultados, xa lles digo que o aforren, porque tivemos un verán cualificado como seco con respecto á serie histórica dos últimos trinta anos, e exactamente igual con respecto ás precipitacións, por debaixo da media das tres últimas décadas.

De momento, señorías, non temos unha variña máxica coa que influír sobre o clima. O que temos é unha estratexia ben planificada e experiencia que nos dan os anos que levamos traballando e loitando contra o lume. Precisamente para amosar o que estou dicindo temos unha ferramenta moi sinxela e clara: os rexistros que facemos anualmente de todo o que ocorre nos incendios forestais de Galicia.

Se atendemos á campaña de alto risco, que, como lles dixen antes, vai dos meses de xullo a setembro, vemos unha progresión descendente. Nos últimos cinco anos pasamos de 2.090 incendios de 2020 e 13.924 hectáreas queimadas aos 521 incendios deste ano e ás 1.785 hectáreas. E se imos un pouco máis atrás e tomamos como referencia o ano 2018, observamos que a media ata o 2023 estaba en 893 incendios e 14.148 hectáreas ardidadas. Polo que podemos deducir que este ano estamos moi por debaixo desa media.

Como poden ver, os resultados acompañan a estratexia na loita contra incendios, aínda que non quero deixar de insistir en que o mellor resultado sería o lume cero.

Chegados a este punto, gustaríame determe no que ocorre en outubro e incluso en novembro. Dende hai uns anos, vemos como se incrementa o número de incendios forestais nuns meses que non deberían de ser conflictivos neste sentido. Sabemos que hai tres factores principais que inflúen directamente: a evolución da situación climatolóxica, que fai que estes meses sexan máis cálidos do habitual, a desestacionalización dos lumes e a intencionalidade. Cómpre dicir que a pesar destas circunstancias adversas, os plans e o persoal de incendios funcionaron coa maior das dilixencias, demostrando unha vez máis que en Galicia estamos preparados para a loita contra o lume en calquera época do ano, independentemente do nivel de precipitacións ou da incidencia do vento, dos efectivos ou das condutas delituosas que lamentablemente se dan.

Temos un exemplo moi recente do que estou a falar. O pasado domingo 24 de novembro déronse unhas circunstancias excepcionais para esta época do ano, con altas temperaturas e fortes ventos. Isto provocou que se desatasen varios incendios, entre eles un en Arbo, en Pontevedra, e outro en Trabada, en Lugo. No primeiro caso arderon 12 hectáreas, e en aproximadamente tres horas estaba estabilizado; no segundo arderon 5,6 hectáreas, e levou estabilizalo unhas catro horas.





Chegados a este punto é importante que nos deteñamos nunha das variables máis importantes á hora de determinar o éxito dun incendio. Estou a falar dos tempos de reacción. Neste sentido, tamén tivemos unha evolución importante de carácter descendente, pois en tres anos pasamos dunha media de vinte e catro minutos aos vinte e un minutos que fixemos en 2024. E se o ano pasado rebaixabamos en dous minutos ese tempo de reacción, este ano aínda baixabamos un minuto máis dende que se prende un lume ata que os operativos de incendios chegan a el. Esta redución débese, entre outros factores, ás melloras tecnolóxicas introducidas no Centro de Coordinación Central de Defensa contra Incendios Forestais, ao sistema de triaxe en tempo real e á formación dos profesionais, na que abundarei máis adiante.

Outra cifra satisfactoria da campaña deste ano é que só tivemos que activar o nivel 2 do Peifoga unha vez, o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia. Como saben, o nivel 2 é aquel que se activa cando corre perigo a vida da xente, das persoas. Sobra dicir que entendemos o desacougo que supón ter que ser desaloxado, pero facémolo convencidos de que protexer a integridade física dos galegos e as galegas está sempre por enriba de calquera outra cousa.

Señorías, como ben apuntaba antes, os resultados acadados este ano non son só froito nin da sorte nin da casualidade, senón de moitos anos de planificación, de posta en marcha de estratexias e da experiencia acumulada. Poderíamos dicir que todo este conxunto está formado por catro elos que forman parte dunha engrenaxe, que unha vez que se pon en marcha funciona de xeito axeitado. Estoulles a falar, en primeiro lugar, dos medios humanos; en segundo lugar, dos medios técnicos; en terceiro lugar, das infraestruturas, e en cuarto lugar, das medidas de prevención.

Se hai algo do que nos sentimos especialmente orgullosos nesta consellería é da calidade profesional e humana do persoal que traballa na loita contra os incendios. Dende sempre soubemos que os nosos traballadores son clave para que as medidas para loitar contra os lumes funcionasen e desen resultados. *(Aplausos.)* Tanto é así que no ano 2016 o Goberno da Xunta de Galicia recoñeceu por primeira vez a figura do bombeiro forestal. Unha vez máis, en Galicia puxémonos á cabeza en materia de incendios, xa que o Goberno central acaba de aprobar no mes de outubro a Lei de bombeiros forestais. É dicir, aquí imos con oito anos de adianto con respecto ás leis estatais.

Se facemos un reconto, podemos afirmar que nesta campaña de 2024 dispuxemos dun operativo integrado por máis de sete mil persoas entre os profesionais propios e os doutras administracións. En canto ao persoal propio da Xunta de Galicia, estamos a falar de tres mil efectivos. Para nós, a súa estabilidade laboral é prioritaria, porque entendemos que mellorar as condicións de traballo redonda directamente na eficacia da loita contra os incendios. Cómpre lembrar que no pasado ano 2023 todos os postos de traballo de nove meses pasaron a doce, nunha estratexia para pór en marcha un proceso de funcionarización, para que moitos deles puidesen adquirir a condición de funcionarios. Neste 2024, dous terzos xa traballan doce meses e un terzo fixérono sete meses; en 2025 serán oito meses, e en 2026 serán nove meses. *(Aplausos.)*

Hai pouco máis dun mes, na comparecencia de orzamentos lembrarán que debullei as partidas que irán destinadas aos investimentos do ano que vén, pois a prevención e a loita contra os



incendios é un dos capítulos ao que lle dedicamos máis importe, en total case noventa millóns de euros. A esta cifra hai que engadirlle unha partida de 8,8 millóns para mellorar as condicións salariais do persoal funcionario e o Plan de estabilización de fixos descontínuos.

Por iniciativas como as que lles acabo de explicar, temos un servizo de profesionais que é un referente nacional e internacional, pero tamén se debe en gran parte á formación e ao adestramento que reciben os traballadores e o persoal implicado en todas as escalas da loita contra os incendios. Galicia inviste neste aspecto máis que ningunha outra comunidade autónoma.

Para que se fagan unha idea da entidade do Plan de formación e adestramento previsto para os anos 2025 a 2028, podo dicirlles que contará cun orzamento de cerca dun millón de euros cada ano e que dispón dunha estrutura educativa completa que está formada por seis programas:

O primeiro é un catálogo de cursos monográficos relacionados coa prevención e extinción de incendios, que outorgan un diploma acreditativo.

En segundo lugar, e como novidade desta convocatoria, implementárase un itinerario por grupos de categorías profesionais.

O terceiro —é un dos máis importantes— é o adestramento para o persoal do Servizo de Protección de Incendios Forestais, dirixido a mellorar a organización e a eficiencia no traballo. Por iso se imparte en tres niveis: autonómico, provincial e de distrito. Este programa actualízase constantemente cos avances tecnolóxicos, os novos procedementos ou o estudo do comportamento dos lumes, entre outros.

O cuarto programa está destinado á formación básica para o persoal adscrito ás entidades locais. Por certo, esta consellería traballa en estreita colaboración cos concellos, apoiando as brigadas municipais, porque fan un labor fundamental na loita contra os incendios e na prevención. Xunto cun grupo de supervisores do Seaga, estas brigadas céntranse en labores de prevención, como son as revisións do estado de xestión da biomasa nas franxas secundarias. Teño que dicirlles que nos últimos tres anos incrementamos a axuda para o mantemento destas brigadas, co que se apoia os concellos en 10.000 euros máis, pasando dos 27.000 euros aos 37.000 euros actuais.

Volvendo aos programas de formación dos que lles estaba a falar, o quinto está formado polo conxunto de charlas destinadas á poboación do rural, para que coñezan como deben actuar correctamente en caso de incendio forestal e tamén para conciencialos da importancia da súa axuda, tanto en incendios fortuítos como en intencionados. De feito, temos dous números gratuítos habilitados para estes fins. No primeiro caso, o 085, que xa coñecen vostedes, e no segundo, un teléfono totalmente anónimo para denunciar calquera sospeita delituosa con respecto aos lumes, o 900 815 085.

E o último dos programas de formación, que son os de divulgación. Trátase de actividades de sensibilización pública dirixidas principalmente a escolares e alumnado de formación



profesional, entre as que se inclúen charlas, exposicións, visitas ou demostracións, entre outras.

Como ven, a formación é unha das claves do éxito na loita contra os incendios, pola que imos seguir apostando. Por iso pasamos de ofertar vinte cursos no ano 2019 a trinta e catro en 2024, e a aumentar o gasto anual, ao pasar de 110.000 euros ao millón de euros en cinco anos.

Dicía antes que temos un equipo envexable dende o primeiro ata o último dos e das profesionais que traballan no operativo de incendios, pero déixenme que poña en valor un grupo de investigación único en España, que estou a falar da Unidade de Investigación de Incendios Forestais, coñecida como a Uifo. É a intención desta consellería seguir apostando por este equipo, que cada vez ten un papel máis determinante na investigación das causas e orixes dos lumes. Nestes tres últimos anos foi moi eficaz na detección e posta á disposición xudicial dos causantes dos incendios forestais.

Neste punto vou aproveitar para dicir alto e claro que non imos deixar de perseguir os culpables dos lumes intencionados. Iremos por eles con todo o peso da lei, con penas de cárcere e respondendo economicamente a todos os gastos e danos causados. Seremos, señorías, implacables. (*Aplausos.*)

Outro dos elos que permiten o bo funcionamento desta engrenaxe, que é o Servizo de Loita contra Incendios, son os medios técnicos dos que dispoñemos. Gustaríame invitalos a que se achegasen polo Centro de Coordinación Central de Defensa contra Incendios Forestais, para que puidesen ver *in situ* como é e con que medios se traballa.

Ao longo destes anos foise creando un sistema único en España, dotado das últimas tecnoloxías e deseñado en función das necesidades que ían aparecendo con cada lume. Un sistema que permite facer o seguimento dos incendios en tempo real e ter unha visión de 360 graos para así tomar as decisións máis acaídas para atallar o avance dos lumes. Isto é posible grazas aos sistemas de videovixilancia e aos que levan incorporados os medios aéreos, e tamén a eses fixos que están esparcidos por todo o territorio. Tamén a aplicacións como XeoCode, da que dispoñen todos os axentes do servizo e que non só localiza os puntos das ignicións, senón que tamén proporciona imaxes do lugar do lume.

Todos estes avances permiten traballar cun sistema de triaxe que posibilita a análise da perigosidade dos incendios, decidir como se lles fai fronte e avanzar no tempo de resposta. Antes había que esperar a que o persoal do distrito máis próximo chegase ao punto do lume e informase para tomar unha decisión. Agora ese tempo de reacción afórrase.

Este sistema de triaxe, que mestura a experiencia e tecnoloxía, espertou nos últimos anos a curiosidade de expertos en loita contraincendios doutras comunidades autónomas e tamén de Portugal. Temos recibido visitas de delegacións de Castela-A Mancha, Castela e León, Andalucía, Extremadura, A Rioxa e Canarias, así como persoal do país veciño. O obxecto destas visitas é observar de primeira man o sistema de traballo galego para implantar algunhas das nosas medidas. Ao longo de varios días visitan o Centro de Control de Santiago, as bases



aéreas ou o Centro Integrado de Toén. O sistema de videovixilancia é un dos máis replicados por estas delegacións. Tamén é importante subliñar o noso potencial en I+D+i. Traballamos cóbado con cóbado con importantes empresas do sector, deseñando e mellorando unha boa parte do material que utilizamos, o que nos pon á vangarda na investigación e no deseño na loita contra os incendios forestais.

E xa que acabamos de falar de videovixilancia, direilles que Galicia ten unha amplísima rede de cámaras fixas de última xeración deseñadas para vixilancia forestal. Este ano destinamos 500.000 euros a este sistema para instalar 24 novas cámaras, de maneira que dispoñemos de 187 cámaras que dan cobertura a máis do 85 por cento da superficie forestal da comunidade galega.

Tamén contamos con 380 motobombas, entre as propias e as municipais; 14 batracios, que é o conxunto dun tractor e dunha cisterna, de 13.000 litros; e con 6 máquinas polivalentes, formadas por un brazo desbrozador e un depósito de auga que a converte nunha motobomba lixeira. E, se hai un apartado no que fixemos un especial esforzo tamén, é no parque móbil. Este ano renovamos a metade da frota; en total, dispoñemos de 567 vehículos, que podemos englobar na categoría de todoterreos, dos que 280 foron entregados —ou van selo— nos vindeiros días deste ano 2024.

E non podo deixar de citar os medios aéreos, que tan importantes son na loita contra os incendios forestais. Este verán dispuxemos de 30 entre os propios da Xunta de Galicia e os estatais. No caso dos medios propios, este goberno dotou o servizo de 6 avións de carga e de 14 helicópteros de distintas categorías, pero se a tecnoloxía, o parque móbil, os medios aéreos e os vehículos especializados son importantes na loita contra o lume, tamén o é o equipamento para o persoal do servizo. Vou volver reiterar que os e as profesionais que forman este servizo son o mellor activo do que dispoñemos. *(Aplausos.)*

Señorías, o labor máis importante dun xestor consiste en identificar cales son aqueles ámbitos de goberno que hai que priorizar. Eu teño claro que a loita contra os incendios forestais merece toda a nosa atención. ¡Ogallá puidese dicirles que lles imos poñer punto e final!, pero o que si podo asegurarlles é que non vou escatimar en esforzos persoais e en medios económicos para reducilos ao mínimo posible, que é o que está nas nosas mans.

En canto ás infraestruturas, explicáballes antes que o servizo de loita contra os incendios é un sistema composto por diferentes pezas que forman parte dunha engrenaxe. Se falla unha, falla o resto, por iso temos que coidalas a todas por igual. Nos últimos anos vimos traballando para poñer en marcha novas infraestruturas e tamén para mellorar as xa existentes. O obxectivo é optimizar os recursos ao máximo para ser máis eficientes. Este 2024 destinamos 5,5 millóns de euros para a posta en marcha da nova base Verín-Oímbra, que arrincou no mes de agosto esa primeira instalación transfronteiriza entre España e Portugal, cun obxectivo moi claro: mellorar e intensificar a capacidade operativa e de resposta na extinción dos incendios forestais, especialmente naqueles que cruzan a fronteira. Conscientes da importancia dos medios aéreos, tamén adecuamos as bases de helicópteros de San Xoán de Río, Lomba e Becerreá, O Barco de Valdeorras e Muíños. En total, temos investido, dende 2022, 6 millóns de euros nestas infraestruturas. Estamos a falar dun investimento de máis de 11



millóns de euros e que supón ter cuberto a maior parte do territorio galego desde o aire e mellorar os tempos de reacción á hora de chegar aos incendios. Pero non imos quedar aquí, porque o próximo ano licitaremos a base de helicópteros de Lalín, que ten un orzamento que supera os dous millóns de euros e que completará a cobertura aérea existente.

En canto ás infraestruturas en terra, cabe destacar as bases das unidades operativas coñecidas como BUO. Este ano destinaremos 1,5 millóns para as de Mondoñedo, Muíños e Rianxo e en 2025 chegaralle a quenda á BUO do distrito de Bande, que conta cun investimento de 800.000 euros.

Como ven, neste Goberno e nesta consellería sabemos que non podemos malgastar os cartos que saen dos petos dos galegos e galegas, os mesmos que levan cinco lexislaturas seguidas dándonos a súa confianza e aos que lles debemos unha xestión eficiente e eficaz. *(Aplausos.)*

En canto á prevención, dende o ano 2020 vimos presentando o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, coñecido como o Pladiga. Efectivamente, contén moitas das medidas que lles estiven debullando ata o de agora, pero non é menos certo que reserva unha parte moi importante para a prevención. De feito, xa saben que a estrutura do Pladiga está formada por catro plans: o de detección, disuasión e investigación; o de extinción; o de formación; e, por suposto, o de prevención. Pois ben, teño que dicirles que neste 2024 as medidas de extinción contidas neste plan teñen un orzamento de 35 millóns de euros e as de prevención, de 46 millóns. Pero é que o Pladiga de 2025 non só vai seguir nesta liña, senón que incrementará a contía orzamentaria. Como ven, todos os nosos esforzos polas medidas preventivas son claros, pero, señorías, no mundo real no que vivimos suceden imprudencias, negligencias, delitos ou circunstancias meteorolóxicas que escapan ao noso control, e aí é onde temos que ter unha alternativa de extinción. As outras medidas preventivas e o compromiso que adquirimos para a xestión da biomasa nas franxas secundarias resultaron ser unha ferramenta cun gran potencial para defender as aldeas fronte aos lumes. E para que o vexan máis claro, vou darlles uns datos: máis do 80 por cento dos concellos galegos de todas as cores políticas están adheridos ao Convenio de protección das aldeas que se puxo en marcha no ano 2018 e que é un exemplo de cooperación entre administracións, xa que foi subscrito pola Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga.

Neste ano 2024, levamos inspeccionadas un total de 535.547 parcelas. E, se botamos a vista atrás, vemos que nos últimos catro anos levamos recoñecidas máis de 2,3 millóns de parcelas. Actualmente están adheridos a este convenio 283 concellos e contamos cun orzamento de máis de 12 millóns para desenvolve-lo. Tamén están os convenios asinados coas deputacións para adquirir maquinaria para a loita contra incendios, fomentar os traballos de roza de matogueira para xestionar a biomasa e mellorar a xestión do persoal adscrito aos concellos da provincia en materia de defensa fronte ao lume. Ou a cesión de maquinaria de titularidade das deputacións para tarefas preventivas.

E as medidas preventivas non quedan aí. Tamén temos que falar da incorporación por primeira vez do emprego de rabaños de gando contra o lume a través deses plans piloto, que tamén apoiamos; das 50 áreas cortalumes; das campañas de sensibilización entre a poboación escolar e rural; das campañas en medios de comunicación; ou da construción, mellora



e inspección de puntos de auga. Porque de todos é sabido que é moi importante na extinción de incendios forestais dispoñer dunha boa rede repartida por todo o territorio, con depósitos con capacidade suficiente para proporcionar auga aos diferentes medios e con boa accesibilidade e deseño para permitir a carga en condicións de seguridade.

E aínda quero ir un pasiño máis alá con medidas que, aínda que non inciden directamente nos incendios forestais, si que resultan claves á hora de previlos. Porque xa se sabe que un rural produtivo e coidado é o mellor escenario para que non haxa lumes. Estou a falar da Lei de recuperación da terra agraria, con todas as ferramentas que pon ao dispor para a mobilización de terra, como poden ser os polígonos agroforestais ou as aldeas modelo; o Banco de Terras; o fomento de pasteiros como barreira natural contra o lume; as permutas ou as parcelarias; o inventario forestal continuo de Galicia, que nos vai permitir coñecer con exactitude a situación das masas arbóreas; a estratexia de coníferas, para mellorar e consolidar os conxuntos forestais existentes; o Plan de xestión e mellora dos soutos de castiñeiros; e, por último, dous textos legais que están a piques de ver a luz e para os que me gustaría contar co apoio unánime de todos os grupos políticos polo que representan e significan para Galicia, e que son, por un lado, a Lei de montes veciñais en man común e, por outro, a Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Penso que todos os que estamos hoxe aquí queremos o mellor para Galicia, e iso inclúe librala dun problema que vén de séculos, os incendios. Gustaríame que, no que se refire a este asunto tan doloroso, conseguíramos aparcar as diferenzas políticas. Como xa lles dixen en máis dunha ocasión, merece a pena demostrarlles aos galegos e galegas que os seus intereses están por encima das nosas cores e que a erradicación dos lumes forestais é un tema de consenso.

Isto é todo polo momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Grazas, señora conselleira, pola comparecencia e pola intervención.

Tomei aquí algunhas pequenas notas. Desde logo, toda a súa intervención foi moi densa. Falou de moitísimas cousas que, non por sabidas, son menos importantes para ser tomadas en consideración. Entón, vou falar das que máis me chamaron a atención, aínda que se pode dicir que todos os temas tocados son importantes.

Falou dos pirómanos. O outro día, nunha comisión, o deputado que, ademais, é experto nese tema, falando dunha zona concreta —aínda que imaxino que é extrapolable ao conxunto da



Autonomía—, dicía que a inmensa maioría dos lumes son provocados; unha inmensísima maioría. Loxicamente, se esa é a causa fundamental dos incendios, aí hai que incidir.

Falou de que serán implacables cos pirómanos. Bueno, aí eu creo que se extralimitou un pouco, ou en falar de penas de cárcere, porque iso corresponde ao poder xudicial. Quero dicir que o que pode facer a Xunta é tratar, por un lado, de concienciar a xente e, por outro lado, de denunciar, sempre respectando todas as garantías legais.

Pero, claro, é que antes me chamou a atención que a señora conselleira anterior, a comparente anterior, falase da creación de leis, e quedei pensando —xa llo dixen un día ao señor Rueda— que a Xunta non é a que fai as leis. Falan das leis que vai facer a Xunta como se as leis non correspondesen ao Parlamento. É dicir, a min ata me parece unha falta de respecto aos propios deputados do Partido Popular que unha representante da Xunta fale xa de leis aprobadas como feitos consumados cando teñen que pasar polo Parlamento, e, entre outros, téñenas que aprobar tamén os seus propios deputados, que non están postos polo ayuntamiento —por utilizar a expresión común—. E agora temos a esta conselleira falando de penas de cárcere e doutras penas. Imos recordar que quen ten que decidir en última instancia as penas deses pirómanos é o poder xudicial. Pero, efectivamente, hai que loitar con ese problema.

Eu penso que tamén habería que ir algo máis alá, porque normalmente os pirómanos, salvo excepcións, seguramente que son persoas con patoloxías psíquicas ou o que sexa; probablemente haxa intereses creados na creación destes lumes e, ao mellor, habería que ir a investigar, a analízalos e a tratar un pouco tamén de ir á raíz do problema, que pode ser, digo eu, en moitos casos, intereses creados que habería que aclarar para poder atacalos.

Efectivamente, como adoita dicirse, os incendios apáganse no inverno, e todas as medidas de prevención que vostede dixo nos parecen ben. Tamén nos parece ben o que dixo xa cara ao final de que moitos dos problemas da creación e da expansión rápida dos incendios veñen polo abandono do rural. Entón, efectivamente, esas iniciativas de creación de aldeas modelo, de concentracións parcelarias, de todo o que contribúe a asentar poboación no rural en última instancia tamén son unhas medidas máis que poden servir para paliar un pouco os efectos dos incendios, a propia aparición deles.

Hai unha cousa moi importante na que, efectivamente, é importante traballar, que é no tempo de resposta. Todos sabemos que os primeiros momentos dun incendio son os máis importantes. O incendio, se a masa é homoxénea e se non hai aire, desarróllase nunha circunferencia, e aínda que a velocidade radial, digamos, é constante, o que é a lonxitude da circunferencia aumenta en moita maior velocidade, e unha diferenza, ao mellor, dun minuto ou mesmo duns poucos segundos pode ser vital. Chega un momento, por encima dun determinado tamaño, en que é moi difícil ou no que hai que deixalo xa case coma quen di medrar e ir sencillamente a evitar os danos persoais ou os danos en granxas, etcétera., porque a única alternativa é tratar de paliar danos de maior importancia. Ao mellor, cun tempo de resposta moi rápido, iso podería terse evitado. Aquí hai expertos que saben moito máis ca min diso.

Falaba tamén dunha medida, que é a denuncia anónima de posibles pirómanos. Iso, loxicamente, enmarcaríase dentro do que habitualmente se chama colaboración cidadá. Sempre



fala a Policía diso, de denunciar cando poden suceder esa clase de cousas, pero tamén hai que ter coidado con esas medidas, porque tampouco se pode caer niso que ás veces se chama macartismo ou caza de bruxas; é dicir, hai que ter moito coidado con esas medidas para garantir os dereitos das persoas e para non caer, digamos, en preconceptos e non causar outra clase de problemas. Está ben que se facilite a colaboración cidadá para denunciar posibles actos delituosos, pero sempre tendo en conta os problemas que poden traer as denuncias anónimas. ¿Que lles vou contar? Non hai que pensar moito para darse conta de que pode haber algún problema, se non se trata con coidado ese tema.

É importante o tema da formación dos profesionais e é importante a dotación de material, tanto de material para bombeiros, material humano, como as cámaras de vixilancia, os drones, etcétera. Parécenos todo moi ben.

Respecto dos orzamentos, ogallá non fixera falta tanto, pero eu faríalle unha comparación. Falou de 11 millóns de euros para a dotación de determinados materiais e medios. Multiplique por dez e case ten o presuposto da TVG, case. Cando falou das prioridades, tamén habería que falar de se, ao mellor, non tería que ter máis medios este servizo, o Servizo de incendios, que os que teñen outros, aos que, se cadra, non lle faría falta tanto.

No tema do eucalipto —volvendo un pouco ao tema anterior—, eu estou de acordo nese tema co que di o BNG de que non é unha árbore máis. O eucalipto é unha plantación artificial. Os bosques son algo máis que un conxunto de árbores. Vostedes saben que os bosques teñen os seus substratos; son un biotopo no que coexisten árbores, brezos, especies animais, coas súas relacións ecolóxicas de parasitismo, simbioses, comensalismo... É unha cousa complexa. Entón, unha plantación de monocultivo de eucaliptos non é un bosque, digamos, en termos ecolóxicos, é un monocultivo que ten as súas consecuencias na degradación da biodiversidade e na degradación ecolóxica. E, ademais, no caso concreto que nos ocupa, que son os incendios, pois non hai nada que dicir. Decía un escritor algunha vez que os eucaliptos e os pinos eran como barrís de gasolina. Hanse de fixar que no bosque autóctono galego os castiñeiros e os carballos frean habitualmente os incendios. Neses contornos naturais de Galicia non suele haber moitos problemas cos incendios, como saben os expertos. Entón, o que dicía ao principio, efectivamente, pode haber unha explotación económica do eucalipto controlada e que non se saia de madre porque, como dicía antes, o veneno está na dose —que dicían os clásicos—. E para efectos de incendios e para esta clase de efectos, as plantacións de eucalipto son un verdadeiro problema.

Hai que dicir que os incendios teñen unha incidencia moi grande na economía por moitos motivos, e incluso hai un que é o do propio turismo. Vostedes saben que nos anos en que os incendios eran moi numerosos houbo unhas perdas por turismo, en Galicia, importantes. Eu lembro de estar en festas importantes da provincia de Ourense, festas destas que teñen lugar no mes de agosto ou no mes de xullo, que moven unha certa cantidade de xente e que xeran un determinado valor económico, e de repente a festa ter que desfacerse e os propios asistentes ter que ir axudar no que podían a apagar un incendio próximo. Iso ten pasado moitas veces, e xera tamén, entre outras cousas, moitos problemas económicos.





Eu penso que neste tema, efectivamente, deberíamos apartar un pouco as cuestións, porque aquí non hai moita ideoloxía no tema este. Eu penso que ninguén prefere que haxa incendios a que non os haxa, salvo o que dicía ao principio, que haxa intereses —que pode haber— creados; e aí eu penso que a Consellería debería tamén intentar investigar e tratar de neutralizalos.

Nada máis. Remátame o tempo. Grazas a todos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Benvida, conselleira, a esta comparecencia para explicar os resultados do Pladiga.

Con carácter previo quero, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, agradecer a todo o operativo de loita contra incendios de todas as administracións que participaron nesta loita o seu esforzo, a súa dedicación, para garantir a seguridade de todos os galegos e de todas as galegas e a defensa do noso territorio, e en particular ao SPIF, ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Galicia; da Xunta de Galicia, obviamente. *(Aplausos.)*

Esperaba este grupo parlamentario, conselleira, moito máis desta comparecencia, e dígo co máximo respecto institucional. Creo que mostrou hoxe unha grande irresponsabilidade ou descoñecemento cando presume de datos históricos en relación aos incendios e superficie queimada pola boa xestión do Goberno galego —desmontarei esta teoría—, cando vostedes, cando arde Galicia como ardía do ano 2017 ao 2022, achacaban as 50.000 hectáreas arrasadas ás condicións meteorolóxicas. Quero dicir que non podemos hoxe dicir que os bos resultados son pola xestión, pola boísima xestión da Xunta de Galicia, e cando veñen mal dadas —e van vir mal dadas porque iso, polo cambio climático, é así—, a culpa é das condicións meteorolóxicas. Esperabamos que vostede fixese outro tipo de reflexión.

Os incendios son —como dicía vostede— unha das principais preocupacións para a sociedade galega no que respecta á seguridade pública, e por iso temos que incidir nas declaracións que realizou vostede. Teño que incidir nelas porque afirmaba que os primeiros lumes da tempada eran intencionados, probablemente intencionados, e que ían no ADN de Galicia. Entón, hoxe, que dá vostede a comparecencia sobre os resultados do Pladiga, debería rectificar, porque ata o momento non o fixo. E si que o presidente Rueda matizou estas declaracións, pero eu creo que sería hoxe un bo momento para rectificar estas declaracións, *(Aplausos.)* porque as causas non son esas, conselleira, as causas son outras: o abandono do rural galego por parte do Partido Popular, o cambio climático, unha falta de política forestal e de prevención axeitada á realidade do territorio... Vivimos dende hai tempo situacións que van desbordar e que desbordaron o dispositivo contra incendios, levando ao extremo das súas capacidades aos servizos de emerxencia implicados. De aí a importancia da prevención nun escenario de crecente desestabilización dos lumes. Non pode ser que non fagan a suficiente e necesaria prevención mentres os montes se van saturando de biomasa.



Vostede daba datos xenéricos, datos do investimento que vai realizar nos orzamentos. Eu creo que non podemos confundir unha comparecencia de orzamentos cunha comparecencia para dar resultados dun plan de prevención que finalizaba cada temporada de alto risco, e non deu os resultados deste plan, pero si reenchía o discurso, como nos ilustraba xa na comparecencia de orzamentos. Tamén fixo o mesmo a conselleira de Medio Ambiente.

E o empecinamento da Xunta de Galicia, sen facer traballos preventivos, as áreas cortalumes, as rozadas ou faixas de xestión de biomasa como teñen que ser é —e nunca mellor dito— xogar con lume, conselleira. Atopámonos con que as nosas parroquias, incluso vilas e cidades, puideron ser vítimas de lapas cuxo poder de destrución se nos puxo dramaticamente de manifesto xa en outubro do ano 2017, e todo por unha falta de previsión, de coordinación e de execución. Van acontecer incendios, pero as consecuencias non van ser as mesmas se se produce a necesaria prevención por parte da Xunta de Galicia. E non podemos non mirar cara a Portugal, co que acontecía coas sete vítimas mortais; debemos tomar nota.

Regresando a Galicia, cando se aproximaba a época de alto risco, viamos que as pistas de acceso ao monte tiñan e teñen moitas deficiencias de transitabilidade. Descoñecemos, conselleira, como se atopan os puntos de auga para poder cargar os camións e demais medios do conxunto de medios de extinción. Non deu conta disto. Tampouco sabemos en que estado se atopan os cortalumes, as faixas de protección. Os núcleos de poboación, na súa maioría, están sen limpar —e isto sábeno todos os alcaldes de todos as cores políticas— e as faixas auxiliares de protección das explotacións agrícolas, na mesma situación. Iso cando empezaba a tempada de alto risco. E cónstanos que na provincia de Ourense, cando empezaba este perigo, non se levaron a cabo os plans de prevención.

Tamén queremos saber en que medida se executaron os convenios de prevención e extinción cos concellos —imaxino que na segunda quenda pode contestar cantos— e cantos concellos subscribiron os convenios de prevención e defensa. Cada ano son menos concellos. Tamén os concellos do Partido Popular renuncian a eles porque o modelo empregado —e van xa moitas veces que o advertimos— é un modelo que non funciona, cunha duración escasa, de tres meses, é tardío. Comezan as tarefas de prevención en xullo e carecen de xefes de brigada para contratar. É escasa a subvención e hai riscos para a seguridade dos traballadores. ¿Vai realizar vostede, conselleira, algún cambio na configuración destes convenios? Gustaríame sabelo. ¿En que fase de execución se atopan os convenios de prevención e extinción coas comunidades de montes? Tamén o Grupo Parlamentario Socialista precisa desta información porque non temos datos pola falta de transparencia do Goberno galego.

En Ourense, nas parroquias con alto índice incendiario, que son 26 sobre 40, tampouco, ao entrar a tempada de alto risco, se fixera a preceptiva prevención.

E hai unha cuestión da que temos que dar conta, un despropósito da Consellería do Medio Rural que temos que sacar á luz en relación a estes tractores chamados batracios. Mire, conselleira, *(A señora Rodríguez Dacosta mostra unha fotografía.)* estas máquinas impresionantes. Gastáronse 4 millóns de euros financiados polos fondos FEDER. E para a utilización formouse a 150 traballadores, que tiveron que anotarse voluntariamente. A Consellería non foi quen de realizar unha relación de postos de traballo na que se marque quen ten que conducir



estes camiões e en que condicións, porque, se non, hai un risco para a seguridade dos traballadores para operar cun tractor de máis de 12 metros e 25.000 quilos. A voluntariedade nestas cousas non opera, opera a relación de postos de traballo. O tractor, aínda que é necesario —e dicímolo—, ten as capacidades de traballo moi limitadas por dimensións e pesos, tanto en traballos preventivos como na extinción de incendios; feito que non se debeu de ter moi en conta á hora de crear o prego de condicións técnicas para a súa adquisición, quedando limitado só a actuar en pistas moi anchas ou en estradas amplas, sendo a súa virtude a capacidade de aporte de auga. E isto non pode ser, porque Galicia ten a orografía que ten, *(A señora Rodríguez Dacosta mostra unha fotografía.)* e moitos deles non saíron este verán a facer traballos preventivos. E a rozadoira que se adquiriu nun lote para equiparar estes vehículos non se está empregando por problemas de fiabilidade e de avarías. *(A señora Rodríguez Dacosta mostra unha fotografía.)* Trátase dunha rozadoira non feita para un tractor tan potente, o cal é un problema, conselleira. ¿Estase traballando para que o subministrador poña solución a esta problemática? Porque o custo foi de 4 millóns de euros; 4 millóns que están na súa maioría pechados nun alpendre. Alguén terá que responder disto ante os galegos e as galegas. Na miña provincia, en Ourense, nos distritos do Carballiño, Verín, O Barco e Bande-Xinzo teñen un cada un. En Ourense xa non a quixeron e só se utilizou a de Bande-Xinzo. As outras tres non se utilizaron. Ten que dar resposta a esta cuestión, señoría.

Con estas eivas, queremos saber se se está facendo algunha xestión para arranxar estas rozadoiras ou termina a garantía e quedan nun alpendre sen utilizar. *(A señora Rodríguez Dacosta mostra unha fotografía.)* Hai tamén outro tipo de tractores polos que teríamos que preguntar, pero non nos dá tempo.

E falemos do temporal Kirk. O corpo de bombeiros forestais da Xunta de Galicia está formado por máis de 2.500 profesionais, cunha rede de cobertura do territorio das mellores do Estado: 19 centros de coordinación ligados ao territorio e, segundo o Pladiga, 288 brigadas de bombeiros e bombeiras forestais —que o reflicte, como dicía, o Pladiga—, nun episodio meteorolóxico adverso, como o temporal Kirk, que deixou en dous días máis de 1.300 incidencias por temporal contabilizadas só no 112, porque, cando estaba colapsado, os cidadáns que tiñan problemas chamaban aos concellos —normal—, que é a administración máis próxima aos cidadáns. E, ¿que pasaba? Con este episodio botouse en falta unha vez máis unha resposta decidida e coordinada para colaborar cos concellos e deputacións nun fenómeno no que o persoal se viu amplamente superado en tempo pola cantidade de incidencias simultáneas. E tras a traxedia vivida na Comunidade valenciana a causa da dina do 29 de outubro, o Grupo Parlamentario Socialista mostrou o seu pesar dende o primeiro momento. O Servizo de Prevención de Incendios Forestais —vostede agora o dicía— acudía con 80 efectivos a prestar unha axuda solidaria da que nos sentimos orgullosos e pola que queremos felicitalos. Pero non é fácil entender, con todo, que esa mesma actuación non se dese cando a emerxencia se estaba dando por causas naturais na propia casa. Non actuou o Servizo de Prevención de Incendios Forestais no temporal Kirk.

¿Ve necesario a Consellería do Medio Rural que, á vista de investimento feito, se establezan protocolos de colaboración cos concellos neste tipo de escenario —¡por Deus!— ou imos seguir cegados na estratexia de extinción cando o potencial do servizo pode servir para outras emerxencias nas que o persoal segue sendo o mellor preparado das administracións de Ga-



licia? Cada vez vese máis claro que hai que abordar un aspecto clave, como son as funcións, e tamén as retribucións deste persoal, e deixar de utilizar a forma da voluntariedade non retribuída deste persoal, que pide reiteradamente colaborar nestes colapsos de emerxencias deste tipo.

Por iso, felicitamos a intervención do servizo en Valencia como consecuencia da dana, pero queremos que, cando en Galicia nos azouten temporais como o Kirk, con múltiples incidencias en todos os concellos, en todos os pobos, os galegos e galegas teñan tamén esa axuda do noso corpo de servizo de prevención.

Tamén podemos falar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Remato. Sigo, entón, na segunda intervención, presidente. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Valcárcel.

**A señora VALCÁRCEL ARMESTO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señora conselleira.

Os incendios forestais son un dos problemas máis importantes de Galiza; polo tanto, podemos dicir que é o problema máis relevante da súa consellería. Ademais do impacto económico, ocasionan, como ben sabemos e temos sufrido, un grave risco para as persoas e para os ecosistemas. E aquí temos na memoria os incendios do Courel, do Barco e de Quiroga do 2022, que chegaron ata as propias casas. Tamén son unha fonte inesgotable de gasto público, como puidemos comprobar polas cifras de gasto da súa consellería.

E aquí aproveito para lembrarlle que no ámbito forestal da súa consellería, ao ter todo o orzamento na loita contra os incendios, iso non favorece o desenvolvemento do sector produtivo forestal, xa que, entón, os recursos económicos e humanos que deberían estar destinados ao fomento e á mellora do sector son fagocitados polas necesidades do operativo; algo non dito por esta deputada, senón referendado en análises de especialistas forestais.

No actual contexto de emerxencia climática imos ter que convivir cos incendios como un feito intrínseco da nosa paisaxe. Espero que non tomen como norma un ano como o actual, por moito que vostede avisase; e foi anómalo, anómalo en canto á súa primavera e verán. Agardo que na Consellería estean traballando con modelos baseados en series longas de anos, como se fai desde o mundo científico. Neste contexto faise necesario que a súa consellería redobre a prevención e a boa xestión forestal, algo que está moi lonxe de facerse. A idea é



que deberíamos acadar unha sociedade adaptada, un medio rural resiliente, onde se poida xestionar o risco dos lumes desde a prevención; unha combinación do agro e do forestal, que se coñece a nivel internacional como agroforestería, que aquí en Galicia coñecemos dende sempre, e na que se traballa conxuntamente coas dúas actividades. E para iso, se quere ter bos profesionais, xa lle digo que na EPS do campus de Lugo, da USC, se está formando cun dobre grao de Enxeñería Agroforestal e Agraria un alumnado moi bo, ao que esperemos que, nun futuro inmediato, sexan capaces de escoitar.

Un modelo agroforestal actuaría realmente como un verdadeiro cortalume e axudaría tamén á conservación da biodiversidade, que se mellora, loxicamente, aumentando a conectividade na creación dun mosaico de solos agrarios, de pasteiros naturais e de bosques. E, por suposto tamén o pastoreo, ao que dicían que ían ter en conta. De momento, dixo aí que cun modelo piloto, pero os pastores están exercendo a súa función e os que queren selo están á espera dese apoio. ¿E que dicir do papel que fan as cabras e as ovellas desbrozando o monte? Non hai máquina que as iguale; co cal, terían aí algo moi doado para controlar tamén a matoqueira.

Unha axeitada ordenación do territorio e un control sobre os procesos de cambios de uso deben poder colaborar coa axeitada posta en produción nos longos prazos que require a xestión forestal, porque para xestionar o monte non vale con ter unha visión curtopracista como a que amosan vostedes; no sector forestal, os prazos de transformación da base territorial poden levar moitas décadas.

Hai que comentar que, aínda que a propiedade da superficie arborada é do 80 por cento e é de propietarios particulares, hai máis dun 15 por cento de superficie forestal galega que ten xestión pública e que debería actuar como un instrumento eficaz de desenvolvemento económico das áreas rurais. Isto debería ser un exemplo, precisamente, de repoboación de silvicultura compatible coa conservación da natureza, e tampouco está sendo así.

Os cambios sufridos no mundo rural nos últimos anos, o abandono das explotacións, a redución da poboación activa agraria e o envellecemento da poboación que reside no rural xeraron esa transformación do medio rural, incluída a conversión de terreos agrícolas en forestais, ben por acción, pero na maioría dos casos por omisión.

Os únicos datos que lle vou dar —e volvo falar de datos dos que o outro día na interpelación do eucalipto falamos— son os datos ata agora publicados do Inventario Forestal Continuo, no que nos fala da superficie global de arborado, na que coincidimos, loxicamente, e tamén coincidimos no resto das cifras, aínda que vostede dixera que nós mentiamos. Hai unhas 600.000 hectáreas de masas de frondosas autóctonas, hai unhas 400.000 hectáreas de piñeiro e unhas 413.000 hectáreas de eucalipto, ademais doutras 600.000 de matogueira.

Con respecto a esa masa de frondosas autóctonas —que o outro día tamén dicía—, parece que de repente as frondosas están desde que vostede é conselleira. Non, esas frondosas o problema que teñen é que non son de plantacións con material xenético de calidade, nin con tratamentos silvícolas axeitados, nin están pensadas tan sequera para a produción de madeira de calidade, que é algo que si que necesita Galiza. Son masas de frondosas, en moitos



casos, froito do abandono, e que si que teñen ese importante valor paisaxístico, loxicamente, pero non produtivo. E aquí quero recordarlle que moita da madeira de castiñeiro vén de Francia. Alí si que están actuando cunha silvicultura ben feita, con bosque permanente, con esa mestura de especies, co abandono da corta feito, coa creación de masas de distintas idades; é un bosque sometido ao que serían certas leis biolóxicas que conviña seguir para evitar graves consecuencias, como aquí temos.

E, en canto ao eucalipto, volvemos falar del, xa que o outro día ou non quixo ir ou viña co papel preparado e non cambiou nin unha coma no seo ao que foi. Volvo recordarlle que o Plan forestal de Galicia que vostedes mesmos aprobaron desde a Xunta no ano 2021 argumentaba que sería desexable reduci-lo, e no Plan forestal do 2021 o que se dicía é que a plantación de eucalipto para 2025 non podería superar as 339.000 hectáreas. Recorden que falamos de 413.000 actualmente xa, que non están contempladas todas, como ben vostede sabe, e que no 2040 non superarán as 350.000 hectáreas. É dicir, non cumpren as súas propias leis. (*Aplausos.*) E está constatado que a forestación salvaxe con especies pirófitas, o despoboamento do medio rural e o incremento da superficie forestal abandonada, á parte das obvias consecuencias non produtivas, incrementan o risco de maiores e máis graves incendios, sobre todo nesa área de interface entre o urbano e o forestal, propiciando que o lume siga sendo unha secuela para o territorio, para todas as poboacións que nel habitan; é dicir, para todos os galegos e galegas.

Estes cambios na paisaxe, como acabamos de comentar, facilitaron a propagación máis agresiva deses grandes incendios forestais, dos GIF —a partir de agora vou chamalos así—. A resposta lóxica tamén, se non hai máis información, é o reforzo das políticas de extinción. Pero nestes episodios de GIF víronse as limitacións destes sistemas de extinción, que se ven superados por fronte de lume de intensidade e velocidade de propagación moi elevadas, aínda que se teña toda a tecnoloxía ben desenvolvida —que se ten— e aínda que se teñan bos técnicos das brigadas —que tamén se teñen—. Tamén aproveito aquí para felicitar o traballo do Servizo de Protección de Incendios.

Pero esa estratexia de mellora, de incremento dos medios de extinción, deu como resultado un escenario no que os valores da superficie queimada son contidos durante a maioría dos anos, pero hai anos negros, nos que moitas miles de hectáreas se ven afectadas por estes GIF. O problema, polo tanto, vai ser en anos con secas ou con condicións meteorolóxicas adversas que xeran combustións vexetais de comportamento extremo. E aí sabemos o que ocorreu este verán nos lumes de Portugal, que se cumpría esa rega dos 30 —que agora non me dá tempo a volvela comentar—, pero hai que dicir que se houbera as mesmas condicións aquí en Galicia teríamos un resultado similar.

Ademais, a causa dos lumes é multifactorial, sendo a continuidade das masas forestais arborizadas —como temos na Galiza, xa que temos ese monocultivo de eucalipto—, xunto coa elevada acumulación de combustible, as que levan a que haxa lumes de copas e focos secundarios masivos. E aquí quixera lembrarlles que A Mariña nunca ardera ata que o fixo no 2023, e iso responde a ese esquema, aínda que fose unha zona que habitualmente ten unha humidade suficiente no ambiente. Mentres non se modifique a carga e distribución do combustible da paisaxe, repetiranse incendios e estarán fóra da capacidade de extinción, e non



poderán nin evitarse nin deterse. O problema, entón, preséntase a longo prazo. E se a isto lle engadimos que, como dixo vostede na súa estrea no cargo de conselleira, aos galegos e galegas nos vai no ADN o de ser pirómanos, comprenderá que temos un perigo ben grande toda a poboación do territorio.

Pero a min gustaríame acabar esta intervención non deixando esta desazón, senón falando de proxectos de esperanza; falando de comunidades de montes en man común, que si que traballan cunha xestión multifuncional e integral do monte, centrada na diversificación dos aproveitamentos e incluso na revitalización de zonas pouco produtivas, que pensan en novos cultivos, que aproveitan os cogomelos, que aproveitan o mel, que teñen gandaría nos seus montes. Porque se hai algo que hai claro é que temos a necesidade de converter o monte nun dos piares do desenvolvemento rural. *(Aplausos.)* É un recurso estratéxico nun contexto europeo no que todos os escenarios apuntan cara á escaseza de madeira.

E, por agora, nada máis. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Rodríguez Conde.

**O señor RODRÍGUEZ CONDE:** Grazas, presidenta.

Bos días, deputados e deputadas.

Bos días, conselleira. Grazas pola súa comparecencia a petición propia e polas súas palabras tan clarificadoras sobre o resultado da campaña da loita contra o lume neste ano 2024. *(Aplausos.)*

Quería comezar a miña intervención facendo extensible os parabéns que expresou a conselleira a todo o dispositivo polo bo traballo que ano a ano realizan na defensa dos montes de Galicia, demostrando esta campaña unha vez máis a súa valía e profesionalidade.

Pero este ano, señorías, temos algo polo que sentirnos algo máis orgullosos e satisfeitos deste persoal e do seu traballo, o cal conformou a parte maioritaria do continxente de axuda a Valencia para colaborar nas consecuencias da dina.

Quedo, sen dúbida, coas palabras que o noso presidente declarou no acto de agradecemento deste continxente desprazado. Demostramos que temos uns servizos de emerxencias boísimos. Xa o sabiamos, pero agora sábeno os demais tamén. *(Aplausos.)*

Dito isto, señorías, hoxe aquí presenciámos unha vez máis a existencia de dúas posturas totalmente opostas ante unha problemática, unha gran problemática, como é a lacra dos incendios forestais en Galicia: unha que busca solucións e outra que utiliza este problema constantemente como arma política.



Levamos anos dicindo o mesmo e volveremos dicilo hoxe aquí; volveremos repetilo todas as veces que faga falta. Nós queremos apartar do debate político a temática dos incendios forestais, algo que á vista está, (*Murmurios.*) pero non é o desexo de todos os partidos desta Cámara, polo que se pode apreciar.

Hai poucos meses tivemos en Galicia unhas eleccións autonómicas onde se presentaron uns candidatos e candidatas e tamén uns programas electorais; é dicir, as directrices a seguir no caso de gañar as ditas eleccións. Os resultados foron moi claros: unha ampla maioría depositou a confianza no candidato que hoxe é o noso presidente, Alfonso Rueda, e no seu programa electoral.

Indo a estes programas electorais, señorías, podemos ver claramente o grao de interese de cada partido en relación coa problemática dos lumes forestais, así como do servizo que combate este problema. E, como suelen dicir que unha imaxe vale máis que mil palabras, van poder comprobar aquí facilmente a diferenza entre uns e outros.

Aquí teñen o contido (*O señor Rodríguez Conde mostra un documento.*) dos programas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego con respecto aos incendios forestais. Si, si, o contido; colle perfectamente nun folio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Nun folio, señorías, nun folio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ CONDE:** É máis, engadín os logos e amplieinos para que enchesen un pouquiño este folio. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

¿E que imos dicir do propio contido? Pois que é un contido, unhas medidas raquícticas — si, si—, raquícticas, pouco axeitadas a esta problemática, e onde a falta de medidas concretas é absoluta, completamente absoluta. Imos desmenuzalas.

Partido Socialista. De 212 medidas que levan vostedes no seu programa electoral, fan referencia aos incendios forestais e ao seu persoal en tres, en tres destas medidas. E son xeneroso, porque digo tres, pero realmente é a número 152. A 152 é a única que fai referencia de forma expresa a esta cuestión.

E despois a señora Dacosta vén aquí falarnos dos batracio. Supoño que non saberá nin o que son, ao mellor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si?, ¿e estivo nalgún, non? Moi ben. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eses batracio que teñen unha potencia de máis de 200 cabalos para poder traballar facendo a prevención, e no verán para facer de apoio á extinción. Por iso que no verán non se dedican á prevención, señoría.

Imos ao do BNG. (*O señor Rodríguez Conde mostra un documento.*) Hai que recoñecer —e así se ve— que algo máis de contido aportan. Pero imos ir de verdade a ese tipo de contido; un contido xeneralista, que non achega ningunha solución concreta nin realista. Aquí o teñen. (*Murmurios.*) Si, si, despois, se queren, doulles unha copia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)





**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ CONDE:** Agora imos aportar o programa electoral, con respecto á loita contra o lume, do Partido Popular. *(O señor Rodríguez Conde mostra un documento.)* Espero que se vexa ben. Vale, moi ben. ¿A min tamén se me ve, non? Moi ben. Pois aquí o teñen; aquí o teñen, señorías. ¡Aquí o teñen! *(Aplausos.)*

Como poden comprobar, non é só un folio, como os seus programas, é un contido amplo, con medidas concretas e axeitadas a unha problemática á que non lle serven as súas xeneralidades, completamente. Como dicía, son medidas claras e concretas que xa se están levando a cabo no día de hoxe —si— e que inciden na prevención, na extinción, pero tamén no persoal, como, por exemplo, dito isto, na ampliación continua dos contratos laborais dos bombeiros e bombeiras forestais, que van pasar de seis a nove meses. Esta medida está recollida neste programa no punto 2 e xa é unha realidade. E a esta medida súmase que o mesmo Goberno tamén ampliou o tempo de traballo do seu persoal de nove a doce meses. ¿Que temos como resultado, señorías? Que dous terzos do seu persoal traballa todo o ano. E un terzo, no ano 2026, traballará nove meses, practicamente todo o ano.

Seguindo co noso programa electoral, que xa se está realizando, seguimos coa construción das bases e unidades operativas, os famosos BUO, para estas bases, para este persoal, que mellorarán enormemente a súa conciliación e benestar no seu horario laboral.

Galicia, señorías, tal como nos acaba de dicir a nosa conselleira, é un claro referente en España e en Europa na loita contra o lume. E esta realidade vén de anos de traballo e de xestión deste e de anteriores gobernos do Partido Popular, os cales incidiron na prevención e na extinción dos incendios forestais dunha maneira clara e decidida, a través de medidas concretas e axeitadas a esta problemática; fuxindo, sempre fuxindo, da confrontación que vostedes tanto buscan; unha confrontación que estamos a ver que non lles trae practicamente ningún rédito político. Todo o contrario, os galegos e as galegas valoran o traballo e a busca de solucións que o Partido Popular realiza e foxen da súa demagogia.

Todas estas medidas afectan os medios humanos, os medios técnicos, as infraestruturas, e, ¡como non!, a prevención. E todas elas son medidas concretas, como dicía, e de gran incidencia na prevención e na loita contra os incendios forestais. Son medidas xa de presente, como é a Lei de recuperación da terra agraria, o Banco de Terras, o desenvolvemento do convenio entre Xunta, Fegamp e Seaga para a protección das aldeas —e aquí aportou a conselleira un dato moi significativo: o 80 por cento dos concellos están adheridos xa a ese convenio— ou tamén o fomento de pasteiros como barreira natural contra o lume. Pero tamén medidas de futuro, como se mencionaron aquí, como a futura Lei de montes veciñais en man común e tamén a Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Teño o convencemento, señorías, de que a loita contra o lume en Galicia vai polo bo camiño. Non hai nada máis que ver onde estabamos e onde nos atopamos no día de hoxe. Aínda que queda moito por facer —e todos o sabemos— temos que ter claro que a preparación, estar preparados para o que poida vir, é a maior das solucións que podemos adoptar.



Para isto pídolles consenso e unidade, unidade e consenso, a todas as formacións políticas, algo que é clave para facer fronte a todos os desafíos que poidamos ter neste eido no futuro.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez):** Grazas, presidenta.

Señorías, agradezo as súas intervencións.

A verdade é que o debemos estar facendo bastante ben cando os únicos argumentos que traen a este Parlamento é algún titular dalgún medio, señora Dacosta, e a señora Valcárcel exhibiunos aquí unha lección maxistral da súa formación no eido forestal, que sempre é de agradecer.

O noso traballo hoxe aquí, o que me toca defender a min, é o excelente traballo que fai o Servizo de Incendios para traballar na loita contra os incendios forestais; defender a Galicia fronte a un mal que non debera existir: os lumes. (*Aplausos.*)

Señor Ojea, por suposto que as leis se tramitan e saen deste Parlamento, ¡faltaría máis!

E en canto á detección e ás penas contra aqueles que cometen delitos, tales como os de prender lume, por suposto que son as forzas de seguridade, coas que colaboramos activamente, as que fan ese traballo, e a Uifo fai un papel fundamental na investigación desas causas que provocan moitos dos incendios forestais que asolan o noso territorio.

Señora Dacosta, comprenderá que para conducir un tractor hai que ter a licenza correspondente —¡só faltaría!—, e ademais todas esas persoas que conducen eses tractores tiveron formación específica para facelo. Xa falei antes dos cursos completos de formación que se dan dende a Consellería.

E, señora Valcárcel, se escoitou a miña primeira intervención, tamén se daría conta de que abordamos a prevención dende un punto de vista amplo, e mencionei moitas medidas que non só dependen da Dirección Xeral de Defensa do Monte, senón tamén da de Montes ou da de Gandería, e tamén da Dirección Xeral de Infraestruturas ou dende a Agader. Foron moitas as medidas que mencionei, que son medidas que abordamos dende a Consellería en xeral e que redundan nesa prevención, que non se fai de xeito puntual, como parece que aquí se quere facer ver ás veces, senón que se fai ao longo de todo o ano e ano tras ano.

E por suposto que confío na sabedoría e no bo facer de todos os alumnos do campus lucense, ¡faltaría máis!, e de todas as universidades galegas e das que non son galegas, ¡só faltaría, vamos! (*Aplausos.*) Son os técnicos desta consellería.



Falaba a señora Dacosta de intencionalidade. Ogallá non tivera que vir a este Parlamento e mencionar esta palabra «intencionalidade». Pero, miren, por desgraza, é a realidade que nos toca vivir. E os datos —datos fiables— son que a media da intencionalidade está na contorna do 60 por cento en Galicia, e naquelas zonas onde hai un maior número de incendios chega ao 80 por cento; un feito que temos que lamentar, perseguir e intentar erradicar. E iso é cuestión de todos, non só desta conselleira. É un labor que toca defender dende a Consellería do Medio Rural; por suposto que o faremos con todos os medios ao noso alcance, pero que é unha lacra e un mal que asola Galicia, por desgraza.

¿E sabe cal é o titular que me gusta dicir deste ano, que non é unha cousa da conselleira de Medio Rural, senón de todo o equipo de defensa do monte? Pois que este ano é o mellor en número de incendios da última década. Grazas. (*Aplausos.*)

Vou remarcar un dato e unha idea que xa lles mencionei na miña primeira intervención. O dato —e queden con el— é que no ano 2024, dos últimos dez, houbo un menor número de lumes: 105 incendios, 595 conatos e 22 queimas. En total, 722 lumes. A idea é que, aínda que os números indican que imos polo bo camiño, a única cifra coa que estaríamos realmente satisfeitos —xa llelo dixen— son cero lumes, cero hectáreas queimadas. O meu desexo é que poida ser unha realidade.

Pero como vivimos no mundo real e temos obxectivos reais, voules explicar con datos como vimos traballando nos últimos anos, con dous parámetros que son moi clarificadores: por un lado, o número de activacións do Peifoga da situación número 2, e o número de incendios.

Empezamos polo Peifoga, que é cando se decreta esa situación 2, cando está —como dixen antes— en perigo a vida das persoas. Estableceuse como obxectivo —porque si temos un plan e uns obxectivos marcados— conseguir unha diminución do número de activacións respecto á media dos últimos cinco anos, que está situada no 6,8 por cento. Pois téñolles que dicir que neste ano 2024 só se activou unha vez, por sorte —e sorte que non houbo que decretala máis veces—. Como lles digo, para nós é un momento moi, moi sensible e delicado.

En canto ao número de incendios, tiñamos un obxectivo marcado para 2022: reducilos por debaixo da media dos últimos dez anos, que é de 314 incendios. Pois ben, cumprimos co obxectivo en 2022 con 300, cumprimos en 2023 con 149 e tamén cumprimos en 2024 con 105 incendios.

Tamén insisten en que as medidas preventivas son a panacea na loita contra incendios. Eu nos milagres non creo. Por iso ten que haber un equilibrio entre as medidas de prevención —que as hai— e as de extinción.

Nós tamén pensamos que hai que incidir nas medidas de prevención, por suposto, e por iso, como xa lles expliquei, no Pladiga de 2024 a repartición do orzamento entre a acción preventiva e a de extinción foi de 46 millóns, fronte a 35 millóns para a extinción. Pero o primeiro que lles vou aclarar é que para nós a prevención é unha acción continua, como xa lles dixen, que se leva a cabo ao longo de todo o ano; un traballo que nunca remata. E como lles gusta dicir a vostedes e dixeron aquí: os lumes de verán apáganse no inverno —creo que o



dixo o señor Ojea—. Pois non, señorías, é un traballo constante, e os lumes apáganse cando prenden. (*Aplausos.*)

Miren, por se non lles quedou claro con todo o que fixemos este ano, voulles destacar algunhas das medidas preventivas directas que temos previstas para o ano que vén: para as obras de mellora de infraestruturas preventivas, fundamentalmente na rede terciaria de faixas de xestión da biomasa, 4,5 millóns no orzamento do vindeiro ano; para o convenio Fegamp-Seaga para a rede secundaria de faixas de xestión de biomasa, 7,5 millóns de euros; para os convenios de colaboración con entidades locais, co obxectivo de aumentar a súa capacidade de execución de traballos preventivos, 8,8 millóns de euros.

Pero isto non queda aí. Hai outras medidas transversais, como dicía a señora Valcárcel, que son básicas para a loita contra o lume, que tamén fomentamos e que teñen que ver co noso compromiso co territorio. Por suposto que temos ese compromiso co territorio, señora Valcárcel, non lle caiba ningunha dúbida, por exemplo, cos pasteiros, que son un elemento natural moi efectivo na loita contra o lume e nos que investimos 3,7 millóns de euros; ou en axudar ás comunidades de montes veciñais en man común, que tamén saíron aquí; ou as sociedades de fomento forestal para a realización de traballos preventivos, que apoiaremos con 3 millóns de euros.

Tamén somos conscientes de que un rural vivo e activo é unha das mellores armas para loitar contra os incendios. Por iso dedicamos moitos dos nosos esforzos a evitar o despoamento e o abandono de terras, con plans de mellora e axudas á incorporación de mozos e novos.

Como ven, o concepto de prevención é moi amplo e ten vocación global. E así vai seguir mentres teñamos a confianza dos votantes, que, ao contrario que vostedes, parece que están en sintonía coas medidas que estamos a levar a cabo para a loita contra os incendios forestais. Os galegos e as galegas confían en nós porque facemos políticas reais pensadas nas necesidades que teñen no seu día a día.

E hai outro aspecto dos lumes que tamén nos preocupa. Refírome ao escenario postincendio, aos riscos de erosión e degradación do terreo despois do lume.

Teño que dicirlles que a Xunta de Galicia é un referente nacional e internacional na avaliación e implementación desas medidas restauradoras. Temos unha metodoloxía de actuación propia que foi feita en Galicia a partir de anos de experiencia e que se está a implantar noutros lugares. Tamén somos pioneiros nese uso do acolchado, que consiste en protexer o solo das inclemencias climatolóxicas para que non se degrade, e incluso nos usos deses helicópteros para as zonas de difícil acceso. Esta é unha máis das obrigas que ten o Servizo de Protección de Incendios Forestais e que supervisamos dende a Consellería do Medio Rural. De todo este traballo xa lles digo que me sinto profundamente orgullosa.

A estas alturas xa case non me sorprende nada do que digan. Presentaba o portavoz, o voceiro do Grupo Parlamentario Popular, a súa folla, o seu programa electoral, con respecto aos incendios; sóbralle dun folio. Esa é a importancia que lles dan.



Pero que digan que o Servizo de Prevención de Incendios Forestais non ten formación, como insinuou a señora e Dacosta, é o colmo da desmemoria. Miren, no día de hoxe, xa lles dixen antes que a Consellería destina preto dun millón de euros para a formación dos bombeiros forestais; unha categoría que nin sequera existía cando gobernaban vostedes, xa que, como lles dixen, foi o Goberno do Partido Popular o que lles recoñeceu ese status no ano 2016. E son dos mellores formados de España. *(Aplausos.)*

En 2007, cando vostedes gobernaban, e despois de sufrir, por desgraza, os peores lumes dos últimos trinta anos, impartían vinte horas lectivas para o persoal da Xunta de Galicia e estaban contratados tres meses. ¡Como cambiou o conto! En 2008 había oito horas lectivas para as brigadas de Seaga contratadas tamén temporalmente durante tres meses. Hai que dicir que ao ano seguinte lles subiron a dezaseis horas. ¡Todo un exceso!

E, ¡como non!, hoxe tamén sacaron aquí a pasear un dos seus *must*, como se di no mundo da moda: os eucaliptos. ¡Como ían faltar! Cada vez que veño a este Parlamento, saen os eucaliptos. *(Murmurios.)* Se vimos presentar as liñas que imos seguir nesta lexislatura, sacan os eucaliptos; se vimos presentar os orzamentos, sacan os eucaliptos; se vimos falar da campaña do lume, sacan os eucaliptos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!... Claro, estou a pensar que agora para o Nadal tamén van poñer, en vez dun pino, un eucalipto, e poñeránlle as boliñas. *(Aplausos.)*

E falaron de monocultivo... ¡Home!, monocultivo, monocultivo, non. Iso é outra cousa. Miren, nin os eucaliptos nin ningunha outra especie arbórea incendia os montes. O lume prende cun chisqueiro, non con ningunha especie arbórea. *(Murmurios.)*

Pero xa lles expliquei tamén, falando de especies arbóreas, hai uns minutos, que no noso plan de prevención contra os incendios caben moitas estratexias; unha delas é a de conservar as masas forestais, sobre todo as frondosas. Sabemos que un monte ordenado e produtivo —non só vostedes o saben; nós tamén, señorías, que parece que se apropian aquí do coñecemento, e o coñecemento será de todos— é unha ferramenta máis na loita contra o lume —si, si, digo o coñecemento, porque parece que os únicos formados...; xa o señor Fernández nalgún momento me veu co da formación, entón, un pouquiño de respecto—. Por iso o Goberno da Xunta de Galicia —xa llelo dixen o outro día— incrementou en 10.400 hectáreas a superficie de frondosas e coníferas nos últimos catro anos, señora Valcárcel; e o importe das axudas para a plantación destas especies foi de 32,5 millóns de euros. Así que non me veña dicir que non traballamos polo monte. *(Aplausos.)* E imos seguir nesta liña porque nos orzamentos do próximo ano hai destinada unha partida de 15 millóns para o fomento da silvicultura tanto produtiva como adaptativa en coníferas e frondosas.

Xa ven onde están as nosas prioridades, en seguir facendo políticas forestais como as que estamos a facer, coas que logramos que no día de hoxe, do millón e medio de hectáreas arboradas en Galicia, máis dun millón sexan de frondosas e coníferas. ¿Está todo o traballo feito? Por suposto que non, pero seguiremos traballando niso.

En canto ao tema do clima, van co sol que máis quenta, nunca mellor dito. Se nos toca a campaña moi calorosa, láméntanse dos efectos do cambio climático e acúsannos de insen-



sibilidade ante esa problemática. Se toca unha tempada con máis choiva, aproveitan para achacarlle a esta circunstancia climática o descenso dos lumes.

Pois nin unha cousa nin a outra, señorías. Sabemos que o cambio climático é unha realidade —que mo preguntaba o outro día— e que está a ter consecuencias directas sobre moitos aspectos do ecosistema galego e tamén sobre o lume, e non precisamente dunha maneira favorable.

Este verán, lonxe do que poidan pensar, foi cálido e seco, por suposto que o foi, con respecto a esa serie histórica dos últimos trinta anos. E véxanse, por desgraza —ogallá non os tivésemos que ver—, eses lumes devastadores que asolaron Portugal.

De verdade que neste tema —xa o dixen máis veces, e xa llelo dixen na primeira intervención— me gustaría que exercesen esa oposición construtiva, responsable e, sobre todo, dialogante, e gustaríame saír de aquí sabendo que os lumes non van ser obxecto de loitas políticas nin unha ferramenta para acadar votos. E dígollelo a todos e a todas, porque nesta materia tan sensible xa se acadaron acordos, e gustaríame que se seguisen acadando. Penso que esa é a actitude que deberíamos ter todos para demostrarlles aos galegos e ás galegas que —como dixen antes—, por riba de cores políticas, están os seus intereses; e este é un interese que nos concirne a todos.

Fagamos, entre todos, ese exercicio de xenerosidade e traballemos xuntos na loita contra o lume.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Réplica do resto de grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, o voceiro do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Como dicía na miña primeira intervención, este é un tema sobre o cal poderíamos estar falando moitísimo tempo porque ten cuestións moi densas, pero, dentro do tempo limitado, quero apuntar algunhas cousas.

Os efectos dos incendios van moito máis alá da superficie que se queima, das perdas económicas directas, para non falar xa, nos casos máis extremos, de perda de vidas humanas. Hai un tema, por exemplo, que non tocamos, e que nalgún momento foi un gran problema, que é o problema que causan as cinzas nos acuíferos. Na provincia de Ourense, polo menos, pasou que, despois dos incendios, a gran cantidade de cinza que quedou nos montes, despois viña a chuvia e levábaa aos acuíferos, aos ríos e ás traídas —bueno— ou, moitas veces, aos depósitos de auga potable, para non falar xa da incidencia que ten na fauna da auga continental e mesmo, ás veces, incluso na fauna marítima porque os ríos, como <<las vidas, van a



*dar a la mar*» —diciá o señor Manrique—. Entón, ese é un tema sobre o cal tamén teñen que, ao mellor, tomar medidas e dar axudas posteriores a ter lugar o incendio porque, moitas veces, moitos concellos —como dixer, na provincia de Ourense houbo varios casos— se viron afectados, ás veces incluso un mes despois ou dous meses despois, porque ese efecto se produce cando veñen as chuvias. Queda a cinza no monte, e, ao mellor, as chuvias chegan de alí a un mes ou aos dous meses e créase unha catástrofe no tema da auga; un tema que tamén terán que prever para habilitar as correspondentes axudas, se se chega a dar o caso.

A relación entre os incendios, o cambio climático e a emisión de CO<sub>2</sub> é tan evidente que non fai falta referila. Hai outra cuestión —xa que falamos antes tamén da proliferación de mimosas—, saben vostedes que, despois dun incendio, hai determinadas especies invasoras, precisamente, que se multiplican con especial rapidez por ter lugar un incendio. O chan queda moi nitroxenado e con determinadas características que fan moi importante, ou moi rápida, a proliferación de determinadas especies, por exemplo, a que eu mencionaba das mimosas.

Falou de frondosas e de coníferas como se fose todo o mesmo. A ver, o bosque natural galego é, fundamentalmente, de frondosas. Dentro dos piñeiros, hai unha especie que é a propia galega, o piñeiro galego, que non ten precisamente forma de conífera; o piñeiro galego é ese que ten, máis ben, forma de copa, ten un tronco e logo abre como unha copa. Ese é, precisamente, o piñeiro galego que, por certo, non adoitaba crear moito bosque, pois constituían, máis ben, exemplares illados. As coníferas viñeron como consecuencia do repoboamento forestal, sobre todo nos anos cincuenta do franquismo. Entón, non meta no mesmo saco as frondosas e as coníferas, falando da recuperación do bosque galego porque o bosque galego fundamentalmente é de frondosas.

Rematou dicindo que fai falta a colaboración de todos os partidos neste tema; ímoslle dar a razón niso. Antes falouse de tender a man e veume á mente un refrán africano que di «unha soa man non aplaude»; é un refrán que teñen para dicir que a xente se ten que axudar unha á outra. Unha man non aplaude, ¡bueno!, pois fan falta as dúas mans para aplaudir, e, nese sentido, a ver se, entre todos, colaboramos na medida en que poidamos para ver se nun futuro, máis ou menos inmediato, os incendios forestais, sobre todo os que son intencionados —porque os outros loxicamente son máis difíciles de evitar—. Os que poidan aparecer como consecuencia —eu que sei— do salto das chispas da freada dun tren, ou como un raio, ou como outras causas que, de xeito natural ou non, poden aparecer provocadas polo ser humano.

E quero volver repetir que os eucaliptos si que teñen influencia na transmisión rápida dos incendios. O feito de que o eucalipto sexa unha especie estraña, en termos naturais, a Galicia, é un feito científico, como o é a teoría da evolución das especies de Darwin, que xa estamos empezando a estar acostumados a que se cuestionen o que foron triunfos científicos da historia. Calquera día aparece cuestionándose a Copérnico tamén.

Nada máis e grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Ojea.



Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten novamente a palabra a señora María del Carmen Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

Que soberbia e descoñecemento mostraron hoxe nun tema tan sensible, tanto a conselleira como o portavoz do Partido Popular; nunha materia tan sensible como é a dos incendios forestais, porque facer chistes, conselleira —desa calidade tamén—, en relación coas árbores e cos eucaliptos, a verdade, demostra o que dicía vostede: «os incendios están no ADN de Galicia». E agora segue completando o seu currículo, falando de seguridade para os veciños e as veciñas galegos que, calquera día, non estamos exentos de que nos pasen desgrazas polos incendios forestais; (*Aplausos.*) e ese día, quero que vostede veña aquí e explique todo o que dixo hoxe. (*Aplausos.*)

E tamén vostede, portavoz do Partido Popular, en vez de falar dos resultados do Pladiga porque o Pladiga ten moito que explicar: táboas sobre as cales teñen que dicir se se cumpriron ou non se cumpriron. E vostede saca os programas electorais; programas electorais, os do Partido Popular, ¡que quedan no papel!, como as estratexias ou como todos os plans que presentan no Parlamento de Galicia.

E tamén, falando de fotos —¡ah, conselleira!, eu non falei na miña intervención nin saquei ningunha nota de prensa; se o fixese, estaría ben, pero non o fixen—, saquei unha foto duns tractores que non se están a utilizar e nos cales gastaron 4 millóns de euros. (*Aplausos.*) ¡Si, señora conselleira! —non sei—, debía traer o discurso preparado, pero non é así. (*Aplausos.*)

E tamén quero ensinar esta foto (*A señora Rodríguez Dacosta mostra unha foto.*) porque resulta que temos un deputado do Partido Popular que vai a Valencia —páreceme fenomenal—, pero gustaríame que me explicase se forma parte da continxencia de Galicia e en que calidade acode este deputado a Valencia, porque está co uniforme do Servizo de Prevención de Incendios Forestais. (*Aplausos.*) E os deputados da oposición estamos aquí para facer unha tarefa de control ao Goberno ou para darlles apoio no que están a facer, (*Aplausos.*) pero non desta forma. Particularmente, ¡que pida os días e vaia a onde queira!

E imos falar do Pladiga, señora conselleira. (*A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento.*) O Pladiga é isto: táboa; táboas que din: A Coruña, ten que crear áreas cortafogos, 352 hectáreas, faixas auxiliares, pistas, queimas prescritas. Moitas táboas sobre as cales teñen que explicar hoxe o que cumpriron e o que non cumpriron. ¿E que pasa? Que era moito máis fácil que vostede fixese un documento en que tivésedes o resultado do Pladiga, é dicir, o resultado destes investimentos en prevención, pero non o fixo —non o fixo— ¡porque esa execución da prevención non se realiza en Galicia! —non se realiza—. E como non se realiza, chega hoxe, dá uns datos e pensa que imos quedar tan contentos. ¡Pois non!, realice un documento en que a partir de todas as tarefas preventivas e os obxectivos que se marcan neste documento tan amplo teñamos esa avaliación, e así poderemos corrixir tamén. Se vostedes teñen éxitos, dirémolo; e, se teñen feblezas, tamén as poderemos analizar para corrixilas.





Falemos tamén dalgún fallo que tivo este ano o operativo. Vostedes, na campaña electoral, apresuráronse para chegar a un acordo de condicións laborais. E respectamos os acordos, pero é que desdoblaron os operativos: onde había unha brigada, convertérona en dúas. E agora dixo: «temos case trescentas brigadas», pero ¿que pasa? ¿Que lle digo se temos dez helicópteros e só cinco pilotos? Se temos dez helicópteros e só cinco pilotos, porque a metade das brigadas este verán en Galicia operaban sen xefe de brigada... ¡operaban sen xefe da brigada! (*Aplausos.*) ¿Iso é unha responsabilidade? (*Aplausos.*) ¡E diso non falou, señora conselleira!, xa que podería dicir: «pois isto aconteceu, pero imos melloralo e imos cambiar as cousas». Pero non o fixo. Non falou en ningún momento —moito alabou o Servizo de Prevención de Incendios Forestais— de que para conducir un tractor teñen que vir voluntarios e sen retribución, é dicir, cero. Desdobran as brigadas e mandan o operativo sen xefe de brigada. ¡Home!, iso non é así. A seguridade a respecto dos incendios non é só para as persoas que poden estar nas súas casas ou nos pobos, senón tamén para os traballadores e para as traballadoras do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

E tamén lle quería dicir que teñen que investir para mellorar as porcentaxes que o actual Pladiga destina á prevención. Cómpre unha asignación de recursos suficientes para contar con medios humanos e materiais que permitan garantir o previsto para as distintas faixas de protección e para o tratamento minimamente apropiado da floresta e tamén para repoboar. Porque tamén me gustaría, conselleira, que me dixese que aconteceu co convenio que subscribiu a Fundación Juana de Vega coa Consellería do Medio Rural para repoboar e para evitar a catástrofe que sucedeu no ano 2022 no Barco de Valdeorras, en Alixo —na aldea— porque non se está a levar a cabo. Non sei canto custou o convenio —e igual nolo pode dicir—, pero non está repoboado, segue nunhas condicións pésimas, e esa é unha das eivas que ten a Consellería, pois, despois dos incendios, non se preocupa por ir a esas zonas para recuperar a superficie danada. Non fai falta ir a Valencia para ver as continuas descargas de responsabilidade dos gobernos autonómicos do Partido Popular, e no que non é todo culpa do Estado e culpa dos concellos.

Seguen cargando e creando convenios novos nos cales se mercadea nun labor tan importante como é a extinción de incendios forestais; unha profesión que require profesionalidade e estabilidade e non contratos precarios, con duración de entre tres a seis meses.

Vostedes falaban de brigadas de seis meses, conveniadas...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Rodríguez.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...—xa termino— que se ían pór á disposición das mancomunidades. Non fixeron nada de que dicían, pero queremos que, de verdade, a Xunta de Galicia se faga, dunha vez por todas, cargo da extinción, que é a competencia que ten que asumir.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Valcárcel.



**A señora VALCÁRCCEL ARMESTO:** Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Eu, sinceramente, non dou crédito de todo o que tivemos que escoitar aquí porque xa facer chanza do tema dos eucaliptos e dun tema tan serio, cos incendios que leva provocado, é que iso xa nunca o pensei ver. *(Aplausos.)*

Vostede veu aquí o outro día falar de eucaliptos porque era unha interpelación sobre eucaliptos; e volveu falar hoxe, ou volvemos falar nós hoxe de eucaliptos —vostede fixo unha broma de mal gusto— porque o eucalipto é pirófito —¿como quere que llo digamos?—, pois arde cunha facilidade increíble e, ademais, aproveita os incendios para multiplicarse. É unha especie perfecta para retoñar e busca a súa supervivencia, pero, ¿que pasa?; que, en cambio, o que fai é acidificar o solo, e, baixo os eucaliptos, non medran outras especies de valor. Se retiras os eucaliptos a terra xa non vale para outro cultivo, e hai que rexenerala. ¡É que é así; é científico, ou, ¿que quere que lle diga?! *(Aplausos.)...*

E logo, con respecto á intervención do señor Rodríguez *(A señora Valcárcel Armesto procura o señor Rodríguez Conde na Cámara.)* —perdón que non o encontro; aí o encontro—, moi ben, a ver, ¿tan pouco dixo a súa conselleira sobre un tema tan importante, como os incendios, para que vostede dedicase toda a súa intervención a poñer nun folio, de mala maneira, e pegado dous programas?, que non é certo no caso do BNG —no do PSOE xa se defendeu a propia deputada do PSOE—; no caso do BNG, o único que vostede amosou —que non sei se o amosou ou non, tampouco teño tan boa vista— era sobre a extinción de incendios. Pero é que nós —e xa llo dixen antes na intervención— falamos dun monte multifuncional, *(Aplausos.)* dun monte integral. *(Aplausos.)* E iso abarca moitísimo máis, e a iso lle dedicamos ¡moitas e moitas páxinas!

E, ademais, aquí do que se trataba era de valorar a comparecencia da súa conselleira sobre o que se fixo este ano. Non sei que mestura vostede do noso plan, e non sei que me vén poñendo do seu, que —como ben dicía a deputada do PSOE—, realmente, unha cousa é o papel e outra é o que se leva á práctica. ¡Porque é que vostedes non cumpren nin as súas propias leis! *(Aplausos.)*

E eu, señora conselleira, non falei, para nada, de ningunha panacea; eu faleille de que hai que ter descontinuidade do combustible, e iso non se fai tendo monocultivos de eucalipto, pois, se vén vostede pola estrada —que vén coma min— de Lugo ata aquí, o único que vemos á dereita e á esquerda é todo eucaliptos. E se iso arde, arde en continuo; *(Aplausos.)* é imposible de perimetralo. E esa é unha realidade. *(Aplausos.)*

Despois, é que hai tantas cousas... De verdade, é que o tempo non me chega. *(Murmurios.)* Levamos á Comisión —supoño que lle informou o director xeral de Defensa de Montes— un escrito que firmaron 45 técnicos, dos seus 65 que teñen, no cal falaban dunha descoordinación total nas brigadas; e, de feito, pasou así, que había brigadas —porque, á parte, iso tamén llelo comentei na Comisión—... Vostedes fálenme de efectivos, non me falen de brigadas porque hai brigadas que van cunha soa persoa. ¡Se iso é unha brigada...!, e moitas van sen xefe. *(Aplausos.)*



Eu sinto se agora queda un pouco desordenado, pero é que son tantas cousas as que dixeron que, de verdade, é increíble.

Despois falou vostede da Lei de recuperación agraria. ¡Bueno!, pois aquí tamén lle digo que tampouco son moi innovadores. ¿Sabem quen falou o primeiro disto? O Banco de Terras, en novembro de 2008, cando xa se falaba de que había que aumentar a SAU, a superficie agraria útil, e iso foi no Goberno bipartito. Pasaron moito tempo dicindo que iso case era de comunistas, e agora resulta que lles acorda e fan a Lei de recuperación agraria. Paréceme xenial que recuperen ideas boas, pero iso xa estaba inventado. E niso, pois, ¿que quere que lle diga? Seguimos cunha superficie agraria útil moi baixa. ¿Que non é malo se o noso monte o temos ordenado? Si, pero esa é unha realidade, e hai que aumentar a SAU.

E falaba tamén vostede de novas incorporacións e de que vostedes si que estaban por que non haxa despoboamento. Pois se falou das novas incorporacións, por favor, ¡páguelles, que están reclamando o diñeiro! *(Aplausos.)*

E logo, en canto ao da formación —eu insisto tantas veces—, hai dúas escolas universitarias forestais en Galiza...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Valcárcel.

**A señora VALCÁRCCEL ARMESTO:** ...e son persoal superformado. Por favor, pregunten e consulten. ¿E aquí nos vén falando dos cursillos que dan? Paréceme moi ben, son necesarios os cursillos, pero como para sacar un peito así como o sacan, pois non, a verdade. ¿Que quere que lle diga?

E, en canto á restauración postincendio —que vostede a pon como que tamén son unha referencia niso—, ¡home!, eu xusto antes falaba de que en que son especialista, que se era enxeñeira forestal... Non, son precisamente especialista na restauración postincendio; na restauración postincendio, alí está o señor Rodríguez aprobando unha iniciativa...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Valcárcel.

**A señora VALCÁRCCEL ARMESTO:** ...na Comisión 7ª, por instancia do BNG, precisamente para facer esa restauración. O que agardamos agora é que realmente a cumbran.

Moitísimas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten novamente a palabra o señor Rodríguez Conde.

**O señor RODRÍGUEZ CONDE:** Grazas, presidenta.

Bo día, novamente, deputados e deputadas.



Conselleira, parece que todos os datos e todas as realidades que vostede hoxe aportou aquí non chegaron, non. Vemos que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista teñen todas as solucións teóricas —teóricas— á problemática dos incendios forestais en Galicia; unhas solucións que faltaron cando gobernaban vostedes en bipartito, si. (*Murmurios.*) E isto é algo que quedou reflectido na comparativa de datos que vostede mostrou hoxe aquí, conselleira; (*Aplausos.*) datos como o número de lumes, de hectáreas queimadas, de investimento en medidas preventivas... parecen non convencer esta oposición. Ten que saber, conselleira, que este grupo parlamentario (*O señor Rodríguez Conde sinala coa man a bancada do Grupo Parlamentario Popular.*) —este grupo parlamentario de que formo parte— apoia sen fisuras o seu traballo e a súa xestión, (*Aplausos.*) xa que os resultados que vostede acaba de aportar aquí lle dan a razón, conselleira; danlle a razón. (*Aplausos.*)

Van permitirme, señorías, que dende a humildade da miña condición de bombeiro forestal, con máis de trinta anos de servizo, centre a segunda intervención no noso Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, pero, antes de centrarme, vou responder á deputada Rodríguez Dacosta. Eu fun en calidade de bombeiro forestal, señoría, pero antes realicei todos os trámites —realizou hoxe todos os trámites o noso grupo parlamentario— para poder ir a Valencia e colaborar nesa desgraza que houbo alá, en Valencia. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Infórmese, infórmese! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Infórmese, por favor, antes de falar.

Uns profesionais que merecen todos e cada un dos esforzos que se poidan realizar na nosa Administración autonómica. Hai nada, neste Parlamento, escoitabamos como nunha intervención dun deputado do BNG —do Bloque Nacionalista Galego—, este dicía: (*Murmurios.*) «Dá a sensación de que case é positivo que arda algo para así demostrar a magnífica eficacia dos medios de extinción». E direilles, señorías, que estas palabras, ademais de vergoñosas —que o son—, son totalmente erróneas; erróneas porque dispor dun Servizo de Extinción de Incendios Forestais eficaz e de calidade é unha obriga —unha obriga—, e non é necesario nin positivo a ocorrencia dos incendios forestais para demostrar nada. Para dar tamén un dato significativo, que antes aportaba a deputada, quero recordarlle que o Bloque Nacionalista Galego votou en contra da Lei de recuperación da terra agraria. Simplemente esa pin-celada. (*Murmurios.*)

Sigo con respecto ao noso persoal. A ninguén lle escapa que este persoal foi obxecto dun intenso —¡intensísimo!— proceso de profesionalización nos últimos anos. Poden preguntarlle ao resto dos meus compañeiros, así como a todas as centrais sindicais —a todas—. Podemos falar do incremento do tempo de traballo —falouse aquí, non vou ser reiterativo—.

A formación converteuse nunha das apostas da Xunta de Galicia na loita contra os incendios forestais, e esta comunidade é líder nacional —líder— neste investimento. Datos, como os que portou hoxe aquí a conselleira, son indiscutibles, señorías —¡indiscutibles!—; datos como a cantidade respecto do número de horas e de gasto, pero tamén na calidade da formación.

Continuando, para a realización dos traballos preventivos de extinción e de postincendio, este colectivo foi adquirindo equipos de protección individual, así como medios para desen-



volver as ditas tarefas. Nesta materia, Galicia posiblemente sexa a comunidade autónoma mellor dotada de toda España.

Outro dos grandes esforzos orzamentarios, que mencionou a nosa conselleira, é o relativo ao parque móbil; un parque móbil tan necesario para garantir a operatividade, pero sobre todo a seguridade dos operarios deste servizo. Un total de 567 vehículos —e créanme, señorías, que eu andei por todas as comunidades autónomas—, dos mellores que hai, hoxe en día, no mercado.

E todos estes investimentos que acabo de mencionar, señorías —agás o gasto relativo ao persoal—, son englobados como gastos de extinción, ¡si!; eses gastos de extinción que moitos dos seus partidos demonizan moitas veces. Eu pregunto aos deputados do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista: ¿queren seguridade para os nosos profesionais do dispositivo? Se non queren que o persoal reciba formación, pois aí están os gastos de extinción.

Despois de degrañar todos estes datos e aspectos, non podo deixar de pensar na etapa en que vostedes gobernaron e en que eu vivín como traballador. Direilles que un dos maiores logros deste colectivo profesional foi adquirir a categoría de bombeiros forestais, si; unha categoría que, na época en que vostedes tiñan responsabilidades de goberno conxuntas, ¡denegaron de forma continua! —e, repito: ¡denegaron de forma continua!—. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ CONDE:** Remato agora.

E así nolo facían saber os responsables da Consellería do Medio Rural do seu Goberno, cando nos dicían: «que non sexan bombeiros, (*O señor Rodríguez Conde move o dedo en sentido de negación.*) que sexan traballadores forestais» —que non sexan bombeiros (*O señor Rodríguez Conde volve mover o dedo en sentido de negación.*)—. E foi un Goberno do Partido Popular, no ano 2016, o que conseguiu este status. Non esquezan isto.

Remato xa, sen esquecerme de dicir esta frase: «non esquezan isto, señorías, porque, no día de hoxe, ningún do servizo ao cal pertenzo o esqueceu.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para o peche, a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez):** Grazas, presidenta.

De novo, señorías.

Pedín esta comparencia para dar conta de como resultou, neste ano 2024, a campaña de prevención e de loita contra os incendios forestais. O obxectivo era amosarlles o esforzo



desta consellería e do Goberno da Xunta de Galicia por facelo un pouquiño mellor cada ano. Vin aquí con humildade —soberbia ningunha— e cos datos rigorosos da campaña de incendios. Xa vexo que a vostedes o que lles interesa é a crítica. *(Aplausos.)*

A colaboración coas universidades galegas, tanto, neste caso, coa de Santiago e como coa de Vigo, faise de xeito fluído e, de feito, temos convenios de colaboración. E, en canto ao convenio da restauración das zonas queimadas nesas incendios que asolaron desgraciadamente o noso país, estase a traballar neles, señoría do Partido Socialista.

Agardo que digan o que digan aquí, no fondo saiban que non escatimamos nin en medios, nin en traballo, nin en esforzos para conservar os nosos montes sen lumes. Miren, estas son as conclusións ás cales chegamos na Consellería do Medio Rural e no Goberno da Xunta de Galicia despois dos resultados desta campaña do ano 2024. A primeira, que temos un grande equipo humano de profesionais entregados que dan o mellor de si en cada campaña, e que son dos mellores que hai no noso país. *(Aplausos.)* Volvo darlles as grazas. *(Aplausos.)*

E tamén me sinto satisfeita con que un dos capítulos que máis se incrementa nos orzamentos do próximo ano, nesta dirección xeral, sexa o do relativo aos seus salarios, ¿como non vai selo? Queremos un cadro de traballadores o máis estable posible porque así tamén serán máis eficientes.

A segunda, ¿que non podemos controlar todas as variables que interveñen nos incendios? Por suposto, pero si que podemos poñer os medios para frealo o máis axiña posible. Se son fortuítos, podemos controlalos dispoñendo de todos os medios para atallalos; e, se son intencionados, identificando, a poder ser, os culpables.

A terceira, dispoñemos dos medios técnicos que están á vangarda na loita contra os incendios: véxase o Centro de Coordinación Central de Defensa contra Incendios, dende onde se coordina todo o operativo ou o sistema de videovixilancia, tanto o fixo como as cámaras dos helicópteros e dos medios aéreos.

A cuarta, contamos cos medios materiais necesarios para acometer, do mellor xeito posible, a loita contra os incendios, e que tamén nos permite reducir os tempos de reacción tan esenciais para que un incendio, que comezou, non vaia a máis.

A quinta, temos máis e mellores infraestruturas que permiten reducir —como digo— os tempos de reacción e ser máis eficaces, como, por exemplo, a base transfronteiriza, de Verín a Oímbra, ou as bases para helicópteros, nas cales se está a traballar ano tras ano para adaptalas ás necesidades dun servizo profesionalizado, e nas cales seguiremos a traballar, por suposto; e tamén actuamos sobre as bases para as unidades operativas —como dicía antes— : a de Mondoñedo, a de Rianxo, a de Muíños, ou a que se vai iniciar este ano en Bande.

A sexta, estamos levando a cabo unha boa política de prevención —pese ao que digan— e políticas de colaboración entre as diferentes administracións, como o convenio de protección das aldeas, o convenio coa Fegamp ou coa Seaga para as franxas secundarias, ou os asinados coas deputacións. Son políticas que apostan polo territorio, como eses plans piloto con gando



nos montes; con eses pasteiros que teñen esa dupla funcionalidade, para o gando e para frear os incendios; coa creación de novas áreas cortalumes, especialmente nas zonas onde hai unha maior actividade incendiaria; coa construción, coa mellora e coa inspección dos puntos de auga —por suposto que si—, que sabemos que son esenciais para cargar os medios; tamén con esa Lei de recuperación da terra agraria e co Banco de Terras que segue a funcionar —por suposto que si—; co Inventario forestal continuo; con esa estratexia de coníferas para mellorar e para consolidar os conxuntos forestais existentes ou co Plan de xestión e de mellora dos soutos.

E a sétima, froito de todo o que acabo de debullar é que temos este resultado: 105 incendios e 2.133 hectáreas ardidadas, as cifras máis baixas dos últimos dez anos. *(Aplausos.)*

Podería pechar aquí a miña intervención, pero non o vou facer, porque a conclusión máis importante de todas é que por moito que as medidas estean a dar resultados, por moito que cada día dispoñamos de máis medios e por moito que as cifras acompañen, o noso maior desexo é acadar o lume cero. Por iso, imos seguir traballando arreo e por iso imos seguir investindo cada día máis en prevención e na loita contra os incendios forestais. Proba diso son os 90 millóns de euros que van no orzamento da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Estaremos satisfeitos o día que consigamos dicir que houbo cero incendios e cero hectáreas ardidadas. *(Aplausos.)*

E para iso, señorías, temos que traballar todos xuntos. A min non me caen os aneis porque a soberbia non é unha calidade que me defina; non me caen os aneis por pedir a súa colaboración construtiva nin me han caer nunca por dicirlles que temos que sacar os lumes do debate político porque hai asuntos tan dolorosos e tan urxentes de resolver que non se poden antepoñer as cores políticas ás solucións.

Creo que teñen unha boa oportunidade de amosar que o primeiro para vostedes son os intereses dos galegos e das galegas, apoiando un texto que está a punto de ver a luz e que será fundamental para acabar con esta lacra secular en Galicia: a Lei de loita integral contra os incendios forestais.

E quero rematar igual que como empecei, é dicir, agradecendo a todos e a cada un do persoal do servizo a súa entrega e dedicación.

Grazas infinitas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Moitas grazas.

### ***Alteración da orde do día***

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Substanciamos agora unha alteración da orde do día, consistente en formular a pregunta rexistrada co documento 14946, que estaba no punto 6.3.



**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a oportunidade que ten a Xunta de Galicia de adquisición do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, para convertelo nun centro socioasistencial de carácter público**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta e, como sabe, por un tempo de tres minutos, ten a palabra dona Monserrat Prado Cores.

Dean voz ao escano.

Señora Prado, cando queira.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

En primeiro lugar, eu quero lamentar, unha vez máis, a burla que o Partido Popular fai a este Parlamento porque cambiou esta pregunta claramente dirixida á conselleira de Política Social porque non podía vir noutro momento, e resulta que agora vemos como a conselleira de Política Social non vén, pero vén o conselleiro de Cultura; polo tanto, o Partido Popular actúa como se isto fose o seu cortexo. *(Aplausos.)*

En todo caso, a pregunta ía dirixida claramente á conselleira de Política Social porque hai máis dun ano que a Xunta é coñecedora de que a orde relixiosa propietaria do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, destinado a residencia de maiores, o ten á venda. E hai xusto un ano que aquí, no Parlamento, nos dirixiamos á conselleira de Política Social, demandándolle que o mercase e que pasase a ser de titularidade pública para garantir o mantemento das prazas de residencia para os nosos maiores e para convertelo nunha residencia pública. Pero, pasado un ano, nin se preocupou nin se ocupou, e vimos como hai dúas semanas as familias se atoparon coa comunicación do peche inminente desta residencia; polo tanto, viron como as 53 persoas que aínda alí viven teñen que buscar outra residencia, ademais de que existe un ERE extintivo para as 29 persoas que alí traballan.

A conselleira non fixo absolutamente nada neste ano; non fixo nada para que as 70 persoas que había hai un ano —agora só 53— tivesen unha praza na comarca do Salnés; non fixo nada para evitar os traslados, lonxe das súas familias e do seu contorno; non fixo nada para evitar o desarraigo, para evitar a soidade, para evitar a deterioración que estas persoas, sen dúbida, van sufrir en canto se trasladen para outro sitio descoñecido, lonxe das súas familias. Limitouse a dicir que estaría pendente de que a orde relixiosa os recolocase, e a responsabilidade é dela; quen ten que estar pendente de que estas persoas teñan un lugar digno onde estar é a conselleira de Política Social. *(Aplausos.)*

Os nosos maiores non son mercadoría para recolocar despois de toda unha vida de traballo, e a alarma xerada fixo que os veciños e as veciñas de Cambados, nunha soa semana, recollen máis de mil sinaturas, demandando á Xunta que merque o pazo para manter a residencia e pedindo unha reunión á conselleira de Política Social.

Unha representación está agora na tribuna. Eu o que lles pido á non-presente conselleira de Política Social e ao conselleiro que está hoxe aquí é que se comprometan a poñer día e hora para esa reunión.





A Xunta é a administración que ten as competencias e os recursos para mercar e dedicar este pazo a residencia pública; e, polo tanto, é que ten que actuar para que estas 53 persoas non se desperdiguen por todo o noso país. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Prado.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** Moitísimas grazas, presidenta.

Debe ser das poucas veces que a oposición se queixa porque o Goberno veña aquí ser fiscalizado, como, ademais, corresponde. Creo que, independentemente da súa pregunta, será o Goberno o que decida, en todo caso, quen é o que vén contestar cada unha das preguntas que fai a oposición. *(Murmurios.)* Déixennos, polo menos, a capacidade de elección, *(Aplausos.)* sobre todo cando a súa pregunta —recórdolle, señora Prado— ten máis contido da parte patrimonial que da parte social.

Falaba vostede na súa pregunta, de forma extensa, sobre as distintas fórmulas coas cales o Goberno se pode facer coa propiedade desta residencia. Polo tanto, creo que veño dar resposta como conselleiro de Cultura porque hai unha parte da súa pregunta que ten relación coa atención residencial e hai outra parte importante que ten que ver coa xestión patrimonial e co proceso de adquisición do pazo de Montesacro.

Quero recordarlle que, no ámbito da primeira cuestión, no ámbito socioasistencial, é indubidable a importancia que a Xunta de Galicia concede aos nosos maiores; e isto vén reflectido, claramente, no orzamento, que se reforza e que se incrementa cada ano de forma sucesiva. Neste ano 2025, sen ir máis lonxe, dedicamos máis de seiscentos millóns de euros á atención dos nosos maiores, o que supón un incremento, con respecto a este ano, de máis do doce por cento.

Creo que a folla de ruta dun Goberno serio e responsable, deseñada unha estratexia política de políticas sociais, non pode ser variable e non pode modificarse en forma dunha decisión concreta dunha entidade privada; nin pode, nin debe, nin a vai variar o Goberno de Galicia. Como ben pode entender, o Goberno atende a unha planificación e a unha estratexia definida para unha xestión eficiente dos recursos, en función das necesidades das persoas e, fundamentalmente, do territorio. Nesta planificación estratéxica, considero importante destacar o Plan de investimentos que pon a Xunta de Galicia á disposición, dotado con máis de 18,5 millóns de euros; un plan para o cal, precisamente, o Concello de Cambados, por exemplo, non presentou as súas propostas. Este plan vai permitir que, durante este ano 2025, Galicia conte con 450 novas prazas de maiores.

No caso concreto da compra de Montesacro, señoría, adquirir este inmovible para convertelo nun centro residencial e adaptalo á normativa correspondente sería altamente complexo e supoñería un elevadísimo custo para as arcas autonómicas. Plantexan, pois, vostedes unha posible solución pouco práctica, ineficiente e con total falta de rigor.



A Xunta de Galicia non ten a obriga de adquirir este pazo, pero tampouco se lle pode exixir porque o Concello de Cambados sexa incapaz de xestionar os seus recursos nin o seu patrimonio. Polo tanto, as decisións adoptadas están enmarcadas dentro dunha estratexia planificada e coherente co territorio. Non poden nin deben estar suxeitas a determinadas cuestións que respondan máis a xogos políticos ideolóxicos que a unha concepción seria e planificada dos nosos recursos socioasistenciais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** É unha evidencia que a planificación do Partido Popular nunca ten como obxectivo os intereses dos nosos maiores, e ás probas me remito: nove de cada dez prazas de residencias de maiores que hai no noso país é privada; o único obxectivo do Partido Popular é ver como facilita o negocio *(Aplausos.)* a esas empresas privadas en vez de crear prazas públicas. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Voulle dar un par de datos, señor conselleiro de Cultura. Mire, a última residencia que Amancio Ortega construíu aquí, no concello de Santiago, para residencia de maiores e que agasallou á Xunta, custou 25 millóns de euros e 400.000 de urbanización. Este pazo de Montesacro, en Cambados —a información que temos é que se vende por ao redor de tres millóns de euros—, ten setenta prazas neste momento e 600 metros cadrados que se poden edificar; polo tanto, é unha ganga comparado cos 25 millóns de euros que custou a de Santiago; e polo tanto, nin é ineficiente, nin moitísimo menos, o que hai que ter é vontade política para querer facelo e non ser un Goberno comercial das empresas. *(Aplausos.)*

E, efectivamente, o Goberno ten instrumentos: pode mercalo, se aínda non está vendido e, se está vendido, pode facer valer o artigo 49 da Lei de patrimonio de Galiza, que di que ten o dereito —si— de tanteo e retracto. Se llo comunicaron, ten tres meses, e, se non llo comunicaron, ten un ano para facelo. E, ademais, ten outra ferramenta, que é que neste momento este pazo ten unha actividade asistencial, e vostede pode comprometerse a non cambiala, e, polo tanto, quen o merque só poderá dedicalo a residencia de maiores, a política social ou a un destino de saúde. Polo tanto, ten instrumentos, se quixese, e se a preocupación fose os maiores —se fose os maiores—, pois, en toda a comarca do Salnés non hai nin unha soa residencia pública nin unha soa praza pública.

Se vostedes queren demostrar que non son comercial das empresas, poñan a hora e o día aos representantes...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...da veciñanza de Cambados, que están na tribuna, e que queren unha resposta ás súas demandas. Mil persoas pídenlle que o compren...



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...e que o destinen para residencia de maiores. Comprométanse a falar con eles. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor López Campos.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Prado, só velan polos intereses dos maiores vostedes —está claro— e o BNG. Despois quéixanse de que, ao final, cando teñen que votar, non os votan, *(Murmurios.)* pero está claro que, seguramente, os maiores non lles entenden a forma que teñen vostedes de defender os seus intereses, *(Murmurios.)* porque despois, efectivamente, publicamente lastímanse e quéixanse de que, cando son as eleccións, os nosos maiores só votan o Partido Popular. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Creo que aí... *(Murmurios.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** ¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor!

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** Eu creo que se alguén ten a capacidade para poder vulgar a intelixencia dos galegos, pois son os propios galegos, e, ao final, son eles os que deciden en liberdade.

Repítolle, a súa proposta nin é viable, desde a perspectiva da atención socioasistencial —como lle dixen antes—, nin desde a xestión patrimonial. Comentáballo antes porque esta residencia privada atravesaba unha serie de dificultades económicas, e —creo— o Goberno galego si que fixo os seus deberes e a conselleira, ademais, así o transmitiu nesta Cámara.

Mediouse coas empresas do sector para que este servizo tivese continuidade, aínda que, evidentemente, non se chegou a un acordo coa propiedade do inmoble. E, ademais, a Xunta si que se preocupa do benestar dos coidados dos maiores porque, no día de hoxe, temos máis de 16.000 prazas sostidas con fondos públicos, é dicir, o triplo, nada máis e nada menos que tres veces máis das que había no ano 2009; e desas 18.000 prazas, 168 atópanse na comarca do Salnés.

Pero seguen vostedes insistindo na cuestión da propiedade do patrimonio, e aí é no que, por descoñecemento —supoño que será por descoñecemento—, falan vostedes da lexislación en materia de patrimonio; e en materia de patrimonio, a lexislación é perfectamente clara e meridiana, cando di que a Xunta de Galicia poderá exercer os dereitos de tanteo e de retracto sobre os bens que estean expresamente declarados como ben de interese cultural. Como sabe vostede, ademais, o pazo de Montesacro non é ben de interese cultural —sábeo perfecta-



mente vostede — e, se non, se ten algunha dúbida, ao rematar esta pregunta pásolle a listaxe dos bens de interese cultural que están declarados (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) no concello de Cambados. Non teño ningún problema en pasarlla.

Simplemente, o pazo atópase dentro dun conxunto histórico que está declarado como ben de interese cultural. (*Algúns señores e señoras deputadas: ¡Ah!*) (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¡Bueno, é unha diferenza substancial!; (*Algunhas señoras e señores deputados: ¡Non!*) (*Murmurios.*) agora vóllela explicar. (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ¡Silencio, por favor!

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** O feito de que este ben estea situado nun complexo ou nun conxunto histórico declarado BIC, non atribúe á administración ningún dereito de tanteo nin de retracto. Lea vostede a lexislación. Para iso é preciso que o propio ben estea inscrito como ben de interese cultural, (*Algúns señores e señoras deputadas: ¡Non!*) (*Murmurios.*) cuestión que non cumpre este caso concreto porque o BIC, que é a vila de Cambados, é o conxunto histórico, aprobado polo Decreto 288/2001, do 8 de novembro, que decreta, como ben de interese cultural, o conxunto histórico da vila de Cambados, e non cada un dos bens que están integrados dentro, que é o que concede o dereito de tanteo ou de retrato á administración. (*Murmurios.*) Polo tanto, este elemento non é BIC.

Descoñecen vostedes, desde logo, esta realidade...,

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** ...e o único que intentan, por suposto, é enganar, porque non hai nin sequera unha proposta cun mínimo de rigor. (*Aplausos.*)

Se é así, estaremos dispostos a escoitala. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, moitas grazas.

Rematada esta pregunta, suspendemos a sesión, que será reanudada ás dezaseis horas.

Bo proveito a todos e a todas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Prégolles aos señores e señoras deputadas que tomen asento, que se atopan no hemiciclo.

Comezamos coas mocións.



**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Montserrat Valcárcel Armesto, sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta moción rexistróuselle unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un punto novo na parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:*

*<<5 bis. Priorizar a elaboración e posta en marcha dos Plans de Ordenación de Recursos Forestais de todos os distritos elaborando un calendario de actuacións que será presentado no Parlamento de Galicia no prazo de tres meses.>>)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para defender a moción, e por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Montserrat Valcárcel Armesto.

**A señora VALCÁRCCEL ARMESTO:** Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo, señorías.

Vexo que están as bancadas bastante desanxeladas. *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Silencio, por favor.

*(Pausa.)*

Señora Valcárcel, o tempo estalle correndo. Non sei se pasou algo ou...

**A señora VALCÁRCCEL ARMESTO:** Non, non pasou nada. Era simplemente que eu quería amosarlles algo, pero como hai pouca xente non sei se o efecto se dá feito...

O que pasa baixo unhas plantacións de eucalipto é o silencio total. ¿Por que? Porque as consecuencias do monocultivo do eucalipto —e volvemos co eucalipto, aínda que non lle gustase á conselleira de Medio Rural, pero é a temática que temos— son nocivas: degradan o solo, intensifican a perda da materia biolóxica na terra, axudan a unha rápida propagación do lume en caso de incendio e deixan balances hídricos negativos. Temos ese silencio porque non permiten que haxa ningunha especie, nin vexetal nin animal, onde temos plantacións de eucalipto.



Ten tamén outros efectos colaterais. Ten danos colaterais en ecosistemas lindeiros, sobre todo nos fluviais: trala tala das plantacións, os sedimentos chegan ás concas fluviais. É ademais alelopática, produce compostos bioquímicos que inflúen prexudicialmente no crecemento, supervivencia ou reprodución doutros organismos vivos —como lles dicía—. Funcionan realmente como se fosen unha especie de herbicidas sobre a superficie boscosa e a comunidade microbiana.

E, como xa dicíamos na interpelación do anterior pleno, recordabamos as cifras que temos —que eu creo que xa as imos memorizar todos— da cantidade de eucaliptos que hai neste momento en Galicia. Recorden, son 413.000 hectáreas contempladas desde o inventario forestal continuo que se fixo para aquí, para Galicia, co apoio da Universidade de Santiago e co apoio da Universidade de Vigo. Na propia Lei forestal do 2021 xa se dicía que o máximo para 2025 podía ser de 379.000 hectáreas; e, para o 2040, aínda hai que reducir máis e non debe superar 350.000 hectáreas. Polo tanto, volvo repetir: non se está cumprindo a lei promulgada polo seu propio Goberno.

E, ademais da Lei forestal, que nos dá estes datos, hai leis que regulan. A Lei de 2007, de prevención e defensa fronte a incendios forestais, define o que son as faixas de xestión de biomasa e divídeas en redes primarias, secundarias e terciarias. Esta lei especifica que os propietarios forestais son responsables da xestión da biomasa nas devanditas faixas e di que hai que retirar especies como o piñeiro e o eucalipto se están nesas faixas. Así mesmo, tamén a Lei de montes indica as distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións forestais. Todo isto, á parte xa do que comentáramos o día da interpelación do pleno pasado, levou a formular os datos que temos nesta moción.

O primeiro era preguntarlle á Xunta se tiña pensado iniciar os trámites para a modificación do previsto na disposición transitoria novena no sentido de ampliar a moratoria a novas plantacións de eucalipto até o 31 de decembro de 2030, porque consideramos que iso é necesario, dadas as cifras que hai de eucaliptos actualmente e que —como volvo repetir— non cumpren a propia lei.

Despois, tamén, o que preguntamos na moción é que ten pensado facer a Xunta coas plantacións ilegais de eucaliptos que se executaron desde o anuncio da moratoria ata a actualidade. Porque —repito— cando esa moratoria se promulgou no 2021 tivo un efecto chamada e aumentaron de forma bastante exponencial as plantacións de eucalipto ilegais. Entón, cremos que a Xunta ten que dar resposta a isto, porque está fóra da legalidade. ¿Que medidas ten pensado implantar o Goberno galego para protexer os ecosistemas naturais dos espazos protexidos? ¿E que van facer para promover a súa biodiversidade, evitando que haxa plantacións de eucaliptos? Porque esa tamén é outra realidade: hai agora plantacións de eucaliptos en espazos protexidos.

E, por último, se vai o Goberno galego levar a cabo un plan de reconversión dos terreos forestais con plantacións de eucaliptos nos que esta especie non ten un aproveitamento produtivo ou se existen restricións legais, priorizando as actuacións das máis de 300.000 hectáreas de montes que xestiona o Goberno galego mediante convenios, consorcios e outras figuras. E por todo iso é polo que traemos hoxe nesta moción.



Bueno, nós sempre, á parte diso, traemos propostas porque consideramos —como ben dicíamos— que outro futuro é posible para o noso monte, para ter un monte multifuncional, para acadar unha nova política forestal, unha nova silvicultura do monte; e, sobre todo, tamén pensando nas zonas que aínda non están tan invadidas polo eucalipto. O primeiro: facer cumprir a lei existente de modo inmediato e impedir que se fagan de forma tallante —se podemos empregar esa palabra— plantacións de eucaliptos nas terras agrícolas, nas zonas de ribeira, nas zonas de bosques de frondosas, en espazos naturais protexidos da Rede Natura 2000 e nas distancias aos ríos, a estradas de todo tipo, a núcleos de poboación...

A Xunta cremos que ten que abandonar ese deixamento e —como dicimos— facer cumprir a lei. E ten que cambiar rapidamente —cremos— e progresivamente as especies de árbores forestais só industriais, diversificándoas con coníferas que teñan un alto valor engadido —que tamén as hai— e de alta calidade. Son, na maior parte dos casos, unha excelente alternativa ao eucalipto e ao piñeiro de mala calidade que, desgraciadamente, —volvo repetir— é a gran maioría do que existe en Galiza. Hai moitas alternativas e esas son as que deberían vostedes de contemplar. Cómpre iniciar, entón, esa diversificación do monte, impulsando tamén con axudas fiscais e directas as plantacións de frondosas de madeira de calidade, como poden ser a cerdeira, o *prunus*, árbores de crecemento medio... Moitas desas árbores son as que empregan países do norte e centro de Europa, e esas teñen unha madeira valiosa pola súa calidade. Hai que potenciar as plantacións de árbores de froito, tamén, como son os montes de castiñeiros; pero adaptada cada variedade seleccionada a cada unha das zonas xeográficas do castiñeiro que ten Galicia. E tamén aí, na investigación, o propio centro de Lourizán dispón de máis de vinte variedades.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Valcárcel.

**A señora VALCÁRCEL ARMESTO:** Deixo o que teño que comentarlles para despois, para a réplica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Falaba na pasada sesión plenaria a conselleira de Medio Rural sobre as plantacións de eucaliptos, en contestación á interpelación da compañeira do BNG, pero o que non dicía —e, polo tanto, ocultaba— era o que realmente aconteceu en Galicia cos cambios de criterio do Goberno galego sobre as plantacións de eucalipto. Ata o 23 de febreiro de 2021, o Goberno da Xunta de Galicia defendía unha revisión do Plan forestal que sometía á aprobación no pleno do Parlamento de Galicia. Un plan que non estaba debatido co sector, que non pasara por un proceso de participación, que non tiña unha diagnose da situación do monte galego



e que non establecía o modelo que desexabamos ter para os vindeiros anos de desenvolvemento do plan. A Consellería de Medio Rural planificaba un aumento da superficie de eucalipto nun tres por cento con respecto á superficie actual para o primeiro quinquenio do plan 2021-2025, para verse reducida nun cinco por cento no cuarto quinquenio de desenvolvemento do dito plan. Por certo, por increíble que pareza, a superficie do eucalipto non quedaba establecida e nin tan sequera estimada no plan aprobado.

Nembargantes, o 23 de febreiro dese mesmo ano, de 2021, o conselleiro do Medio Rural anunciou unha suspensión temporal de novas plantacións de eucalipto. Esta decisión, que contradecía o establecido no plan que acababan de presentar, non tivo explicación de ningún tipo, nin técnica nin económica. A dita suspensión anunciouse en diferido, no máis puro estilo do Partido Popular: sen data concreta de aplicación, establecendo como data inicial a aprobación da Lei de recuperación da terra agraria, aínda naquel momento en proceso parlamentario. Anunciada a suspensión por parte do Goberno galego da plantación de novas superficies de eucalipto alí onde non estivese plantado antes da moratoria. Nunha Galicia que, segundo algunhas informacións, podería ter na actualidade ata 600.000 hectáreas de eucalipto —e di a conselleira do Medio Rural que non son un problema este tipo de plantacións—, sen que os diferentes gobernos do Partido Popular tomasen ningunha medida eficaz para que deixase de medrar exponencialmente a súa presenza no noso territorio. Quedaría en vigor ata final do ano 2025.

Dende ese momento, dende que tivo lugar o anuncio, os viveiros de Galicia esgotaron as plantas de eucalipto e fixéronse talas indiscriminadas de zonas de piñeiro e outras especies por todo o noso territorio para plantar eucalipto antes de comezar a suspensión; coñecedores da inacción histórica do Goberno galego no control das ditas plantacións, incluso en terras agrarias, e ante unha suspensión que se anunciaba sen data de comezo, que incidía no mercado da madeira dun xeito totalmente irresponsable para un Goberno que di crer na liberdade de mercado e que tiraba polo chan o prezo da madeira de piñeiro nun momento de crise.

Nese momento, o Grupo Parlamentario Socialista instaba o Goberno galego a tomar medidas para evitar a tala masiva de montes que se estaba a producir para a plantación de eucalipto antes da moratoria, que definitivamente foi publicada na disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Pero non fixeron caso á iniciativa do Partido Socialista de Galicia, como acostuman.

Co que acabo de expor, calquera persoa entende que a Lei 11/2021 emenda á plana ao Decreto 140/2021 do mesmo ano, incluso publicado posteriormente sen esta corrección, posto que prohibe as plantacións de eucalipto e o outro autorizaas. Isto é o que fixo o Goberno galego, e a estas situacións estamos de sobra acostumbrados, como sucedeu cando dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha iniciativa sobre os montes protectores, que foi rexeitada —isto foi no ano 2021— polo Grupo Popular; e, ¡oh, sorpresa!, cando uns meses despois, mediante a Lei de medidas fiscais e administrativas do ano 2022, incluía o peticionado polas socialistas. O que se trata é de non apoiar iniciativas socialistas e despois ter que incluílas normativamente.

Falouse tamén na pasada sesión plenaria do inventario forestal de Galicia. O venres 2 de xuño de 2023 presentáronse os datos preliminares; porque a conselleira dicía que os datos





do inventario forestal eran preliminares, co cal non temos inventario forestal. Presentaban unha táboa resumo de nove columnas e seis filas que valora a superficie pero non o volume da madeira; entón, tampouco é un inventario forestal. E din nese inventario preliminar que hai en Galicia 409.026 hectáreas de eucalipto. ¿E como explican esta cifra, señores e señoras do Partido Popular? Porque xa lles anticipo que non é fácil de explicar. Para demostrarlle vou utilizar a información que vostedes aportan.

Primeira evidencia, fíxense: segundo vostedes, en Galicia cortábanse ao ano 12.953 hectáreas de eucalipto, e produciron 6.100.000 metros cúbicos. Unha simple división dinos que de media en cada hectárea de eucalipto cortada había 471 metros cúbicos de madeira. Isto sería fantástico, pero é irreal, porque só para os mellores índices de sitio ou calidade de estación da especie *Eucalyptus nitens* e para turnos de curta altos se poderían obter estes resultados. E a realidade é que se están cortando moitas máis hectáreas de eucalipto para poder obter esa produción de máis de seis millóns de toneladas ao ano. É máis, no Plan forestal de Galicia, segundo os datos que vostedes publican no eixo catro, os eucaliptais que se cortaron no ano 2022 en Galicia tiñan 31,4 de media de idade. Como diría o presidente do Parlamento, «iso non o cre nin o apuntador».

Miren, en conclusión, cando vostedes presentaron o Plan forestal e o aprobaron falaban dun incremento, despois dunha redución. Durou ese plan uns minutos, porque o mesmo día que se presentaba xa anunciaban que o ían incumprir. De feito, tivéronse que abrir 646 expedientes de sanción en cinco meses no ano 2021, e iso foi consecuencia desta moratoria anunciada —como dicía— en diferido. Por iso, para que non volva acontecer, estamos a favor da iniciativa presentada polo BNG. En resumo: teñen que cumprir a lei, a obriga legal de dicir a verdade nas estatísticas que presentan e presentar de verdade un inventario forestal cos datos reais.

Ademais, presentamos unha emenda de adición, que completa a presentada polo grupo proponente, que basicamente di: «Priorizar a elaboración e posta en marcha dunha vez dos plans de ordenación de recursos forestais de todos os distritos, elaborando un calendario de actuacións que será presentado no Parlamento de Galicia no prazo de tres meses». Isto é moi fácil de entender. Se temos unha cidade ou unha vila sen plan de urbanismo, pois non se entende, e loxicamente a construción irá daquela maneira. E para iso no monte ten que pasar o mesmo: temos que ter un estudo dos montes, unha proposta de xestión, garantir a sustentabilidade e o aproveitamento dos montes, mellorar as masas forestais e proxectar un desenvolvemento local...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Remato, presidenta. Xusto o que non fai o Partido Popular e a conselleira do Medio Rural, que hoxe nos deu unha lección do que non se ten que facer en materia forestal. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Rolda do Grupo Mixto. Señor Ojea.



**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Bueno, este tema foi xa tratado pola mañá e seguimos con el. O dito: o eucalipto é unha árbore que é orixinaria doutra zona do planeta. Alí, no seu lugar orixinal, non medraba tanto e deixaba medrar herba baixo os seus pés, porque entraba en competencia con outras especies igualmente fortes ca el nese entorno. Pero, claro, trouxérono a Galicia, onde hai moita máis auga da que hai alí, e entón empezou a medrar. Por ese crecemento rápido é precisamente polo que se planta para obter a madeira. Pero claro, non ten competencia entre as especies botánicas do país e, por iso, —como dicía a portavoz proponente— non medra a herba. Un vai por un —ímoslle chamar así— «bosque de eucaliptos» e alí non ve un paxaro voando, alí non ven un niño feito, alí non se escoita un paxaro carpinteiro ou un peto facendo un niño. Alí non se ve máis que iso, eucaliptos e practicamente o chan. Quere dicir, que non é unha contorna natural e, desde logo, iso ten consecuencias ecolóxicas.

Sería unha anécdota se houbera unha superficie mínima ou anecdótica, pero as superficies das que estamos falando son superficies que están afectando todo o ecosistema galego, están afectando os recursos hídricos —como dicíamos, consomen moita máis auga— e, loxicamente, todo iso ten que ser xestionado e teñen que tomarse medidas.

Loxicamente, hai uns intereses económicos creados aí e tampouco se pode da noite para a mañá deixar a xente que vive diso e que ten os seus recursos económicos baseados niso, cortar polo san tamén da noite de mañá. Pero si que a liña de actuación debe ser recuperar pouco a pouco progresivamente o ecosistema propio galego, por motivos obvios. Toda esa xente terá que ir buscando pouco a pouco outras alternativas económicas, mesmo dentro do ámbito forestal; como acabo de dicir, hai alternativas. E un pouco a liña ten que ser esa, porque a verdade é que se chegou a unha... Eu, xa lle digo, nos últimos meses recorrín partes de Galicia que recorrera pouco nos últimos anos e quedei asombrado do cambio en materia forestal, que se ven superficies de eucalipto por todos os lados, co cal hai que lle poñer algo de freo a todo iso.

E nada máis. Dicir que a nós nos parece totalmente razoable a proposta do BNG. Do que xa se falou á mañá, pois non me vou repetir.

Grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Señor Viso.

**O señor VISO DIÉGUEZ:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos, señorías.

Ben, hoxe debatemos aquí unha moción que, aínda partindo dun tema relevante, presenta propostas desacertadas e afastadas dunha verdadeira visión integral do monte galego. Se-



ñorías, nós cremos nun monte que estea ordenado, que xere riqueza e postos de traballo; un monte eficiente cara á neutralidade carbónica a alcanzar no ano 2040.

E, por suposto, cando nós falamos do monte tamén falamos do eucalipto, que é o tema que hoxe nos trae aquí. Falamos do eucalipto como falamos dunha fonte de ingresos moi importante para o rural galego. É importante destacar iso. A nosa obriga, señorías —e así o fixo ver a conselleira na súa intervención—, é garantir o equilibrio entre a economía e a ecoloxía. E por iso se estableceu a moratoria de novas plantacións ata decembro de 2025.

Hoxe vostedes aquí traen no seu primeiro punto do [*Inaudible.*] prolongar a moratoria ata decembro de 2030, loxicamente sen considerar os resultados do inventario forestal continuo nin avaliar as repercusións no sector. Iso, a todas luces, sería precipitado. As decisións, señorías, deben basearse en datos —señorías, en datos—; non en discursos populistas. A Xunta de Galicia xa está a levar a cabo un plan sólido e efectivo de reconversión forestal, destacando as seguintes actuacións: Primeiro, prohibición de novas plantacións en montes públicos, como vostede saben. A Lei 7/2012 no seu articulado prohibe estrita e explicitamente as plantacións de eucalipto nos montes de utilidade pública e de xestión pública. Outro dos puntos é a axuda para a reconversión en terreos privados. Dende o 2020, señorías, —Goberno do Partido Popular— as zonas de forestación priorizan a conversión de terreos con eucaliptos cara a especies autóctonas de maior valor tanto ecolóxico como produtivo. E tamén falamos de planificación; planificación e xestión privada. O marco normativo asegura unha ordenación forestal equilibrada. Tamén falamos da integración no Plan forestal de Galicia 2021-2040 —que a escoitei falar a vostede pouco diso, señora Valcárcel— cara á neutralidade carbónica. Primeiro, nese plan forestal falamos de incrementar coníferas e frondosas autóctonas; segundo, mellorar a xestión das plantacións existentes; e, terceiro, diversificar os usos do monte: madeira, castañas, cogomelos e tamén, por suposto, aproveitamentos lúdicos.

As medidas actuais son suficientes e efectivas. Por tanto, reclamar, como vostedes fan na súa moción, a creación dun novo plan específico de reconversión é innecesario, pois as liñas estratéxicas xa están plenamente integradas. Señorías, fomentamos a plantación de frondosas autóctonas mediante axuda de reforestación, a modernización de empresas e o desenvolvemento de soutos. Iso é unha realidade. E isto, por suposto, é un dos obxectivos e é unha realidade que construímos desde o Grupo Popular día a día.

Segundo os resultados —e hoxe aquí tamén se falou e xa se falou á mañá, é importante volver recordarllelo—, o Inventario forestal continuo de Galicia fala de un millón e medio de hectáreas arboradas. Iso é así. E vostede mesma recordaba que hai 413.000 hectáreas de eucalipto —que o dixó hoxe aquí—, o que pasa é que non recordou que 635.000 hectáreas son frondosas, que o dixó á mañá pero agora deu a entender que parece ser que non lle gustan moito as frondosas que temos agora.

Ben, señorías, temos que ter claro cales son os datos. Si, se non vostedes lean o que din. Vólvelles pasar o que lles leva pasado aos seus compañeiros: cando falan dende o papel din unha cousa e cando falan desde o sentimento din outra cousa. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)



Ben, tamén cómpre dicir... ¡Claro! Señorías, seguiremos garantindo que o monte galego xere riqueza sen comprometer o medio ambiente nin a biodiversidade. Proba diso son máis de quince millóns de euros que destinamos no orzamento do 2025 —hoxe á mañá a conselleira volvíallelo recordar— para silvicultura adaptativa e produtiva en coníferas e frondosas. Volvemos dicir, señorías, que iso non son palabras; iso son feitos.

Na súa moción —tamén lles recordaba agora aquí— falaban de plantacións ilegais. Por suposto, quero deixar claro que a Xunta de Galicia non é permisiva. Non toleramos incumprimentos e traballamos para que a normativa forestal sexa totalmente respectada.

As decisións sobre o eucalipto no monte galego deben tomarse con seriedade, serenidade e baseándose na realidade. E por iso —como ben se comentou aquí—, no 2021 solicitábase unha moratoria. Curiosamente pouco despois algúns rexeitaron o Plan forestal, unha ferramenta esencial para ordenar os recursos, o cal vén sendo tamén a todas luces moi incoherente. E ademais en maio dese mesmo ano, señorías, votaron en contra da Lei de recuperación de terra agraria que, por suposto, incluía a moratoria que agora defenden. Polo tanto, señorías, algo non coincide: nese momento votaban en contra da Lei de recuperación terra agraria, que incluía a moratoria, e agora veñen aquí pedindo a ampliación da moratoria. Señorías, un pouco de coherencia na súa mensaxe. Eu creo que esta incoherencia o que realmente fai é que dificulta atopar un criterio sólido.

Mentres tanto, nós actuamos con feitos: incrementamos en 10.400 hectáreas as masas frondosas e coníferas nos últimos catro anos e destinamos —e así o recordaba esta mañá a conselleira outra vez— máis de trinta e dous millóns de euros en axudas. Ademais, a Xunta de Galicia entende a necesidade de reducir gradualmente o eucalipto en zonas sensibles, como espazos protexidos, augas, patrimonio cultural e áreas costeiras —aquí tamén se comentaba algo diso—. Niso, por suposto, estamos traballando. Esta transición será progresiva e coordinada con todos os departamentos do Goberno da Xunta de Galicia, por suposto. É fundamental esa coordinación cos diferentes departamentos.

E a través dos orzamentos do 2025 a Xunta de Galicia asegura os recursos necesarios para avanzar nas accións de reconversión de terreos forestais, como parte dunha estratexia global de restauración e diversificación. Señorías, as partidas asignadas, tal e como comentabamos anteriormente e tal e como comentou a conselleira xa en sede parlamentaria, reflicten a prioridade de eliminar progresivamente o eucalipto en áreas que non son axeitadas; pero, por suposto, temos que cumprir co Plan forestal de Galicia 2021-2040. Por tanto, esa proposta que vostedes fan na súa moción de incluír unha partida económica específica para este fin xa está integrada no orzamento. Polo tanto, non ten moito sentido o que vostedes aquí veñen propoñer.

Insisto, señorías, en que nós estamos a traballar para falar dese compromiso, desa colaboración que temos entre as diferentes entidades dentro da Xunta de Galicia para convivir nese apartado do que falabamos ao principio: pensamos no eucalipto coma unha parte da riqueza do noso rural galego.

E para rematar xa, señorías, quería facer unha pequena reflexión sobre unha noticia que vostede, señora Valcárcel, deixaba o outro día no periódico *El Progreso* do día 24. (O señor Viso



*Diéguez amosa un titular de prensa.*) A verdade é que é unha noticia que vostede mesma escribiu, un pouco baseándose na intervención que fixera no pleno. Nesa intervención a propia conselleira corrixiu os erros que vostede tiña nesta intervención e nos cales se equivocara. Vostede falaba de que a superficie ocupada polo eucalipto en Galicia —bueno, «na Galiza», poñen vostedes (*Murmurios.*) (*Risos.*)— supera a extensión doutros estados considerados como grandes produtores. Por exemplo, a plantación desta especie en Chile —falaban de varias— e en China de 48.000 hectáreas. Creo que lle quedou claro que o outro día os datos que manexaba non eran os datos adecuados. Sen embargo, vostede volveu facer un argumentario á hora de falar nun xornal. Eu creo, señorías, que...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Viso.

**O señor VISO DIÉGUEZ:** ...—si, remato xa— persistir no erro non é un accidente; é unha elección. Eu creo que o BNG neste caso demostra varias cousas. Primeiro, que a falta de rigor non é casual, senón intencionada; pasamos do erro á mentira. Señorías, tamén, o segundo: cando os datos non encaixan no seu discurso, prefiren ignorar a verdade antes de axustar a súa mensaxe. E, señorías, seguen na axenda de máis ideoloxía e menos futuro para Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Viso.

Peche para a autora da moción. Señora Valcárcel.

**A señora VALCÁRCCEL ARMESTO:** Ben, volvemos de novo. ¡Como me gustou que me lea nun periódico local, en *El Progreso!* ¡Incríble! ¡Incríble! (*Aplausos.*)

Bueno, imos ver, eu se non o dixen xa desde a miña interpelación do outro día, a miña intervención de hoxe á mañá e mais agora do Plan forestal do 2021... Eu creo que o repetín tanto que é imposible que alguén non se aburra xa do que dixen, da cifra de eucaliptos que hai: 413.000. Nese Plan forestal falaban de 359.000 para o 2025 e aínda menos para o 2040. É a lei que aprobaron vostedes. Non sei, pódono repetir as veces que queiran, pero é que son os datos. Son os datos.

É en algo si que estamos de acordo: o monte debe conxugar funcións ecolóxicas, económicas e sociais. É dicir, no monte poden ter cabida todas as especies, pero dunha forma ordenada. No monte existe unha economía social máis alá da produción de madeira, que é moi, moi importante. Dentro da produción de madeira, eu voulle comentar que toda esta iniciativa que trouxemos consensuámola tamén con todo o sector e estivemos entrevistándonos con todo o sector. Entón, de verdade, non saímos aquí da nada.

E agora —dáme igual como lle dea á cabeza—, volvendo ao que me dicía do dos países, iso xa o dixo o outro día a conselleira, que insistiu. Estamos falando dos eucaliptos aquí en Galicia, que sobrepasan calquera lei feita polo propio Goberno do PP e ela vaimos con que se os datos non están actualizados e os que pon de Chile... ¿Que importa iso? Estamos falando aquí dunha especie alóctona. (*Aplausos.*)



E o máximo foi cando me di que faltaban os datos de Australia, que é de onde é orixinal. Bueno, iso xa me parece, de verdade, o colmo dos colmos. Aquí é alóctona e, como comprenderán, en Australia é autóctona, igual que as frondosas son autóctonas. Entón, que alí teñan un montón de hectáreas, evidentemente, é o lóxico; e, á parte de ter un montón de hectáreas, ¿saben o que teñen? Teñen como seiscentas especies distintas de eucalipto —que aquí só temos dúas— porque é de alí orixinaria. Está adaptada ás condicións de Australia que, que eu saiba, non se parecen en nada ás que temos en Galicia. Entón, ese argumento de verdade que cae sobre o seu propio peso; non ten ningún sentido. Estamos falando de aquí de Galicia e estamos falando do que temos que facer aquí en Galicia. (*Aplausos.*) E aquí en Galicia vólvolle insistir na lei que hai, a lei das franxas; e vólvolle insistir que nas autoestradas e nas autovías non pode haber especies como piñeiros, eucaliptos...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Valcárcel.

**A señora VALCÁRCEL ARMESTO:** ...e acacias, que comenta sempre o noso compañeiro Ojea —as mimosas, esas acacias que é verdade que son invasoras—, tampouco as pode haber; igual que nas pistas, asfaltadas ou non. Hai que respectar a lei, e é o único que lles estamos dicindo: que se respecte a lei, que hai moitas plantacións ilegais.

E, como teño que ir rematando, simplemente quero comentar que imos dar o apoio ao engadido que propuxeron desde o PSOE. A nosa proposta agardaríamos que si que a apoiasen todos os grupos parlamentarios, porque loxicamente é falar do futuro do forestal galego.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora VALCÁRCEL ARMESTO:** E quero agradecerlle tamén o apoio ao señor Ojea, que antes non o dixen. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte moción.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Taibo Corsanego, sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Non se presentou ningunha emenda.

Para defendela, ten a palabra a señora Taibo.

**A señora TAIBO CORSANEGO:** Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Hoxe volvemos traer a cuestión da lingua a este pleno. Voume adiantar. Voulles facer unha pequena petición a todos os grupos e, especialmente, ao Grupo Popular. Gustaríame pedirilles



que pasemos directamente á parte práctica. Porque xa sei que coincidimos en que a nosa lingua é moi importante para todos os grupos. De feito, o conselleiro hai quince días dixo aquí que a nosa lingua é un tesouro que temos que conservar e que temos unha obriga; que a nosa maior responsabilidade e transmitila ás seguintes xeracións. Concordamos parcialmente con esa afirmación do conselleiro, porque para nós a nosa lingua é moito máis que un tesouro; forma parte da nosa identidade. Os tesouros adoitan acabar nos museos; nós o que queremos é unha lingua viva e con futuro.

Pídolles isto porque, efectivamente, hai cousas nas que podemos concordar —cousas moi básicas como iso, que necesitamos que se protexa a lingua galega—, mais hai outras importantes nas que non. Nós hoxe vimos aquí para traer propostas moi concretas e para falar de cousas concretas. ¿Por que digo isto? Porque hai uns días houbo un deputado que nesta Cámara nos dixo que deberíamos deixar de presentar tantas iniciativas neste Parlamento en relación co idioma, porque iso xa se está a falar noutro contexto, como é o posíbel pacto pola lingua. Nós imos seguir vindo aquí facer o noso traballo, que é o de pedir que se cumpran as normas que xa existen para protexer a lingua galega e seguir facendo propostas. Seguiremos traballando. *(Aplausos.)*

Tamén o dicía porque aínda onte a señora Paula Prado —que agora non está hoxe aquí— tivo a ben facer referencia a un debate que tivemos a semana pasada na Comisión 1ª, na que o noso compañeiro Iago Tabarés facía unha proposta de promoción da lingua galega nos corpos e forzas de seguridade en Galiza. Á señora Prado esta proposta pareceulle que tiña que ver coa imposición. Á señora Prado parece que lle molesta que propoñamos que se promova a lingua galega en calquera ámbito.

Por iso quero que vaíamos ao gran, que vaíamos ao fío das propostas concretas e que falemos de cales son as responsabilidades de cadaquén —nomeadamente, do Goberno galego— en relación co futuro do idioma; si que concordamos que temos todos e todas que traballar, mais hai responsabilidades moi concretas que ten que pór en marcha este Goberno.

En concreto, xa saben, imos falar sobre a Carta europea de linguas rexionais ou minorizadas —xa viñemos aquí hai quince días para falar deste tema—. O Comité de expertos do Consello de Europa para o cumprimento desta carta polo Estado español e polos gobernos correspondentes fai unha serie de recomendacións, no noso caso moi concretas, algunhas delas urxentes —xa o mencionamos aquí tamén—. Polo tanto, nós o que traemos aquí son oito propostas que non é que estean relacionadas, senón que están tiradas directamente dese informe do comité de expertos, e tamén están relacionadas co Plan xeral de normalización da lingua galega. Polo tanto, imos falar de cousas moi específicas que pode facer este Goberno e que debe facer este Goberno, porque é o seu deber.

A primeira das propostas é a derogación do Decreto 79/2010, chamado «do plurilingüismo». Isto procede directamente dunha das recomendacións urxentes do Comité de expertos do Consello de Europa, que pide que se eliminen as limitacións que evitan que a lingua galega sexa utilizada como lingua vehicular nas materias de ciencias. Precisamente a primeira das nosas propostas o que di literalmente é iso: precisamos un novo decreto que axude a eliminar esas limitacións.



A segunda das propostas tamén ten que ver co ensino e é exactamente literal o que pide o Comité de Expertos da Carta europea de linguas rexionais ou minorizadas: que se garanta que existan materiais didácticos en galego para todas as materias. Entendemos que isto é algo que poden asumir todos os grupos e que deberían asumir todos os grupos.

A terceira das propostas que facemos é eliminar a exención en galego. Quixemos facer esta reflexión, por unha banda, porque o Goberno galego estivo a falar moito nas últimas semanas sobre a importancia que teñen as persoas que veñen de fóra de Galiza no descenso do número de falantes de galego. E, por outra banda, o propio Plan xeral fai unha reflexión moi importante e moi relevante sobre os problemas que implica a exención da avaliación de lingua galega. Por iso quixemos indicar tamén aquí esta exención.

A proposta cuarta que facemos ten que ver co establecemento da oferta positiva na Administración pública. Falamos disto tamén hai quince días e estamos a falar —parece que para molestia dalgúns grupos— nas comisións da importancia que ten este obxectivo estratéxico do Plan xeral. O Plan xeral establece entre as súas estratexias principais a de que a administración ten que dirixirse á cidadanía, en primeiro lugar, en lingua galega. Pasaron vinte anos desde que se aprobou o Plan xeral e non se fixo ningún movemento neste sentido. Nós consideramos que é urxente; é unha das medidas máis urxentes para conseguir que a cidadanía teña acceso á administración pública na súa lingua.

A quinta das medidas ten que ver coas instalacións sociais e sanitarias, co Sergas. Esta é unha das medidas urxentes que pide o Comité de Expertos do Consello de Europa que se poñan en marcha canto antes. Fixemos o que fixemos nesta medida: é unha proposta literalmente copiada do informe do Comité de Expertos. polo tanto, non entenderíamos que non se apoiase esta proposta. Insistimos, o Sergas hoxe en día ten unha presenza do galego cada vez máis escasa e é preciso que este Goberno, que é quen ten a responsabilidade de facelo, se poña mans á obra canto antes.

A seguinte proposta é unha campaña informativa á cidadanía sobre os dereitos lingüísticos. Entendemos, unha vez máis, que é unha medida que non pode resultar difícil de aprobar nin de apoiar por parte de ninguén. É unha medida moi simple, moi branca e que non supón un esforzo excesivo para ningún goberno.

A seguinte medida ten que ver coa presenza da lingua galega na Administración de xustiza. Xa o falamos aquí en varias ocasións —novamente volvemos insistir e insistiremos as veces que sexa preciso—, a lingua galega está presente na Administración de xustiza en menos dun un por cento. Sabemos que a Administración galega é consciente desta información e en moitas ocasións prefire botar as culpas a outras institucións. Non dicimos que non haxa outras instancias que teñan que facer tamén o seu traballo, mais iso non quita que teñamos que poñer en marcha medidas que vaian máis aló de reunirse co conselleiro correspondente.

E a última das medidas das que lles quero falar, a última das nosas propostas, é pór á disposición datos sobre as cifras de procedementos penais, civís e administrativos —incluídas as notarías— que se levan a cabo en galego ou nos que se usa a lingua galega. Entendemos que para que poidamos ter unha información correcta, para que poidamos seguir a actuar





ou para que poidamos actuar na meirande parte dos casos na Administración é preciso ter información realista sobre cales son os datos. Porque se nos está a dicir en moitas ocasións que a cidadanía hoxe en día é libre para elixir, que calquera persoa pode usar o galego ou usar o castelán indistintamente en calquera administración. Nós temos datos de que iso non é así, mais precisamos, para poder seguir avanzando neste debate, dispor de información realista.

Como lles digo, son medidas que non son especialmente esixentes. O único que fixemos foi trasladar as propostas do Plan xeral e trasladar as propostas urxentes e non tan urxentes do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta europea de linguas rexionais e minorizadas. Polo tanto, non entenderíamos que non se producise o apoio a esta iniciativa, porque do que se trata, unha vez máis, é de avanzarmos e de demostrarmos que existe un compromiso para sabermos se de verdade existe ese compromiso na defensa da lingua galega e coa presenza da nosa lingua en todos os ámbitos da nosa vida e da nosa sociedade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Taibo.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. (*Pausa.*) Renuncia ao seu turno de palabra.

O seguinte grupo parlamentario en intervir será o Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra o señor Ernesto Abalde, que vai intervir desde o seu escano, así mo trasladou. E pido que se lle dea voz ao seu escano.

Ten vostede oito minutos.

Deulle á cabeza porque prefire que lle chame Julio. Perdoe...

**O señor ABALDE ALONSO:** Normalmente, si, chámanme Xulio...,

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Perdoe.

**O señor ABALDE ALONSO:** ...pero con Ernesto o meu avó estaría encantado.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Vale. (*Risos.*)

Moi ben. Pois ten a palabra.

**O señor ABALDE ALONSO:** Presidenta, señorías.

Imos ser positivos e cheos de ambición para prover de boas novas e de boas accións o noso cometido político. E diríxome cunha mensaxe cargada de esperanza —e, ¿por que non dícilo?, de confianza— ao Partido Popular porque, a pesar do que moitos poderían pensar, cremos no espírito reformador que seguro que dorme nalgún lugar das súas bancadas. E



como é costume nesta casa, estou convencido de que non deixarán pasar a oportunidade de facer historia e de demostrar co seu apoio que o galego non só é unha lingua, senón que é o que nos fai cidadáns.

A Carta europea das linguas rexionais e minorizadas —ese documento que vostedes coñecen, pero que seguramente o entón presidente da Xunta de Galicia e hoxe deputado na oposición en Madrid gardou nun caixón pechado con chave— é clara nas súas recomendacións; non pide imposibles, non fala de utopías, simplemente reclama o que debería ser natural: que o galego recupere o espazo que nunca debería ter perdido. E, claro, aquí están as recomendacións urxentes do Comité de Expertos do Consello de Europa; unhas recomendacións que, por certo, non redactaron un grupo de activistas, senón persoas que analizan o cumprimento dos compromisos internacionais dos estados membros. Así que, non, non estamos ante un capricho dun día, senón ante un contrato pendente de cumprir.

É aquí é onde entra o Plan xeral de normalización lingüística da lingua galega, aprobado no seu día por unanimidade, incluídos os deputados do Partido Popular; un plan que supoño deberon considerar máis un compromiso filorrevolucionario que un compromiso real, porque tivo unha ausencia de implementación durante os quince anos de goberno do Partido Popular.

Co fin de resarcir e aportar, hoxe veñen a este pleno dúas mocións que tratan de traballar en positivo polo galego, e as dúas teñen que ver coa nosa presenza —coa de Galicia e España— no espazo europeo. A do PSdeG, que trata de impulsar a utilización da lingua galega na Unión Europea —que se discutirá posteriormente—, e a que hoxe aquí nos ocupa, que é a de traballar nas recomendacións da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias, para revertir a situación actual da lingua galega. Ambas as dúas aportan de xeito propositivo as accións que deben ser tomadas como eido de traballo e consenso nos próximos meses.

Creemos conveniente recordar aquí o que di esa carta: «A Carta europea das linguas rexionais e minoritarias establece unha serie de recomendacións e compromisos que os estados membros deben asumir para protexer e promover as linguas minorizadas, entre elas, o galego». O Comité de Expertos do Consello de Europa, que supervisa a aplicación da carta, publicou varias recomendacións específicas para mellorar a situación do galego, especialmente nas áreas onde o seu uso segue en declive. Resumirei algunhas para incluso complementar a intervención da representante do BNG, que fala —digamos— de accións como consecuencia destas recomendacións; eu vou falar directamente das recomendacións:

O primeiro, un reforzo do galego no ensino; garantir que o galego sexa lingua vehicular en todas as etapas educativas, tanto no ensino obrigatorio como no non obrigatorio; corrixir a situación actual na que o uso do galego nas aulas queda por baixo das porcentaxes establecidas e está ausente en materias clave, como poden ser as matemáticas, as ciencias, especialmente naquel ensino urbano —todas estas consideracións das asignaturas STEM, curiosamente, son as que non se dan en galego—; impulsar a formación do profesorado para mellorar as competencias en galego e fomentar o seu uso en todas as disciplinas.

Segundo punto, promoción do galego nos medios de comunicación: incrementar significativamente a presenza do galego nos medios de comunicación públicos e privados; garantir



que a CRTVG cumpra a súa función de normalización lingüística, reforzando a programación íntegra en galego e evitando calquera retroceso no seu uso. Este punto vén moi acaído porque onte o Consello da Xunta aprobou un proxecto de lei de regulación da Compañía de Radio e Televisión de Galicia, e sería conveniente que ese proxecto cumprise con estas cuestións. Outro punto deste tema do audiovisual é fomentar a creación de contidos audiovisuais, literarios e dixitais en galego que sexan atractivos para a xuventude.

O terceiro aspecto sería o galego na Administración pública, asegurar que a Administración galega atenda en galego; implementar medidas que normalicen o uso do galego en servizos públicos como a xustiza, a sanidade e a seguridade, onde a súa presenza neste momento é moi limitada, por non dicir moi baixa; e promover o uso do galego en documentos oficiais, formularios e páxinas web. É increíble que na Xunta de Galicia exista algunha páxina web que non teña xa a súa versión en galego.

O cuarto apartado sería protexer e fomentar o galego no ámbito económico e social; fomentar o uso do galego no sector privado, especialmente nas empresas, comercio e publicidade, e facilitar a formación do galego para profesionais en ámbitos como a hostalaría, o turismo ou a atención ao público.

O quinto aspecto sería revertir o retroceso no ámbito urbano; adoptar políticas específicas para aumentar o uso do galego en cidades e vilas; crear campañas de sensibilización para revalorizar o galego como lingua útil e moderna, especialmente nas novas xeracións. Este aspecto, vinculado á utilización nas redes sociais, sería fundamental.

Sexto, protección do galego no ámbito xudicial —xa se comentou aquí reiteradamente—: garantir a plena dispoñibilidade do galego nos procedementos xudiciais e na documentación xurídica; facilitar a formación en galego para profesionais do ámbito xurídico, como avogados, xuíces e fiscais.

Sétimo, sensibilización e campañas de promoción. Aquí creo que hai que resaltar unha das recomendacións, que é promover unha imaxe positiva do galego, combatendo prexuízos que o asocian co atraso ou a falta de utilidade. Se o vinculamos co feito daquelas asignaturas que teñen a visión de asignaturas de futuro e non se dan en galego, xa temos a tormenta perfecta.

E oitavo, aplicación efectiva do Plan xeral de normalización lingüística de Galicia. Que o Consello de Europa teña que dicirnos isto é curioso. O Comité de Expertos tamén insiste na importancia de implementar o Plan xeral de normalización lingüística aprobado en 2004, que recolle medidas concretas para avanzar na normalización do galego, que —como xa comentei anteriormente— leva quince anos paralizado.

Estas recomendacións reflicten a urxencia de adoptar políticas decididas e ambiciosas para evitar que o galego continúe perdendo falantes e espazos de uso. O Comité de Expertos recalca que non abonda con accións simbólicas ou parciais, senón que é necesario un compromiso real e coordinado por parte das institucións galegas e españolas para cumprir coas obrigas establecidas na carta. O galego como símbolo de identidade e riqueza cultural merece



non só o traballo, que vai de seu no momento actual, senón outro — poderíamos chamar— esforzo derivado da deterioración dos últimos quince anos.

Como dato que se debe ter en conta nesta moción, eu chamaría a atención sobre a orixe destes recomendacións. Trátase de Europa, dun comité de expertos en linguas minoritarias; este continente do que tantas veces nos sentimos excluídos e no que tanto anhelamos estar. E poño como exemplo un país como Irlanda, co que moitas veces nos sentimos irmandados e que é quen de protexer o gaélico, unha lingua moito máis minoritaria que o galego aquí en Galicia.

Estas mocións terían máis que nunca que saír adiante e ser parte do sentir unánime deste hemisferio. Estamos a falar do noso, de nós mesmos, e facémolo tanto con esta moción como coa próxima, que defenderemos por parte do PSdeG-PSOE, mais tamén queremos expresar ese sentir que nos leva a ser un feito diferencial dentro de Europa, como todos os demais países que a integran.

Vou rematar cunha frase xa coñecida, pero non por iso baladí: «Para tratar de ir todos a unha e de sentir que neste tempo presente defendemos o mesmo deberíamos hoxe dicir “pensar globalmente e actuar localmente”. Nas nosas mans está».

Por suposto, apoiaremos a moción do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Ferro.

**O señor FERRO IGLESIAS:** Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Eu tamén veño aquí facer o meu traballo. E permítanme que organice a miña intervención ao meu xeito. Eu son máis de empezar pola parte xeral, pola parte que nos une, para chegar ao máis concreto e tratar de limar asperezas e salvar aqueles atrancos que nos separan inxustificadamente. *(Aplausos.)*

Miren, todos coincidimos en que a lingua galega é o principal patrimonio cultural de Galicia, así o vemos claramente na nosa lexislación: no Estatuto de autonomía e na Lei de normalización lingüística, que declara no artigo 4.1 que o galego é a lingua oficial da Administración local e autonómica, e no artigo 23, que di que o Goberno galego establecerá un plan para resaltar a importancia do galego como patrimonio histórico da comunidade, e pon de manifesto a importancia da responsabilidade e dos deberes que ten para a súa conservación, protección e transmisión. E con base, precisamente, nesa Lei de 1983, o Goberno elaborou o Plan de nor-



malización da lingua galega, un plan no que se marcaban unha serie de medidas en todos os ámbitos e sectores da Administración que teñen como obxectivo promover a utilización do galego sen prexuízo do dereito das persoas a empregar calquera dos nosos dous idiomas. Este plan fala de medidas en todos os ámbitos que vostedes citan na súa moción: o ámbito educativo, o da emigración, o da sanidade, o da Administración, o da Xustiza, e moitos máis. Ademais, o Goberno galego, dentro do Pacto pola lingua, está tomando medidas, plantexando unha revisión do Plan xeral de normalización lingüística consensuado con todos nós, con todos os partidos políticos; e tamén en conversas co Consello da Cultura, coa Real Academia Galega e con plataformas cidadás interesadas pola nosa lingua. De feito, o conselleiro, na última xuntanza que tivemos a semana pasada no marco do Pacto da nosa lingua, presentounos os obxectivos xerais e concretos que deben ser renovados no plan. E, para concretalos, anunciou a convocatoria de once grupos de traballo, mostra clara dunha vontade por chegar a acordos e por recibir as achegas que teñan a ben trasladar cada un dos participantes. Por iso, entendan que nos sorprenda —vólvollelo dicir porque xa llelo dixen na Comisión, e chamoulles a atención, e volvo dicilo hoxe— o feito de que vostedes —con total lexitimidade, iso si, por suposto— formulen cuestións que están enriba da mesa no foro que creou a Consellería a través do Pacto pola nosa lingua.

Tamén falan vostedes da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas, carta que —como vostede mesmo recordou— foi ratificada polo Goberno español, cun goberno con maioría absoluta do Partido Popular; é dicir, que non somos tan inimigos do galego.

Como saben perfectamente, a Carta europea ten entre todos os seus obxectivos a promoción, o fomento, a potenciación e a protección das linguas minorizadas. Emite un documento, como vostede mesmo recordou na interpelación do pleno anterior, cada cinco anos; no 2019 emitiu un e no ano pasado, 2023, volveu emitir outro. E o conselleiro da Lingua propúxonos aos grupos políticos nas reunións que tivemos con el precisamente ese documento como base da negociación polo pacto da lingua.

É certo que nos fai esa Carta europea unha serie de recomendacións, tres en concreto, pero tamén é certo que no ano 2019 pois tamén nos facían máis recomendacións, púñanos máis deberes. Asegúrolles que o Goberno galego vai seguir traballando para que nun futuro as recomendacións sexan cero.

Imos intentar continuar co debate moderado, que sinceramente, ao meu sentir, o estamos a facer presentando sosegadamente cada unha das nosas lexitimas ideas e conviccións. Os galegos e as galegas estanos observando, a todos, a vostedes e a nós tamén, e creo que non queren liortas pola nosa lingua. Se non somos capaces de concordar nas cuestións importantes, ¿que poden agardar os galegos de nós? Non imos poder avanzar se non avanzamos naquilo que nos une.

E permítanme que diga, como di unha cita bíblica, o libro do Eclesiastés, ao que eu recorro moito —xa o saben—, que o acordo actívase no momento en que descubrimos o grande que pode ser a recompensa. E aquí a recompensa, señorías, sabemos todos que pode ser moi grande e moi importante. (*Aplausos.*)

Piden vostedes —¡como non!—, no primeiro punto, a derogación do Decreto do plurilingüismo. Xa llelo dixó tamén o conselleiro. Temos que mirar ese decreto. O conselleiro non



vai apartarse dese debate, así o transmitiu, non está pondo liñas vermellas, está disposto a falar de educación, e do decreto tamén. Pero vostedes teñen tamén que dar un paso e non pór liñas vermellas, e saben perfectamente que non temos un problema de competencias lingüísticas, senón que temos un problema do uso social do galego. Ese é precisamente o problema, que moitos galegos, por desgraza, relativizan a importancia do galego. Aí é onde debemos incidir, para que pouco a pouco, pero tamén sen ningún tipo de imposicións, se vaian animando a usar o galego sen ningún medo e sen ningunha vergoña.

¿Que queren facer vostedes despois de derrogar o decreto? Esa é a pregunta que lles fixo o conselleiro. Normalmente, antes de derrubar un edificio, pois xa se fai un proxecto para ver a que se vai destinar ese espazo, sexa de calquera tipo. Pois, se teñen un proxecto, teñen que propoñelo, e, se non, señorías, teñen que sumarse, porque entre todos podemos mellorar ese edificio sen chegar a derrubalo.

A Xunta impulsa o emprego do galego mediante moitas iniciativas, programas, aplicacións e traducións, desenvolve moitas accións para garantir o coñecemento do galego na Administración, nos medios audiovisuais, iniciativas culturais, festivais, feiras dos libros, eventos culturais, tanto no sector da Administración pública como no sector privado.

Cambiamos o paso, señorías, non politicemos a nosa lingua, non a utilicemos con fins políticos. Non se debe dicir que o Partido Popular de Galicia quere acabar co galego. Nin é xusto nin é certo, señorías, e sábeno perfectamente cando o din.

A realidade é máis complexa, e inclúe políticas de promoción e protección da lingua, así como debates políticos e sociais sobre a súa implementación e efectividade. Sigamos traballando, con moita tranquilidade, polo pacto da nosa lingua.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da moción, señora Iria Taibo.

**A señora TAIBO CORSANEGO:** Grazas, presidente.

Grazas aos outros grupos tamén polas súas respostas, ao PSdeG polo seu apoio.

Como dicía o señor Abalde, viñemos aquí presentar propostas en positivo. E ao señor Ferro téñolle que dicir, claro, que isto é un parlamento, os que estamos aquí representados somos grupos políticos, vimos falar de política, polo tanto teremos que facer política, para iso estamos aquí. *(Aplausos.)*

Insistimos no mesmo: por moito que se estea a falar, que se estea a negociar un posíbel pacto, ¿iso que significa? ¿Que a partir de agora, até que se chegue ou non se chegue a ese posíbel pacto, suponse que o BNG e os outros grupos non deben presentar ningunha proposta en relación co idioma, a pesar de que o Plan xeral de normalización lingüística leve



vinte anos aprobado e a meirande parte das súas medidas estean en espera? Suponse que iso é o que nos está a pedir o Partido Popular.

Eu, de verdade, insisto en que non; non o entendo. Unha cousa é que teñamos unha serie de reunións co espírito máis construtivo posible e outra cousa é que teñamos que vir aquí facer o noso traballo, que é para o que estamos.

Falaba o señor Ferro de que nós nos dedicamos a derrubar edificios. En absoluto, os edificios derrúbanse cando se incumpren os consensos, cando se incumpren as leis que levan anos aprobadas, cando se incumpren os compromisos que están aquí asumidos por todos e por todas.

Fala tamén de imposición, falan de imposición. De verdade, a nós resúltanos triste que se recuperen estes termos, que parecía que quedaran por sorte en desuso. Imos ver, eu non son moi partidaria de traer aquí casos persoais, mais no Sergas eu nos últimos dous meses levo demandado que se me entregase na miña lingua un consentimento informado cinco veces, e as cinco veces díxoseme que iso non era posíbel. ¿Iso é que o galego se pretenda impoñer, cando nós estamos pedindo que se mellore a situación da lingua galega no Sergas cunha iniciativa, bastante inocente por certo? ¿Parécelles que iso é tentar impoñer unha lingua?

Non sei se queren entrar nunha batalla terminolóxica, mais en todo caso o que dicíamos antes: non pode haber liberdade lingüística se non existe a opción dunha das linguas. E estamos a falar de que a lingua na que non existe a opción é o galego. Non hai outra realidade. Non sei se nos queremos autoenganar. O que queren os galegos é que o galego teña futuro. ¿Que parte da sociedade galega quere que o galego desapareza? Practicamente ninguén, non sei se existe algún galego ou algunha galega que ten a vontade activa de que a lingua galega desapareza. Por suposto, niso concordamos. Non sei por que nos din vostedes que nós traballamos desde o punto de vista da imposición.

Falaban vostedes, fala vostede tamén moito da cuestión das competencias e do uso. O único que teñen que facer é remitirse á enquisa do Instituto Galego de Estatística. Claro que hai un problema de competencias. ¿Ou acaso a vostedes non lles preocupa que as persoas máis novas declaren que non coñecen nada, ou case nada, a lingua galega? E iso non é un invento do BNG.

En definitiva, como lles dicía antes, cremos que as propostas que presentamos aquí son propostas derivadas do informe do comité de expertos da Carta Europea. E incluso, cando fala vostede da derogación do decreto, parece que a palabra derogación supón algún problema.

Permítanme que lles lea cal é o primeiro punto das nosas propostas: derogar o Decreto 79/2010, chamado do plurilingüismo, para eliminar as limitacións que impiden que o galego sexa lingua vehicular das materias de ciencias, e aprobar un novo texto que asegure os máximos niveis de docencia en galego nas diferentes etapas educativas, para dar cumprimento ao establecido na Lei de normalización lingüística a respecto da igualdade de competencia.

Estannos a dicir que nós non propoñemos nada, que nós simplemente queremos botar cousas abaixo, cousas que xa existen. Por favor, lean a nosa proposta e mírena con algo de atención. O que estamos a pedir é algo moi concreto.



Máis nada, moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

*Emenda de adición.*

*Engadir sete novos apartados vinculados ao actual punto 2 e un novo punto 3, co seguinte texto:*

*«2.1.- Derrogar o Decreto 79/2010, chamado «do plurilingüismo», como resposta á demanda social e institucional, ratificada polo IGE, e aprobar un novo texto que asegure os máximos niveis de docencia en galego nas diferentes etapas educativas para dar cumprimento ao establecido na Lei de Normalización Lingüística a respecto da igualdade de competencia.*

*– Garantir a oferta de materiais didácticos en galego para todas as materias.*

*- Eliminar a exención en galego para o alumnado estranxeiro, recuperando e reforzando os grupos de adquisición de linguas nos centros educativos para garantir a integración lingüística e facilitar a aprendizaxe das materias en galego para o alumnado non galego.*

*2.2.- Revalidar o acordo subscrito polas forzas políticas arredor do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) hai vinte anos, sendo aprobado e ratificado por unanimidade no Parlamento da Galiza o 21 de setembro de 2004. Con esa base democrática, desenvolver o PXNLG, vixente nos seus obxectivos, aberto a todas as organizacións políticas, todas as institucións, asociacións, colectivos e administracións implicados no traballo en normalización lingüística que inclúa:*

*- Pactar no prazo de dous meses un cronograma de planificación das accións propostas no PXNLG para a lexislatura atendendo aos diferentes sectores: administración; educación, familia e mocidade; medios de comunicación e industrias culturais; economía; sanidade; sociedade e proxección exterior da lingua.*

*- Oferta positiva en galego en todos os servizos da administración pública.*

*- En paralelo, abrir un proceso de actualización do PXNLG aberto a todos os axentes implicados no traballo en normalización lingüística.*

*2.3.- Ter presente o carácter transversal e interdepartamental da política de normalización lingüística, debendo abranguer non só a unha consellaría, senón a todas elas, e ao conxunto de departa-*





mentos, sociedades e entes dela dependentes. Triplicar o orzamento da Secretaría Xeral de Lingua (actualmente representa o 45% do que se investía en 2009) para o exercicio 2025.

2.4.- Eliminación do articulado que regula a exclusión do galego na proposta lexislativa da CRTVG e recuperación do papel normalizador da TVG desde a ampliación da oferta dirixida ao público infantil e xuvenil desde todos os dispositivos.

2.5.- Eliminación da modificación do articulado da Lei de acompañamento que autoriza o acceso á función pública, en determinadas situacións, sen coñecemento de galego. O coñecemento do galego por parte dos traballadores e traballadoras públicos é imprescindible para garantir o dereito ao seu uso por parte dos administrados e administradas.

2.6.- Aplicación plena da Lei 1/2014 «Paz Andrade», para o aproveitamento do galego como lingua de utilidade internacional e avantaxe para a comunicación cos estados que utilizan o portugués, lingua máis falada de todo o hemisferio sur.

2.7.- O goberno galego manterá un papel activo co resto de administracións públicas actuantes na Galiza (Goberno español, e singularmente deputación e concellos) para garantiren o exercicio efectivo dos dereitos lingüísticos por parte da poboación galega e a aplicación plena do disposto no marco legal en materia de normalización lingüística.

3.- O Parlamento insta a Xunta a liderar as xestións políticas precisas para que o actual uso parcial do galego no Senado, como cámara de representación territorial, se poida ampliar e facer extensivo á totalidade das intervencións.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José Luis Ferro Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Promover, co respaldo desta Cámara, que a lingua galega poida ser utilizada no Parlamento europeo, sen que esta medida minore os recursos necesarios para a súa normalización, así como para as outras linguas cooficiais nos seus respectivos territorios.
2. Programar as accións que pensan poñer en práctica co fin de axilizar a normalización lingüística en Galicia coa fin de reverter os últimos datos do Instituto Galego de Estatística.
3. Dirixirse ao Goberno de España para que complete a súa parte na dotación ata chegar aos 15 millóns de euros solicitados por Galicia no marco do PERTE Nova Economía da Lingua.»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra o señor Abalde.



**O señor ABALDE ALONSO:** Boas tardes de novo, presidente e deputados.

Hai xa máis de dous meses que a última enquisa do IGE lanzaba os datos sobre o esmorecemento paulatino do galego nos últimos cinco anos. Tanto no ámbito da fala como no da escritura a empregabilidade do galego decaeu a un ritmo vertixinoso, amosando unha despatrimonialización do mesmo. Pérdese a fala, pérdense os referentes e cae o silencio sobre a nosa lingua.

Sobre esta situación xa se pronunciara a Unión Europea a través da Carta europea de linguas rexionais, que antes comentamos, onde se instaba o Goberno galego a efectuar unha serie de medidas urxentes para facerlle fronte á situación na que se atopaba hoxe a lingua galega.

O punto de partida desta situación ten que ver coa deriva que decidiu poñer en práctica o Goberno de Núñez Feijóo coa posta en marcha do seu dado en chamar bilingüismo harmónico, unha escenificación que se fixo realidade desbotando os avances e a pulsión que acadara o galego nos diferentes eidos sociais.

Dese novo episodio que supoñen estes últimos quince anos queda unha aprendizaxe certa: o que custou construír con esforzo entre o ano 1984 e 2009 destruíuse en apenas uns meses; fronte a un acordo de todo este hemiciclo, manipulación social para facer do galego un problema e non un patrimonio de todos nós.

Entendemos, despois da intención da Consellería de Cultura de chamarnos aos grupos parlamentarios galegos para traballar sobre o problema que supón a despatrimonialización da lingua, que este tempo mudou, que estamos noutro escenario no que o consenso, tanto das forzas políticas deste hemiciclo como o consenso da sociedade en xeral, faise necesario para acadar unha solución definitiva con respecto á lingua galega.

E aquí quero facer novamente unha apreciación que xa comentei con anterioridade na anterior moción. Para nós, para o PSdeG-PSOE, é prioritario que os acordos que academos os distintos partidos nesta lexislatura respecto do galego sexa un acordo definitivo, por riba de intereses políticos partidistas, e que as revisións futuras sexan sempre para agromar e facer grande a nosa lingua, pero en calquera caso un acordo co que non haberá novamente unha involución que faga que custe un esforzo sen precedentes acadar os niveis de empregabilidade da lingua galega de hai quince anos.

Dentro destas premisas consideramos que o Goberno de España deu pasos adiante que posicionan o galego como lingua cooficial e referente. E, como ás veces custa visualizar esa importancia, quero facer un inciso e mencionar aquí a Feira do Libro de Guadalajara, en México, onde estes días os nosos escritores e escritoras amosan o seu traballo xerando patrimonio e economía. Outro día falaremos do apoio institucional que reciben.

Pois este feito —dicía— é un deses fitos onde podemos comezar a pasar desapercibidos dentro dun tempo se non somos quen de poñernos de acordo en que podemos encher o mundo coa nosa diferenza, tal e como dicían os nosos intelectuais do exilio.



Dicía que o Goberno de España propiciou e sacou adiante que o galego fose lingua cooficial no Congreso dos Deputados. Unha mágoa que o deputado do PP na oposición, o señor Núñez Feijóo, non permitise abrírlle o camiño ao entón xa presidente da Xunta, o señor Rueda, e votase en contra desta iniciativa. Esta decisión abriu unha interrogante, para saber se nestes momentos en Galicia estamos libres desas decisións que se toman en Madrid ou se o señor Rueda ten plena autonomía para encauzar esta nova senda do idioma galego.

Dende o PSdeG queremos entender que si, que aquela decisión de setembro de 2023 de non apoiar a cooficialidade do galego no Congreso dos Deputados, quedou atrás, e mesmo a nova vía para repatrimonializar o galego a vai liderar o conselleiro, que vén dunha vila onde o galego é unha lingua que está presente en todos os ámbitos da vida dos seus veciños. Por norma común, imos entender que é posible que cheguemos a acordos.

Por ese mesmo motivo, traemos hoxe aquí unha moción que non compromete nin o traballo futuro nin a toma de decisións de programas e acordos entre as distintas forzas políticas deste Parlamento. É máis, trátase dunha moción de aporte positivo ás políticas dende o Goberno da Xunta de Galicia en prol do galego, e que actúa como un factor dinamizador.

É unha decisión, espida de dúbidas, sobre dar visibilidade e un lugar no mapa á lingua galega, como é que sexa lingua cooficial do Parlamento Europeo, uníndose ás xa 24 linguas cooficiais, así como ao *euskera* e ao catalán.

O ministro de Asuntos Exteriores, José Manuel Albares, xa comezou a traballar neste senso a través de varias iniciativas. A primeira, presentando unha modificación do Regulamento europeo 1/1958, que regula o réxime lingüístico da Unión Europea; levando esta cuestión a cada unha das reunións do Consello de Asuntos Xerais, celebradas durante a Presidencia de España, do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2023; sostendo que a inclusión das novas linguas oficiais —as nosas linguas oficiais—, parte da nosa identidade nacional, non require modificacións dos tratados, e amosando que o caso das nosas linguas cooficiais é único na Unión Europea, e, que polo tanto, non suporía ningún precedente xurídico para ningún outro Estado. E aínda, cando rematou a nosa presidencia do Parlamento Europeo, continuamos traballando estreitamente coa Presidencia belga, país plenamente comprometido co multilingüismo. E, por tal motivo, en marzo deste ano 2024, o ministro Albares voltaba chamar a atención sobre a cooficialidade do galego, ofrecendo un pacto de país que nos une para impulsar obxectivos estratéxicos para España; un pacto sobre as linguas cooficiais e o seu uso na Unión Europea, algo que vén falar sobre o concepto de identidade nacional e a riqueza que supoñen os nosos idiomas cooficiais que, xunto co español, son o noso sinal de identidade estatal. O ministro solicitaba no Congreso dos Deputados o apoio da Cámara á súa proposta e tamén facía un chamamento para que os diferentes grupos políticos colaborasen co Ministerio en Europa, onde a dereita está representada en diferentes familias políticas, de xeito que votasen a favor, sobre o particular, no Parlamento Europeo, sumando así a unanimidade necesaria do Consello. O ministro continuou e voltou abordar este tema durante a visita da presidenta do Parlamento Europeo, Roberta Metsola, e voltou formalizalo a través dunha nova carta para formalizar o acordo administrativo, mais faise necesario o acordo da Mesa do Parlamento Europeo para materializar este obxectivo e faise necesario o apoio das familias conservadoras que a compoñen.



Se, por unha parte, o feito de que o galego, o *euskera* e o catalán pasasen a ser parte do réxime multilingüístico, é dicir, unha reforma do Regulamento, precisárase a unanimidade da Mesa do Consello do Parlamento Europeo. Pero para que España teña un acordo, como o que teñen outras institucións, bastaría un acordo da Mesa do Congreso.

A familia socialdemócrata e outras familias políticas son favorables a isto; fáltanos o concurso do Partido Popular Europeo, polo que, se os eurodeputados do PP e as outras familias políticas afíns queren, mañá mesmo poderemos comezar a empregar o galego no Parlamento Europeo. No PSdeG pedímoslles que se sumen e que sexamos quen de convencer os seus compañeiros do noso sinal de identidade. Vostedes teñen unha morea de persoas no seu partido que fala galego. Este é un acordo que podemos acadar inmediatamente.

Temos acordos administrativos, desde hai case vinte anos, coa maioría das institucións europeas. Co Parlamento Europeo non podemos porque é a Mesa a que ten que aprobalo e hai un grupo político que, no día de hoxe, non está convencido da importancia que isto supón para o sentir cultural dun país. Máis de tres millóns de persoas falan galego en Europa, dez millóns falan portugués e vinte millóns de persoas en Europa falan as tres linguas cooficiais. Espero o apoio da Cámara a esta proposición non de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Esta moción nace dunha evidencia, que non é outra que o Partido Popular votara en contra do uso do galego no Parlamento Europeo. E a pregunta é: ¿como é posíbel?, ¿que xustificación pode ter o Partido Popular para votar en contra do galego? Eu revisei a intervención do conselleiro na interpelación do Grupo Socialista, no pleno anterior, e el xustificouno; xustificouno, basicamente, con dúas razóns.

A primeira, dixo que o fixera por coherencia, como un exercicio de coherencia. E, a verdade, é que no BNG concordamos con esta explicación. Un exercicio de coherencia co presidente Rueda, como orgulloso manifestante en contra do galego; coherencia co presidente Feijóo, que prohibiu por decreto impartir varias materias da área de ciencias en galego, e que converteu o galego nunha lingua de segunda, residual e case nunha lingua estranxeira en educación infantil; coherencia co Partido Popular, que dinamitou todos os consensos conseguidos ao redor da lingua; coherencia coa deputada e secretaria xeral do Partido Popular, que recentemente se mofou, nesta Cámara, dos neofalantes; coherencia co presidente Rueda, que ataca a xefa da oposición —a nosa compañeira—, Ana Pontón, descualificándoa como «policía do galego»; coherencia do conselleiro de Lingua, consigo propio, atacando os milleiros de galegos e galegas que se concentraron nas rúas de Compostela, outra vez, a



favor do galego, convocados pola plataforma cívica Queremos galego; coherencia do conselleiro de Lingua cun Goberno do Partido Popular, que segue instalado no negacionismo da emerxencia lingüística, negando os recentes datos do Instituto Galego de Estatística — non o esquezamos: un organismo dependente da Xunta de Galiza—, e que para autoexculparse da súa responsabilidade e das consecuencias da política lingüística do Partido Popular, nos últimos quince anos, primeiro, acusou os inmigrantes, logo, as familias e, finalmente, o propio Instituto Galego de Estatística por preguntar polos menores de catorce anos, porque, ¡claro!, ¡que van saber os pais, as nais e as familias do que falan ou non falan os seus fillos e fillas!, negando a necesidade imperiosa de derrogar e mudar, por outra alternativa, o decreto de plurilingüismo —convertido nun decreto da vergoña— que a sociedade lles está a demandar, que o Consello da Cultura Galega lles está a demandar, que a Real Academia Galega lles está a demandar, que as universidades lles están a demandar, porque certificou como o Partido Popular converteu a escola no principal axente desgaleguizador e, polo tanto, nunha das causas principais dos problemas de competencia en galego que teñen as nosas crianzas, hoxe en día. ¡Si!, unha de cada tres crianzas menores de catorce anos recoñece —e os datos do Instituto Galego de Estatística así o recollen— que non sabe nada ou case nada de galego. Unha escola que si está avalando o avance do monolingüismo en castelán. Este é o plurilingüismo do Partido Popular e esta é a coherencia do Partido Popular: practicar e predicar un galeguismo sen galego. (*Aplausos.*)

E a segunda razón que deu o conselleiro de Lingua é unha razón de economía —por razóns económicas— porque dixo que estaba moi preocupado polo custo que supoñía ao Parlamento Europeo incluír e, polo tanto, deixar de excluír as linguas cooficiais, como é o galego. Un Partido Popular, agora, de repente, disfrazado de aforrador para seguir xustificando a súa política lingüística de silencio e de invisibilidade do galego. Unha desculpa, por certo —seguro que lembrarán as súas señorías—, idéntica á que empregou o señor Feijóo para votar en contra tamén do uso do galego no Congreso. Saía moi caro, seica, mercar os «*pinganillos*». Recordarán esa descualificación en relación co noso idioma.

En definitiva, o Partido Popular sempre patrocinando o dereito á ignorancia do galego e a defensa do monolingüismo en castelán. Por certo, unha capacidade de aforro do Partido Popular que explica, precisamente, que a área de lingua estea ubicada na Consellería máis irrelevante de todo o Goberno galego; na Consellería que menor orzamento ten das doce consellerías en que está conformado o Goberno galego e a cal, ademais, para o ano 2025, vai ter uns orzamentos que apenas chegan ao 45 por cento dos orzamentos que tiñamos para traballar a política lingüística en 2009. Isto demostra que a economía da lingua, é dicir, os postos de traballo que é capaz de xerar a propia lingua galega —que crea a lingua galega— non importan en absoluto ao Partido Popular, porque, para o Partido Popular, o galego é sempre un obxecto en campaña permanente de rebaixas.

No que o Partido Popular, desde logo, non aforra é en sementar prexuízos lingüísticos. Se cada votaron en contra porque lles parece que o galego ten poucos falantes e, polo tanto, non merece ser unha lingua tamén oficial no Parlamento Europeo. E eu quería mencionar un exemplo, que tamén xa mencionou o compañeiro do Grupo Socialista: ¿saben cantos falantes ten, por exemplo, o gaélico? Pois apenas douscentos mil, é dicir, menos incluso que a poboación da cidade da Coruña. Se cada votaron en contra porque pensan que Galiza —



na súa cabeza — é un país pequeniño e, polo tanto, non merecente de que a súa lingua tamén sexa oficial no Parlamento Europeo. ¿Saben que o letón, por exemplo, é a lingua propia dun país moito máis pequeno que o noso? Se cadra votaron en contra pola súa falta de confianza no galego porque pensan que non é unha lingua útil de verdade para todo; só para usos litúrxicos ou diglósicos, como vemos tantas veces nesta Cámara, ou só por falta de amor pola nosa propia lingua oficial. Para nós, desde logo, no BNG, o esforzo e o amor pola nosa lingua nunca vai ser inútil.

Até agora hai que lembrar que o Partido Popular sempre se negou á presenza do galego nas institucións europeas; e tamén hai que lembrar que o Partido Popular español foi especialmente o máis belixerante. Os eurodeputados galegos do Partido Popular votaron en contra do galego por convicción e por coherencia. Efectivamente, ten razón o conselleiro de Lingua. Votaron en contra por coherencia do Goberno de Rueda coa liña máis ultra da historia da democracia que marca o Partido Popular de Feijóo e de Ayuso, en Madrid. Os deputados galegos do Partido Popular votaron nesta Cámara, (*A señora Queixas Zas sinala o espazo que ocupa a Cámara.*) nesta bancada, (*A señora Queixas Zas sinala para a bancada que ocupa o Grupo Parlamentario do Partido Popular.*) en contra do uso do galego, nas Cortes Españolas, por esa mesma submisión ao ditado de Génova, porque —xa se sabe— ao Partido Popular de Galiza, de galego cada vez lle queda menos. Cada vez máis persoas confirman que estamos ante o Partido Popular máis antigalego e máis antigaleguista da historia, como, por certo, veñen demostrando as sucesivas fugas da súa militancia e de cargos de responsabilidade, como o recentemente coñecido coordinador de Cultura e Lingua do Partido Popular. (*Aplausos.*)

No BNG damos a benvida ao Partido Socialista a esta reclamación, que saben que é histórica do BNG. Por suposto, apoiamos esta moción e presentamos unha emenda que pretende algo, para nós fundamental, que é marcar obxectivos concretos, nese apartado seu que colocan en segundo lugar, á hora de programar as accións que deberían corresponder a este tempo novo, se realmente hai un compromiso do Partido Popular por avanzar. Concretamos esas accións, como as concretamos na moción anterior —por iniciativa da nosa compañeira Iria Carreira— e, a maiores, engadimos un terceiro punto na emenda, que é «aproveitarmos tamén esta ocasión para que o galego se incorpore no conxunto dos parlamentos» e fáltanos, neste caso, o Senado. «Instamos o Goberno tamén a que active realmente o uso do galego no Senado, como Cámara de representación territorial», onde, ademais, se conta con representantes, no noso caso, do pobo galego, que son propostos nesta Cámara.

Polo tanto, agradecemos a incorporación desta emenda, coa intención, evidentemente, de facela o máis completa posíbel.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro.

**O señor FERRO IGLESIAS:** Moitas grazas, presidente.



Boa tarde de novo, señorías.

Agora vou comezar do revés, é dicir, do concreto ao xenérico.

O Partido Popular quere o galego no Parlamento Europeo, pero sen cargas para nós, porque pensamos que a nosa lingua ten tanto valor como as 24 linguas que se poden utilizar no Parlamento Europeo. Por iso, presentamos unha emenda de substitución, na cal, o primeiro punto di: «Promover, co respaldo desta Cámara, que a lingua galega poida ser utilizada no Parlamento Europeo, sen que esta medida minore os recursos necesarios para a súa normalización, así como para as outras linguas cooficiais nos seus respectivos territorios»; un segundo punto, que é exactamente o mesmo que presenta o Grupo Socialista na súa moción; e engadimos un terceiro punto, no cal falamos dos millóns, que aínda faltan por chegar a Galicia, relacionados co proxecto Nós e co PERTE da nova economía.

A lingua galega é moito máis que un medio de comunicación; é un símbolo de identidade, de cultura e de historia para o pobo galego. Polo tanto, a cuestión básica, señorías, é decidir que é para nós, para cada un de nós, a nosa lingua. Non é un apéndice máis da nosa realidade, senón o noso gran ben cultural, froito do pobo, en integración secular con todo o seu contexto vital e que, por súa vez, nos constitúe como pobo.

Desde tempos antigos o galego foi a lingua con que se transmitiron as historias, as lendas e os coñecementos dos nosos antepasados. A través dela conservamos a nosa memoria colectiva e mantemos viva a nosa herdanza cultural. A literatura galega, con figuras tan destacadas como Rosalía de Castro —e, permítanme que varra para a casa—, Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro é un testemuño da profundidade e da expresividade do galego.

A nosa lingua non é, nin debe ser, algo que entre no debate partidista, senón un ben común que nos une e singulariza, que todos defendemos e debemos defender, usándoa con absoluto coñecemento e normalidade, sen excluír para nada o manexo conveniente do castelán e doutras linguas.

É certo que, durante séculos —e digo séculos—, o galego foi violentado no máis íntimo do pobo, transmitindo o sentimento absurdo de que a nosa fala era cousa de xentes de segunda, pero eses tempos, señorías, pasaron; hai moito que pasaron. E déronse, ademais, nun contexto histórico que non se pode xulgar cos ollos da actualidade. Agora estamos todos noutra cousa; estamos comprometidos, desde hai moitos anos, coa preservación, coa promoción e coa exaltación da lingua galega. Vivimos nun mundo cada vez máis globalizado, onde as linguas minorizadas corren o risco de desaparecer. Por iso é esencial que todos os galegos e as galegas asumamos a responsabilidade de falar, ensinar e transmitir o galego ás novas xeracións. Isto non só garante a supervivencia da lingua, senón que tamén fortalece a nosa identidade e cohesión social.

Falan na súa moción de que, na Unión Europea, contamos con 24 linguas oficiais. Saben que é competencia do Consello Europeo, onde están representados os 27 Estados membros, fixar por unanimidade o réxime lingüístico das institucións comunitarias. O Goberno español so-



licitou ao Consello que concedese ás linguas cooficiais de España o status de linguas oficiais da Unión Europea. Fíxoo en dúas ocasións: no ano 2004 e no ano pasado, no ano 2023.

No ano 2004, conseguíuse institucionalizar o uso destas linguas en varios ámbitos: na comunicación escrita, no uso oral para os representantes que interveñen nas sesións plenarias do Comité Europeo das Rexións e nas reunións ministeriais do Consello; e tamén o galego se emprega na tradución de actos xurídicos. Deste modo, a Xunta de Galicia leva vinte anos facendo uso do galego cando os seus representantes interveñen nos citados foros. Non é este o caso do Parlamento Europeo, posto que foi a única institución comunitaria das existentes que non formalizou un acordo con España para permitir a intervención oral nas linguas cooficiais españolas.

Como dicía antes, tamén se intentou o ano pasado, coincidindo coa Presidencia española da Unión Europea e —tamén teño que dicilo— coas presións políticas para poder formar Goberno en España. A Comisión fixo unha estimación preliminar dos custos actuais para un réxime completo dunha lingua engadida. A estimación —saben— foi, máis ou menos, ao redor de corenta millóns de euros anuais. A posibilidade de conseguir a unanimidade no Consello semella difícil, tendo en conta que estas linguas xa teñen un certo recoñecemento oficial, ao igual que outras linguas, como o maltés ou o luxemburgués, e tendo en conta que outros Estados temen que se abra a porta para outras linguas minoritarias.

E, neste contexto, a Xunta de Galicia forma parte activamente da Rede Europea de Promoción da Diversidade Lingüística e traballa pola promoción e pola protección das linguas rexionais ou minoritarias da Unión Europea. Nos últimos anos, conseguimos que estas linguas se incorporasen en diversos ámbitos, como nos cursos de idiomas do programa Erasmus ou do Programa cultura na Unión Europea, que financia proxectos de tradución literaria. Aínda que o Parlamento Europeo non permite aos eurodeputados utilizar o galego nas súas intervencións, si que aprobou e permite a posibilidade de usar o galego nas comunicacións cos cidadáns. O Servizo de Tradución do Parlamento Europeo encárgase das traducións necesarias para poder responder aos cidadáns na lingua da comunicación orixinal e o Goberno galego é o encargado de tramitar as comunicacións en galego á Unión Europea e faino a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, en coordinación coa Secretaría Xeral da Lingua. É dicir, ao Goberno galego preocúpalle o galego tamén en Europa.

Xa lles falou o conselleiro tamén da súa falta de coherencia con respecto a que nos están debendo 13 millóns de euros para o proxecto Nós e, por outra banda, non lles doen os 40 millóns de euros anuais que custaría que un puñado de eurodiputados —exactamente catro— puidesen falar o galego nas súas intervencións no Parlamento Europeo. ¡Corenta millóns de euros anuais, señorías! Oxalá a Secretaría Xeral da Lingua puidese contar todos os anos con eses 40 millóns de euros, a maiores, para orzar o seu presuposto. (*Aplausos.*)

Non imos permitir, señorías, que digan que temos galegofobia. Coñezo os meus compañeiros de bancada, uns máis que outros, pero non detectei neles ningún síntoma desa enfermidade. O galego non é de ninguén en exclusiva, é de todos; é do pobo, pois foi quen o mantivo cando non había nin televisión, nin medios de comunicación, nin cando as administracións nin protexían nin promovían o idioma galego. Xa sei que somos de distintas parroquias; nós non





somos da súa parroquia, pero todos nós —os dos dous lados— somos galegófilos, señorías. Todos amamos o galego por igual. Asegúrollelo. *(Aplausos.)*

E remato, presidente. A nosa lingua é como dicía Rosalía de Castro: «doce, harmoniosa e suave». Oxalá que o barullo e os intereses partidistas non nos impidan escoitala.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Non, declina a intervención.

Polo grupo autor da moción, o señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Boas tardes, de novo.

Señor Ferro, despois de lugares comúns, pois non vexo moito máis na súa intervención.

Iso si, o movemento demostrábase andando, e basta de dicir «moito amor ao galego» para traballar polo galego. E non hai lugar para dicir que amamos enormemente a lingua galega, e, despois, tomamos medidas e facemos políticas que non apoian a lingua galega. E está moi claro, é dicir vostedes tiveron oportunidade, como Partido Popular, de apoiar a proposta do Parlamento, de ir ao Parlamento Europeo para solicitar que o galego fose cooficial. ¿Que fixo o Partido Popular no Parlamento de España? Votou en contra. Eses son os feitos, esas son as realidades.

Vostede pode dicir aquí que a aman enormemente, pero, ás veces, os amores son complicados. Vostede, ademais, contrapón o feito de que apoiemos a presenza do galego no Parlamento Europeo co feito de que nos fondos de Recuperación e Resiliencia —eses fondos que tanto lles desgustaban cando se negociaron—, dentro dos PERTE da nova economía de lingua, se destine máis diñeiro para o proxecto Nós; o proxecto Nós recibiu tanto diñeiro como calquera dos outros proxectos das linguas cooficiais: o catalán, o vasco e o valenciano. O mesmo. E, polo tanto, todos están en igualdade de condicións. Vostedes xa sabían perfectamente, cando se deseñou —e eu tiven a oportunidade de participar no inicio do proxecto Nós—, que había unha petición, pero iso non significaba que, dos fondos europeos, se recibirían os 15 millóns de euros; esa era unha cuantificación da Xunta de Galicia. Por certo, naquel momento a Xunta de Galicia comprometeuse a poñer fondos no proxecto Nós. ¿Cantos fondos puxo? Algún día nolo explicarán.

E vostede falaba aquí, para xustificar precisamente unha inacción clarísima do Goberno da Xunta e do Partido Popular galego, a favor da utilización do galego no Parlamento Europeo, dun posible custo de 40 millóns de euros. ¿De onde os saca? —¿de onde os saca?— Porque iso... ¡Non, non...! O outro día o conselleiro falaba de 150 millóns de euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si!, agora baixan os prezos, ¡claro, claro! Hai que ir a esas baixas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede, que sempre acusa a oposición de



que non dicimos os datos adecuados... ¡Vaia!, logramos un aforro de 110 millóns en dous días. (*Murmurios.*) ¡Marabilloso! A xestión do Partido Popular é claramente impresionante.

E, despois, vostede dixo que non temos que poñer o galego dentro do debate partidista; ¡pero se son vostedes os que poñen o galego dentro do debate partidista! Son vostedes os que toman decisións, en Madrid, contrarias ao galego. O Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, por certo, o primeiro deputado que falou en galego no Parlamento español foi o señor Besteiro. ¿Que votaron e que dixeron vostedes?; ¿que lles dixeron aos seus representantes, deputados do Partido Popular de Galicia, no Parlamento español? Que non o falasen, que non o apoiasen. (*Aplausos.*) Esa é a súa defensa de amor e de cariño cara ao galego. Se eses son os actos, non o queiran tanto —non o queiran tanto—, e traballen por el adecuadamente.

E, despois, vostede falou de que tiña que ser unha cuestión de unanimidade. Como dixeran na miña intervención, que se fale no Parlamento galego e que sexa cooficial depende única e exclusivamente de que a Mesa do Parlamento decida por unanimidade. Aí teñen o Popular Europeo. Díganlles aos seus compañeiros de partido que apoiem esta proposta, e, entón, xa se conseguirá por unanimidade; entón será moito máis fácil.

Imos ver, se queren —digamos— prestixiar o galego, ¿como vinculan o feito de que se defenda a utilización do galego no Parlamento Europeo cunhas negociacións dun Goberno? ¿É non ven como é poñer, de novo, a lingua nunha situación complicada e complexa?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ABALDE ALONSO:** Xa remato.

Remato co tema das emendas.

Por suposto, non imos aceptar as emendas do Partido Popular porque o que fan é mesturar absolutamente todo. Incluso, aínda que fosen 40 millóns, non saen de Normalización Lingüística, porque, ¿quen di que eses 40 millóns corresponden á Xunta de Galicia, e proceden dos fondos de Normalización Lingüística? Dío vostede —dío vostede—.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor ABALDE ALONSO:** ¡Perdón!, porque si que é importante. E, con respecto á emenda do BNG, imos aceptar o terceiro punto, que é o tema da utilización do galego no Senado; por certo, aí poden convencer...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor ABALDE ALONSO:** ...os seus compañeiros do Senado de España para que se utilice xa...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor ABALDE ALONSO:** ...o galego en toda a súa plenitude no Senado. Iso é amor. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate das mocións, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Montserrat Valcárcel.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Montserrat Valcárcel Armesto, sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Taibo.

Non se presentaron emendas.

*(O señor Ferro Iglesias solicita o uso da palabra.)*

Si, señor Ferro, ¿para que quere a palabra?

**O señor FERRO IGLESIAS:** Quería solicitar —para conseguir o máximo consenso posible— que, dos oito puntos que presentan na súa moción, se dividan en dous bloques e separar catro puntos para un lado e catro puntos para o outro.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Cales quere separar?

**O señor FERRO IGLESIAS:** O dous, o catro, o cinco e o seis.



**O señor PRESIDENTE:** Dous, catro, cinco e seis.

¿Acepta vostede a votación por puntos?

**A señora TAIBO CORSANEGO:** Non. Entendemos que se deben votar todos os puntos conxuntamente porque forman parte dunha proposta que é completa por si mesma. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos, polo tanto, tal como está formulada a moción.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Taibo Corsanego, sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do señor Abalde, sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no seu terceiro punto e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O señor Ferro Iglesias solicita o uso da palabra.)*

Si, señor Ferro, ¿para que quere a palabra?

**O señor FERRO IGLESIAS:** Moitas grazas, presidente.

En aras a seguir intentando (*Risos.*) conseguir o máximo consenso posible, e non sendo aceptada a nosa emenda, gustaríanos separar. Ben, agora creo que a moción vai ter tres puntos, porque aceptan un terceiro do Bloque Nacionalista Galego, nos queríamos votar o punto número 2 por separado, se é posible.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Abalde, ¿acepta vostede? (*Negación.*) Non acepta. (*Murmurios.*)

Pois non houbo sorte hoxe.

Votamos.



*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** Paso a lerlles unha declaración institucional, que me fan chegar os grupos, tendo en conta que hoxe é o Día Internacional das Persoas con Discapacidade:

«Hoxe, 3 de decembro, conmemoramos e celebramos o Día Internacional das Persoas con Discapacidade, un día no que o Pleno do Parlamento de Galicia quere unanimemente reafirmar o seu compromiso de garantir os dereitos das persoas con discapacidade. Este compromiso debe ser unha prioridade para todas as administracións públicas e para a sociedade en xeral.

Aínda que temos avanzado moito en materia de dereitos e oportunidades nas últimas décadas, cómpre seguir impulsando accións para garantir un mundo sen barreiras e accesible para todas as persoas con discapacidade.

As institucións, as administracións, o tecido asociativo e todos os estamentos sociais temos a responsabilidade de seguirmos traballando para chegar a ser a sociedade á que aspiramos, unha sociedade acolledora e inclusiva que endexamais deixe ningunha persoa á marxe.

O Parlamento de Galicia únese á celebración deste día, reivindicando un mundo máis xusto, máis igualitario e máis accesible para todos.» *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas. Esta é a declaración. *(Aplausos unánimes de toda a Cámara.)*

Continuamos coa orde do día, interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.



Señora conselleira, moi boa tarde.

Non sei se vostede está ao tanto, señora conselleira, pero en todos estes anos o Bloque Nacionalista Galego trouxo aquí, aquí ao pleno, á comisión, aquí ao Parlamento, moitas veces a cada vez máis preocupante situación produtiva das rías galegas. Trouxemos críticas, porque en realidade as queixas e as demandas do sector pesqueiro levan moito tempo sendo un clamor. Mais tamén trouxemos propostas, moitas propostas, que foron rexeitadas sistematicamente a maioría, e outras, a minoría, que foron apoiadas polo Grupo do Partido Popular pero que nunca se puxeron en marcha.

E foi e segue a ser pola nosa parte unha proposta de fondo a necesidade imperiosa de facer estudos integrais, tendo en conta que a propia Xunta de Galiza, a propia Consellería do Mar, dispón de centros de investigación, que están as universidades, e tamén co propio sector; estudos integrais que nos indiquen cales son as causas precisamente desta deterioración produtiva, desta —di o sector— «debacle progresiva», e para poder facerlle fronte. Dito doutro xeito: se coñecemos as causas, en principio podemos establecer medidas máis certas, que dun xeito completo, dun xeito multidisciplinar, non parcial e puntual, que é o que vén facendo a Consellería do Mar habitualmente, pois nos poidan levar a xa non digo solucionar pero a paliar a situación.

Pois ben, tampouco sei se o sabe, pero as causas para a Consellería do Mar, sen necesidade de ningún tipo de estudos, nin moito menos estudos multidisciplinares, xa están claras, xa están claras dende hai moito tempo; témolas escoitado aquí en moitas ocasións. As causas para a Consellería do Mar son: o cambio climático, a alta temperatura da auga, o exceso de choiva, a baixa salinidade das augas, o cambio no comportamento dos ventos e, ¿como non?, os ciclos. Os ciclos, porque todo o mundo sabe que a perda continuada de produtividade dende hai vinte anos, vinte anos é un ciclo. Claro, estamos nós e mailo sector agardando precisamente que reverta ese ciclo; como lles digo: ese ciclo á baixa, que comezou hai xa dúas décadas.

Para a Consellería do Mar, as causas da baixada de produción de case o oitenta por cento no berberecho no ano 2023 con respecto aos últimos vinte anos, do 69 por cento da ameixa rubia, dos 67 por cento da ameixa fina ou do 74,3 por cento da babosa son todas causas naturais. Como consecuencia, a redución dende o ano 2001 ata o ano 2023 de 6.551 permisos de explotación marisqueira a menos de 3.400 permisos tamén vén sendo por causas naturais.

E así levamos —como digo— dúas décadas, mandando os nosos barcos a «loitar contra os elementos», como dicía Felipe II. Así levamos dúas décadas diante dunha administración sen iniciativa, que non aborda os problemas de fondo e que segue a agochar a crueza dos datos xusto detrás das causas meteorolóxicas e climáticas, que, de paso, lle serven tamén para eludir as súas responsabilidades e para non asumir as súas competencias.

Por exemplo, nunca escoitamos a Consellería falar do impacto que están a ter o baleirado e a limpeza dos encoros nos bancos marisqueiros, sempre subordinando as súas accións, ou neste caso habería que dicir a súa falta de accións, ás grandes eléctricas. Nunca houbo aquí un mínimo de recoñecemento por parte da consellería do gravísimo problema que supoñen



todo tipo de vertidos ás rías, de fábricas, de depuradoras, de industrias, de minas, urbanos, de augas residuais, en fin, de todo tipo; nunca houbo aquí referencia a iso.

E hoxe a nós parécenos que temos que centrarnos precisamente nestoutras causas, nas que non caen do ceo e das que a Consellería nunca fala ou, aínda o que é peor, sobre as que nunca actúa, e son problemáticas, que non son abstractas, que son perfectamente medibles.

Mire, señora conselleira: vostede sabe que o Ministerio de Transición Ecolóxica leva a cabo un censo nacional de vertidos, o denominado efectivamente «Censo nacional de vertidos». E no ano 2023 ese Censo nacional de vertidos rexistrou nada máis e nada menos que 5.800 vertidos urbanos e industriais a ríos e costas galegas, nomeadamente 4.441 puntos de vertidos urbanos e 1.415 industriais, dispersos evidentemente por todo o territorio galego.

Augas de Galiza, no ano 2023, fala de máis de 1.915 vertidos ás rías, no 2022 foran 1.721 vertidos; é dicir que estamos a falar no 2023 dun 11 por cento máis a respecto do 2022. Deses 1.915 vertidos, unha gran parte, unha cuarta parte nin máis nin menos, van á ría de Arousa. Estamos a falar —insisto— de 1.915 vertidos; unha media, señora conselleira, de cinco vertidos ao día.

En fin, o impacto dese volume de vertidos recae sobre a diversidade mariña e sobre a calidade das augas, que afectan tamén directamente a clasificación das zonas. E así temos que de 134 zonas de produción —que a Consellería do Mar ten clasificadas 134— só 9, só 9 de 134, son zona A; hai 14 zonas C, e o resto, 111, son zonas B. Quero dicir que os moluscos bivalvos en 111 zonas de 134 teñen que pasar necesariamente por depuradoras.

Todos eses vertidos, moitos deles directos, son na inmensa maioría vellos coñecidos da Consellería do Mar e tamén de Augas de Galiza, e non só seguen sen solucionarse senón que empeoran. Está estes días, por exemplo, moi vixente o que está a pasar en Aldán e no Hío, no concello de Cangas, onde levan anos advertindo dos niveis de fecais, con zonas que cambiaron de clasificación a peor, evidentemente, por este motivo. E non é a única zona que cambiou de clasificación, poderíamos citar outros dez casos cando menos: varias zonas en Cambados, no Grove, en Baiona, no estuario do Mandeo, na zona interna da ría de Cedeira etcétera.

Xustamente na ría de Cedeira sitúase unha das dúas únicas reservas mariñas de interese pesqueiro de todo o país; só hai dúas, e unha sitúase precisamente na ría de Cedeira. Entendemos que debería ser de atención prioritaria para a Consellería do Mar dende hai moitos anos, pero precisamente por contaminación biolóxica perderon o banco de berberecho da praia da Madalena, o de coquina de Vilarrube e o de ameixa fina da enseada de Pantín.

Nestes momentos, señora conselleira, nesa ría, na ría de Cedeira, só existe un banco de berberecho na enseada de Esteiro. E fíxese: das máis de cincuenta e catro persoas que vivían do marisqueo a pé, hoxe apenas quedan dezaseis. E o Partido Popular aprobou aquí iniciativas do BNG para tratar de paliar esta situación, para tratar de resolvela; ben, aprobáronas pero non fixeron absolutamente nada.



Coa foz do Miñor, que leva vinte anos sendo zona C, ¡vinte anos sendo zona C!, nin sequera chegou o Partido Popular a votar a favor das nosas iniciativas para que se realizasen estudos e determinasen as causas, e que polo tanto se aplicasen medidas. Ao mellor, é que a Consellería non quere facer estudos, porque sabe que eses estudos darán uns resultados para os que hai que destinar seguramente uns fortes investimentos, e iso, ao mellor, é o que non están dispostos a facer dende a Xunta de Galiza.

Igual, señora conselleira, que tamén na Consellería do Mar son sabedores perfectamente de cal é a situación das augas e do sector marisqueiro da enseada de San Simón, tamén na ría de Vigo. Un sector que leva —e nunca mellor dito— moitos anos coa auga ao pescozo e que ve como se agrava cada vez máis a deterioración. E agrávase pola contaminación, si, pero tamén pola inacción política, unha inacción política —insisto— que leva moitos anos a Consellería sen actuar, e que aínda agora por riba quere ou ten outro ataque á vista, como é unha nova terminal que se pretende facer alí, que, efectivamente, vai acabar xa co resto do ecosistema e co pouco marisqueo que queda na zona.

Ben, para rematar, señora conselleira, porque vexo que se me acaba o tempo. Todas estas casuísticas que lle acabo de citar, pero podería citarlle moitas outras máis, vemos como durante todos estes anos á Consellería do Mar e á Xunta de Galiza en definitiva lles dá igual, pois clasifícanse zonas, medran as zonas C, diminúen as zonas A, e o caso é non investir e non recuperar. E digo o de non investir, porque a partida dedicada á planificación e xestión ecolóxica no 2023 apenas se executou nun 50 por cento. Ou dígoo porque esta mesma partida, a de Planificación e xestión ecolóxica, foi recortada entre o ano 2021 máis o que se prevé para o 2025 nada máis e nada menos que en 20 millóns de euros, o que, evidentemente, amosa ás claras cales son as intencións da Xunta de Galiza.

Ben, se a todo isto que acabo de nomear —insisto, podería poñer moitos máis exemplos, pero non teño tempo— lle sumamos todo o que vén aí, todo o que está en marcha, léase a reapertura da mina de Touro, onde hai ducias de informes que demostran que, efectivamente, houbo e hai contaminación, ou, por exemplo, a instalación da macrocelulosa Altri...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...pois, evidentemente, entendemos que o seu obxectivo non é nin recuperar nin tampouco sanear nin ríos nin rías.

Polo tanto, queremos saber, señora conselleira, como valoran esta súa propia actuación, esta súa propia inacción, e que van facer para non digo solucionala pero para melloralala.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.





**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):**  
Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señora Pérez.

Se a pregunta é se estamos satisfeitos con todo o traballo que leva realizado a Xunta de Galicia, a resposta é: ¡ogallá puideramos facer moito máis! Se a pregunta é se a Xunta de Galicia ten todas as competencias en materia de saneamento, a resposta é: pois fíxese vostede que non. Se a pregunta é se poderíamos ser máis áxiles, ¡ogallá puideramos ser máis áxiles!, pero xeralmente, e sobre todo antes da aprobación da Lei de ordenación de xestión integrada do litoral, pasaban entre tres anos, cinco anos ou incluso sete anos para que nos autorizasen a construción dunha depuradora.

Se a pregunta é se estamos traballando en conxunto a Xunta de Galicia cos concellos, nós estámoslle tendendo a man a todos, e un claro exemplo é que algúns nin sequera queren facer as auditorías. Pódolle nomear o caso de Cangas, que eu saiba non solicitou as axudas sequera para facer esas auditorías e ver onde ten problemas do saneamento, porque ás veces estase moito mellor sen facer nada que querendo facer, aínda que a Xunta queira axudar.

Independentemente de todo isto, eu alégrome, señora Pérez, desta interpelación para poñer de manifesto nesta cámara o labor que está facendo a Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia, para procurar a mellora da calidade das nosas augas, e os datos están á vista. O 80 por cento das masas de auga que son competencia autonómica están en bo estado. Non o di a Xunta de Galicia, é que o pública o Goberno central; un dato que contrasta co 56 por cento no cal se sitúa a media estatal.

E nós queremos chegar por suposto ao cen por cento. E para iso, efectivamente, ten que haber orzamento, ten que haber colaboración de ámbalas partes, e hai que interiorizar que os concellos teñen competencias e que tanto empresas como particulares debemos de axudar a que iso sexa posible.

Este resultado de ter un 80 por cento de masas en bo estado é posible grazas a esa inspección e esa vixilancia que se fai por parte de Augas de Galicia, que actúa como policía. Porque non esquezamos, señorías, que a Xunta executa estes traballos de control, pero quen ten que dar solución aos vertidos detectados é o responsable, sexan concellos, sexan empresas ou sexan as persoas a nivel particular. E recordemos tamén que aínda que as competencias de saneamento e depuración son municipais, este Goberno autonómico non deixa soas as entidades locais no cumprimento destas obrigas, dándolles sempre o apoio tanto técnico como económico que precisan.

Quero lembrarllas que foi no ano 2009 —por certo, non co Bipartito, senón coa Xunta e co PP— cando se implantou o Programa de control de vertidos, unha potente ferramenta coa que Augas de Galicia realiza un control moi estrito dos vertidos que se producen, especialmente facendo fincapé nas rías galegas. Para executar este plan consigna anualmente orzamentos, o de inspección son 2 millóns de euros. Con esta iniciativa, o primeiro de todo é localizar eses puntos de vertedura, avaliar a súa importancia, facer o mapeo correspondente



e analizar ata onde chegan os seus límites e cales deses límites son máis ou menos contaminantes. Unha vez feito ese traballo, ofrece a súa colaboración aos concellos, apoiándoos para conseguir emendar esa situación. É dicir, Augas de Galicia identifica os vertidos, fai o seguimento, ten os puntos localizados e ten un plan de control de vertidos e, polo tanto, un programa co que se está a conseguir a detección efectiva de puntos de vertedura.

E doulles datos: só no ano 2023 realizáronse dez mil visitas, para ser concreta foron 9.646 inspeccións a puntos de vertedura; atendéronse 635 alertas, das que o 82 por cento foron comunicadas a través do 112. É dicir, é todo transparencia, aquí non hai nada que ocultar. Porque é importante destacar tamén, señoría, que a Xunta ten protocolos de actuación, que á parte son moi efectivos e son transparentes, dos cales se dá cumprida información ante eses vertidos.

Ademais de actuar sobre os vertidos localizados, igualmente fanse labores de inspección e seguimento doutros vertidos autorizados de cara á comprobación do cumprimento das directrices fixadas no seu momento. É máis: lévase a cabo un importante control analítico daqueles puntos que non sendo obxecto de autorización administrativa, poden presentar incumprimentos por vertidos de carácter puntual, que tamén os hai.

Todo este labor acompáñase do percorrido que fai o noso persoal de todas as redes fluviais e litorais de Galicia-Costa, co fin de localizar novos focos de contaminación.

Neste traballo de control é imprescindible ademais que a toma de mostras sexa o máis eficiente e rigorosa posible, e iso é o que facemos. Por iso, á parte deses 2 millóns de euros, destínanse outros 2,1 millóns de euros para reforzar eses controis das masas de augas superficiais da conca Galicia-Costas. Neste caso, ano 2025-ano 2026 xa está orzado e xa está autorizado por parte do Consello da Xunta; en concreto, autorizouse no día de onte entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Medio Ambiente, que se encarga destas mostraxes dende o ano 2016.

En total, na zona Galicia-Costa, que saben que levamos o 40 por cento pero é o 60 por cento da poboación, temos 382 puntos de control establecidos nos nosos ríos e nas nosas rías. Entre as principais novidades que incorporamos porque temos que ir a máis, para os próximos dous anos destaca o desenvolvemento de novas técnicas para o seguimento de contaminantes e substancias emerxentes novas, novas porque pasa un ano e pasa outro e, efectivamente, atopamos novos contaminantes, que nos vai permitir a Galicia estar máis preparados e, polo tanto, actuar.

¿Como se diferencia Galicia doutras comunidades autónomas? En que nós facemos o control, queremos saber e actuamos, e hai outros que nin sequera queren medir.

Tamén realizamos un programa específico para analizar as augas portuarias, o que permitirá determinar por primeira vez a calidade desas augas xusto alí no porto. E, ademais, o estado xeral das masas superficiais vaise avaliar como ata o de agora, dende o punto de vista físico-químico, e como novidade tamén dende o eido hidromorfolóxico, o que se traduce en ter un mellor coñecemento do comportamento das augas para tomar tamén mellores decisións.



Estas decisións tómaas a Xunta de Galicia en colaboración cos concellos. E debería haber máis colaboración tamén por parte do Goberno central, que teño que dicir que pouca ou ningunha hai.

Esta información xunto cos resultados das mostraxes son a base para facer os informes periódicos. Ademais, Augas de Galicia e o Laboratorio de Medio Ambiente van cooperar a partir do ano que vén na toma de mostrax e no seguimento de calidade de augas subterráneas en Galicia-Costa, a través de 76 novos puntos de control, entre pozos, fontes e mananciais.

E isto lévanos a facer unha análise de cal é a realidade, como estamos facendo agora, pero que fixemos ao longo destes anos, e dende o ano 2009 a Xunta de Galicia investiu mil millóns de euros. O control realízao a Xunta efectivamente; é un control moi exhaustivo, temos moita costa, fíxose un grande esforzo, e os resultados son eses mil millóns de euros. Para o ano 2025 imos destinar 70 millóns de euros.

¿Onde se investiron estes mil millóns en quince anos? Pois 200 millóns na depuradora de Vigo, 150 millóns na zona da ría da Coruña, 150 millóns na contorna da ría de Ferrol. Na ría de Arousa, señoría, xa que a mencionou, que lle preocupa e preocúpanos a todos, o investimento realizado nos últimos anos rolda os 140 millóns de euros. Financiáronse novas depuradoras e melloráronse as existentes en practicamente todos os concellos: Ribeira, Catoira, Rianxo, Ribadumia, O Grove, ou mellorando a de Tragove, en Cambados. Tamén investimos nos colectores, porque non se trata só das depuradoras, están os colectores: en Boiro, no Grove, en Cambados, en Vilagarcía, ou no tanque de tormentas en Rianxo.

E o que si me gustaría saber, señora Pérez, é se tamén lles preguntou aos concellos, por exemplo, de Vilagarcía ou da Illa de Arousa que están a facer eles para mellorar a calidade das nosas rías.

A Xunta, como acabo de expoñer, colabora cos concellos na construción de novas depuradoras e colectores, pero tamén axuda aqueles que o necesitan na súa explotación. De feito, a Xunta de Galicia explota un total de 28 depuradoras na actualidade, entre elas está a da Pobra do Caramiñal, a de Cambados, a de Ribadumia e agora, por certo, está Rianxo dicíndonos que non é capaz e que, polo tanto, tamén se proceda á xestión desta depuradora.

A explotación destas depuradoras faise con estritos protocolos, os mesmos protocolos que deben de facer os concellos. Pero unha eficaz xestión das depuradoras leva tamén unha eficaz rede de colectores. E aí están os plans de saneamento locais, e aí están as auditorías que todos os concellos que así as solicitaron llelas financiamos integramente, tanto para o abastecemento como para a depuración...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** ...porque é necesario saber onde hai problemas e onde hai perdas.



Seguiremos por suposto na mesma liña, e créanme que teñen aberto un marco de colaboración coa Xunta de Galicia, pero tamén é bo saber de quen son as responsabilidades. O que non podemos permitir é que se tarde para a dos Praceres tres anos en que veña o informe sectorial de Costas, ou no caso de Burela dende o ano 2018 ata o ano 2024.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Rolda de réplica, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, con todos os respectos, ¿sabe que estaba recordando cando vostede interviña? Estaba recordando unha rolda de prensa da conselleira do Mar emérita, acompañada do defenestrado conselleiro de Infraestruturas, o señor Agustín González, no ano 2009, que nada máis chegar ao Goberno da Xunta o Partido Popular anunciaban que no 2013 —pode vostede buscalo na hemeroteca— estarían saneadas todas as rías galegas. ¿Sabe vostede en que ano estamos, señora conselleira? Porque eran do seu mesmo partido, ¡eh!, tanto un coma outro. Claro, estamos no 2024.

E no 2024 seguen vostedes utilizando as mesmas cantidades que xa utilizaba a señora conselleira que agora está en Greenalia no ano 2018. Si, si, vostede dixo que destinan, que viñan destinando mil millóns de euros precisamente para o tema de saneamento etcétera. E citou incluso algunhas actuacións que se fixeron con eses mil millóns de euros. Pois isto dos mil millóns de euros xa o dicía a señora de Greenalia, que foi conselleira do Partido Popular na Xunta de Galiza, no ano 2018.

Entón, van ter que cambiar a cantidade, porque non se comprende que se no ano 2018 gastaban 1.000 millóns de euros e agora no 2024 seguen gastando 1.000 millóns de euros, como non teñen solucionado algún que outro problema, como os que lle citei na primeira intervención, (*Aplausos.*) claro.

E de tantos, de tantos miles de millóns de euros e de tantos centos de inspeccións e de control que fai Augas de Galiza, ¿como é posible que entón —díxenllo antes— a enseada de San Simón, a Foz do Miñor, Aldán, etc., etc., leven décadas cun problema gravísimo de contaminación por fecais, no caso da enseada de San Simón tamén industriais, evidentemente, e non se teña feito absolutamente nada?

Lémbrolle, por se non me escoitou antes, que na Foz do Miñor, en vinte anos, non foi quen a Consellería do Mar de cambiar a clasificación da zona produtiva, non foi quen, señora conselleira. Iso quere dicir, unha de dúas: ou que non é verdade que invisten todo iso que invisten ou, se o invisten, realmente hai algo que falla, hai algo que están facendo mal.

E dicía vostede que tiña —non lembro agora que cantidade dixo, porque tiña unha..., non sei se dixo 300, perdóeme, non mo tome ao pé da letra, porque non pillei a cantidade— 300



puntos de control na ría de Arousa. ¿Dixo 300, señora conselleira? (*Murmurios.*) Ben, ten que reler o discurso de novo. Ben, é igual.

En todo caso, antes díxenlle na miña primeira intervención que no ano 2023 das 1.915 verteduras que houbo ás rías unha cuarta parte, é dicir, 503, producíronse na ría de Arousa. Entón, unha de dúas: ou non lle chegan os puntos de control ou os que teñen, efectivamente, non chegan para saber das verteduras de toda a ría; aínda que eu creo que non, que o saben, pero é evidente que moitas veces fan a vista gorda.

Nós temos denunciado aquí, en sede parlamentaria, verteduras de empresas na ría de Arousa, verteduras recorrentes que se producen varias durante o ano, e que son empresas que apenas teñen sancións. Son empresas que reciben inspeccións, efectivamente, pero que curiosamente todo está ben conforme os parámetros de Augas de Galiza. É moi curioso.

Non obstante, nesa mesma ría de Arousa, non sei se sabe vostede —antes deille os datos de perda de produción— que, por exemplo, nesta campaña de polbo practicamente están a velas vir porque non hai, nesta que inician da vieira xa están temblando porque non a atopan, nesta que iniciaron da centola e do boi de mar o boi de mar leva anos desaparecido. É dicir, todo iso ¿vostede coincide coa Consellería do Mar en que só se debe ás causas naturais, ás que caen do ceo? É que a nós parécenos que non, parécenos que non.

Entón, hai verteduras, moitas verteduras; deille antes as cifras, cinco mil e pico verteduras segundo o censo do Ministerio de Transición Ecolóxica. Ben, pois digo eu que, para ter investidos 1.000 millóns de euros, non deron feito o que tiñan que facer. Entón, a pregunta era se van seguir consentindo que se destrúan bancos marisqueiros, que xa non se recuperen de ningunha das maneiras, se van seguir consentindo iso, ou se van actuar.

E para actuar xa lle dixen antes tamén que fan falta investimentos. E, claro, vostedes veñen de facer xustamente o contrario, pero non neste exercicio económico —remato, presidente—, é que levan nos últimos cinco exercicios económicos reducindo a partida —díxenllo antes— de xestión e planificación hidrolóxica, nada máis e nada menos que en 20 millóns de euros en cinco anos.

E, por outra banda, señora conselleira, vostede, que algo ten que ver tamén desde a súa consellería co tema do baleirado dos encoros e limpeza por certo dos encoros, tamén estaría ben que mirase, tal como lle vén reclamando e denunciando o sector, que esa é unha das causas do arrase de moitos bancos marisqueiros.

¿Van seguir vostedes, señora conselleira, subordinándose ao que digan as concesionarias, as eléctricas que levan eses encoros, ou van actuar para que os sectores produtivos poidan ter posibilidade de vivir?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.



**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):**  
Grazas, señor presidente.

Señora Pérez, eu fállolle de feitos e hai que sumar, e ao final pois dá o que dá, e son uns contratos que son públicos, e, polo tanto, comprenderá que non se poden diminuír as cantidades. Pero é que non lle gustan as contas, e eu aquí non estou para contar contos; eu sumo e dígolle o que hai, ou, se non, é imposible.

Mire, o traballo debe de ser conxunto. Vostede fállame de augas fecais. ¡Home!, terá que ir onda eses concellos e dicirlles o que están facendo, teñen unha gran responsabilidade, é a súa responsabilidade. Créame que a cada concello que chama á porta de Augas de Galicia, e que polo tanto atende a Xunta de Galicia, procura dárselle unha solución. ¿Que ocorre? Que hai concellos que nin sequera queren poñer o 20 por cento, e hai que poñer algo do orzamento, porque é a súa responsabilidade.

Por outro lado, temos avanzado moito, señora Pérez. A redución das verteduras identificadas como contaminantes é de 36 puntos porcentuais menos en doce anos. No ano 2012 o 45,1 por cento das verteduras identificadas eran contaminantes e na actualidade menos do 9 por cento das verteduras teñen esa consideración. Eses son os feitos, e é que non se poden rebater, porque é que son reais.

Isto foi posible grazas a que hai un traballo exhaustivo, metódico, que hai uns laboratorios que fan as súas análises e ao final hai un traballo tamén que se fai da MAM. Pero facer da MAM é seguir corrixindo e é seguir actuando. O plan de control de verteduras posto en marcha no ano 2009 permite corrixir, eliminar ata 650 puntos de vertedura contaminantes nas nosas rías —esa é a realidade— e acadou que a porcentaxe de verteduras nas nosas costas se reduciran máis da metade.

Este plan de control de verteduras permitiu tamén unha mellora na clasificación sanitaria das augas, segundo os datos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño da Consellería do Mar. Na costa galega, dende o ano 2009 ata novembro do ano 2024 houbo unha mellora de 29 zonas de produción de moluscos bivalvos, 29 zonas de produción; 3 corresponden con polígonos de bateas, con 316 bateas beneficiadas, e as 26 restantes son zonas de moluscos infaunais, que son os que viven soterrados, 123 bancos beneficiados, e unha superficie estimada de 17,6 quilómetros cadrados. É dicir, non nos empeñemos en dicir que imos a peor, porque en realidade melloramos moito. Encantaríanos mellorar aínda moito máis.

E despois hai datos fundamentais. O 80 por cento das nosas masas de auga están en bo estado, fronte ao 56 por cento da media nacional. Algo estará facendo ben Galicia e algo estaremos facendo ben en conxunto. E hai algúns —créanme— que están empeñados en non facelo; non lles interesa facelo, a pesar de ser as súas competencias.

E neste senso tamén se logrou unha melloría na clasificación de zonas de produción de molusco, dobrando a porcentaxe de incremento nas zonas de mellor clasificación, a A, pasando dun aumento do 3,1 por cento no ano 2009 a un 6,8 por cento o último rexistro de xaneiro



do ano 2024. E no mesmo período acadouse un descenso de zonas de peor clasificación, as C, pasando dun 15 por cento ata o 9 por cento en novembro de 2004.

A pregunta é: ¿estamos satisfeitos? Pois non, queremos ir a máis, pero para iso hai que traballar en conxunto todas as administracións, hai que facer un labor moi importante de concienciación, sen dúbida, todos. É moi fácil tirar da cisterna, pero as depuradoras collen e acollen unha parte, outra é imposible e inviable; e hai que facer un mantemento, e moitas veces hai algúns concellos que se esquecen de facer este mantemento.

Reforzamos os controis nas masas de auga superficiais na conca Galicia-Costa, para velar por ese bo estado, e optimizamos a xestión dos ríos. Todos estes controis, xunto co labor de Intecmar, van acompañados deses millónarios investimentos. E claro que si, unha depuradora, Vilagarcía, son 31 millóns de euros, esa é a realidade, unha depuradora, pero depuradoras pequenas, incluso para cen persoas, son 2 millóns de euros. Esas son as realidades, pero o esforzo estámolo facendo, créanme.

O que non se pode permitir é o que lle dicía anteriormente: non podemos agardar dous, tres, catro, incluso cinco anos, a informes sectoriais para poder executar unha obra cuns fondos que moitas veces xa teñen que ser propios, porque son fondos europeos que non es capaz de certificar porque hai algún organismo que decide estancar os investimentos que se teñen que facer na costa.

De aí o interese que tiñamos, señora Pérez, en aprobar a Lei de xestión e ordenación do litoral; era importante, era transcendental, porque viamos que, se non, ao final, a costa acababa esmorecendo por culpa dalgúns que pretendían que era mellor non cambiar unha canalización e que as verteduras foran directamente ao río, porque, segundo eles, a canalización contaminaba pero a vertedura non contaminaba; eses eran os de Costas do Estado. *(Aplausos.)*

Augas de Galicia vai convocar tres liñas de axuda neste ano 2025, por un valor de 2,7 millóns de euros, para a realización de novo de auditorías municipais, tamén para apoiar os concellos e particulares nas instalacións de sistemas de depuración autónomo, e, por último, tamén dirixidas a entidades locais, concederáse axudas para reducir as infiltracións nas redes de saneamento.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** É preciso tamén poñer de manifesto que ese esforzo realizado é unha tarefa de todos, é unha tarefa complexa, é unha tarefa na cal temos que seguir formando persoal, e de aí a Escola da Auga, que este mesmo ano vai formar 350 profesionais. E hai que dicir que dispondremos de 144 millóns de euros este ano, un 4,7 por cento máis é o orzamento que ten Augas de Galicia, cun ambicioso plan integrado para o saneamento nas rías durante os anos 2025 e 2026.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Boa tarde. Boa tarde, conselleiro.

Se eu lle falo de emerxencia climática, seguramente sabe vostede perfectamente do que lle estou a falar. Pois ben, a emerxencia climática non é algo cara ao futuro, é algo no presente, é algo que hai un mes en Valencia vimos que era unha realidade. Fenómenos meteorolóxicos adversos, máis intensos, máis danos, que causaron en Valencia máis de 200 mortos. Ben, mellor dito, os 200 mortos non os causaron os fenómenos meteorolóxicos adversos, senón que os causou unha xestión irresponsable do Goberno da Generalitat valenciana, que non foi quen de protexer a súa cidadanía, non foron quen de garantir unha protección ante isto, porque non cren no cambio climático nin nos efectos devastadores que se ían producir, e por iso subestimaron a alerta.

E por iso un ano antes tamén eliminaron a Unidade de Emerxencias de Valencia, por entender que era un gasto prescindible, e destinaron este orzamento a outros mesteres, entre os que se atopaban o incremento de axudas á tauromaquia. A tauromaquia debe ser algo prioritario e por iso é relacionado coas emerxencias, e por iso tamén nomearon director xeral de Interior un experto en touros.

Señor conselleiro, a estas alturas nin o presidente do Partido Popular, o señor Feijóo, dubida que o presidente valenciano e o seu Goberno non estiveron á altura, e a estas alturas tiñan que ter asumido as súas responsabilidades. Non o fixeron ata o de agora, pero serán os cidadáns valencianos e valencianas os que nas urnas depuren estas responsabilidades.

E dende aquí non podemos deixar de lado, non podemos deixar pasar isto que aconteceu. E por iso dende o Grupo Parlamentario Socialista aproveitamos para seguir mandando unha mensaxe de ánimo a toda esa xente, porque aínda queda moito para recuperar a normalidade, e por iso tamén queremos preguntarlle a vostede, que ten a responsabilidade en materia de emerxencias, se estamos dende Galicia preparados para reaccionar ante unha emerxencia así.

E non me refiro a unha dina, que é bastante improbable que en Galicia exista unha dina desas características, debido á temperatura da auga. Díxan os expertos que aquí non podía acadar esa magnitude, pero si poden acontecer outro tipo de emerxencias, como macroincendios, sismos, inundacións. Non esquezamos que aínda existen en Galicia moitas zonas inundables.

E queríamos saber, señor conselleiro, se os sistemas que temos son axeitados para previr, mellor dito, para poñer a salvo a poboación galega nestas situacións extremas. Porque vimos





noutras comunidades autónomas tamén hai un mes como un servizo de alerta axeitado, unha rápida actuación e sobre todo unha boa coordinación son claves nestes momentos.

A necesidade de ter esa planificación ante as diferentes situacións de emerxencia que poidan xurdir para nós os socialistas é fundamental, e demostrámolo cando gobernamos en Galicia. Durante o Goberno de Emilio Pérez Touriño integrouse a Dirección Xeral de Protección Civil dentro da estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con Méndez Romeu á fronte. Pero tamén durante estes anos se aprobou esa Lei de emerxencias, a Lei 5/2007, e se creou con base no artigo 16 desta lei a Axencia Galega de Emerxencias, unha lei que, por certo, votaron vostedes en contra.

E o Goberno bipartito foi plenamente consciente de que, ante as diversas situacións de emerxencias, é necesario unha organización, unha planificación, unha coordinación de todas as direccións e de todos os axentes involucrados nas emerxencias. Por iso tamén se creou o Platerga.

A pesar de que vostedes se opuxeron nun primeiro momento, seguen a manter a mesma lei. Pero non só iso, senón que non desenvolveron nestes quince anos nin sequera o regulamento, un regulamento que era necesario para delimitar moitos aspectos, como unha mellor aplicación desta lei e un máis eficiente funcionamento dos mesmos, que tiña previsto na lei ser desenvolvido no prazo de dous anos, e xa van quince.

A seguridade, como di esta Lei de emerxencias, é un dereito da cidadanía e é competencia da Administración autonómica, e por iso é moi importante esta tarefa de prevención.

O Platerga, do que falaba, establece no seu artigo 10 que se deseñará un programa, tanto de exercicios como de simulacros, para garantir a axeitada operatividade do plan. E eu preguntolle: ¿estase a cumprir neste momento ese artigo 10 do Platerga, que establece exercicios e simulacros? ¿Cantos se realizaron e que medidas de corrección se adoptaron ante as deficiencias detectadas, no caso de que existan?

E dicíalle tamén antes que existen en Galicia moitas zonas inundables e que ata este momento entendiamos que xa estaban identificadas, pero sorprendentemente o Goberno galego firmou a elaboración dun mapa actualizado de zonas inundables o día 29 de outubro, xusto despois de que acontecera a catástrofe de Valencia.

A verdade é que isto non nos deixou moi tranquilos, porque foi pura coincidencia, cando ademais vostedes, un día antes, o día 28, en Consello da Xunta, aprobaron ese Inungal, esa revisión do Plan Inungal, e despois ao día seguinte encargaron cunha licitación —que teño a cantidade, aínda que a deixei alí e que despois lla digo— por un orzamento de 266.436 euros un novo mapa de zonas inundables.

Entón, tamén queríamos saber, señor conselleiro, se iso é porque na revisión do Inungal reducion vostedes de 61 a 51 os concellos que estaban en risco e que tiñan a obriga de realizar eses plans de risco por inundación, e ao final, ao ver o de Valencia, pois non lles quedou tan claro, ou se foi pois pura coincidencia.



Outro aspecto que tamén cremos esencial é concienciar a poboación, concienciar a cidadanía e informar da forma de proceder nun caso de situación extrema, e iso tamén o contempla —páxina 79— ese novo Plan Inungal. A nós gustaríanos saber se fixeron ata o de agora algunha campaña informativa, porque dende diferentes concellos, moitos deles que si que teñen esa obriga de ter plan, porque son zonas inundables, non teñen constancia disto.

Preocúpanos tamén a coordinación —é fundamental unha rápida resposta—, coordinación non só cos concellos senón tamén cos consorcios, cos parques municipais e cos GES. ¿Está prevista, señor conselleiro, unha coordinación a grande escala no caso dunha gran catástrofe?

A dotación de medios materiais é importante. Por isto tamén nos gustaría saber se teñen vostede actualizado ese catálogo de medios e recursos do Platerga, porque o propio documento pide unha constante actualización. E tamén temos que comentarlle, en relación coa distribución dos medios materiais, sobre os medios materiais que reparte Axega, atendendo a un criterio, que nos gustaría saber cal é, porque o criterio técnico de distribución de material, de vehículos, non se coñece.

Mire, hai tres anos eu preguntáballe ao director xeral de Emerxencias por unhas *tablets*; daquela o presidente Rueda aínda era o conselleiro do ramo, e preguntáballe eu ao director xeral, que segue a ser o director xeral, a distribución destas *tablets*, que se compraran en base a un programa que se chama Ariem, que é ese programa de asistencia recíproca interrexional —ben, vostede xa o sabe—, e estas *tablets* viñan implementar a segunda fase deste programa. Licitouse a compra destas *tablets* con cargo a fondos europeos, por un valor de case 81.000 euros. E o director xeral contestábame que aínda non estaban repartidas, pero que a repartición era inminente. Iso foi no ano 2021, estamos no ano 2024 e aínda non se repartiron esas *tablets*.

Polo tanto, gustaríanos saber cal é o motivo, porque, ademais, era un requisito para poder avanzar na denominada Ariem + como ferramenta informática que coordinara esta segunda fase do programa de coordinación entre diferentes países, entre España e Portugal e a Comunidade Autónoma de Castela e León.

Por outra banda, tamén cremos que é moi importante que se melloren as condicións laborais, a capacitación e a profesionalización de todas estas persoas que traballan en emerxencias —é fundamental a profesionalización, agora non se está a dar en moitos concellos, e refírome ao persoal dos GES— e cubrir as zonas de sombra, que aínda existen zonas de sombra de asistencia en Galicia.

Cremos que son moitos aspectos a ter en conta para ter unha resposta efectiva, e, aínda que esperamos que non suceda nada de grandes dimensións en Galicia, pois temos que estar preparados para o caso de que isto ocorra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidente.

Señoría, a vostede veulle mal ir a fin de semana a Sevilla, veulle moi mal, ¡eh!, veulle moi mal, porque, despois de escoitar o que dixo aquí, eu non entendo absolutamente nada. A verdade é que o acontecido o 29 de outubro en Valencia tennos que facer reflexionar a todos, a vostede parece que máis.

É verdade que xa recoñecín no pasado pleno, ao fío dunha resposta a unha pregunta referida precisamente ao continxente enviado por Galicia a Valencia, que efectivamente de todo se vai aprendendo. Un amplo continxente de emerxencia, que realizou un bo traballo e que deixou patente a preparación e a calidade dos nosos efectivos e por suposto a disposición de Galicia a axudar outros territorios de xeito dilixente e eficaz.

Claro que temos que estar preparados ante calquera tipo de adversidade, claro que temos que traballar na formación dos operativos e dotalos de equipamento e das ferramentas axeitadas, claro que temos que manter actualizados os protocolos e os plans de actuación e claro que temos que organizar simulacros para testar a eficiencia na resposta e a coordinación dos efectivos, e niso, señoría, é no que estamos dende hai tempo.

Ese é o obxectivo no que levamos traballando os últimos anos dende o Goberno galego, e que non pretende outra cousa que prepararnos o mellor posible para afrontar o que poida chegar, aínda que oxalá iso nunca chegue.

Quero interpretar que as críticas que vostede vertía aquí é máis ben unha preocupación, quero interpretar que as fai de boa fe, porque, despois do que dixo, xa creo que non é tan boa fe ou máis ben é descoñecemento total e profundo, e aínda encima, se non é iso, é que vén vostede a mentir.

Asegúrolle, señoría, que o Goberno galego non racanea, nin na formación dos efectivos nin na dotación de equipamento, e aí están os orzamentos para demostralo: 186 millóns de euros.

Pero falaba vostede da Lei 5/2007, perfecto. Pois esa lei, a Lei de emerxencias de Galicia, é a que contempla o marco normativo e, ademais, reparte as competencias, señoría; as competencias, señoría, as competencias, vólvollo dicir, por se acaso non lle quedou claro, ¡eh!, porque parece que facía vostede referencia.

Con este sistema de competencias compartidas, señoría, o que se pretende é asegurar unha resposta eficaz. E o obxectivo, como non podería ser doutro xeito, é manter a seguridade a toda a poboación. E a Xunta de Galicia, señoría, a Xunta de Galicia — unha lei do Bipartito, do Bipartito —, a Xunta de Galicia o que debería asumir é a coordinación e a dirección de protección civil, a coordinación e a dirección de protección civil, na lei que vostedes aprobaron, ¿vale?; non é unha interpretación deste conselleiro nin do Goberno da Xunta de Galicia.



E, ademais, di que os concellos de máis de vinte mil habitantes teñen que ter servizos propios de protección civil e de xestión de emerxencias e servizos de extinción de incendios e salvamentos incluídos, para os de máis de vinte mil. Dío a lei do Bipartito, señoría. E para os de menos de vinte mil que non teñan eses recursos pois ten que ser a deputación. ¿E sabe que lei o di? A do Bipartito, ¿vale? Dígollo por se acaso non lle quedara claro, porque despois do que escoitei...

¿Que quero dicir? Pois que, a pesar de que a Xunta de Galicia non ten competencias niso, senón que é de coordinación, o que fai é colaborar coas deputacións e cos concellos. Un apoio que se materializa nun importante aporte económico, pero tamén técnico, señoría, tamén técnico, señoría. Así, o Goberno galego coordina os efectivos, actualiza os sistemas de atención e xestión de emerxencias e forma os voluntarios e profesionais que conforman todo o operativo.

Pretendeu deixar na súa intervención un pouso de dúbida sobre os plans de actuación xerais e especiais de emerxencia. E iso non llo consinto, iso non llo consinto nin a vostede, señora Castro. Parece mentira que vostede faga iso. O compromiso deste Goberno na mellora e actualización dos distintos plans é inequívoco. As actualizacións do Platerga, os plans especiais de protección civil para adaptalos aos cambios normativos e os novos retos que a sociedade e o propio medio ambiente nos impón son constantes. Cada vez que hai un cambio normativo adáptase o plan correspondente. Tanto é así que a capacidade de resposta ante inundacións, incendios forestais, episodios derivados do cambio climático, se reforzou cos novos plans, e fíxose incorporando un maior seguimento a través de ferramentas de alerta temperá.

O obxectivo é obvio: lograr unha maior anticipación e mellorar a coordinación e a cooperación de todas as administracións e, deste xeito, mellorar significativamente a seguridade e o benestar dos galegos.

Con estas premisas, nos últimos anos, señoría, revisamos o Peifoga, que é o Plan especial de protección civil fronte a incendios forestais. Se hai algunha comunidade autónoma que ten experiencia na extinción dos incendios, pódolle asegurar que é Galicia, e pódolle asegurar que, cando os incendios son duros —como ten ocorrido, afortunadamente cada vez menos, e esperamos que entre todos se logren erradicar— e hai un incendio grave, aí están todas as administracións perfectamente coordinadas, mobilizados todos os medios (os do distrito, os forestais, os que non son forestais, os que veñen doutras provincias se é necesario), xunto coa Policía Nacional, a Garda Civil, a Policía Autonómica e Protección Civil, perfectamente coordinados. Non hai ningún problema de coordinación dende hai moitísimos anos, señoría. Parece mentira que vostede tente deixar esa dúbida no aire, por se alguén a quere coller.

Aprobouse en setembro o Inungal, e din vostedes: aprobaron o Inungal despois do de Valencia. Non. Primeiro, o Inungal xa leva aprobado moitos anos, fixéronse varias revisións, e a última, de casualidade; de casualidade non, porque o ritmo normal de traballo aprobouse antes, señoría, aprobouse antes; non é nada relacionado co de Valencia, nós non traballamos así.

De todos os xeitos, cada vez que hai unha catástrofe loxicamente che fai revisar todos os instrumentos que ti tes e todos os plans que tes. Loxicamente, cada vez que hai que traballar,



por se acaso, aínda que iso é difícil que se reproduza exactamente aquí, hai que modificar algún dos planeamentos que temos ou algún dos plans que temos de protección civil.

Tamén revisamos e actualizamos o Transgal, que sabe vostede que é o Plan de emerxencia exterior e riscos en establecementos que almacenan ou procesan substancias perigosas. E antes de que remate o ano levaremos ao Consello Nacional de Protección Civil o novo Sis-migal; xa temos un, pero imos traer o novo, o Plan especial de protección civil fronte a riscos sísmicos en Galicia, cumprindo así unha encomenda aprobada polo Parlamento.

E tamén é importante falar do decreto de autoprotección, que foi aprobado no ano 2022, señoría, 2022, que incide na prevención como un aspecto capital na xestión das emerxencias. Este instrumento fortalece a implicación activa dos cidadáns, das entidades, das administracións locais, na prevención e resposta de riscos e promove a unificación de criterios e homoxeneidade nos procedementos; establece os medios mínimos da autoprotección cos que deben contar as actividades, establecementos ou dependencias, que teñen a obriga de contar con plans de autoprotección.

Polo tanto, a Xunta lidera a transformación integral do sistema de emerxencias, señoría, pese a non ser unha competencia nosa, que vostedes deixárono perfectamente definido nunha lei. E somos referente estatal.

Puxemos en marcha o centro de atención do 112, que ten capacidade para que estean traballando de maneira conxunta, ou ao mesmo tempo, 75 operadores. Integramos ao 112 o 061, nun mesmo edificio, nunha mesma sala para que haxa unha coordinación total. Por certo, temos alí dispostos os sitios para que a Garda Civil e a Policía Nacional puidesen traballar, e foron decisións políticas do seu Goberno que non permitiu que estivesen traballando alí; cando eles mesmos din que aumentaría, dende logo, a coordinación.

Creamos o GALI, puxemos en marcha o sistema Resgal, unha rede pública dixital con tecnoloxía Tetra, que garante a interconexión segura, fiable e dispoñible, incluso en situacións de emerxencia ou de saturación doutros sistemas de comunicación, señoría. Garantir a comunicación entre os efectivos das emerxencias contribúe, loxicamente, a mellorar esa coordinación.

Levamos a cabo, xunto coas deputacións provinciais, os parques contra incendios provinciais nas catro provincias. A Xunta pon máis do cincuenta por cento: o cincuenta por cento en tres provincias e o 62 por cento en Ourense. Vinte e cinco parques de bombeiros. Asumimos esa parte dos custos. Creamos os GES no ano 2013; competencia, como lles digo, das deputacións e dos concellos. Pero a Xunta volveu estar aí e pon máis do cincuenta por cento nos gastos de funcionamento dos GES. Trinta e tres GES que temos en Galicia no día de hoxe. E temos as agrupacións de voluntarios de protección civil: 235 agrupacións e máis de catro mil voluntarios, unha marca histórica. Temos a protección civil mellor equipada de toda España. E iso non llelo digo eu; dínllelo todos os responsables de protección civil que hai en Galicia. *(Aplausos.)*

Polo tanto, para que vostede veña aquí poñer en dúbida o que está a facer a Xunta de Galicia en materia de emerxencias é que hai dous motivos: ou é que en Sevilla lle foi moi mal e quere



vostede gañar postos —e non o entendería nunha persoa como vostede— ou é que descoñece totalmente o sistema de emerxencias, como funciona en Galicia e cales son as responsabilidades das distintas administracións. Pero, dende logo, o que vostede veu dicir aquí hoxe non ten ningún sentido, señora Castro. De verdade que lle pido que retire parte desas dúbidas que deixou no aire e deixe traballar o sistema de emerxencias en Galicia; que sabe traballar moi ben, grazas a Deus.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, en Sevilla moi ben. Ademais, a orde do día estaba posta antes da viaxe a Sevilla. Polo tanto, non dependía moito do que alí pasase. Pero quede tranquilo, que me foi bastante ben en Sevilla. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, a ver, non se me enfade vostede. Como lle digo, iso da situación de Valencia, tamén lle digo que non imaxinaría unha situación similar aquí en Galicia. Non, non imaxinaría unha situación de alerta vermella en Galicia e o señor Rueda nunha comida privada, desaparecido durante horas co móbil en modo avión. Tampouco o imaxinaría a vostede sen tomar ningún tipo de decisión porque non coñecese nin a existencia do ES-Alert. Iso, de verdade o digo, é bastante sorte para nós os galegos. O único polo que as nosas dúbidas xurdían e polo que eu lle preguntaba é porque entendiamos que había aspectos moi mellorables e que a situación que acontecera en Valencia podía ser algo onde mirar e algo para tomar medidas en Galicia; para estar preparados ante unha emerxencia, que ogallá non pase, pero que nunca podemos prever iso.

E vostede falaba da repartición de medios materiais e sacaba peito das cantidades orzadas nisto. E nós non lle dicíamos que non fose unha cantidade suficiente, senón que falabamos da falta de transparencia e de criterios de reparto, que non os coñeciamos e non sabiamos cales eran.

En relación á lei do Bipartito, esa lei que recalcou vostede, esa Lei de emerxencias do Bipartito, a 5/2007, eu tamén lle digo que o artigo 11 da mesma di que o Consello da Xunta —no que vostede está— é o órgano superior de dirección e coordinación da protección civil. Iso di o artigo 11. Pero tamén di: «e é o órgano superior de xestión das emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia». Esa segunda parte esquecérona vostedes. Polo tanto, a competencia na xestión de emerxencias, segundo a Lei de emerxencias 5/2007 do Bipartito, é da Xunta de Galicia.

E vostede falaba do Inungal. Xa sei que se aprobou, eu o que dicía era que se aprobou esa revisión do Inungal no Consello da Xunta o 29 de outubro, cunha tramitación previa que todos coñecemos. O que nos sorprendía a nós era que, unha vez aprobado ese día 28, o día 29 en-



cargaran vostedes por case 300.000 euros unha aprobación dun mapa das zonas con risco de inundacións, cando iso xa estaba previsto no Inungal que aprobaron o día anterior. Era o que nos parecía estraño e dicíamos que ao mellor foi porque reduciron notablemente o número de concellos obrigados a ter un plan de inundacións e, visto o que aconteceu en Valencia, tiveron que rectificar. Iso era ao que me refería.

Por outra banda, en relación ao sistema de alerta á poboación, que lle preguntaba vostede pola cantidade de simulacros que fixeron durante todo este tempo, porque a nós unicamente nos consta un no 2022 no Concello de Maceda, Esgos e Vilar e outro no Concello da Coruña que, en palabras do director xeral, o señor Villanueva, nun medio radiofónico dixo que eran moi mellorables e que ían mellorar o sistema de comunicación, porque non chegara a moita xente ou chegara tarde, e tamén tiñan que mellorar outros aspectos en relación ás probas destes simulacro, ao resultado deste simulacro que fixeron vostedes na Coruña e concellos limítrofes.

E o que lles dicimos é que teñen que traballar tamén de maneira coordinada cos consorcios, cos parques municipais e cos GES; que non existe neste momento unha escala de mando unificada, polo que ante un desastre tan grande como o de Valencia non existe unha previsión nin ningunha actuación que contemple este escenario multiaxencia. E voulle poñer un exemplo: o Servizo de Prevención de Bombeiros Forestais de Galicia, do que falabamos hoxe pola mañá coa conselleira de Medio Rural, que son 2.500 profesionais cunha rede de cobertura en todo o territorio das mellores do Estado, con dezanove centros de coordinación moi ligados ao rural. Ese servizo non colaborou cando foron as incidencias provocadas polo temporal Kirk. O normal sería que existise unha coordinación entre ese Servizo de bombeiros forestais e os servizos de emerxencias dos que vostede está ao mando. Porque teñen que colaborar, por exemplo, cos concellos e deputacións, porque houbo un montón de incidencias. Contemplou o 112 máis de mil trescentas, e iso que o teléfono estivo colapsado durante moito tempo. E, polo tanto, unha resposta e unha coordinación, por exemplo, cos bombeiros forestais axudaría os concellos e as deputacións a sufragar estas incidencias.

En definitiva, nós o que queremos e cremos é que a seguridade é un dereito da cidadanía, da Administración competente. Por iso, o que lle pedimos e o que lle preguntaba eu era se existían suficientes e se eran suficientes todas as medidas que tiñamos e os medios que tiñamos dispostos para o caso de que acontecese un gran desastre; que volvo dicir que ogallá no pase, pero creo que é necesario que exista. E tamén que detectamos algunhas eivas no relativo, por exemplo, á coordinación e á prevención, que por vía de moción presentaremos no seguinte pleno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Debe ser iso no que somos diferentes. Eu, dende logo, o que non imaxinaría sería a muller do presi-



dente facendo negocios en Montepío. (Aplausos.) Pódollo asegurar. Ou, dende logo, non imaxinaría a ningún destes deputados poñerse en pé nun auditorio cando entre a presidenta que está imputada e resulta que todos lle aplauden máis forte ca nunca. Eu iso non o imaxinaría. Supoño que vostede estaba alí aplaudindo. Pode estar moi orgullosa de telo feito, si, señoría. Pode estar perfectamente orgullosa, dende logo.

E dime vostede que non existe un mando claro e único cando hai un incendio ou cando... Pero, ¿quen lle dixo a vostede todo iso? Vólvollo repetir: pero a vostede ¿quen lle dá a información? Moitas veces dicímoslle ao señor Besteiro cando fala que vostede ten un topo metido aí, pero agora parece que ese topo lle dá información ao resto das señorías.

Mire, está perfectamente claro nun incendio forestal, dependendo do nivel que se activa, quen é o que está á fronte da coordinación, señoría. Pero perfectamente claro. Nunca houbo ningún problema. E eu estiven en incendios forestais onde, ademais do resto de corpos que lle dicía antes, dos forestais, veñen primeiro os do propio distrito e en segundo lugar os de distritos da mesma provincia ou incluso doutras provincias, como ten ocorrido no último gran incendio no sur de Lugo. Despois mobilízanse os bombeiros dos consorcios e das cidades, e tamén os GES e Protección Civil e ata pedimos a UME, que, por certo, cando chegou A Pedrafita non parou para pedir permiso e poder entrar en Galicia, senón que chegou ata onde tiña que chegar e púxose a traballar no que se tiña que poñer a traballar.

¿Pero quen lle dixo a vostede todo iso? Está perfectamente coordinado, señora Castro. E, dependendo do nivel, hai unha persoa á fronte do dispositivo. Desafortunadamente, en Galicia, polo tema dos incendios, tivemos que poñer en moitas ocasións os sistemas operativos e os distintos niveis. Nunca pasamos do nivel dous nun incendio, afortunadamente, porque fomos capaces de controlalo. E, cando houbo algunha catástrofe, como por exemplo o accidente do Alvia, no que ademais estaba tamén o dispositivo de sanidade coas ambulancias, non había ningún problema de coordinación, señora Castro. Estaba perfectamente claro quen coordinaba e como se mandaba. Imaxínese vostede o que foi aquilo, que xa pasaron dez anos, pero había moitas persoas feridas e moitos falecidos e había un dispositivo, tanto de extinción de incendios como sanitario, increíble. E funcionou perfectamente, señora Castro. Polo tanto, non sei vostede ao que se refire.

Cando fala de que a Xunta ten que facer algo máis... Non, a Xunta xa fai moito máis do que ten que facer e do que vostedes puxeron na lei. Porque eses 184 millóns de euros están investidos aí. Pagamos a metade dos consorcios, como lle dicía, coas deputacións. Non tiñamos por que facelo, pero facémolo. E cos GES pagamos máis do cincuenta por cento. Pero é que ademais nos GES non só colaboramos no funcionamento, senón que, ademais, case todos os vehículos e material que teñen os GES os subministrou a Xunta de Galicia. Non o fixeron nin as deputacións nin os concellos.

E con protección civil, — dicíalle antes — á parte de financiar os gasto de funcionamento, financiamos o material que teñen as agrupacións de protección civil, salvo as das cidades, porque se entende que teñen orzamento suficiente para dotar de material a protección civil. Pero iso somos nós; non son as deputacións, señora Castro. Polo tanto, non sei do que está falando, de verdade. Levamos entregado —a protección civil só, para que vostede se fixe—: 220 ve-





hículos, 130 remolques, 130 terminais de radiocomunicación, autobombas e material loxístico adaptado aos riscos específicos de cada concello.

Polo tanto, nós fixemos dende o primeiro, señoría, unha aposta decidida pola xestión responsable e colaborativa co resto de administracións. A nosa meta segue a ser a que nos fixamos dende o primeiro momento, que é seguir conformando un sistema cada vez máis moderno, eficiente e equitativo.

E o compromiso da Xunta coa seguridade non só se expresa a través do financiamento e da dotación, senón tamén na coordinación e tamén na formación, porque levamos investidos máis de cinco millóns de euros en formación na Agasp para todos os corpos de emerxencia. Para todos: para os bombeiros das cidades, para os GES, para os consorcios, para a protección civil. Son alumnos que todos os anos pasan pola Agasp para esa formación continua e para estar mellor preparados no caso, que todos intentamos que non se dea, de que haxa unha emerxencia.

Os plans actívanse e funcionan. Este ano activouse o Inungal en preemerxencia en seis ocasións; o Peifoga en situación 2 unha vez a comezos de setembro, por mor dos incendios forestais no Concello de Crecente; o Platerga activouse unha vez en marzo, debido ao incendio rexistrado nun desguace Sidegal; o *[Inaudible.]* tamén se activou unha vez o pasado mes de marzo, pola vertedura de gasóleo na AP-9; e o Sapruga activouse, coma sempre, dende o 1 de xuño ao 30 de setembro.

Polo tanto, señoría, de verdade, aquí actualízanse todos os plans que teñen que actualizarse. Tan pronto como hai unha modificación lexislativa, actualízanse. Do Inungal non lle conto máis, porque a continuación hai unha pregunta oral na que darei toda a información acerca do Inungal. Pero paréceme...

Pero parece mentira que veña vostede dicir que en Galicia non estamos preparados. Evidentemente, voulle dicir unha cousa: para unha catástrofe dese tamaño non hai ninguén preparado, porque pode sobrepasar a calquera. O que hai que tentar é que todos os nosos servizos traballen de maneira coordinada e tentar que os efectos de calquera catástrofe dese tipo sexan os menos posibles. E niso podó asegurarlle que traballamos dende hai moitos anos, en colaboración con todas as administracións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Substanciamos agora unha alteración da orde do día, que é a pregunta que figura na orde do día co número 1, de preguntas ao Goberno.



**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as novidades introducidas na revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Rodríguez Carreira.

Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez Carreira.

**A señora RODRÍGUEZ CARREIRA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro, a desinformación é traizoeira, e isto vai pola bancada socialista. Mire, voulle dar datos. O pasado 30 de setembro deste mesmo ano o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia, o Inungal. O dito plan foi publicado no *DOG* do pasado 28 de outubro, deixando sen efecto o plan do ano 2016.

Este plan conta con todos os avais e co informe favorable da Comisión Galega de Protección Civil e da Comisión Permanente do Consello Nacional de Protección Civil. Todos temos en mente o acontecido hai pouco máis dun mes en Valencia. A prevención é a clave, e a coordinación dos servizos de emerxencias é primordial para diminuír riscos e reducir consecuencias negativas nas inundacións.

Neste contexto, o obxectivo principal é establecer a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos de titularidade autonómica, así como os que asinen outras administracións para minimizar os riscos nas zonas asolagadas.

A coordinación dos servizos de emerxencias é primordial para previr e reducir no posible os accidentes e os danos acontecidos. Para iso é imprescindible a mobilización de medios de evacuación e de asistencia sanitaria e contar con lugares de aloxamento para os evacuados, así como contar con mecanismos de restauración das vías de comunicación e servizos básicos afectados.

Parece ser que a bancada socialista non o sabe, pero por todos os demais é sabido que a Xunta de Galicia conta con este plan dende o ano 2002, e que o dito plan foi modificado en diferentes ocasións na procura das súas actualizacións e melloras; diferentes cometidos cun mesmo fin. Está no ADN da Xunta de Galicia protexer e coidar os galegos e as galegas.

Gustaríanos saber, señor conselleiro, que novidades se introduciron no Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións de Galicia como consecuencia da recente actualización levada a cabo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidente.



Señoría, o compromiso do Goberno galego coa prevención e a planificación ante riscos e emerxencias é un feito. Un bo exemplo diso é a mellora continua do Inungal. Dende a súa primeira aprobación do ano 2002, como dicía vostede, o Inungal foi revisado en varias ocasións: foi revisado no 2016, foi revisado no 2020 e a última foi en outubro deste ano, na que se incluíron as novas análises de riscos derivadas dos plans de xestión de riscos de inundación de segundo ciclo, aprobadas en 2023, e axustouse aos requirimentos da norma básica de protección civil, incluídos no Real decreto 524/2023.

En consecuencia, a novidade máis salientable é que se actualizou a análise de riscos con base nos mapas de perigosidade e riscos, incorporando as novas áreas de risco potencial significativo de inundación, as que se denominan ARPSI, e revisáronse aquelas de primeiro ciclo que así o requirían.

O proceso barallou varios factores de perigosidade, como a superficie inundada, a velocidade, os tempos de inundación, a capacidade erosiva, así como tamén datos de risco relativos á poboación, a actividades económicas e a áreas ambientais afectadas.

Os resultado é que se estableceu o risco de inundación en: 1.034 quilómetros de leitos fluviais —dous máis do que había ata o de agora—, que afectan a Demarcación de Galicia Costa, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e tamén a do Cantábrico e Douro; e 160 quilómetros de áreas costeiras, que combinan o risco de fenómenos fluviais e mareas.

Con base nestes datos, identificáronse os concellos que deben elaborar un plan de actuación municipal e que é obrigatorio para aqueles cun índice de risco igual ou superior a 4. Tamén se ampliou o estudo ás inundacións locais provocadas por precipitacións intensas, xa que en Galicia hai que ter en conta que presentan características específicas, como a saturación de solos por choivas persistentes, ou a presenza de fenómenos recentes como as cicloxéneses explosivas, que xeran precipitacións de grande intensidade e de curta duración e causan escorrentías torrenciais en zonas urbanas e costeiras.

Para determinar as zonas máis afectadas por estes fenómenos estudáronse, ademais, as incidencias rexistradas no CIAE 112 nos últimos dez anos. Neste proceso de renovación do Inungal, tamén se actualizaron os plans de emerxencias de presas, identificando os concellos que deben prever actuacións específicas para garantir a seguridade da poboación en caso dunha ruptura catastrófica.

De toda esta exhaustiva análise concluíuse que 51 concellos teñen a obriga de contar cun plan municipal de inundacións —teñen unha obriga, e eles teñen que saber que teñen esa obriga; ademais, comunicámoslles que teñen a obriga— e que outros 45 concellos é recomendable que dispoñan del —antes eran 29—.

É moi importante que os concellos cumpran coas súas obrigas, e, como saben vostedes, o descoñecemento da lei non implica que non a teñas que cumprir. É unha cuestión de seguridade. Para recordárllelo e para informalos da actualización do plan remitiuse unha carta a todos os alcaldes.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Ten outro turno despois.

Para a réplica, a señora Rodríguez Carreira.

**A señora RODRÍGUEZ CARREIRA:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, con todo o que vostede explicou hoxe aquí queda claro que a Xunta de Galicia está a facer os deberes: responsabilidade, seguridade, apoio, confianza e coordinación. En definitiva, traballo; non só son palabras, son feitos, pese a quen lle pese.

Este novo plan, Inungal, axuda os concellos galegos para que poidan elaborar ou actualizar os seus plans, ofrecéndolles unha ferramenta para planificar as actuacións precisas neste ámbito. A coordinación dos servizos de emerxencias é fundamental para reducir as súas consecuencias. Pero este —insisto— é un traballo de todos —vostede díxoo hoxe—, e os concellos, como a administración máis próxima ao cidadán, tamén deben sumarse a este obxectivo elaborando os seus propios plans. Nese labor contarán con todo o apoio e recursos da Xunta de Galicia, e corríxame vostede na segunda quenda se me equivoco no que afirmo.

En definitiva, dende a unidade, contar con diagnósticos máis precisos e coordinados, cunha planificación que permita que todos saiamos gañando ante situacións de risco, insisto en que está no ADN da Xunta de Galicia e no ADN do Partido Popular: prever, manter, protexer; en definitiva, responsabilidade e coordinación para primar a nosa seguridade. Todo isto cun único fin: minimizar os riscos por inundacións.

A Xunta de Galicia estao a facer ben, e isto non llo di esta deputada, dío a mellor enquisa posible, que non é outra que a das urnas. Como o tempo é limitado, gustaríanos que continúe a debullar estas novidades introducidas no novo plan, e tamén a oferta de participación para todos os concellos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Aínda que houbo información publicada durante bastante tempo, e máis a raíz dos últimos acontecementos, voulle dicir que dispoñen del —porque tiñan a obriga de telo— 12 de 51, que son: Ferrol, Santiago, A Pontenova, Cervo, Lugo, Riotorto, Ribadavia, Xinzo de Limia, Caldas de Reis, Cambados, Monterrei e, dende o pasado venres, tamén Gondomar. Cambre e Viveiro están en proceso de homologación. E 37 aínda non fixeron nada ao respecto.

No que respecta aos 45 concellos que é recomendable que dispoñan deste plan, só 5 o teñen, que son: Bergondo, Betanzos, Carballo, Coirós e Narón. E é digno de mención —nun exer-



cicio de responsabilidade— que dous concellos que nin sequera era recomendable que o tivesen, aínda así o fixeron, que son: O Incio e O Grove. Polo tanto, como ven vostedes, hai de todo.

Diciamos que a revisión do Inungal conlevou á actualización da súa operatividade, precisamente para adaptala á norma básica de protección civil. O novo plan establece un sistema de activación estruturado en dúas fases: preemerxencia e emerxencia, para permitir unha resposta áxil e eficaz.

A preemerxencia establece un seguimento de todos os índices e prepara, loxicamente, a Administración para que poida poñer á disposición todos aqueles instrumentos que sexan necesarios. E no caso de emerxencia, loxicamente, póñense en servizo todos aqueles recursos que se teñen, e a coordinación co resto de administracións.

Por último, a revisión do Inungal supuxo a actualización dos datos das redes de alerta. Isto supuxo a integración do sistema Merlín, de Augas de Galicia —que xa falamos del neste Parlamento nalgũa ocasión—, que é unha ferramenta tecnolóxica que permite xerar alertas de risco de inundacións de forma temperá na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que é onde nós temos competencia.

O sistema Merlín incorpora novos datos á análise da situación, como os niveis da lámina de auga, as observacións do satélite ou un radar meteorolóxico. Isto ofrece unha maior precisión nas previsións, que se trasladan de modo continuo, automático e en tempo real, e permítenos poder anticiparnos a episodios adversos.

Todas estas modificacións realizadas no Inungal perseguen un único obxectivo, como poden imaxinar, que é que, en caso de que se produza unha inundación, poidamos minimizar todo o posible o seu impacto sobre a poboación, o medio ambiente, as actividades económicas e as infraestruturas.

Nese camiño, señoría, é onde van atopar sempre a Xunta de Galicia, colaborando, como dicíamos antes, cos concellos e coordinándonos perfectamente cos concellos; pero hai unha cousa que non podemos facer, e é que as responsabilidades dos concellos son dos concellos, non son da Xunta de Galicia. Por iso —repito—, enviamos, despois de aprobar o Inungal, unha carta a todos aqueles concellos que tiñan a obriga e a aqueles que é recomendable que elaboren ese plan recordándolles ou ben a obriga ou ben a recomendación para que elaboren ese plan e todos os necesarios, porque, como vimos, cando chega unha emerxencia, xa é tarde. Polo tanto, máis vale previr que lamentar. E nese traballo é no que está a Xunta de Galicia

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Retomamos a orde do día co punto 3, que son as proposicións non de lei.



**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«A. O Parlamento de Galicia manifesta o seu rexeitamento ao outorgamento en virtude de sentenza xudicial, de custodias e dereitos de visita a pais con antecedentes de violencia machista, contravindo as disposicións legais vixentes e o establecido no convenio de Estambul.*

*B. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Pór en marcha unha estratexia urxente, en coordinación coa Fegamp, para impulsar que todos os concellos galegos contén con mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, que deberán incluír ao persoal dos servizos sociais do Concello co fin de poder analizar os potenciais casos de menores en risco de sufrir violencia vicaria.*

*2. Manifestar o seu rexeitamento ao outorgamento en virtude de sentenza xudicial, de custodias e dereitos de visita a pais con antecedentes de violencia machista, contravindo as disposicións legais vixentes e o establecido no convenio de Estambul e remitir este posicionamento ao presidente do TSXG, manifestándolle que á luz dos feitos, sería axeitado trasladar aos xuíces e maxistrados a necesidade de que o réxime de visitas, comunicación e estancia se adopte en beneficio e interese do/a menor, incorporando ás decisións sobre a garda e sobre a comunicación cos fillos e fillas outras medidas de protección que garantan a súa seguridade, exista ou non denuncia previa por violencia de xénero da nai.*

*3. Encargar un informe sobre a situación dos Puntos de Encontro Familiar, o grado de satisfacción das usuarias, e a formación suficiente en Igualdade das traballadoras dos mesmos para no seu caso adoitar medidas que garantan que os PEF, contén cos recursos axeitados, se centren na seguridade dos nenos/as e das súas nais e eviten a victimización secundaria das mulleres.*

*4. Incrementar programas de formación en Igualdade e prevención da violencia machista, deseñando e executando un plan de formación obrigatoria en violencia vicaria, violencia sexual e maltrato infantil (a través de programas específicos, de carácter público e por persoal experto na materia), para profesionais que traballen en institucións ou servizos vinculados con estas problemáticas (xulgados, avogacía, servizos sociais, centros sanitarios, equipos psicossociais, comisarías, PEF...).*



5. Redactar un informe urxente por parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero que avalíe a situación actual en relación ás mulleres e os/as menores vítimas de violencia en Galicia, incluíndo, información sobre o uso do falso SAP (o figuras similares) no sistema xudicial galego. E propoña novas medidas dirixidas á prevención e erradicación desta violencia

6. Reforzar as funcións dos Gabinetes de Orientación Familiar (GOF) contemplando a especificidade dos menores que son vítimas da violencia vicaria con medidas para axudar a detectar o risco e así poñer en funcionamento os medio e os recursos sociais a disposición para a súa protección.» )

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:*

1º- *Impulsar, en colaboración coa FEGAMP, que todos os concellos galegos contén con mesas locais de cooperación institucional fronte á violencia de xénero.*

2º- *Actualizar o protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.*

3º- *Seguir fomentando e estendendo os programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista.*

4º- *Solicitar ao Observatorio Galego de Violencia de Xénero un informe que avalíe a situación actual e propoña medidas e accións dirixidas á prevención e erradicación da violencia de xénero e por razón de sexo tal e como vén establecido no Decreto 157/2012.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Falabamos antes de emerxencias climáticas. Creo que a violencia de xénero é unha emerxencia, pero social, que temos no noso territorio. Por desgraza, hai unha semana, coincidindo con 25 de novembro, falabamos da violencia de xénero neste Parlamento e lamentabamos o recente asasinato dunha muller en Galicia, e agora, unha semana despois, tristemente, temos que lamentar o asasinato dunha muller máis e outro pendente de confirmarse, un caso de violencia de xénero; e o peor, o asasinato dun neno de 2 anos; dun neno de 2 anos asasinado a golpes por un bárbaro, sen ningún tipo de escrúpulos. Algo, a verdade, inexplicable e difícil de dicir en alto.



Hai unha semana falabamos de violencia machista, en concreto da violencia dirixida ás mulleres, pero creo que hoxe os últimos acontecementos nos obrigan, por responsabilidade, a que dentro das manifestacións de violencia machista poñamos o foco tamén na violencia vicaria.

No sistema actual, os nenos e nenas son os máis desprotexidos. Os adultos tendemos a mirarnos o embigo, e eles, ao final, son os máis vulnerables. Con todo, regulouse no ano 2004 a violencia machista, ou violencia contra as mulleres, pero ata o ano 2015 non se incluíu dentro desta a violencia vicaria. En Galicia fomos pioneiros no ano 2007, pero no Ordenamento penal estatal aínda nin sequera está tipificada como un tipo de violencia contra a muller.

A violencia vicaria é a expresión máis terrible: a instrumentalización dun menor como ferramenta para causar dano, chegando incluso a asinalo. En España, desgraciadamente, dende o ano 2013 temos 62 menores asasinados, e este ano a terrible cifra de nove menores asasinados e outros moitos máis centos de menores que neste momento están a ser instrumentalizados por ser o único vínculo do agresor machista coa súa vítima; causando, ademais, nestes nenos uns danos terribles, uns danos psicolóxicos irreparables, unha angustia constante. E tamén a angustia desas nais que temen, cada vez que teñen que entregar os seus fillos, que estes sexan secuestrados ou asasinados e que teñen, ademais, que seguir escoitando na boca dos seus fillos as mensaxes do seu maltratador.

O Convenio de Istambul é claro: obriga os estados membros a tomar medidas lexislativas necesarias para evitar o réxime de visita coas persoas condenadas por violencia de xénero. En España a Lei 8/2021, de protección da infancia, modificou varios artigos: o artigo 544 *ter* da Lei de enxuízamento criminal, en relación coa suspensión do réxime de visitas en caso de orde de protección; e o artigo 94 do Código Civil, en relación tamén á suspensión do réxime de visitas en caso de que o proxenitor estea incurso nun proceso penal por violencia de xénero.

Pero en ambos os casos esta modificación deixa a porta aberta a que o xuíz ou a xuíza poida establecer a comunicación, se considera por resolución motivada que é beneficiosa para o interese do menor. Isto, que tería que ser unha excepción —que contemplaba a lei como unha excepción—, está dando lugar a que en España exista unha desprotección total, algunha vulneración e casos flagrantes de violencia de xénero en relación a estes nenos.

E non o digo eu nin o di o Partido Socialista; dío un informe do Consello Xeral do Poder Xudicial: que no ano 2021, cando entrou en vigor esta lei, do 31 por cento dos casos de violencia de xénero nos que se solicitaba unha orde de protección, só no 3,1 por cento se suspendía o réxime de visitas e nun 5,2 por cento se suspendía o réxime e a retirada da garda e custodia.

Pero, aínda que esta cifra mellorou, os últimos datos son do ano 2023 e din que das ordes de protección só un 12,75 retiran ou suspenden o réxime de visitas e unicamente un 7,80 suspenden o réxime de garda e custodia. Estes datos son terribles. Aquí está en xogo o interese do menor. E, ademais, os datos dinnos que máis da metade dos asasinatos de menores foron producidos durante o réxime de visitas ou os períodos de custodia.





O informe Grevio da Unión Europea, de Nacións Unidas, di a España que non está a cumprir e condena as prácticas xudiciais que se están a facer en relación a isto, a non suspender o réxime de visitas nos caso de violencia de xénero. Por iso, ante esta situación e o acontecido recentemente en España, creo que é responsabilidade de todos os membros do Parlamento que condenemos por unanimidade e rexeitemos ese outorgamento de réxime de visitas a unha persoa que está incurso nun procedemento e que ten unha condena por violencia de xénero. E iso é o que pedimos nesta iniciativa.

Pedimos tamén que se poñan en marcha mesas locais de coordinación interinstitucional e que nestas mesas se contemplen os traballadores dos servizos sociais do concello, porque estes traballadores teñen un contacto directo con menores vulnerables, menores en situación de risco, e poden alertar de casos de violencia vicaria.

O rexeitamento que pedimos ao Parlamento pedímolo tamén á Xunta de Galicia, incluíndo que se remita este posicionamento ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza para que manifeste á luz dos feitos que sería axeitado trasladar a todos os xuíces e xuízas que traballan no territorio galego a necesidade de non outorgar este réxime de visitas. E aquí quero facer unha aclaración: somos conscientes do que establece a Lei orgánica do poder xudicial, que non se poden facer recomendacións porque existe liberdade para xulgar por parte dos órganos xudiciais. Nós non estamos facendo ningún tipo de recomendación, ningún tipo de instrución. Polo tanto, fomos moi coidadosos co noso vocabulario para non infrinxir a lei, pero cremos que si que se ten que dar constancia do noso rexeitamento.

Por outro lado, están os puntos de encontro familiar, onde se desenvolven moitas visitas en caso de divorcios ou separacións contenciosas, onde existe un alto grao de conflictividade e cremos que aquí as traballadoras que traballan nos mesmos teñen que ter formación suficiente en igualdade. Están saíndo moitas voces de nais que non están conformes con como se están a tramitar as visitas dentro do punto de encontro nin con que se estea a garantir un trato axeitado. Polo tanto, ten que encargarse un informe en relación ao que está a pasar nestes centros.

Por outro lado, necesitamos formación en igualdade de todos os axentes que poden detectar. Como dicía o outro día, moitos ollos poden detectar e poden salvar vidas. Polo tanto, falo dos xulgados, a avogacía, os servizos sociais e os centros sanitarios. Formación específica en violencia vicaria ou violencia sexual e maltrato infantil.

E logo, encargar un informe por parte do Observatorio galego da violencia de xénero, tamén sobre a situación actual das mulleres e dos menores vítimas de violencia en Galicia. E tamén sobre o uso do SAP, a síndrome de alineación parental, que o Tribunal Supremo entendeu que non existía e que se segue a aplicar, con ese nome ou con outros análogos, en moitas sentenzas dos xulgados de familia. Polo tanto, queremos que se emita un informe en relación coa situación disto en Galicia e que, con base neste informe e no resultado do mesmo, se propongan medidas dirixidas á prevención e a erradicación deste tipo de violencia.

Por último, na nosa moción pedimos reforzar as funcións do gabinetes de orientación familiar. Os gabinetes de orientación familiar son un servizo que presta a Xunta nas catro ca-



pitais de provincia e que axuda a esas situacións familiares conflitivas ou en risco. Cremos que é un instrumento axeitado. É un instrumento que podería servir tamén para eses ollos aos que me refería antes, para detectar casos de violencia infantil ou para detectar casos de violencia vicaria. Espero que exista o apoio do resto dos grupos, porque entendo que, nun caso como este, na protección dos menores, que ao final son as persoas máis vulnerables da nosa sociedade, debe existir unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Señora Castro, eu esperaba que vostedes hoxe tivesen algo de sensatez e retirasen a súa autoemenda, porque o que nos vén dicir e o que pide o PSdeG é que o Parlamento lle dea ordes nada menos que ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre como os xuíces deben aplicar as leis existentes, as leis que están en vigor. Señora Castro, vostedes habitualmente presumen de que teñen unha letrada entre os membros do seu grupo; pero non cómpre ser ningunha letrada, ningunha especialista, para darse conta de que o que vostedes propoñen é unha inxerencia no poder xudicial en toda regra. (*Aplausos.*) Iso é o que vostedes propoñen: unha inxerencia no poder xudicial, ao máis puro estilo sanchista. E, mire, con nós para iso non conten. Cos galegos, estou segura de que para iso tampouco van contar. Máis ben, o que parece é que os socialistas do señor Besteiro están absolutamente decididos a coller o camiño da irrelevancia, porque, se non, cousas coma estas non se poden entender.

Falaba vostede tamén do decreto que regula os puntos de encontro familiar. Desde o 2014 xa existe formación en igualdade. No seu punto seis o que están demostrando é que non saben como funcionan os gabinetes de igualdade, porque estes gabinetes fan funcións de mediación en familias, pero, por lei, esa mediación está prohibida cando hai violencia de xénero. Aquí non cabe a mediación.

Mire, señora Castro, en vez de pretender darlles ordes aos xuíces, creo que terían que preocuparse de cumprir o que vostedes mesmos impoñen a vostedes; porque no Congreso Federal do PSOE —non no desta fin de semana, no que efectivamente Galicia é practicamente irrelevante, pero xa no ano 2021— vostedes propoñían, de forma urxente, poñer en marcha a Lei de trata. Aínda non está posta. Vostedes levan dous anos co Pacto de Estado contra a violencia de xénero caducado. Só fixeron o sesenta por cento das medidas que están incluídas no mesmo.

Iso si, vostedes foron quen de facer unha lei —xunto co Bloque, que os apoiou— que é absolutamente a máis lesiva contra as mulleres: a Lei do só si é si. Unha lei que, hai que dicilo unha e outra vez, fixo que máis de 1450 violadores e agresores sexuais visen reducidas as súas penas e fixo que máis de 126 adiantasen a súa saída do cárcere. Sobre a conciencia do BNG e do PSOE están estas medidas. (*Aplausos.*)



Hoxe é 3 de decembro e dos presupostos do Estado non sabemos nada. E, sen orzamentos, non hai medidas. En Galicia, estamos a piques de aprobar uns orzamentos, como sempre dende hai 16 anos, en tempo e forma. Uns orzamentos que entrarán en vigor o un de xaneiro e nos que se demostra o compromiso que ten o Goberno de Alfonso Rueda coa igualdade e contra a violencia de xénero, con medidas. Miren, medidas e orzamentos que fan que se dedique a estas materias o triplo do que dedicaba o Goberno bipartito e un dez por cento máis que o ano pasado. Seremos a primeira comunidade en contar cunha Lei contra a violencia dixital. Fomos das primeiras comunidades en incluír a violencia dixital e a violencia vicaria como violencia de xénero e a primeira comunidade con asistencia integral dos orfos da violencia de xénero. Blindamos con estes orzamentos as axudas periódicas ás vítimas, que levamos dezoito anos prestando de forma ininterrompida con orzamentos propios da Xunta de Galicia. Mantemos as axudas de pago único e poñeremos, por primeira vez no ano 2025, axudas de pago único para vítimas de violencia sexual, que se suman ás habitacionais, ás de promoción do emprego e, por suposto, á atención psicolóxica, xurídica etcétera. Por certo, en Galicia as vítimas de violencia sexual teñen asistencia xurídica gratuíta; cousa que non teñen na lei estatal.

Como novidades máis salientables temos tamén: a posta en marcha dos cinco centros de crise 24 horas —cinco centros públicos—; unha nova casa de acollida, neste caso para vítimas que teñen adiccións, e que se suma ás outras sete xa existentes; e o reforzamento dun trinta por cento para o orzamento dos CIM. No ano 2025, multiplicamos por tres tamén o orzamento dedicado a asociacións LGTBI. Uns orzamentos que inclúen tamén un reforzo das medidas de prevención, formación e información, na liña do que vostedes hoxe reclaman na súa iniciativa.

Pero, señora Castro, insisto unha vez máis: non se loita contra a violencia de xénero dicíndolles aos xuíces como teñen que aplicar as leis vixentes. ¡Así, non! Tampouco se loita contra a violencia de xénero e a favor da igualdade con campañas de cousificación da muller como as que vostedes puxeron en marcha este 25N no municipio de Cee. (*A señora Arias Rodríguez amosa un documento.*) Unha imaxe que tiña que estar absolutamente superada hai moitos anos, que desatou todas as alarmas feministas e das expertas en igualdade de xénero. ¡Así, non!

Tampouco se loita contra a violencia de xénero con campañas como as que utilizou este 25N o BNG, banalizando esta lacra que ataca os dereitos humanos e acaba coa vida das mulleres. Unha campaña irresponsable, unha campaña baseada en mentiras e unha campaña absolutamente hipócrita. (*A señora Arias Rodríguez amosa unha fotografía.*) Porque, señores do BNG, con esta campaña... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Así, para que se vexa ben. Señores do BNG, ¿con esta campaña vostedes querían dicir que todos os residentes nas residencias da Deputación de Lugo están mal atendidos? ¿Con esta campaña vostedes pretendían dicir que todos os que teñen axuda no fogar en case a metade dos concellos do PSOE e o BNG están mal atendidos? (*A señora Arias Rodríguez mostra unha fotografía.*) ¿Vostedes con esta campaña querían dicir que, cando lle adxudicaban no Concello de Santiago a Eulen servizos para atender as persoas, querían que estivesen mal atendidas ou querían darlles un negocio aos seus amigos das multinacionais de Eulen? ¿Que querían exactamente con esta campaña, señores do BNG? (*Aplausos.*) Porque axudar as mulleres, non.



Nós seguiremos traballando, e seguiremos traballando ata que consigamos cero vítimas de violencia de xénero. Ese é o obxectivo, que estou segura de que vostedes comparten tamén; por iso queremos facelo xuntos, queremos facelo unidos e presentámoslle unha emenda sobre cousas reais, factibles e que van traballar para a mellora das condicións de igualdade e contra a violencia de xénero.

E remato xa, presidente, trasladando ás mulleres que están a pasar por situacións de violencia de xénero que non están soas, que teñen detrás un goberno concienciado, unha sociedade que di non e uns recursos a onde dirixirse, como o teléfono da muller ou o 016.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. (*Pausa.*) (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de palabra.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Como cuestión previa, permítame o grupo propoñente que empece pola clase de comprensión lectora. Señora Arias, non está tan lonxe o Mupi —que, por certo, alguén intentou vandalizar; tamén se intentou vandalizar cando estaba unha campaña contra a manipulación do Partido Popular e da CRTVG; ¡que casualidades hai na vida!—. Se ve o cartel —ou pode velo na nosa páxina web— e quere saber que quere dicir, acabe de ler na parte de abaixo. Mire, vouto ler: «As privatizacións da Xunta chegan tamén á violencia machista. Nos hospitais galegos, os centros de crise para vítimas de violencia sexual estarán en mans de Eulen e OHL. Máis de sete millóns de euros para multinacionais amigas do Partido Popular. A loita contra a violencia machista non é un negocio. Contra os feminicidios, máis servizos públicos.» (*Aplausos.*)

Pois, señora Arias, esta campaña quere dicir o que levamos dicindo meses desde o BNG: que vostedes superaron todo límite moral e que é un servizo que por 7 millóns de euros pode estar internalizado dentro do sistema sanitario público, e vostedes, pola súa ideoloxía privatizadora, non o queren facer; e é incomparable unha cuestión desta dimensión con calquera outro tipo de cuestións menores que poden estar subcontratadas nas administracións.

E iso non é banalizar, iso é denunciar; denunciar un modelo que vai ser prexudicial para as vítimas; as vítimas, que xa sabemos que nas campañas do Partido Popular non importan demasiado, porque non tivo vostede moito acerto hoxe a vir criticar campañas dos demais, cando hai que recordar que tiveron que retirar aquela campaña de: «*No tenía que pasar, pero pasa*», que culpaba as mulleres de ser agredidas. (*Aplausos.*) ¡Home, por favor! ¡Por favor! Xa por non ir a aquela que nos cousificaba e nos comparaba directamente con monumentos. Pero, en fin, o tempo é limitado, así que vou volver á iniciativa.



E con todo o respecto ao grupo propoñente, a min o primeiro que me gustaría dicir sobre esta cuestión é que creo que todos e todas as deputadas deberíamos ter un certo respecto polo Parlamento e polas normas que temos no Parlamento, que é algo que xa nesta lexislatura brilla en xeral pola súa ausencia. Porque o Partido Popular está decidido nesta lexislatura, máis que en ningunha outra, a degradar este Parlamento a límites insospeitados. Non estaban contentos xa con non contestar artigos 9, ou con non contestar fielmente o que se demandaba nesos artigos 9, con facer o que lles peta directamente, con aprazamentos de preguntas e iniciativas no Pleno ou nas comisións, que vemos como baten récords de filibusterismo parlamentario, por exemplo, na tramitación da Lei de orzamentos e de acompañamento; ou como por primeira vez na historia o Partido Popular usa a súa maioría absoluta para impoñer o plan absoluto de traballo na Comisión de investigación —joh, casualmente!— dos chanchullos do Partido Popular, na que, entre outros, se vai investigar a Eulen. (*Aplausos.*)

Estabamos acostumadas no Parlamento a que se conxelasen as comisións, vivimos a conxelación das comisións das caixas unha e outra lexislatura, vivimos a conxelación da Comisión do financiamento, vivimos que nunca se chegase a constituír unha tan importante como tería sido de Angrois, etcétera. Xa está o parlamentarismo deste país na UCI como para que nós contribuamos. E o procedemento de autoemendas, que todos e todas usamos algunha vez —eu a primeira— faise porque todas e todos somos conscientes dos tempos de tramitación das iniciativas neste Parlamento. Eu, cando lle explico a algún colectivo que unha pregunta urxente hai que rexistrala cunha semana de adianto e o resto con quince días, a xente non entende nada.

En fin, eu non critico o procedemento, pero si que, claro, da iniciativa orixinal na que iamos falar dunha serie de cuestións máis xenéricas, a esta, que sen a outra facer ningunha mención á infancia ou á violencia vicaria, se converte nun debate sobre violencia vicaria, pois si que hai que dicir que a nós nos gustaría que o procedemento fose outro para poder presentar propostas para mellorar esa iniciativa.

En todo caso, dita esta cuestión, nós, en liñas xerais, concordamos con moitas das cuestións que se expuxeron aquí, aínda que nos gustaría outro procedemento. E si, concordamos en reafirmar que as e os xuíces do Estado español deberían cumprir cos mandatos democráticos que mandan dos parlamentos, como aqueles que se basean na evidencia de que un maltratador nunca pode ser un bo pai e de que é absolutamente fundamental para a protección das e dos menores non permitir esas visitas e demais; que se cumpran e non que se busquen filibusterismos xudiciais para evadir o cumprimento desa lei.

Evidentemente, outra vez estamos ante un problema de fondo, que é como os sectores conservadores e influentes da sociedade fan que se impida avanzar nos dereitos das mulleres, como pasa na aplicación da Lei do «si é si», como pasou recentemente noutro caso do que falamos aquí neste Parlamento, de abusos sexuais, que se dilatou o seu enxulgamento na xustiza e que por riba aínda se aplicou a lei de forma perniciosa para permitir unha redución de condena, etcétera. Ou como vimos na Lei do aborto, que tivo que pasar máis dunha década —creo recordar— para que por fin se ratificase o que saía dun parlamento democrático. Polo tanto, todo o noso apoio a esa cuestión que quería expresar aquí o Grupo Socialista.



E tamén quen debería dar explicacións sobre os dereitos das vítimas sexuais é o Partido Popular no Congreso das e dos Deputados, que se tramita unha lei para mellorar a aplicación desa lexislación e para mellorar cuestións pendentes do Pacto de Estado encamiñados a que todas as vítimas de violencia sexual poidan ter no Estado asistencia xurídica gratuíta e acceder aos recursos, e o Partido Popular, que nos dá leccións aos soberanistas e aos nacionalistas de que somos insolidarios e de que non pensamos no resto do Estado, pois está en contra e non facilita esa cuestión. ¡Caramba para a solidariedade do Partido Popular! Pois nós desde o BNG estamos de acordo con que desde outros puntos do Estado vexan o que funciona en Galiza e o apliquen.

E indo xa a outras cuestións que propón o Grupo Socialista, estamos de acordo en liñas xerais con mellorar a formación e a sensibilización, con que o Observatorio poida facer un informe específico. Temos algunha diferenza de matiz; por exemplo, eu imaxino que é unha cuestión de redacción, pero entendemos que o lugar para avaliar potenciais casos de violencia vicaria non son as mesas locais de violencia machista. As mesas locais de coordinación teñen outra función. Deben ser as forzas policiais, os informes complementarios de valoración forense e outros recursos psicosociais e sociais que temos quen avalían ese risco e fagan un seguimento.

En todo caso, temos traído outras veces a este Parlamento e demandado que ámbitos como os puntos de encontro familiar son moi mellorables. Nós temos demandado que se faga unha auditoría sobre as súas instalacións. Eu, por exemplo, que son de Ourense, aínda hai pouco, cando tramitamos o Informe da Valedora, vin que puidemos ver queixas porque hai visitas que non se poden realizar porque non hai espazo, non hai confidencialidade, e iso é un problema en situacións nas que hai un posible risco de violencia, etcétera.

E tamén concordamos con que hai que avaliar moi en serio todo o que acontece co impostado e inventado síndrome de alienación parental, algo que incluso o propio Consello Xeral do Poder Xudicial ten sinalado, e, por certo, nós tamén xa anteriormente trouxemos a este Parlamento iniciativas denunciando que a Xunta de Galiza financiaba directamente un programa na Universidade de Santiago de Compostela no que se lexitimaba esta síndrome de alienación parental. E tamén fixemos todo isto cando se tramitou neste Parlamento unha iniciativa lexislativa popular absolutamente perniciosa, que solicitaba a custodia compartida imposta, que está a ser un problema porque se está a aplicar en moitos casos pola vía xudicial, e nós xa alertabamos que non se debía tramitar. Fomos o único grupo parlamentario que con valentía votamos en contra. É unha cuestión moi seria á que deberíamos tamén dedicar moitos recursos, co fin último de protexer as e os menores.

Polo tanto, insistindo en que nos gustaría que este debate se trouxese doutra maneira, en todo caso, pola forza maior do asunto e o grao de concordancia votaremos a favor.

Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición non de lei.



Ten a palabra a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Señora Arias, comprensión lectora dígollo eu tamén; comprensión lectora para ver o que eu pedín na miña iniciativa, e enténdelo, polo menos, porque pedín o mesmo que o Defensor do Pobo e pedín o mesmo que as Nacións Unidas. Eu dixen «trasladar aos xuíces a necesidade». Iso non é ningunha recomendación, nin é instar tampouco. ¡Por favor, que o Partido Popular non me fale de inxerencias no ámbito xudicial, que estamos a vivir un verdadeiro *law fair* en España! ¡Home! ¡É de broma que vostede me fale de inxerencia! (Protestas.) (Murmurios.) ¡Claro que si, que estamos a vivir un verdadeiro *law fair* en España! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

**A señora CASTRO REY:** Quero facer uso... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Pero vostede está no debate? ¿Está no debate?

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.

**A señora CASTRO REY:** ¡Boquiña pechada! Señor portavoz do Partido Popular, ¿déixame falar, por favor? (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Señora Castro, pareille o tempo. Imos esperar un momento. (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)

**A señora CASTRO REY:** Déixeme falar, por favor. Eu digo o que me peta na miña intervención, como fai vostede na súa. (Murmurios.)

Seguinte punto.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Mentres que non garden silencio, non reanudamos a sesión.

**A señora CASTRO REY:** Seguinte punto, señora Arias.

Eu coñezo a lexislación e respéctoa, a Lei orgánica do poder xudicial, que fala de non instar os xuíces e de non influír nas súas decisións; por iso redactamos co máximo coidado e coa máxima dilixencia esta iniciativa. Coñezo tamén o funcionamento dos puntos de encontro e coñezo tamén o funcionamento dos gabinetes de orientación familiar. A que non parece que coñeza nada disto, nin do que sucede aí, é vostede. E dáme moito..., non sei como dicilo... Revólveme o estómago. Revólveme o estómago que vostede non faga nin unha soa mención á violencia vicaria que están a sufrir os menores. ¡Nin unha soa mención na súa intervención! (Aplausos.) ¡Con todas esas nais que están a sufrir todas as fins de semana cando teñen que abandonar os seus fillos e a súas fillas cun pai maltratador por culpa das resolucións xudiciais motivadas (A señora Castro Rey fai acenos cos dedos das mans para indicar comiñas.) que din que o interese superior do menor é ir co seu pai maltratador! E vostede non fixo nin unha soa mención a iso. Non sei se é nai, pero eu si, teño dúas fillas, e non quero nin verme nesa



situación, ¡eh! Non me gustaría verme nesa situación. Paréceme vergoñento que vostede non nomee eses casos. É que, de verdade, é unha instrumentalización total dos menores o que está a suceder en España. Non o digo eu, dío un informe, Grevio, que se publicou hai só un mes, que acusou as autoridades xudiciais españolas de que non están a cumprir o establecido no Pacto de Estado e que están a ser moi laxas na permisividade de deixar e de manter o réxime de visitas e de garda e custodia de pais maltratadores cos seus fillos. E iso pon en risco os menores. (*Murmurios.*) ¿Pero que di vostede, que tampouco está no debate? Mire o informe Grevio. Se queren, despois déixolles aquí a documentación, señorías.

Miren, creo que fomos pioneiros en aprobar e en recoñecer no ano 2007 a violencia vicaria como unha forma de violencia machista e creo que somos pioneiros tamén en implementar medidas e en solicitar que máis ollos poidan ver as situacións de violencia vicaria, as situacións de maltrato infantil que están a sufrir en Galicia moitos nenos e nenas. Creo que isto é algo que todos teríamos que aprobar por unanimidade.

E vostede di que o punto número 2 é unha inxerencia xudicial. Bueno, pois déixolle a vostede a votación por puntos. Votemos por partes separadas o punto número 2, porque vostedes, o Partido Popular, é o problema que teñen para aprobar esta iniciativa, e aprobemos manifestar o rexeitamento do Parlamento aos casos de outorgamento de custodias, aprobemos revisar os puntos de encontro xudicial, facer unha auditoría, ou a formación dos profesionais que están no sector, dos profesionais da medicina, dos profesionais dos servizos sociais e dos profesionais que traballan nos puntos de encontro.

Déixolle votar por puntos e separar esa parte se vostedes entenden que é unha inxerencia xudicial. A ver que fan vostedes mañá. Eu só lles digo que, dende a Administración, temos o deber de protexer os nosos menores...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** ...e que cantos máis ollos miren máis vidas salvaremos e, sobre todo, máis vidas garantiremos libres de violencia.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Entendo que a emenda non a acepta, entón. Entendo que a emenda non a acepta...

Bueno, pois, rematado este debate, suspendemos a sesión, que será reanudada mañá ás dez horas.

Boa noite.

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos do serán.*







## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

